

# Vieiros trobadorescos

Mercedes Brea





## **Vieiros trobadorescos**



# Vieiros trobadorescos

## Mercedes Brea

—

Déborah González,  
Pilar Lorenzo Gradín (eds.)



XUNTA  
DE GALICIA

# XUNTA DE GALICIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística  
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

**Secretario xeral de Política Lingüística**

Valentín García Gómez

**Coordinador científico do CIRP**

Manuel González González

**Directora técnica de Literatura**

Pilar Lorenzo Gradín

Santiago de Compostela, 2022. 1ª edición

© **Da edición** Centro Ramón Piñeiro  
para a Investigación en Humanidades

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela  
Tfno. +34 881 996 152 Fax. +34 881 996 140  
Enderezo electrónico [crpih@cirp.gal](mailto:crpih@cirp.gal)  
<http://www.cirp.gal>

© **Da ilustración** Iniciais do *Códice dos músicos*  
(RBME. Patrimonio Nacional)

**Editoras** Déborah González – Pilar Lorenzo Gradín

**Autora** Mercedes Brea

**Título** *Vieiros trobadorescos*

**ISBN** 978-84-453-5432-2

**Depósito legal** C 1887-2022

**Deseño e maquetación** Fail Better | Diseño editorial

## Contido

<i>Presentación</i>	IX
<i>Limiar</i>	XI
<i>Mercedes Brea. Bibliografía</i>	XXIII
1 La estrofa v del «descort» plurilingüe de Raimbaut de Vaqueiras	1
2 Los versos gallego-portugueses del sirventés trilingüe de Bonifacio Calvo	17
3 <i>Dona e senhor</i> nas cantigas de amor	25
4 Anotaciones sobre la función de los <i>miscradores</i> en las cantigas de amor gallego-portuguesas	49
5 El <i>escondit</i> como variante de las cantigas de amor y de amigo	61
6 Milagros prodigiosos y hechos maravillosos en las <i>Cantigas de Santa María</i>	79
7 A voltas con Raimbaut de Vaqueiras e as orixes da lírica galego-portuguesa	93
8 La <i>fin'amor</i> et les troubadours galiciens-portugais	109
9 <i>Andamos fazendo dança, / cantando nossas bailadas!</i> (157,35)	131
10 «E verra i, mia madre, o meu amigo» (Martin Codax, 91,5)	149
11 Cantar et cantiga idem est	157
12 <i>Levantou-s'a velida</i> , un exemplo de sincretismo harmónico	173
13 Elementos popularizantes en las cantigas de amigo	185
14 Tradiciones que confluyen en las <i>Cantigas de Santa Maria</i>	201
15 Cantigas /v/ milagros en los cancioneros marianos del siglo XIII	219
16 <i>L'amiga</i> et la <i>senhor</i> dans les <i>cantigas de amigo</i>	229
17 El diálogo entre los dos géneros amorosos de la lírica gallego-portuguesa	249
18 De los <i>lemosini</i> a los <i>siculi</i> , Dante y Petrarca	269
19 Angelo Colocci e la lirica romanza medievale	289
20 <i>Vós que soedes en corte morar</i> , un caso singular	299
21 O vocabulario como fío de cohesión na tradición trobadoresca	315
22 La parodia (meta)literaria en la lírica gallego-portuguesa: el debate entre Abril Perez y Bernal de Bonaval (B1072, V663)	325

23	Lírica trovadoresca y relaciones familiares	345
24	Esquemas rimáticos y cantigas de refrán	355
25	La expresión de las emociones en la lírica gallego-portuguesa (primera aproximación)	365
26	Otra vuelta a Raimbaut de Vaqueiras y la lírica gallego-portuguesa	385
27	Martin Codax como representante dun modelo específico de cantigas de amigo	395
28	¿Viajó al Occidente peninsular algún cancionero occitano?	409
	<i>Bibliografía</i>	421



## Presentación

O Centro de investigacións lingüísticas e literarias «Ramón Piñeiro» —que posteriormente cambiou o seu nome polo de «Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades»— creouse no ano 1993 coa clara intención de realizar investigación punteira de longo alcance que cubrise as necesidades da lingua galega na sociedade actual e que puxese en valor toda a nosa produción literaria. A excelencia foi un faro que guiou sempre o traballo levado a cabo neste Centro, e, para lograla, tratouse de botar man dos mellores estudosos das universidades galegas.

Un dos ámbitos de investigación que se decidiu acometer desde os primeiros anos da posta en funcionamento do Centro Ramón Piñeiro foi o da poesía galega medieval, un tesouro de noso que esperta a admiración en todo o mundo e que cumpría estudar en todas as súas facetas.

Á hora de buscar o especialista que se puxese ao cargo de tal empresa, non houbo ningunha dúbida de que a persoa que reunía a competencia científica e a capacidade para dirixila era a catedrática da USC Mercedes Brea. Coñecedora profunda da nosa produción poética medieval —e unha das grandes expertas da lírica románica desenvolvida na Península Ibérica, na Galorromania e na Itallorromania durante a Idade media—, Mercedes Brea era xa daquela unha persoa na que campaban o prestixio e a excelencia.

Moi axiña se demostrou que aquela elección fora un acerto total. Ao pouco tempo, o Centro puido presumir da publicación en 1996 dos dous volumes *Lírica profana galego-portuguesa*, nos que se recompilan case 1.700 cantigas das que se ofrecen as edicións críticas consideradas as máis rigorosas naquel momento, así como información precisa sobre os xéneros, os esquemas métricos ou as modalidades compositivas dos textos. Aquela foi unha obra de gran repercusión internacional, demandada por especialistas de todo o mundo, e que aínda hoxe é unha referencia inescusable para os estudosos.

O proxecto de 'Lírica medieval' foi medrando ano tras ano ata a actualidade, en que, botando man das posibilidades que ofrecen os novos recursos tecnolóxicos, podemos poñer ao dispor de todos os usuarios, e de maneira moi especial aos

especialistas de todo o mundo, a terceira versión da base de datos deste proxecto (*MedDB v.3*).

Pero Mercedes Brea non se contentou co estudo da lírica profana, porque consideraba que era necesario ofrecer unha visión global de toda a produción literaria medieval galega, e, partindo do núcleo da lírica, fixo agromar no Centro Ramón Piñeiro novos proxectos, como *Cantigas de Santa María* (dirixido por Elvira Fidalgo), *Prosa Literaria Galega Medieval* (posto en marcha por Pilar Lorenzo e coordinado actualmente por Esther Corral) ou *BiRMED: Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval* (dirixido desde 2021 por Déborah González).

Estalle certamente agradecido o Centro Ramón Piñeiro a Mercedes Brea non só por ser a columna vertebral que sostivo os estudos medievais e por sabelos deixar en boas mans, senón tamén pola súa dedicación e a súa lucidez á fronte da Sección de Literatura nos últimos anos antes da súa xubilación. Precisamente, foron a dedicación e a lucidez as cualidades que caracterizaron sempre a súa actividade e das que deu sobradas mostras cando lle tocou exercer na USC de Decana da Facultade de Filoloxía, de Vicerreitora de Profesorado, de Directora do Servizo de Publicacións ou de Directora da Escola de Doutoramento internacional en Artes e Humanidades, Ciencias sociais e Xurídicas, ou cando tamén lle tocou botar unha man na ANECA ou na ACSUG.

Hai, ademais, outro mérito que cómpre salientar entre os moitos que adornan a persoa de Mercedes Brea, o seu afán por crear escola, por deixar discípulos e discípulas que continúen o seu labor, e polos que sempre se preocupou tanto na consecución dunha sólida formación científica coma no logro dunha saída profesional digna.

Son incontables os investigadores e profesores dos distintos niveis de ensino que recoñecen o maxisterio, a axuda e o consello de Mercedes Brea, quen puxo en práctica a aspiración de todo mestre de ter discípulos que o superen. E, por iso, polo que fixo e porque creou escola, deixa unha semente e unha pegada que permanecerá ao longo do tempo.

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ  
Conselleiro de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e Universidades

## Limiar

Cada un de nós nace nunha parte da terra ao azar, nun anaco do mapa que deixa a súa pegada para sempre na nosa memoria. Nesa carambola da vida, a Mercedes Brea tocoulle en sorte vir ao mundo nas terras de Tabeirós, aquelas mesmas que pisaron no século XIII os irmáns Pero Vello e Pai Soarez, dous dos *cantigueiros* que aledaron cos seus textos e melodías os membros da corte do poderoso don Rodrigo Gómez de Trastámara. Mal podía saber a familia daquela pequecha que, co paso dos anos, os trobadores galego-portugueses serían un dos eixos principais da súa traxectoria científica! A meniña foi a maior de catro irmáns e, como adoita acontecer cos fillos que ocupan esa posición familiar, tivo sempre un alto sentido da responsabilidade e un acentuado espírito protector, características ambas que acabarían por ser inherentes á súa personalidade.

Mercedes estreouse cos libros na escola pública de nenas da Estrada, onde a mestra Conchita Villar lle ensinou os primeiros pasos na lectura e na escritura. Aquela nena, que xa desde as súas primeiras etapas escolares destacaba polas súas excelentes cualificacións —salvo en Educación Física, pero xa se sabe que, se hai algo fóra de discusión, é que a perfección non é deste mundo—, tivo que deixar atrás o seu niño familiar e desprazarse a Santiago para cursar o Bacharelato superior, pois o seu lugar natal non contaba cun Instituto que lle permitise proseguir coa súa formación. O traslado a Compostela supuxo un importante custo económico para unha familia humilde como a de Mercedes. Seu pai, condutor dunha liña de autobuses, facía o pesado traxecto de ida e volta desde A Estrada a Vigo nunha época en que os vehículos percorrían vías estreitas, de dobre sentido e cheas de curvas (polo que aqueles non eran tempos para eses viaxeiros actuais torturados polo estrés e polas présas). A recompensa daquel home ás súas longas xornadas laborais estaba na súa casa, sobre todo cando vía a expresión de alegría que desprendían as caras dos seus fillos ao mostrarlles as galletas, os queixos holandeses ou os zapatos que lles mercara na cidade olívica. A nai de Mercedes exercía —como a maior parte das mulleres daquel período— de ‘ama de casa’ e, polo tanto, dedicaba por enteiro a súa vida ao coidado incesante dos seus. A pesar das estreiteces económicas, o matrimonio estradense non dubidou en poñer todas as súas forzas para que a súa filla continuase cos seus estudos e poder ter, así, a oportunidade de saborear

un futuro mellor có deles, un futuro que lle permitise deseñar o seu propio proxecto de vida. Acadar aquela meta era un pouco máis doado grazas ás cualificacións da nena: a brillantez do seu expediente académico aseguráballe —ao igual que a tantos outros rapaces procedentes de familias con rendas baixas— poder gozar de bolsas que facían posible que as contas da casa ‘cadrasen’ mellor e que, en consecuencia, non se truncase a traxectoria daquela moza vivaz e intelixente.

Estudar en Santiago implicou que Mercedes fose parar interna a un colexio, xa que, malia que a súa vila só distaba uns trinta quilómetros da capital galega, os horarios das liñas de autocar eran limitados, e, ademais, aqueles trinta quilómetros eran o suficientemente endiañados como para non poder compatibilizar a volta diaria á casa co estudo. Os primeiros anos naquel internado foron para aquela adolescente unha agre experiencia que ela decidiu agochar nun recuncho da súa memoria e sepultar no silencio. Vivir vinte e catro horas ao día coas mesmas compañeiras nun ambiente en que, como correspondía á época, imperaban a rixidez e a vixilancia extrema permitiulle coñecer de primeira man —e a fondo— as emocións e contradicións do ser humano. Mais aquela situación mudou (e moito), cando deixou atrás as tardes e noites no colexio para ir durmir á casa que tiñan a súa avoa paterna e as súas tías en Santa María dos Ánxeles (Brión). O afecto que desprendían aquelas facianas que a recibían á noitiña, o calor das súas palabras, os aromas e sabores daquel lugar facían que aquela casa fose para ela un reduto de certezas e complicidades. A partir daquel momento, o colexio pasou a ser o lugar ao que só ía para aprender contidos e coñecementos dos que debía dar conta nos oportunos exames, pero isto para Mercedes era o menor dos problemas. E, a este propósito, cómpre subliñar que naquela época non sería por falta de exames, pois Mercedes, como toda a xente da súa xeración, tivo que superar diversas probas ordinarias e extraordinarias, xa que, entre os dez e os dezasete anos (e por obra e grazas do ministro Joaquín Ruiz Jiménez), había que afrontar catro inquietantes «reválidas». Como viña sendo habitual nela, rematou con resultados excelentes o PREU e a chamada «proba de madurez», é dicir, aquela que daba a chave definitiva para acceder á educación superior.

No histórico curso 1967-1968 (aquele no que estudiantado galego ‘maieou’ en marzo con esperanzas de liberdade), Mercedes accedeu por méritos propios a unha universidade que seguía sendo moi elitista. Polas súas capacidades, podía elixir entre carreiras de diversas áreas de coñecemento, mais, naquela encrucillada de camiños que se lle presentou aos dezasete anos, seguiu a súa intuición e matriculouse no que realmente lle gustaba: Filosofía e Letras. A Facultade estaba por aqueles anos no edificio que hoxe ocupa Xeografía e Historia, que, ademais, acollía nas súas dependencias a Reitoría, a Facultade de Dereito, a Biblioteca Xeral e a Biblioteca América.

Tras cursar os dous primeiros anos de estudos comúns, Mercedes compatibilizou a Licenciatura en Filoloxía Clásica e Filoloxía Románica, ata que, en terceiro

de carreira, tivo que abandonar os estudos de Latín e Grego por unha intempes-  
tiva meninxite. Sortear aquela adversidade non foi fácil, pero, unha vez superada,  
volveu ás aulas coa enerxía de sempre, e, co apoio dos seus compañeiros e amigos  
(que lle entregaron os apuntamentos das clases perfectamente organizados), supe-  
rou o curso co seu habitual éxito. As intensas horas de estudo (que compaxinaba  
coa impartición de clases particulares para aliviar a economía familiar), o seu tesón  
e o constante interese por aprender levárona a concluír con brillantez os estudos  
de Filoloxía Románica. O seu espléndido percorrido académico foi recoñecido co  
Premio extraordinario de licenciatura e co máis alto galardón que pode lograr un  
egresado: o Premio Nacional Fin de Carreira, que foi recoller a Madrid acompaña-  
da de seu pai e seu avó Francisco. Cando os restantes galardeados coñeceron a uni-  
versitaria galega, advertiron de inmediato a súa resolución e validez, polo que todos  
coincidiron en que ela era a persoa ideal para pronunciar as palabras de agradece-  
mento que o acto esixía. Mercedes recorda moitos detalles daquel evento en que  
se deron cita personalidades dun presente de chumbo e outras que terían un papel  
decisivo na transición democrática. Así pois, aquela viaxe académica a Madrid foi  
tamén unha fortuíta cita coa historia.

Unha vez rematada a licenciatura, a vida profesional da estradense comeza a to-  
mar un ritmo vertixinoso. No ano 1973, iníciase un plan de reordenación univer-  
sitaria (o chamado Plan Suárez), que determina que Filosofía e Letras —que em-  
pezaba a incrementar considerablemente o número de estudantes— se divida en  
tres Facultades: Filoloxía, Filosofía e Ciencias da Educación, e Xeografía e Historia.  
A entrada en vigor do novo plan motivou que os estudos filolóxicos se mudaran a  
un edificio rehabilitado: o antigo Colexio de Exercentantes da Praza de Mazarelos.  
A creación desta Facultade trouxo consigo a contratación de profesorado para cu-  
brir a docencia nas distintas especialidades (e materias) que se acababan de po-  
ñer en marcha. Naqueles anos, ocupaba a Cátedra de Filoloxía Románica o Prof.  
Constantino García, que posuía un olfacto especial para captar aqueles estudan-  
tes que non só tiñan espírito de traballo, senón tamén a paixón e o compromiso  
necesarios para encarar con solvencia os desafíos dunha universidade cambiante  
e na que había moito que facer. Como a aquel Catedrático non lle molestaba ro-  
dearse dos mellores, non dubidou en falar con Mercedes para que se integrase no  
seu departamento. Deste formaban parte, entre outros, Ramón Lorenzo, Antón  
Santamarina, Xosé Luis Couceiro, Guillermo Rojo, José Luis Rodríguez, Jesús Pena  
e un profesor de Lingua española co que poucos anos despois (en concreto, en se-  
tembro de 1976) a moza casaría, José M<sup>a</sup> Folgar, ese incondicional das estradas se-  
cundarias e, sen dúbida, un dos mellores guías turísticos co que unha persoa pode  
contar, sempre que teña en conta que con el se sabe a que hora comeza a viaxe pero  
non cando remata.

No verán de 1971, o propio Constantino dirixiu os ‘Cursos de Lingua e Cultura  
españolas para estudantes estranxeiros’, daquela financiados polos concellos de Vigo

e A Coruña, e nomeou a Mercedes secretaria deles, porque era ben coñecedor da súa eficiencia. Entre 1971 e 1975, ditaron conferencias naqueles cursos profesores e escritores de sona, pero, de entre todos eles, o que deixou unha fonda e cálida pegada na memoria de Mercedes foi Álvaro Cunqueiro. Este afiador de palabras e historias, que, polo que se conta, tiña o seu 'ego' o suficientemente dominado como para non precisar de gabanzas fútiles nin para ser o 'pirixel' de todas as salsas, saudaba con afecto todos os veráns a aquela secretaria, que aínda lembra cunha certa nostalxia as charlas entrañables que mantiña con aquel home de ben.

No contexto universitario dos anos 70', e atendendo ás necesidades que impoñía levantar unha nova Facultade, Mercedes comezou o seu labor docente, e, sen 'anestesia' previa, preparou durante varios cursos académicos materias de contidos moi diversos (Lingüística, Textos románicos, Italiano, Lingua e Literatura Provenzal, Lingüística románica...). O lugar que lle asignaron para lidar con libros, artigos, papeis e máquina de escribir foi un despacho situado ao fondo dun corredor do cuarto andar do edificio de Mazarelos, despacho que, por dar a un pequeno patio interior, esixía traballar con luz artificial todo o día, polo que o sitio non se prestaba a moitas distraccións. A persoa que compartía con Mercedes aquel espazo pouco acolledor era a súa compañeira de carreira Isabel González, coa que foi construíndo unha relación de irmandade que se viu reforzada pola bagaxe do tempo e polas vivencias compartidas ao longo da vida.

Aqueles primeiros anos na Facultade foron tremendamente afanosos para Mercedes e, polo tanto, esixíronlle que investise no traballo moitas horas de dedicación. Adoitaba chegar a Mazarelos arredor das nove e media da mañá e saía do edificio despois das oito da noite. Ao botar tantas horas fóra da casa, só puido lograr a coñecida «conciliación da vida familiar e laboral» grazas ao apoio incondicional da súa nai e da súa irmá Chelo, que se encargaron dos aspectos relacionados coa 'intendencia' doméstica e, sobre todo, de coidar de María e Esteban, os fillos do matrimonio Folgar – Brea.

Corría a primavera do ano 1978 cando Mercedes gañou a pulso en Madrid a oposición á Profesora Adxunta de Filoloxía Románica perante un tribunal constituído por sete homes e presidido polo ilustre profesor Alonso Zamora Vicente. Non é este o lugar para entrar en particulares, pero, naqueles tempos, os concursos eran temibles (cando non terribles). Os candidatos «sufrían» un periplo de probas que deixaba ben ás claras quen dominaba a materia (e quen a dominaba menos). É certo que aqueles fatigosos exames non impedían o nepotismo nin que os membros das comisións aproveitasen as oposicións para saldar contas cos adversarios nas «carnes» dos seus discípulos, pero, polo menos, servían para promocionar candidatos aceptables e para que, raramente, o nivel de cainismo chegase ao extremo de frear a carreira de persoas tan valiosas como Mercedes. Nas súas presentacións (nas que tivo que expor catro comentarios de distintas linguas romances nun exame que durou oito horas) demostrou tanto a súa capacidade pedagóxica como a

súa solvencia científica; en palabras do seu querido Cunqueiro, pódese dicir que presentou os seus coñecementos «claro, seguido e ben», polo que ningún daqueles xuíces dubidou das competencias da aspirante galega. Aqueles (tensos) días en Madrid, ademais do que supuxeron para Mercedes a nivel académico, saldáronse cunha valiosa recompensa persoal, pois as oposicións ocasionaron que tecese unha sólida amizade cunha moza de Oviedo, Ana Cano, coa que compartiría desde entón confidencias profesionais e persoais, así como comidas e viaxes familiares.

A mestra compostelá continuou con coraxe a súa carreira e, en 1984, superou o concurso de Profesora Agregada, categoría que a LRU asimilaría á de Catedrático de Universidade. Neste caso, a praza vacante estaba na Universidade de Granada, cidade á que foi tomar posesión do seu posto, pero na que nunca exerceu, pois enseguida lle foi concedida unha comisión de servizos na súa *alma mater*.

Paralelamente á súa traxectoria docente e investigadora, Mercedes Brea desenvolveu unha longa e intensa actividade de xestión na universidade e para a universidade, destacando, sobre todo, o seu labor nos seguintes cargos: Directora do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Vicerreitora de Profesorado, Presidenta do Comité de Humanidades para a acreditación de profesorado contratado na ACSUG, Decana da Facultade de Filoloxía e Presidenta da Comisión de Avaliación da Rama de Artes e Humanidades na ANECA (programa Verifica). O elenco escollido dá conta de que se moveu sempre coma peixe na auga no medio da lexislación e dos «papeis», pero hai que destacar que, ademais de facelo con ecuanimidade e discreción, procurou non perderse nunca nos meandros da burocracia para que a xestión fose o máis efectiva posible e, sobre todo, solucionase os problemas das persoas.

Ao longo do seu camiño universitario deu batalla en diversas fronteas, mais, sen dúbida, partiu a alma na defensa da Filoloxía Románica. Comezou a ver con preocupación que a implantación dos novos plans de estudo da LRU e (peor aínda) os que lle sucederon acurrunchaban cada vez máis a súa disciplina. Os debates e diferenzas que por esta causa tivo con colegas da Facultade —e mesmo de fóra— acadaron, ás veces, unha intensidade que foi máis alá do desexable e levárona a que dedicase unha morea de enerxías a defender a súa posición desde unha perspectiva profesional na que primaba a formación do alumnado. Aquelas discusións fixeron que lle caesen moitas vendas dos ollos e que contemplase con perplexidade e desencanto como as oportunidades de cambio nas estruturas curriculares eran aproveitadas con fins espurios. A pesar das contrariedades daquel escenario, Mercedes nunca se rendeu e expresou sempre as súas discrepancias fronte a aquela forma de deseñar os estudos filolóxicos con argumentos académicos para intentar estar por riba dos prexuízos que empanan calquera debate. Así pois, nunca renunciou aos seus principios e conviccións, porque ela é das que sempre mira cara adiante, das que non deixa que as cambadelas da vida (neste caso da vida universitaria) rachen coa súa forma de proceder e cos seus proxectos. Simplemente, can-

do ‘pintan bastos’, analiza con racionalidade a situación e deixa que o tempo siga o seu curso para continuar cun dos diversos traballos que (sendo hiperactiva) sempre ten entre mans.

A nivel docente, Mercedes pode presumir de ser unha magnífica profesora. Todos os que puidemos ‘saborear’ as súas clases tivemos a ocasión de aprender a traballar de maneira autónoma e, baixo a súa guía, a pensar con tino e rigor antes de realizar as exposicións que nos encomendaba (daquela xa existían as ‘clases interactivas’!). Malia que a subida á tarima diante daquela muller sería e de mente clara e organizada impoñía bastante, o seu tacto e empatía facían que pronto recuperásemos a tranquilidade e trabásemos con ela diálogos abertos e intelixentes cos que conseguía sacar o mellor de cada un de nós. Precisamente, eses diálogos frutíferos, que continuaban moitas veces fóra da aula, dan conta dun dos trazos característicos da súa personalidade: a súa xenerosidade intelectual que non é máis que espello da súa xenerosidade persoal. Aqueles que temos a sorte de coñecerla sabemos que é altruísta cos seus coñecementos, pero, se cabe, o é máis co seu tempo. Desde que, en 1990, a Facultade de Filoloxía se mudou ao edificio actual da Avenida Castela, Mercedes ocupou un despacho individual, o número 202, un lugar ateigado de libros, fotos, carpetas e todo tipo de papeis dos que só ela (e non sempre...) coñecía a orde. Pero o que agora vén ao caso é que por aquel despacho pasaban discípulos, compañeiros e amigos tanto para resolver dúbidas filolóxicas como para pedir consello, compartir boas primicias ou, de darse o caso, contarlle problemas e pesares. E isto sucedía porque todos os que visitaban aquel «confesionario» sabían que Mercedes era (e é) capaz de deixar a un lado as súas tarefas para escoitar os demais, para axudalos nas dificultades ou para aliviar a súa dor en situacións difíciles.

Con motivo da súa xubilación, e para renderlle homenaxe a unha Mestra que é exemplo de profesionalidade e rigor, preparamos este libro que recolle traballos de investigación que foron seleccionados non só pola súa relevancia nos estudos de literatura medieval galego-portuguesa, senón tamén por resultaren especialmente paradigmáticos dos proxectos e liñas de investigación que Mercedes Brea emprendeu e se preocupou de impulsar e promover no seo do seu grupo de investigación, o *GI-1350 Románicas: Filoloxía e Literatura Medieval*, no que conseguiu crear e consolidar unha auténtica *escola*. O seu convencemento polo traballo en grupo levárona tamén a coordinar a frutífera *Rede de Estudos Medievais Interdisciplinares*, integrada por estudosos dos ámbitos da Filoloxía, Historia e Arte medievais das tres universidades galegas. Ambas as iniciativas son mostras excelentes —pero non as únicas— da forma en que Mercedes entende a actividade investigadora, pois a súa máxima consiste en que a acción conxunta de distintos especialistas sempre abre novas portas e permite multiplicar os bos resultados fronte ao traballo individual.



No eido da investigación, Mercedes ten percorrido distintos «vieiros», ben que hai dous que teñen sido da súa especial predilección: a lingüística románica e a literatura medieval, que, a miúdo, se entrelazan nunha confluencia enriquecedora. Os seus estudos van da morfosintaxe e formación de palabras á formación das linguas románicas e a súa situación na Idade Media, pasando polo plurilingüismo na Romanía; no ámbito literario, centrou as súas pescudas nas tradicións occitana e galego-portuguesa, que examinou desde diversos prismas, como dan conta os traballos dedicados á súa benquerida *Flamenca*, á narrativa breve ou ás *Cantigas de Santa María*. A variedade dos seus intereses encontra tamén reflexo na ampla sucesión de proxectos que ten liderado tanto na USC como no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, proxectos nos que ten prestado especial atención aos primeiros textos románicos, ás anotacións lingüísticas de Angelo Colocci nos *cancioneiros*, ao vocabulario trobadoresco, á edición de textos da lírica galego-portuguesa ou á elaboración de pioneiras bases de datos.

Entre as súas primeiras publicacións sobresaen os estudos de morfosintaxe e formación de palabras, que aparecen plenamente enraizadas á súa gran paixón pola lingüística románica e con afinidade á liña de traballo que emprendeu coa súa tese de doutoramento, realizada baixo a dirección do Prof. Manuel C. Díaz y Díaz e defendida en 1975 (*El prefijo IN. Un estudio sobre los antónimos en latín*). Pero xa nesa etapa inicial Mercedes daba mostras da súa versatilidade e da súa capacidade para se internar en sendeiros aínda inexplorados. Unha evidencia disto é que a súa primeira publicación, aparecida na revista *Grial* en 1970 (cando aínda non era máis que unha estudante de licenciatura), está dedicada á primeira novela escrita en galego, *Maxina ou a filla espuria* do estradense Marcial Valladares, e que ten o mérito engadido de se contemplar entre os estudos pioneiros sobre a obra.

Así mesmo, no seu período inicial como investigadora atópanse estudos de aspectos lingüísticos en textos literarios (cf., entre outros, «La parasíntesis en las Cantigas d'escarnho e de maldizer» ou «Acerca de la posición de *en* (<INDE) con respecto al verbo en las poesías de Guillem de Berguedá», aparecidos nos anos 1977 e 1978 na revista *Verba*, que, produto incuestionable dun bo quefacer no eido filolóxico, fora inaugurada poucos anos antes baixo a dirección do xa citado Constantino García). Mais a inclinación dos seus primeiros alumnos pola literatura románica medieval fará que, sen deixar de dedicarse á análise de aspectos léxicos e lingüísticos, se agudice nela o seu interese pola materia, o que propiciará a aparición de diversas contribucións destinadas a examinar cuestións espiñentas nese ámbito, como evidencian os traballos «La estrofa v del «descort» plurilingüe de Raimbaut de Vaqueiras» (1985), «Los versos gallego-portugueses del sirventés trilingüe de Bonifacio Calvo» (1985), ou o publicado uns anos máis tarde «*Aissi com dis us castellans: ¿en qué lengua?*» (1997).

A consideración abranguinte da produción literaria medieval expresada en romance favorecería a aparición de recoñecidas contribucións nas que a mestra com-

postelá puxo o foco sobre a lírica galego-portuguesa. Respondendo a este espírito romanista, poden lerse, entre outras, as seguintes achegas incluídas neste volume: «*Dona e senhor nas cantigas de amor*» (1989), «Anotaciones sobre la función de los *miscradores* en las cantigas de amor gallego-portuguesas» (1992), «El *escondit* como variante de las cantigas de amor y de amigo» (1993), e «La *fin'amor* et les troubadours galiciens-portugais» (1996).

A elaboración destas e doutras investigacións debeu de servir para espertarlle unha máis que oportuna *curiositas* (persistente no tempo) sobre outra das grandes incógnitas que se teñen formulado en relación co trobadorismo galego-portugués: a súa orixe. Este problema mereceu a súa atención en reiteradas ocasións, nas que sempre demostrou unha aguda visión do mesmo a través de hipóteses explicativas que, co paso do tempo, se converterían en «verdades». En 1994 saíu á luz un traballo seu ben coñecido de todos, «A voltas con Raimbaut de Vaqueiras e as orixes da lírica galego-portuguesa», recollido nunha das numerosas e merecidas homenaxes a outro gran mestre da Filoloxía Románica, Giuseppe Tavani, con quen Mercedes puido compartir felices iniciativas académicas e inesquecibles momentos persoais. Retomaría a cuestión pouco tempo despois en «Érase unha vez... hai oitocentos anos. As orixes da literatura galega» (1997), e, como testemuño do seu carácter perseverante con aqueles temas que conseguen engaiolala, poden lerse outros estudos moito máis recentes nos que tratou con perspicacia o asunto dos inicios e desenvolvemento da tradición poética do noroeste ibérico (e que teñen unha presenza obrigada nesta antoloxía): «Lírica trovadoresca y relaciones familiares» (2013), «Otra vuelta a Raimbaut de Vaqueiras y la lírica gallego-portuguesa» (2016) e «¿Viajó al Occidente peninsular algún cancionero occitano?» (2020).

A súa inqueda tanto polo legado «inmaterial» galego-portugués como pola súa tradición manuscrita suscitou en Mercedes unha irremediable atracción pola actividade filolóxica e intelectual de Angelo Colocci. As numerosas (e, ás veces, enigmáticas) anotacións que este humanista deixou ao longo dos cancioneros *B* e *V* foron (e continúan a ser) motivo do seu interese. Evidencia disto é que, entre 1995 e 1998, coordinou un proxecto competitivo dedicado ao exame das anotacións lingüísticas feitas polo erudito iesino. Mais esta «paixón» de Mercedes por Colocci vén de máis lonxe, pois xa en 1993, neste caso en colaboración con Francisco Fernández Campo, publicou un precursor estudo sobre apuntamentos coloccianos no apógrafo *B* («Notas lingüísticas de A. Colocci no Cancioneiro galego-portugués B»), e só catro anos máis tarde aparecía a súa análise das notas presentes en *V* («Las anotaciones de Angelo Colocci en el *Cancionero de la Biblioteca Vaticana*», 1997). Formando parte do actual volume, sobresaen dúas contribucións nas que a especialista galega puxo o foco de atención no activo labor do humanista na anotación e reprodución de textos líricos medievais: «De los *lemosini* a los *siculi*, Dante y Petrarca» (2008) e «Angelo Colocci e la lirica romanza medievale» (2009).

Foi precisamente unha das apostilas de Colocci a que deu nome a outra das súas coñecidas contribucións, «Cantar et Cantiga idem est» (1999). Neste caso concreto, o obxectivo do estudo era examinar a presenza e o uso das dúas expresións no interior das *razos* e composicións líricas. A intervención de Colocci en calidade de anotador e rubricador ao longo dos apógrafos renacentistas propiciou que esta fose obxecto de observación e comentario noutros traballos nos que a homenaxeada afrontou problemáticas realmente intrincadas, como acontece en «*Vós que soedes en corte morar, un caso singular*» (2009). Esta achega, xunto a «La parodia (meta)literaria en la lírica gallego-portuguesa: el debate entre Abril Perez y Bernal de Bonaval» (2013), insíbese noutra das liñas de investigación principais dos seus últimos anos na USC: o sirventés e o debate metaliterario.

En harmonía coa súa inclinación polos estudos de léxico e formación de palabras, Mercedes tamén ten prestado ampla dedicación ao vocabulario trobadoresco. Como representativas desta importante vertente do seu currículo, recóllense nas seguintes páxinas dúas contribucións: «O vocabulario como fío de cohesión na tradición trobadoresca» (2010) e «La expresión de las emociones en la lírica gallego-portuguesa (primera aproximación)» (2015), este último incluído nunha monografía colectiva resultado da súa implicación e colaboración nun proxecto internacional, pois, como xa dixemos, tamén no campo da investigación a tendencia preferente de Mercedes foi a de tender pontes co fin de colaborar e estreitar lazos con todos aqueles romanistas do panorama nacional e internacional que así o desexasen.

Outro ámbito importante no que Mercedes ten traballado con frecuencia é o pertencente ás cantigas de amigo. Non podemos lembrar aquí a extensa nómina de contribucións que dedicou a este xénero, pero permítasenos a licenza de facermos rápida memoria para recoñecer que baixo a súa lente foron examinadas as «bailadas» («*Andamos fazendo dança, / cantando nossas bailadas!* (157,35)», 1998), as chamadas «mariñas» («Mariñas e romarías na ría de Vigo» e «¿Mariñas ou barcarolas?», 1998), as «cantigas de romaría» («Las ‘cantigas de romería’ de los juglares gallegos», 1999), ou a existencia de motivos afíns á «alba» («*Levantou-s’a velida, un exemplo de sincretismo harmónico*», 2000, ou «Albas, albadas, alboradas, canciones de aurora... ¿Un problema terminolóxico en la lírica gallego-portuguesa», 2002). Coa organización analítica e a claridade expositiva que a caracterizan, estas publicacións colaboraron nunha máis precisa consideración e adecuada clasificación de fórmulas e motivos operantes na cantiga de amigo, subliñando así a riqueza expresiva e compositiva deste xénero no que conflúen en harmonía a vertente culta e a popularizante. Esta última particularidade encontrárase como pano de fondo en análises como, por exemplo, «Elementos popularizantes en las cantigas de amigo» (2003), «*L’amiga et la senhor dans les cantigas de amigo*» (2006) ou «El diálogo entre los dos géneros amorosos de la lírica gallego-portuguesa» (2007).

Aínda en relación co inxente traballo acometido en relación coa cantiga de amigo, cómpre recordarmos que, xunto con Pilar Lorenzo, é autora da clásica mono-

grafía *A cantiga de amigo*, publicada en 1998, un ano emblemático para os estudos da literatura galega medieval ao se dedicar o Día das Letras Galegas aos que, moi probablemente, son os tres poetas máis universais da nosa tradición lírica: Mendinho, Martin Codax e Joan de Cangas. É nese significativo ano no que tamén se debe contextualizar a elaboración de «“E verra i, mia madre, o meu amigo” (Martin Codax, 91,5)». En 2017, con motivo da exposición en Vigo do Pergameo Vindel, multiplicáronse os actos arredor da obra e figura do carismático xograr, e para a elaboración do catálogo da devandita exposición, acollida no Museo do Mar de Galicia, contouse coa ineludible colaboración de Mercedes, que ofreceu unha contribución titulada «Martin Códax como representante dun modelo específico de cantigas de amigo», acollida tamén no presente volume.

Foi naquel brillante ano 98, cando saíu publicado no CRPIH o libro *Cantigas do Mar de Vigo*, que ofrece unha completa edición e estudo da obra dos tres xograres das Rías Baixas. Nesta obra, dirixida e coordinada por Mercedes, traballou un equipo de mozos investigadores (o cal, hai que confesar, era naquel momento bastante máis nutrido do que o é na actualidade e, polo tanto, con moi boas opcións de acometer grandes empresas), que poucos anos antes se esforzara en poñer a disposición de toda a comunidade académica a primeira colección impresa de todo o corpus de cantigas galego-portuguesas (que, por fin, podían ser lidas e consultadas nunha única obra). Porén, esa publicación en dous volumes —presentada en 1996— non foi máis ca un dos grandes pasos no camiño avanzado por Mercedes nos anos 90. Grazas á súa atinada previsión e intuición sobre a orientación que irían tomar as humanidades, foi a persoa que, apoiándose na tecnoloxía e nas posibilidades que xa naquel momento ofrecían as humanidades dixitais, creou, coa axuda dos informáticos Fernando Magán e Carlos Sánchez, unha ferramenta (MedDB) a todas luces pioneira para a investigación da produción trobadoresca, o que, sen dúbida, contribuíu a poñer en valor o acervo literario galego-portugués no mapa da literatura universal e a reivindicar o seu lugar neste. Desde os seus inicios, MedDB respondeu á ambición de facilitar a pescuda de aspectos estruturais e literarios das cantigas (metros, constitución estrófica, rimas e esquemas rimáticos, palabras rima...), entre outros moitos datos que é posible extraer do corpus dispoñible en rede desde o ano 1998. Para alén das sucesivas versións de MedDB que teñen servido para actualizar e ampliar os seus contidos, a concepción doutras bases de datos como BirMed (dispoñible desde 2006) ou, máis recentemente, (e de maneira destacada) PalMed —codirixida con Antonio Guiadanes e Pilar Lorenzo— colocan a Mercedes Brea como unha auténtica emprendedora das humanidades dixitais aplicadas á literatura medieval galega.

En función das posibilidades investigadoras que permite MedDB, Mercedes tamén «sucumbiu» á análise de certos aspectos relacionados coa estrutura métrica e rimática das cantigas, como proban os traballos «Alteraciones del esquema

rimático en cantigas de *mestría*» (2012) e «Esquemas rimáticos y cantigas de refrán» (2014).

Sen saír do ámbito literario, a filóloga estradense tamén ten levado a cabo frecuentes incursións noutros xéneros e obras alleos á lírica galego-portuguesa. Así, en relación coa literatura haxiográfica, ten prestado atención a milagres tan propagados por todo o territorio europeo como o de Teófilo, o de María e o peregrino enganado polo demo ou as versións iberorrománicas dos milagres de Santiago. Así mesmo, ao longo da súa traxectoria, outorgou unha especial consideración ás *Cantigas de Santa María*, unha obra en fondo e forma tan excepcional que permite ser examinada tanto en relación á tradición haxiográfica da que derivan os *miracula* como ás súas conexións coa produción profana. Por tal razón, acubillan igualmente as páxinas deste libro as seguintes contribucións: «Milagros prodigiosos y hechos maravillosos en las *Cantigas de Santa Maria*», «Tradiciones que confluyen en las *Cantigas de Santa Maria*» e «Cantigas /v/ milagros en los cancioneros marianos del siglo XIII».

Somos conscientes de que pola súa achega aos estudos de lírica galego-portuguesa son moitos máis que os aquí citados os traballos de Mercedes que merecerían mención e comentario; e dificilmente podería dar conta un limiar deste tipo do seu inxente labor tanto na Universidade de Santiago de Compostela como no Centro Ramón Piñeiro. Porén, agardamos que entenda a finalidade deste noso «don», que lle ofrecemos con todo o respecto e afecto para recoñecerlle o seu traballo e, sobre todo, o seu maxisterio, un maxisterio que a fai modelo a imitar non só polo seu talento emprendedor e a súa inquedaanza investigadora, senón tamén pola súa disposición para aceptar ao seu carón a todo aquel que desexe percorrer o camiño da aprendizaxe desde unha posición honesta e comprometida<sup>1</sup>.

DÉBORAH GONZÁLEZ

PILAR LORENZO GRADÍN

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2022

1 Dado que os traballos reproducidos neste volume foron publicados pola autora en distintas sedes, procedeuse a unha regularización das normas editoriais dos mesmos. Así mesmo, algunhas achegas aquí recollidas foron dixitalizadas, polo que, a pesar de que se someteron a unha coidadosa revisión, é probable que o lector detecte nas mesmas algunhas erratas, polas que as editoras piden as correspondentes desculpas.



## Mercedes Brea. Bibliografía

- 1970 «Sobre *Maxina*», *Grial*, 29, pp. 352-355.
- 1972 «*Adiós, María*, de Xohana Torres. Estructura e persoaxes», *Grial*, 37, pp. 344-352.
- 1976 «Prefijos formadores de antónimos negativos en el español medieval», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 3, pp. 319-341.
- 1977 «La parasíntesis en las Cantigas d'escarnho e de maldizer», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 4, pp. 127-136.  
«Palabras compuestas en *Na noite estrelecida* y *Camiños no tempo* de Ramón Cabanillas», en *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela, pp. 137-151.
- 1978 «Acerca de la posición de *en* (<INDE) con respecto al verbo en las poesías de Guillem de Berguedá», *Verba*, 5, pp. 411-414.
- 1979 «En torno a *ne-* como primer elemento de una serie de vocablos con sentido negativo», *Emerita. Revista de Lingüística y Filología Clásica*, 47, pp. 149-159.
- 1980 *Antónimos latinos y españoles. El prefijo IN*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela (ISBN: 84-7191-164-7).  
«Denominaciones gallegas de la hoja del pino», *Verba*, 7, pp. 51-74.
- 1981 «Sobre algunos descendientes gallegos de CAPVT: *cadullo*, *cadabullo*, etc.», en M. C. Díaz y Díaz (ed.), *Actas de la Primera reunión gallega de Estudios Clásicos*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela, pp. 259-262.  
«Otras denominaciones para cabecera de finca», *Verba*, 8, pp. 391-394.
- 1982 con J. M<sup>a</sup> Folgar de la Calle, «Alvaro Cunqueiro en ABC en 1939», en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 349-369.

- 1983** «*Vai na eira*», *Verba*, 10, pp. 289-293.
- 1984** con J. M. Díaz de Bustamante e I. González Fernández, «Animales de referencia y animales de significación en la lírica gallego-portuguesa», *Boletim de Filologia*, 29, pp. 75-100.
- 1985** «Las preposiciones, del latín a las lenguas románicas», *Verba*, 12, pp. 147-182.  
 «Formación y características del gallego», *Revista de Filología Románica*, 3, pp. 121-130.  
 «La estrofa v del “descort” plurilingüe de Raimbaut de Vaqueiras», en A. M<sup>a</sup> Cano González *et alii* (eds.), *Homenaje a Alvaro Galmés de Fuentes*, Madrid, Gredos – Universidad de Oviedo, vol. II, pp. 49-64.  
 «Los versos gallego-portugueses del sirventés trilingüe de Bonifacio Calvo», en J. Montoya y J. Paredes (eds.), *Estudios Románicos dedicados al Prof. Andrés Soria Ortega*, Granada, Universidad de Granada, vol. I, pp. 45-53.
- 1986** «As aves na poesía galega de Rosalía», en *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega – Universidade de Santiago de Compostela, vol. III, pp. 79-88.
- 1988** «Anotacións sobre o uso dos adverbios pronominais en gallego-portugués», en D. Kremer (ed.), *Homenagem a Joseph Piel por ocasião do seu 85º aniversário*, Tübingen, Max Niemeyer, pp. 181-190.
- 1989** «La utilidad de los textos románicos plurilingües en la enseñanza de la Filología Románica», en D. Kremer (ed.), *Actes du XVIII<sup>e</sup> Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, Tübingen, Max Niemeyer, vol. VII, pp. 260-269.  
 «*Dona e senhor* nas cantigas de amor», *Estudios Románicos*, 4, pp. 149-170 [posteriormente en: M. Brea (coord.), *Estudos sobre vocabulario dos trobadores*, Santiago de Compostela, USC – SPIC (Col. Verba, Anexo 63), 2008, pp. 29-53].
- 1990** «Sobre palabras compostas do tipo *pararraios*», *Verba*, 17, pp. 405-414.
- 1991** con F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.  
 «La partícula gallego-portuguesa *ar/er*», en P. Peira *et alii* (eds.), *Homenaje a Alonso Zamora Vicente*, Madrid, Castalia, pp. 45-57.  
 «Aproximación ó estudio das palabras compostas», en M. Brea e F. Fernández Rei (eds.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 77-100.  
 con C. García, «Para un estudio comparativo del léxico gallego y asturiano», *Lletres Asturianas*, 42, pp. 21-33.



**1992** «Anotaciones sobre la función de los *miscradores* en las cantigas de amor gallego-portuguesas», *Cultura Neolatina*, 52, pp. 167-180.

**1993** «Reminiscencias literarias no xornalismo cunqueiriano: vestixios da lírica trobadoresca en *El pasajero en Galicia*», en *Congreso Alvaro Cunqueiro. Actas do Congreso celebrado en Mondoñedo entre os días 9 e 13 de setembro de 1991*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 571-587.

«Milagros prodigiosos y hechos maravillosos en las *Cantigas de Santa María*», *Revista de Literatura Medieval*, 5, pp. 47-61.

con E. Sánchez Trigo, «Le monde animal dans la lyrique amoureuse romane (projet de recherche)», en G. Gouiran (ed.), *Contacts de langues, de civilisations et intertextualité (III<sup>e</sup> Congrès International de l'Association Internationale d'Études Occitanes*, Montpellier, 1990), Montpellier, Université de Montpellier, vol. II, pp. 829-836.

«El *escondit* como variante de las cantigas de amor y de amigo», en A. Nascimento e C. Almeida Ribeiro (eds.), *Actas do IV Congresso da Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Lisboa, 1991)*, Lisboa, Cosmos, vol. IV, pp. 175-187.

Voces: «Cancioneiro» (pp. 113-115), «Cantiga» (pp. 132-134); «Descordo» (pp. 213-214); «Locus amoenus» (pp. 422-424); «Oratoria» (pp. 488-491); «Plurilingüismo» (pp. 554-557), en G. Lanciani e G. Tavani (eds.), *Dicionário de Literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa, Caminho.

(ed.) *O Cantar dos Trobadores. Actas do Congreso celebrado en Santiago en maio de 1993*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

con F. Fernández Campo, «Notas lingüísticas de A. Colocci no Cancioneiro galego-portugués B», en G. Hilty (ed.), *Actes du XX<sup>e</sup> Congrès International de Linguistique et Philologie romanes (Zürich, 1992)*, Tübingen, Francke Verlag, vol. V, pp. 41-56.

**1994** «A propósito del prefijo *des-*», en B. Pallares *et alii* (eds.), *Sin Fronteras. Homenaje a María Josefa Canellada*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, pp. 111-124.

«Les animaux dans les poésies amoureuses des troubadours occitans», *Revue des Langues Romanes*, xcviII, pp. 403-443.

«A voltas con Raimbaut de Vaqueiras e as orixes da lírica galego-portuguesa», en E. Fidalgo e P. Lorenzo Gradín (eds.), *Estudios Galegos en homenaxe ó Profesor Giuseppe Tavani*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia – Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, pp. 41-56.

«Galegisch: Externe Sprachgeschichte / Evolución lingüística externa», en G. Holtus, M. Metzeltin e Ch. Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, Tübingen, Max Niemeyer, vol. VI/2, pp. 80-97.

- «Galegisch: Grammatikographie und Lexikographie / Gramaticografía e Lexicografía», *ibidem*, pp. 110-129.
- «Galego-portugués e provenzal, como alofonías, na Idade Media», en X. Alonso Montero e X. M. Salgado (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso* (Santiago de Compostela, abril de 1993), Vigo, Galaxia, pp. 57-74.
- 1995** «El milagro de Teófilo. Texto dramático y texto narrativo», en J. Paredes (ed.), *Medioevo y literatura: actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, (Granada, 27 septiembre - 1 octubre 1993), Granada, Universidad de Granada, vol. I, pp. 415-428.
- «À propos de *Flamenca*», en J. P. Darrigrand (ed.), *L'amour courtois des troubadours a Fébus. Flamenca*, Orthez, Éditions per Noste, pp. 83-98.
- «Colocci (Angelo)», en *Biblos. Enciclopedia Verbo das literaturas de lingua portuguesa*, Lisboa, Verbo, pp. 1211-1212.
- 1996** «Pai Gómez Chariño y el mar», en C. Alvar y J. M. Lucía Megías (eds.), *La literatura en la época de Sancho IV*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá de Henares, pp. 141-152.
- (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievals, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia (ISBN: 84-453-1838-1).
- «La *fin'amor* et les troubadours galiciens-portugais», *Revue des Langues Romanes*, C/1, pp. 81-107.
- «Tipos 'marginales' satirizados en la lírica gallego-portuguesa», *Cuadernos del CEMYR*, 4, pp. 13-33.
- 1997** «Érase unha vez... hai oitocentos anos. As orixes da literatura galega», *Revista Galega do Ensino*, 16, pp. 79-89.
- «Las anotaciones de Angelo Colocci en el *Cancionero de la Biblioteca Vaticana*», *Revista de Filología Románica*, 14/1, pp. 515-519.
- 29 Cfr. Corominas-Pascual (1980, III: 383). En realidad, en español cabría esperar la solución con metátesis de *-n’r- ornar*, igual que en GENERU > *verno* (gall.-port. *genro*), pero las soluciones posibles para estos grupos consonánticos son bastante variadas, y la introducción de una consonante puente es relativamente habitual (piénsese, por ej., en los futuros del tipo *tendré*, *vendré*, etc.). En gallego-portugués, en cambio, la epéntesis en el grupo *-n’r-* (en *-m’l-* si está bien documentada) es prácticamente inexistente (Nunes 1975: 140, indica que «tal grupo [ndr] se não formou na nossa língua, provindo, portanto do castelhano ou francês aqueles vocábulos [*acendrar*, *engendrar*, *ondrar* (arc.)]»).
- 30 En cuanto al motivo de la deshonra como recompensa por eludir las obligaciones feudales de un caballero es, como indica D’Heur (1973: 243), motivo recurrente en muchas cantigas de escarnio, entre ellas algunas del propio Rey Sabio, al que va dirigido este sirventés.
- 31 D’Heur (1973: 243-245) ofrece abundantes ejemplos gallego-portugueses del empleo del giro *sei eu* para afirmar un hecho o una idea, así como del refuerzo de dicha afirmación operado con ayuda de *ben*, antepuesto o pospuesto al verbo, y del mismo refuerzo de este adverbio por medio de *mui*. Tavani (1969: 63), para concluir sus consideraciones lingüísticas en torno a la atribución de estos versos al gallego-portugués y no a otra lengua, atiende también a que «la fraseología, se occorresse, ce lo confermerebbe: ‘el faç’o que quiser fazer’, ‘non los quer cometer’, ‘quen quer’, ‘sei eu muy ben que lli co[n]ven’, ‘cuidad’e sen’ sono tutti sintagmi linguisticamente e letterariamente possibili e realmente esistenti soltanto in galego-portoghese».
- 32 Igual, por otra parte, a lo que sucedió en italiano para dar lugar a *gli*, o en español a *gelo*; etc. En cuanto a las otras grafías, *lh* tiene a su favor el ser la más general en provenzal, aparte de que, si *h* corresponde a *i*, como en *mh-a*, por ej., tan frecuente en la poesía gallego-portuguesa, estaría remitiendo al origen de [j] en el grupo *-li-*, mientras que *ll*, que no tiene tal explicación etimológica en gallego-portu-

El verso termina con la palabra *conven* (está así en Michaëlis, Appel, Tavani, D’Heur, Hill – Bergin), que en el manuscrito K aparece escrita *cōven* —como es bastante usual en otros textos gallego-portugueses—, pero que los demás manuscritos interpretaron como *coven* (y así lo recogen Milá i Fontanals, Horan y Bertoni)<sup>33</sup>.

7. El verso 13 no plantea dificultades de lectura o interpretación, y presenta la conjunción de dos elementos (cuasi sinónimos aquí) que se refuerzan mutuamente, *cuidade sen*. *Sen* es un provenzalismo del que pueden encontrarse multitud de ejemplos en la lírica gallego-portuguesa<sup>34</sup>; *cuidado* «per tradizione lirica è essenzialmente, per non dire esclusivamente, galego-portoghese, soprattutto in nessi del tipo ‘cuidad’e sen’» (Tavani 1969: 63), aunque a D’Heur (1973: 246) «l’emploi du nom *cuidado* et son association avec *sen*» le parezcan únicos. A los ejemplos por él proporcionados del «usage assez rare» de *cuidado* queremos añadir al menos otro que D’Heur no puede desconocer, el del verso 40 del descort de Raimbaut de Vaqueiras («fali’d’ei en meu cuidado»), donde, igual que en muchos otros casos<sup>35</sup>, el sentido del término es el de ‘preocupación amorosa’, pero la determinación viene dada únicamente por el contexto en que se inserta, y no es inherente a la palabra, que significa simplemente ‘preocupación, atención...’<sup>36</sup>.

gués (sí, por el contrario, en español o catalán, donde -LL- > [ll]), es, sin embargo, frecuente desde los textos antiguos, y puede aparecer igualmente en provenzal o francés —aunque normalmente reforzado en *ill*—, lenguas en las que tampoco palataliza la geminada latina.

- 33 El problema se repite en la cantiga de amor de Bonifacio Calvo que comienza *Mui gran poder á sobre min amor*, pues en el verso 25 aparece, en rima, *conven*, y en el interior del verso 27 *coven*, ambas en el cancionero A, mientras que el cancionero B «transmet la forme *conven* abrégée par deux fois. Il serait imprudent de rien conclure sur le caractère original de la leçon *coven* de A, d’autant que le signe d’abréviation de la nasale a pu être oublié par le copiste de A» (D’Heur 1973: 245). Por otra parte, el empleo de este verbo impersonal es frecuente en gallego-portugués (vid. los ejemplos recogidos por D’Heur 1973: 245-246) seguido de *que* + subjuntivo o de las preposiciones *a* o *d* (como en este caso) + infinitivo.
- 34 Sólo a modo de muestra, vid. Michaëlis ([1904] 1966, I: 7): «ca ei por vos eno meu coraçõ / tan gran cuita, que mil vezes me ten, / senhor, sen fala e sen todo *sen*» (2, versos 5-7: Vaasco Praga de Sandin); Michaëlis ([1904] 1966, I: 10): «E el que vus tal fez, se m’algun ben / non der’ de vos, senhor, non me dê *sen* / nen poder de vus por én desamar» (3, versos 26-28: V. Praga de Sandin); Michaëlis ([1904] 1966, I: 43): «eu sobejo fazen mal-*sen*» (19, verso 12: Joan Soaires Somesso); Michaëlis ([1904] 1966, I: 78): «E vos por tolherdes mi-o *sen*, / nunca lhes queredes per ren / esta mezcra de min creer» (36, versos 12-14; Paay Soares de Taveiroos); Michaëlis ([1904] 1966, I: 103): «E mentr’eu non perder’o *sen*, / non vus deveades a temer» (48, versos 11-12; Martin Soares); etc.
- 35 En el mismo *Cancioneiro da Ajuda*, aunque en la variante *coidado*, cfr. entre otros: I. pág. 72: «Que eu assi fiquei desamparado / de vos, por que cuita grand’e *coidado* / ei! ei! ei!» (32, versos 14-16; P. Soares de Taveiroos); *ibidem*: 303: «E pois vus vi, nunca despois quis Deus / que perdess’eu gran coita nen *coidado*!» (151, versos 27-28: Vaasco Gil). Vid. también Johan Airas, en Rodríguez (1980: 68): «e tantas coitas, quantas de sofrer / ei, nonas posso en un cantar dizer. / Muitas ei, ei *cuidad’e* so |n| mi fal» (IV, versos 5-7).
- 36 Vid. por ej., en Mettmann (1959-1972, I: 130): «E todo seu *cuidad’era* de destróir los mesq[u]yos» (45, verso 15); Mettmann (1959-1972, I: 241): «(...) Poren na pura / Virgen tornou seus *cuidados*» (83, versos 27-28); etc. En Lorenzo (1977, II: 391) pueden verse múltiples ejemplos de las Crónicas y de otros textos de carácter no lírico, en los que el término está, por ello, desprovisto de toda acepción amorosa.

### 3 *Dona e senhor nas cantigas de amor*

[*Estudios Románicos*, 4, 1989: 149-170]

*Nen quis eu dona por senhor tomar  
senon vós, que amo e quero amar*

PER'EANES MARINHO

S abido é que os trobadores galego-portugueses chaman *senhor* á dama por eles cantada. E repítase con frecuencia que tal denominación, precedida en moitos casos do posesivo *mha*, é, ou pode ser, un calco do *midons* empregado polos provenzais<sup>1</sup>. Parece oportuno, e mesmo conveniente, establece-las relacións entre a *cansó* e a *cantiga de amor*<sup>2</sup>, pero, en casos como éste, córrese o risco de estereotipar consideracións deste tipo ata o extremo de chegar a deformar, siquera parcialmente, ámbalas dúas realidades, a galego-portuguesa e a provenzal. Tal temor foi o que motivou as reflexións que a seguir se verten e que non pretenden senón chama-la atención sobre a necesidade de meditar sobre os tópicos que se transmiten duns estudos a outros sen variacións apreciáveis por consideralos verdades xa demostradas, cando, en ocasións, non son máis que citas parciais entresacadas de contextos máis completos.

1. Fixémonos en primeiro lugar en *midons*. Contra o que pudiera parecer pola importancia que acadou (sobre todo entre os estudosos da lírica galego-portuguesa), *midons* está moi lonxe de se-la fórmula predominante nas composicións occitanas<sup>3</sup>, onde é amplamente superada por *domna* (sola ou determinada mediante o

- 1 Afortunadamente, xa non é tan frecuente insistir tamén en que *senhor* é unha forma masculina (precisamente por influxo de *midons*). Aparte de que a terminación (nalgúns casos, sufixo derivativo) en *-or* mantivo durante bastante tempo a ambivalencia xenérica do latín, a presenza constante dos determinantes femininos (*mha*, *fremosa*, *boa*, *aposta*, *ben talhada*, etc.) resulta proba máis que evidente do seu carácter.
- 2 Pena (1986: 150-155) recolle o que se ten dito ó respecto ata o momento, pero este exame precisa aínda dunha revisión máis detida, posto que, por exemplo, non parecen totalmente correctas afirmacións como as de que os trobadores galegos descoñecen a *joi* e, pola contra, os provenzais ignoran a *coita*, pois, se ben é certo que non empregan eses termos para expresa-los sentimentos correspondentes, non por iso deixan os galegos de coñece-lo gozo da 'joi' (aínda que só sexa como algo inalcanzable) nen os provenzais o sufrimento da 'coita'.
- 3 Aínda admitindo a posible marxe de erro, non deixan de ser significativas as cifras proporcionadas por Sánchez Trigo (1986), que, tras examinar tódalas composicións recollidas en Riquer (1983), completándoas coas edicións completas dalgún trobador (Peire Vidal, Arnaut de Marueilh, Bernart de Ventadorn, Arnaut Daniel, etc.), mostra só 54 casos de *midons*, e oito de *sidons*, fronte a 193 de *domna* a secas, sen

posesivo ou algún calificativo), polo que non parece aconsellable poñelo en relación directa co uso de (*mha*) *senhor* en galego-portugués, se ben é certo que a relativamente pequena frecuencia do seu uso pode quedar contrarrestada pola conxunción que supón o emprego dunha forma masculina para se referir ó cumio das perfeccións femininas<sup>4</sup>.

Pero aínda máis curiosa pode resultar a consideración de que o trobador utiliza *midons* para expresa-la completa sumisión á dama, que é contemplada por el coma un señor feudal ó que se entrega como vasalo se pensamos que, en termos feudais, *don* non se emprega nese sentido. Hackett examina a colección de documentos occitanos publicados por Brunel (1926-1950) e non encontra máis que un exemplo de *don* para 'señor feudal', se ben aparece neles «comme titre honorifique, souvent réduit à *en*, ou à *n*; comme titre ecclésiastique, surtout dans les chartes du Limousin, et le *don* ajouté à un nom sert à distinguer le père du fils» (Hackett 1971: 290); polo contrario, a «désignation du suzerain est *senhor*, *señor*, même dans les plus anciennes chartes» (Hackett 1971: 290)<sup>5</sup>.

O traballo de Hackett presenta datos tan interesantes que merece a pena deterse un pouco nel. O rastreo en textos latinos permítelle constata-la presión exercida por *senior* sobre *dominus*<sup>6</sup> no século IX, advertíndose o emprego, «au dernier quart du siècle, de *domnus* comme forme de salutation et de *senior* comme désignation du seigneur» (Hackett 1971: 290). De todos xeitos, ata o ano 1000, alomenos na rexión do Mâconnais, *dominus* aplicábase ó «comte détenteur d'un fief», pero tamén ó «maitre des serfs» (Hackett 1971: 291). Un documento do Poitou, de principios do século XI, redactado nun latín «qui doit être très près de la langue parlée», mostra «onze exemples de *senior* comme désignation du suzerain, contre trois de *dominus*» (Hackett 1971: 291).

Na literatura occitana non trobadoresca, encóntrase *donz* no *Boeci* referido ó protagonista («Donz fo Boecis...», v. 28), co significado de 'noble', 'gran señor', pero o v. 37 indica que «de tot l'emperi.l tenien per *senhor*». Na Canción de Santa Fe, aparece *don* dúas veces en vocativo (unha dirixido a Daciano, outra a Deus) e tres

determinantes (pensemos no que se acrecenta este número engadindo as ocorrencias de *ma domna*, *bela domna*, *bona domna*, etc.).

- 4 Vid. o traballo de Hackett (1971), onde, entre outras cousas, se discute o xénero do posesivo *mi* (¿do latín *meus* ou de *mea*?) e a posibilidade de que o -s non sexa unha marca morfolóxica, dado que o sintagma é fixo e invariable, e aparece tanto en función de subxecto (incluso aquí é menos frecuente) como de complemento.
- 5 Rexistra tamén nese corpus dous usos de *midons* nun testamento feito en 1195 (*midons saita Maria de Clermont e midons saita María de Columbeir*), que considera «exemple trop tardif pour servir d'indication d'origine et sans doute reflet de la poésie profane» (Brunel 1926-1950: 290).
- 6 *Dominus* designaba en latín o dono, o amo, da casa (*domus*, que é o termo do que deriva), en oposición a *servus*, *ancilla*, e incluso *familia*. Por extensión, designa a todo tipo de 'maitre': dono da casa que recibe os amigos, mestre de cerimonia, e mesmo «maitre du peuple, tyran, despote». A lingua da Igrexa utiliza esta voz para traduci-lo grego κυριος 'o Señor' (Cfr. Ernout-Meillet 1967: 183, s.v. *domus*).

veces máis designando a Deus. No *Girart de Rossilhon* ten un uso máis extenso, xa que serve de «titre d'adresse», no sentido de 'seigneur', en once ocasións («mais *seignor* revient une centaine de fois avec le même sens») (Hackett 1971: 291)<sup>7</sup>, e tamén pode significar «possesseur»<sup>8</sup>. Todos estes datos permiten concluir a Hackett que *don* semella manterse vivo no século XII, e pode que máis tarde, «mais avec un sens plus large que celui de *senhor*» (Hackett 1971: 292)<sup>9</sup>.

Á vista desto, ¿por qué os trobadores recurren a *midons* para se referir ó obxecto do seu amor? ¿E en qué contextos? Por suposto, non aparece nunca como apóstrofe (neste caso, utilízase *domna*, determinado ou non, ou un «senhal»)<sup>10</sup>. Un dos usos máis interesantes corresponde a Raimbaut d'Aurenga, que declara:

De *midons* fai *dompn'* e *seignor*  
cals que sia.il destinada<sup>11</sup>.

(XXVII, vv. 25-26; Pattison 1952: 162)

Parece que, polo menos neste contexto, o sentido feudal é soportado por *dompna* e por *seignor* (¿en qué relación? ¿poden ser totalmente sinónimos? ¿buscan a intensificación do dominio, da posesión?), e que *midons* é o termo non marcado ('da miña dama —a dama que eu celebro— fago dona e señora')<sup>12</sup>. ¿É posible que *midons* se fora vaciando do seu contido orixinario ata este extremo? E, se así fora, no momento en que principiou a ser usado, ¿era unha variante (¿métrica?)<sup>13</sup> de *ma domna* ou outra cousa? Cropp (1975: 29-37)<sup>14</sup> apunta incluso á posibilidade de que estivesen actuando a modo de variantes flexionais:

- 7 Para referirse a Deus, en cambio, «nous avons un exemple de *seignor* e trois de (*nostre*) *don*» (Hackett 1971: 291).
- 8 Recolle Hackett (1971: 292) outros usos co sentido de «propriétaire» e «maître», o que o leva a considerar que «ce terme exprimait une subjection plus absolue que le rapport vassalique».
- 9 No mesmo texto do *Girart*, encontra Hackett (1971: 293) cinco exemplos de *midon* xunto a oito de *mi-donne* (advirtase a forma *mi* do posesivo cunha forma feminina *donne*; cfr. supra nota 4), empregados como sinónimos e aplicados á raíña Elissent e á muller de Girart, sempre como fórmulas de respecto e nunca en contextos eróticos. Como vocativo, úsase sempre *donne*.
- 10 Tense resaltado asimesmo que os «senhals» referidos á dama son frecuentemente masculinos, o que podería levar a entender en parte *midons* como un «senhal» lexicalizado.
- 11 Cfr. Pattison (1952, xxvii, vv. 25-26: 162).
- 12 É dicir, non ten só o dominio que lle corresponde por dereito, senón tamén o poder absoluto de face-lo que desexe con ese obxecto poseído. Con todo, non é frecuente encontrar nos trobadores occitanos o termo *senhor* aplicado á dama amada e cantada por eles (vid. infra algunhas referencias).
- 13 *Ma domna* ten, en principio, unha sílaba máis que *midons*, pero —como tamén advirte Hackett (1971: 288)— é posible encontra-la segunda forma ante vocal, ou *sexa*, onde non existiría diferenza algunha no número de sílabas, porque valería o mesmo *ma domn'*.
- 14 Ahí poden verse tamén recollidas as opinións que poñen *midons* en relación con formas árabes similares ou co apelativo de Deus, así como unha análise dos seus usos trobadorescos.

- *ma domna* (fundamentalmente suxeito, ás veces vocativo ou obxecto),
- *domna* (sobre todo, vocativo —apóstrofe—).
- *midons* (obxecto e, ás veces, suxeito do verbo)<sup>15</sup>,

para concluír que, en calquera caso, *midons* mantén «une sorte de révérence, de soumission et de respect» e que, de feito, *midons* e *domna*, ámbolos dous, «ont toujours conservé leur mystère voulu» axudando con elo ó trobador a ser «discret, comme l'exige la convention de l'amour courtois» (Cropp 1975: 37).

*Domna* é, pois, a fórmula habitual para se dirixir directamente á dama (función na que nunca se encontra *midons*), pero tamén é cicais a máis frecuente para falar dela a outros. Xa en latín, a *domina* era, basicamente, a esposa do *dominus*, é dicir, a «materfamilias», e, nunha acepción máis restrictiva, a dama pertencente á familia imperial; a poesía amorosa clásica usábaa (en concurrencia, sobre todo, con *puella*) para designa-la amada<sup>16</sup>. En latín medieval, a *dom(i)na* é a esposa do señor feudal, e tamén a forma de se dirixir a unha relixiosa (en especial, se se trata dunha monxa de orixe nobre), de xeito que o seu uso cortés posiblemente «ressort donc de l'emploi (...) comme appellation honorifique plutôt que de son emploi chez Ovide, etc., au sens de 'femme aimée, maitresse'. Dans ce cas, *ma domna* est plus proche de l'usage féodal que de la langue traditionnelle de l'amour en poésie» (Cropp 1975: 26)<sup>17</sup>.

No *Boeci* provenzal, a *domna* é a encarnación da Filosofía, unha dama «splendide et royale, source de justice et de bien, et digne d'être aimée» (Cropp 1975: 27). Na Canción de Santa Fe, é *domna* a emperatriz<sup>18</sup>. E, nos trobadores, aparece desde Guilhem de Peitieu, sola (normalmente como apóstrofe), con posesivo ou con epítetos cualitativos ou laudatorios<sup>19</sup>.

Para Cropp, *domina* indica «au départ le pouvoir de diriger et de commander qui, dans la société gallo-romaine, appartenait à la femme de rang supérieur. La courtoisie n'a fait que renouveler ce pouvoir dans un context neuf, unissant le concept social de la suzeraineté à la notion sentimentale de l'amour» (p. 28).

15 *Vid.*, especialmente, Cropp (1975: 35-37).

16 Para este resumo das acepcións e usos de *domina* e *domna*, *vid.* Cropp (1975: 24-29) e Lejeune (1959: 229-232).

17 Curiosamente, as formas empegadas polos poetas latinos da Idade Media para designa-la súa amada son outras: *puella* (como vimos, xa empregada polos clásicos), *virgo*, incluso *mulier*, e, se o poeta «était plus affectueux à l'égard de son amie» (Cropp 1975: 26) empregaba *amica* ou *cara*, *carissima*. *Domina* quedaba reservada, na poesía latina medieval, ós himnos dirixidos á Virxe («Pareille aux dames de la société romaine et de la société féodale, la Vierge appartient à une aristocratie toute particulière», Cropp 1975: 26).

18 Cropp (1975: 27) chama tamén a atención sobre a forma proclítica de *domna*, *Na*, empregada diante do nome dunha dama para indica-lo seu rango ou cualidade.

19 Esta é unha das ventaxas que presenta sobre *midons*, que non permite intercalar estes determinantes coa facilidade de *ma domna* (pódese dicir *ma bela domna*, pero non *\*mi-bels-dons*, por exemplo). Vese facilmente que os usos de *domna* «sont plus diversifiés que ceux de *midons*» (Cropp 1975: 29), voz ésta que expresa, sobre todo, 'respeto'.



2. De acordo co que acabamos de ver, o normal parecería que os trobadores galegos «traduciran» o (*ma*) *domna* provenzal por (*mha*) *dona*<sup>20</sup>, e, sen embargo, a situación é moi outra.

D’Heur examina as 725<sup>21</sup> cantigas de amor da tradición galego-portuguesa e establece nelas dous grandes apartados: a) cantigas dirixidas directamente á dama; e b) cantigas non dirixidas directamente á dama<sup>22</sup>. Esta división é importante para os nosos obxectivos en tanto que precisamente a «marca» que permite agrupa-las do primeiro tipo é a presenza dun apóstrofe á dama<sup>23</sup>, pero, dado que este traballo xa está feito, pareceunos conveniente prescindir aquí dela para abarcala conxunto das distintas denominacións da dama e intentar así encontra-las diferencias (se é que as hai) entre elas. Con tal fin, procedemos á recollida e clasificación dos datos aportados polas 266 cantigas de amor editadas por Nunes ([1932] 1972)<sup>24</sup> (é dicir, de pouco máis dun tercio do total).

No corpus analizado pódense rexistra-las seguintes formas de referirse á muller<sup>25</sup>:

*senhor*: 572 veces (ampliábelas ata 657 se contabilizamos tódolos casos de repetición nos refráns),

*dona*: 81 (94, no segundo caso),

*molher*: 18,

*moça*: 4 (máis, unha vez, *moçelinha*),

- 20 Vid. ó respecto, D’Heur (1975b: 302), que indica cómo esta realización «ne se trouve guère que chez le roi Denis — lequel ne méconnaît pas ceux qu’il appelle les Provençaux— et chez Estevam Fernandez d’Elvas. Leur époque nous éloigne sans doute de près d’un siècle des premiers échanges littéraires —protolittéraires, serait mieux dire— entre les Occitans et les Péninsulaires».
- 21 D’Heur da esa cifra na p. 259, aínda que logo (1975b: 265) xustifica adecuadamente a súa redución a 710; para Tavani (1986a: 108), que modifica parcialmente a clasificación, son só 704.
- 22 Vid. D’Heur (1975b: 267-302 para o estudo do primeiro tipo, 303-339 para o segundo).
- 23 Vid. Tavani (1986a: 108) e D’Heur (1975b: 271-290), onde se ofrece unha exposición pormenorizada dos tipos de apóstrofes utilizados e da situación que ocupan no interior das composicións e mesmo dos versos. Máis adiante, D’Heur (1975b: 299-301) refírese tamén ós casos de anáfora, pero esta forma de proceder implica que non se recollen tódalas ocorrencias dos apóstrofes, senón, en xeral, só as primeiras aparicións (ademais, claro, das anáforas xa mencionadas). Aínda que xa non sexa marca distintiva (a non ser parcialmente), D’Heur (1975b: 304-325) da conta tamén das formas empregadas para a designación da dama nas cantigas do segundo tipo que teñen carácter narrativo e están destinadas a un auditorio indeterminado, indicando asimesmo a súa posición no interior da composición.
- 24 Citamos sempre o número da composición e do verso no que se encontra a forma comentada. Por non afectar ós nosos intereses, respectamos as lecturas presentadas por Nunes e os nomes dos trobadores tal e como aparecen na súa edición.
- 25 Nos datos que a seguir se relacionan inclúense tódolos rexistros de ‘muller’, é dicir, non só os que se refíren estritamente á dama cantada polo trobador, senón tamén ó sexo feminino en sentido xenérico ou a outras mulleres diferentes da dama; e isto porque o estimamos conveniente para fixar mellor o contido preciso de cada ún dos termos. Dado que ese é o noso interese, non recollemos, en cambio, as formas perifrásticas relativas á dama que non conteñen ningunha designación directa da mesma.

*donzela*: 4,  
*amiga*: 1,  
*dama*: 1<sup>26</sup>.

Advirtase a clara preponderancia de *senhor* sobre calquera outra denominación, polo que imos comezar máis ben polas que están en clara desvantaxe.

- 2.1. Así, *dama* aparece nunha cantiga recollida por Nunes e atribuída ó rei Don Denis, que se ten xa demostrado que non corresponde nin a ese autor nin sequera a esa época<sup>27</sup>.
- 2.2. *Amiga*, pola súa parte, aparece —usada como apóstrofe e determinada polo cualificativo *nobre*— en Per'Eanes Marinho, nunha cantiga (170) que require a nosa atención de maneira especial: ábrese co apóstrofe *boa senhor* e contén tamén —xa na primeira estrofa— as designacións *dona* e *molher*:

*Boa ssenhor*, o que me foy miscrar  
vosco por certo ssube-vos mentir  
que outra *dona* punhei de sservir;  
de tal razom me vos venho salvar:  
(ca) s(e) eu a *molher* oge quero bem,  
se non a vós, quero morrer por em<sup>28</sup>  
(vv. 1-6)

Existe unha certa gradación nas denominacións: a dama amada é a *senhor* do trobador, mentres que a *dona* parece facer referencia a outra dama, posiblemente digna tamén de ser louvada, pero á que de ningunha maneira se ten el entregado, e *molher* pode tentar engloba-la totalidade dos seres do sexo feminino, entre os

26 Rexístranse tamén unha vez, empregados como apóstrofes, *meu amor* (en Per'Eanes Marinho, 170, 13) e *mui fremosa* (Pae Gomes Charinho, 122, 7).

27 *Vid.*, entre outros, Tavani (1988d: 317-349). Trátase dunha cantiga «narrativa» na que se reflexiona sobre a conveniencia de non desexar moito da persoa amada, porque  
(...); quen tal bem deseja  
o bem de ssa dama en muy pouco ten  
(100, 6-7)

O galicismo (a anomalía da súa presenza é destacada tamén por Tavani 1988d: 320) indica de forma case xenérica a dama de calquera trobador, porque, cando —na mesma composición— se refire a aquela que el canta, utiliza a fórmula *mha senhor*, que vén requirida pola declaración feita no verso anterior de se-lo seu vasalo:

Pois (d'ela) m'eu cham'e são servidor,  
gran retiçom seria, se mha senhor  
por meu ben ouvesse mal ou senrazon  
(100, 22-24).

28 Os dous últimos versos constitúen o refrán, que se repite, polo tanto, en tódalas estrofas.

que de ningún modo figura outro —a non ser, claro, *senhor*— que poida ser servido por quen así se expresa.

No lugar que nesta primeira estrofa viamos *boa senhor*, na segunda encontramos unha fórmula máis atrevida, polo que supón dunha maior familiaridade no trato (familiaridade que queda, de todos xeitos, un tanto neutralizada ou minorada polo adxectivo *nobre*):

E, *nobr(e) amiga*, poys vos sey amar  
de corazón, devedes rreceber  
aquesta salva que venho fazer  
(vv. 7-9)

A estrofa seguinte (e última da composición) vai aínda máis lonxe se cabe na ousadía do trobador ó dirixirse á dama (¿sérvelle de reforzo ás súas afirmacións, á súa declaración de entrega, á súa defensa contra os embustes dos «miscradores»?): o que era primeiro *boa senhor*, e logo *nobre amiga*, pasa agora a ser *meu amor* e *meu lume*:

E, *meu amor*, eu vos venho rogar  
que non creades nen hũu dizedor  
escontra min, *meu lum(e)* e *meu amor*<sup>29</sup>  
(vv. 13-15)

A composición remata coa tornada que servía de lema a este traballo:

Nen quis eu *dona* por *senhor* tomar  
senon vós, que amo e quero amar  
(vv. 19-20)

O que xa apuntábamos a partir da primeira estrofa vese aquí confirmado: o trobador podía ter elixido outra *dona* para se entregar a ela como o seu servidor, do mesmo xeito que calquera vasalo ó seu señor, pero escolleuna precisamente a ela e tomouna por *senhor*, é dicir, decidiu servila fielmente unido a ela polos lazos feudais, máis fortes que os do amor.

**2.3.** *Donzela* é utilizada nunha composición de Afonso Sanches e en dúas de Joham Ayras de Santiago. No primeiro caso, trátase dunha cantiga na que o trobador explica ós seus *amigos*<sup>30</sup> que en ningún modo é certo que

29 D'Heur (1975b: 284) reparou xa na orixinalidade destes apóstrofes: «ces trois traitements parallèles de la dame sont exceptionnels dans la lyrique amoureuse galicienne-portugaise. Il s'agit d'une création propre à Per'Eanes Marinho».

30 O apóstrofe aparece no interior do segundo verso da segunda estrofa.

Muytos me dizen que sservy doado  
hũa *donzela* que ey por senhor  
(9, 1-2)<sup>31</sup>.

porque disto non obtén máis que «muy grand'affam e deseje' e cuidado» (v. 7).

Esta *donzela* é, e dísenos moi claramente (non só aquí, senón tamén máis adiante, cando se refire a ela xa como *mha senhor*, v. 12) a *senhor* a quen o trovador «serve»<sup>32</sup> e podería interpretarse como unha declaración expresa de que a dama en cuestión é solteira, como parecen confirmar os usos que fai da mesma denominación Joham Ayras de Santiago, que establece unha contraposición entre *donas* e *donzelas*:

Vy eu *donas*, senhor, en cas d'el-rey,  
fremosas e que pareciam ben  
e vi *donzelas* muytas hu andey  
(176, 1-3)

Andey, senhor, Leon e Castela,  
depoys que m'eu d'esta terra quytey,  
e non foy y *dona*, nen *donzela*,  
que eu non vyss' e mays vos en direy  
(178, 1-4)

En ámbolos dous casos, Joham Ayras pon de relieve a fermosura e o mérito da súa *senhor*<sup>33</sup>, que destaca sobre cantas mulleres (casadas e solteiras) leva el vistas, tanto «en cas d'el rey» como por «Leon e Castela».

**2.4.** *Moça* rexístrase nunha composición de Joham de Guilhade (116), na que éste conta a un auditorio indeterminado cómo

Vy oj'eu *donas* mui ben parecer  
e de muy bon prez e de muy bon sen  
e muyt'amigas son de todo ben,  
mays d'ũa *moça* vos quero dizer:  
de parecer venceu quantas achou  
hũa *moça* que x'agora chegou.  
(vv. 1-6)<sup>34</sup>.

31 O artigo indeterminado é substituído lóxicamente (posto que a dama xa foi presentada) polo determinado a seguinte vez que se refire a ela (no v. 23).

32 Para a declaración de servizo feudal, *cfr.* vv. 1 e 14.

33 Son cantigas dirixidas directamente á dama. Na que leva o número 176, o apóstrofe *mha senhor* aparece no v. 4; na 178, é *senhor* o que se rexistra no interior do v. 5.

34 Os dous últimos versos constitúen o refrán, polo que se repiten do mesmo xeito nas outras dúas estrofas. O v. 4, que introduce ese refrán, ofrece unha especie de *variatio*, pois, na segunda estrofa, di

Nas tres estrofas de que consta a cantiga se desenrola a mesma idea: o trovador tiña visto donas «de muy bon prez e de muy bon sen», pero, onde elas estaban (?), chegou unha mociña que as supera a todas:

Que feramente as todas venceu  
a *moçelinha* en pouca sazon!  
de parecer todas vençudas son!  
(vv. 13-15)

*Moça* (e o seu diminutivo afectivo) supón unha individualización fronte ó colectivo *donas*, das que debe diferenciarse por algún trazo máis que polo seu mellor «parecer», pero ¿por cal? ¿por ser de menor idade? ¿por ser solteira, e as demais casadas? Poderían combinarse ambos factores, posto que cicáis esa *moça* era recén chegada porque acababa de alcanzar esa idade na que deixara de ser unha nena (e estaba solteira), pero, neste caso, ¿pode ser un sinónimo de *donzela* ou ten en común con esta o estado civil pero opónselle indicando unha idade máis tenra? O que non parece que poida deducirse do texto —aínda que non sería tampouco inviable— é que se establece algún tipo de oposición social no senso de designaren as *donas* unha situación máis elevada e a *moça* unha extracción de nivel inferior. Tal vez o máis acertado sexa supoñer, con Tavani (1986a: 132), que o uso de *moça* —que é a protagonista das cancións de muller, fronte á *donna* das cantigas de amor— para mostra-la figura feminina pola que o trovador mostra preferencia supoña unha evasión episódica (cara ó terreo do outro xénero amoroso) dos esquemas e tópicos tradicionais.

- 2.5. *Molher* encóntrase en catro cantigas de Don Denis, tres de Joham Ayras de Santiago, dúas de Roy Fernandiz, unha de Ayras Nunes, outra de Pedro Amigo de Sevilha e a xa comentada de Per'Eanes Marinho. Don Denis conta ós seus amigos:

Quix ben, amigos, e quer'e querrey  
hũa *molher* que me quis e quer mal  
e querrá, mays, non vos direy eu qual  
é a *molher*, mays tanto vos direy:  
quix ben e quer'e querrei *tal molher*,  
que me quis mal sempr'e querrá e quer  
(60, 1-6)

Salvo no refrán<sup>35</sup>, non volve aparecer nesta composición ningunha referencia á muller á que o rei declara amar sen presentarse como o seu vasalo nen precisar se

«mays, po(i)'la moça filhou seu loguar» e, na terceira, «mays, poy'la moça hi pareceu».

35 Dado que os dous últimos versos constitúen o refrán, repítense nas outras dúas estrofas de que consta a cantiga.

é *dona*, *donzela* ou *moça*, polo que non sabemos dela se é nova ou vella, solteira ou casada, nobre ou humilde, nen tan siquer se é «de bon parecer» ou ten «prez» e fremosura. É tan só unha muller escollida de entre as demais, que non quixo nen quere nen quererá ó trobador, pero a quen el quixo, quere e quererá, e da que nunca desvelará o nome. ¿Pode ser esta a razón de que empregue a forma cicáis menos marcada para referirse a ela, a fin de evita-la menor suposición posible por parte dos demais? O único que está disposto a declarar é que el ama e non é amado, polo que calquera indicación relativa ó obxecto do seu amor resulta irrelevante.

Similar utilización de *molher* reaparece en 92:

Amor fez a min amar,  
gram temp'á, hũa *molher*,  
que meu mal quis sempr'e quer  
e me quis e quer matar  
(vv. 1-4)

¿Trátase da mesma *molher* que na cantiga 60? Agora fala dela en pasado, pero mantense a constante do desamor da dama e acentúanse as consecuencias do mesmo:

Tal *molher* mi fez Amor  
amar que ben des enton  
non mi deu se coyta non  
(vv. 11-13)<sup>36</sup>.

Neste caso, a preocupación do trobador non é xa manter en secreto a persoalidade da dama, senón rogar a Deus que lle «ponha hy recado» (v. 10).

Nas cantigas 69 e 97, polo contrario, *molher* non está usada a título individual, senón xenérico:

Ca en *mha senhor* nunca Deus pôs mal,  
mays pôs hi prez e beldad'e loor  
e falar mui ben e riir melhor

36 Repítese a mesma idea nas estrofas restantes:

A min fez gram ben querer  
Amor hũa *molher* tal  
que sempre quis o meu mal  
e a que praz d'eu morrer  
(vv. 21-24)  
Amor fez a min gram ben  
querer *tal molher* ond'ei  
sempre mal e averey  
ca en tal coyta me ten  
que non ey força nen sen  
(vv. 31-35)

que outra *molher*; (...)

(69, 15-18)

que Deus fez en vós feytura  
qual non fez en *molher nada*

(97, 9-10)

A primeira destas dúas é unha cantiga «narrativa», na que o trovador indica a súa intención de facer «hun cantar d'amor» (v. 2) «en maneyra de proença» (v. 1) para «loar mha senhor» (v. 3), mentres que a segunda está dirixida directamente á dama. Nos dous casos, ésta é claramente *senhor* do trovador, quen ve nela unha suma tal de perfeccións como nunca vira en ningunha outra muller, de tal xeito que a utilización de *molher* parece te-la mesma aplicación que o que Joham Ayras de Santiago desglosaba en *donas e donzelas*. Aplicación, por outra parte, que debe de ser tamén a que lle dá o mesmo Joham Ayras de Santiago en 177<sup>37</sup>:

Non vi *molher*, des que naci,  
tan muyto guardada com'é  
*a mha senhor*, per boa fe

(vv. 1-3)

A *senhor* do trovador está moi «gardada» por mandato da súa nai (¿é, pois, solteira?), máis do que nunca el vira gardar muller algunha, pero elo non impide que o seu namorado servidor a leve no corazón.

*Molher* segue a designa-la especie feminina nas outras dúas composicións de Joham Ayras de Santiago. Na 185, o trovador diríxese á súa *senhor fremosa, de bon parecer* (v. 1) para declararlle que está a morrer porque ela non lle quere dicir nada,

pero non mundo non sey eu *molher*  
que tan ben diga o que dizer quer

(vv. 5-6)<sup>38</sup>.

En 191, as queixas proceden da falta de correspondencia de *mha senhor*, que é insensible ás súplicas do trovador para conqueri-lo seu amor<sup>39</sup>,

37 En casos coma estes, é o propio emprego do substantivo en singular sen artigo nen outro determinante algún o que mostra ese carácter xenérico.

38 Estes versos constitúen o refrán. O apóstrofe reaparece na segunda estrofa como *mha senhor fremosa* (v. 7). O contido da segunda e terceira estrofas é o mesmo: a dona non quere dicirle o que debe facer, a pesar de que o trovador non coñece outra muller no mundo que saiba dici-lo que quere dicir tan ben como ela. A tornada recolle unha interrogación retórica:

E, poys non fala quen ben diz que quer,  
como falará ben quen non souber?

(vv. 19-20)

39 Pese a referirse a ela como *mha senhor* (v. 1), nesta cantiga (dirixida a un auditorio indeterminado) o trovador non adopta precisamente a actitude propia dun 'servidor', posto que di claramente no v. 2

ca nunca vi molher mays sen amor

(v. 6)<sup>40</sup>

A cantiga de Ayras Nunes reflicte unha situación parecida á que vimos na 185 de Joham Ayras: a *senhor*<sup>41</sup> do trobador é a que mellor fala de cantas coñece, pero non con el. Neste caso, el mesmo tivo ocasión de comprobalo mentres «falava en al» (v. 8) con ela, de tal xeito que

eu nunca *molher* tan ben vi falar

(143, 9)

pero, tan pronto como lle manifestou o gran amor que lle tiña, ela «foy sanhuda» (vv. 5, 12) e non quixo saber máis del.

Roy Fernandiz reconece ante súa *senhor*<sup>42</sup> que fai mal en «osmar» de querela ben, pero o bon parecer dela non lle permite facer outra cousa, se ben

Assaz entendo eu que d'ir  
começar con *atal molher*  
como vós non m'era mester

(155, 8-10)

A *senhor* é, pois, *molher*, se ben non unha muller calquera, senón alguén con cualidades (o seu bon parecer, sobre todo) que a sitúan nunha posición de superioridade que leva ó trobador a pensar na osadía de pretendela.

Na cantiga 162, Roy Fernandiz síntese máis prendado da súa dona cada vez que a ve. Neste caso, non se utiliza nunca a denominación de *senhor*, e *molher* está usado como sinónimo de *dona*, que aparece na primeira estrofa:

A *dona* que eu quero ben  
tal sabor ey de a veer  
que non sabería dizer  
camanh'e (...)

(vv. 1-4)

Non aparece ningunha outra designación nominal (só pronominal) ata a cuarta, e última, estrofa, onde esa *donna* xa presentada como a que o trobador quere ben, é actualizada mediante un demostrativo, pero variando o termo de referencia:

que «punhey sempre do seu amor gãar», un amor que lle foi «demandar» (vv. 5, 8), se ben suaviza esa exigencia nos vv. 10-11:

mays, se cent'anos for seu servidor,  
nunca lh'eu já amor demandarey.

40 Repítese como v. 12, por se-lo refrán.

41 Fala dela en terceira persoa, designándoa como *mha senhor* (v. 1).

42 O apóstrofe *senhor* aparece xa no interior do primeiro verso, repítese no comezo do primeiro verso da terceira estrofa, e retómase no interior dos dous últimos versos do refrán (que consta de tres versos).



Esto soo non é d'oyr,  
que eu ja sempr'esta *molher*  
non veja, cada que poder.  
(vv. 19-21)

A mesma sinonimia *dona-molher* aparece en Pedro Amigo de Sevilla (234): Deus —a quen vai dirixida a composición— fixo que o trobador amara unha muller que non o acepta por servidor<sup>43</sup>, o que lle produce gran coita, polo que pide ó Señor que

(...), se vos en prazer for,  
que mh-a façades aver por *senhor*  
(vv. 5-6 —refrán—)

*Molher* aparece no segundo verso, para presenta-lo obxecto dese amor:

Meu senhor Deus, poys me tan muyt'amar  
fezestes quan muyt'am(o) hũa *molher*  
(vv. 1-2)

Prodúcese despois un encabalgamento entre o último verso desta estrofa e o primeiro do seguinte<sup>44</sup>, que permite repeti-la referencia á dama, pero utilizando agora a forma *dona*<sup>45</sup>:

que mh-a façades *aver por senhor*  
*esta dona*, que mi faz muyto mal  
(vv. 6-7)

- 2.6. Do visto ata aquí, parece deducirse que, mentres *amiga*, *donzela* e cicáis *moça* son denominacións «marcadas» semánticamente, *molher* non ten outro obxectivo que designar un ser (ou conxunto de seres) do sexo feminino, sen connotacións especiais aparentes. Con *dona*, en cambio, non podemos estar seguros; acabamos de ver contextos nos que aparece empregada como sinónimo de *molher*, pero tamén outros onde *molher*, como especie, parece ser igual á suma de *donas* + *donzelas*, polo que non estará de máis revisa-lo conxunto de usos desta forma.

Podemos deixar a un lado a utilización de *dona* como apelativo, que non rexistramos máis que nunha cantiga de Pero Vyvyaez, onde proclama que:

a que parece melhor  
de quantas Nostro Senhor

43 «Por que non quis, nen quer que seja *seu / home*, senhor, mais gran coyta mi deu» (vv. 8-9).

44 Encabalgamento que xa non volve a repetirse, pois o refrán remata en pausa nas restantes estrofas.

45 É dicir, á inversa do que comentábamos a propósito de 162.

Deus fez é *dona Johanna*

(21, 5-7)<sup>46</sup>.

Unha das primeiras constatacións que chaman a nosa atención é a case nula aparición como apóstrofe<sup>47</sup>, frente ó comentado para o *domna* provenzal, pois non se encontra nesa función máis que nunha composición de Don Denis e noutra de Estevam Fernández d’Elvas. No primeiro caso, está determinada polo posesivo (á maneira do máis frecuente *senhor*), e forma parte do refrán «eu, mha dona» (45, vv. 4, 8, 12) que conclúe cada unha das estrofas nas que o trovador quere facer saber á dama que hai un home que morre por ela<sup>48</sup>. No segundo, *dona* (cualificada de *boa*), funciona como primeira referencia á *senhor* do trovador, quen non pode menos que falar con ela «ca non vy senhor / que semelhe, como vós, mha senhor» (refrán), por ser «mui fremosa» (v. 4)<sup>49</sup>, chea de «bondad’e bon prez» (v. 8), «sobre todas en ben parecer» (v. 13), «e en ssem» (v. 14), «e mesura e en todo o outro ben» (v. 15):

Ay *boa dona*, sse Deus vos perdom,  
que vos non pês do que vos en direy:  
eu viv’en coita, ca *tal senhor* ey,

(105, 1-3)

Non cabe dúbida de que esa *dona*, da que Estevam Fernández quere capta-la benevolencia co adxectivo *boa*, é —ou el quere que sexa— a *senhor* do trovador.

A dama que o trovador toma por *senhor* é *hũa dona*<sup>50</sup> que sobresa sobre as *outras donas*<sup>51</sup>, sobre *quantas donas*<sup>52</sup> hai no mundo. A *dona*<sup>53</sup> en cuestión (*aqu*)esta

46 Os vv. 20 e 33, que —igual que o v. 7— introducen o refrán de seis versos, repiten «esta he dona Johanna».

47 Vid. D’Heur (1975b: 284-285).

48 Ó final do primeiro verso da cantiga, aparece como apóstrofe indicativo do destinatario da composición «a ben talhada». Non se advirte en cambio a presenza de *senhor* nen do servizo amoroso. ¿Non quere Don Denis, polo momento (como fai en tantas outras das súas composicións), entregarse á dama tomándoa por *senhor* e por eso elude conscientemente o emprego do termo? ¿Ou é algo totalmente ocasional? Mesmo podería tratarse dunha variante estilística buscada conscientemente por el. Non deixa de ser significativo o feito de que esta sexa a única cantiga na que Don Denis usa *dona*, porque o normal, e non só como apóstrofe, é que utilice *senhor* (véxanse en 2.5. os casos nos que emprega *molher*).

49 Cfr. tamén vv. 8 e 14.

50 2, 3 (Joan Lobeyra); 20, 1 (Pero Vyvyaez); 101, 3; 104, 3 (O Conde D. Pedro de Portugal); 107, 4 (Estevam Fernandez d’Elvas); 113, 4 (Estevam da Guarda); 119, 1 (Pae Gomes Charinho); 131, 2 (Dom Joham Meendiz de Besteyros); 142, 2 (Ayras Nunes); 233, 3 (Pedro Amigo de Sevilha); 246, 9 (Galisteo Fernandes); 265, 2 (Vidal).

51 226, 4 e 10 (Pero d’Armea).

52 106, 8 (Estevam Fernandez d’Elvas); 178, 5 e 7 (Joham Ayras de Santiago); 192, 15; 195, 14 (Ayras Engeytado); 232, 4 (Pedro Amigo de Sevilha).

53 7, 26 (Affonso Fernandez); 26, 21 (Affonso de Castella e León); 141, 13 (Ayras Nunes); 162, 1 (Roy Fernandez); 179, 6 (Joam Ayras de Santiago); 210, 1 (Bernal de Bonaval); 230, 18 (Pero d’Armea); 231, 1 (Pedro Amigo de Sevilha).

*dona*<sup>54</sup> — moitos quixeran saber *qual dona*<sup>55</sup>, pero é preciso mante-lo secreto— presentada polo trobador é, lóxicamente, a que el ama<sup>56</sup> e quere ben<sup>57</sup>, por ser *hua dona tal*<sup>58</sup>, *tan fremosa*<sup>59</sup>, *a melhor dona*<sup>60</sup> e *de melhor sen e mais ffremosa que Deus fez nacer*<sup>61</sup>.

Por outra parte, e como xa vimos outras veces, *dona* pode estar tomado en sentido xenérico, tanto se se emprega en singular (sen artículo nen outro modificador)<sup>62</sup> como en plural (determinado ou non):

Vy oj'eu *donas* mui ben parecer  
(Joham de Guilhade, 116, 1)<sup>63</sup>.

vedes porque quand'ant'*as donas* vam,  
juram que morrem por elas d'amor<sup>64</sup>.  
(Joham Baveca, 244, 3)

(...) e fez-vos vencer  
toda'las donas e fez-vos melhor  
dona do mund(o) e de melhor sen  
(Pero d'Armea, 226, 11)

2.7. *Senhor* funciona como apóstrofe en 248 ocasións sen determinante algún, e en 100 casos máis precedido do posesivo *mha*<sup>65</sup>; sintagmas menos frecuentes son: *fremo-*

54 2, 13 (Joan Lobeyra); 113, 17 (Estevam da Guarda); 146, 18 (Martim Moxa); 166, 6 (Roy Fernandiz); 222, 3 (Pero d'Armea); 232, 17, 23 e 27; 235, 9, 20; 233, 6, 7 (Pero Amigo de Sevilha); 264, 9 (Joham de Gaya).

55 227, 9 e 15 (Pero d'Armea); 157, 13 (Roy Fernandiz).

56 Por ex., 150, 23 (Martim Moxa).

57 227, 3 (Pero d'Armea).

58 113, 12 (Estevam da Guarda).

59 230, 5 (Pero d'Armea). Tamén Pero d'Armea a considera *dona tan fremosa* (231, 21) e *a mays fremosa dona que ssey* (231, 34).

60 25, 6 (Affonso de Castella e León). O Conde D. Pedro de Portugal considéraa (104, 5) *das donas a melhor*. Para Pae Gomes Charinho é *a melhor dona do mundo* (117, 17; 121, 23), igual que para Pero d'Armea (226, 5), quen di tamén que é *a melhor dona de quantas vi* (230, 23), como Joham de Gaya *a melhor dona que eu nunca vi* (264, 21).

61 167, 8 (Pero Goterrez).

62 O sentido xenérico está atenuado en 104, vv. 4, 10, 16, onde D. Pedro de Portugal morre *por dona* (a causa dunha muller, pero sen especificar de cal). Ou en 149, 16, na que Martim Moxa expresa:  
e direy-vos como lh'aven  
a quen *dona* mui gram ben quer.

63 *Vid.* tamén, entre outros, 167, 11 (Pero Goterrez), e 214, 1 (Bernal de Bonaval).

64 Tamén Joham de Guilhade, 116, 8.

65 Según D'Heur (1975b: 286), en 333 das 338 cantigas dirixidas á dama aparece como indicativo un apóstrofe que ten como núcleo *senhor*.

*sa mha senhor* (9 rexistros) / *mha senhor fremosa* (5)<sup>66</sup>, *senhor fremosa* (26) / *fremosa senhor* (1), *senhor ben talhada* (Don Denis, 97, 6; 99, 4), *senhor do (ou d'este) meu coração*. Unha soa vez aparecen: *boa senhor*<sup>67</sup>, *mha senhor de bon ssem*<sup>68</sup>, *mha senhor e meu ben* (Affonso Fernández, 7, 27), *mha senhor e quanto ben ey* (Don Denis, 43, 16), *Senhor fremosa e do mui louçao coração* (Don Denis, 62, 1), *senhor fremosa, de bon parecer* (Joham Ayras de Santiago, 185, 1), *senhor genta* (Joan Lobeyra, 1, 1)<sup>69</sup>, *senhor, a que el non fez par* (Don Denis, 64, 6): e algunhas tan extensas como a seguinte:

Par Deus, senhor e meu lum'e meu ben  
e mhas coytas e meu mui grand'affam  
e meus cuydados, que mi coytas dan,  
por mesura dize-de-m'ũa ren  
(Pae Gomez Charinho, 122, 1-4)<sup>70</sup>.

Expresión deste tipo poden aparecer tamén noutras funcións; así, por exemplo, temos en Pero Vyvyaez:

*A senhor do melhor prez*  
de quantas Deus nunca fez,  
esta he dona Johanna  
(21, 18)

ou tamén:

quand'eu non podia veer  
*a senhor do meu coração*  
(Roy Fernandez, 159, 2)

e tras-me muy coitado  
*mha senhor do bom parecer*  
*e do cos ben talhado*  
(Vidal, 266, 3)

66 En función distinta de apóstrofe, podemos encontrar estas mesmas expresións en Roy Fernandez («pero que perdía o sen / pola fremosa mha senhor», 159, 7-8), Affonso Sanches («(...) e tal tempo veerrá / que mha senhor fremosa morrerá», 14, 6); Don Denis («e ssey eu mui ben no meu coração / o que mha senhor fremosa fará», 59, 8).

67 En Per'Eanes Marinho (170, 1). Cfr. o *boa dona*, xa comentado, de Don Denis.

68 Esta fórmula de Afonso Sanches (15, 12) é retomada máis tarde, xa non como apóstrofe, por Vidal (266, 15).

69 Se non é unha interpolación tardía; *vid.* ó respecto Tavani (1986a: 112, especialmente n. 137).

70 Na mesma composición, a segunda estrofa ábrea o apóstrofe «mui fremosa» e a terceira:  
Muy fremosa, muyt'aposta senhor,  
sempre mui mansa e de boa razon  
(vv. 13-14)

Couseçen min os que amor non ham  
e non cosecem sy, vedes qu'ê mal,  
ca trob'e canto por *senhor* de pram,  
que de beldades quantas eu sey val  
e de todo ben sen dultança

(Ayras Nunes, 138, 19-23)

Gradesco-vos que mi destes *senhor*  
*fremos(a) e de todo ben sabedor*

(Martim Moxa, 146, 9-10)

Tamén, como *dona, senhor* pode ir determinada por *(a)tal (... que / qual)*<sup>71</sup> para acentua-las cualidades que posúe.

*Mha senhor* pode aparecer en calquera outra función (subxecto e CD con certa frecuencia), ademáis de como apóstrofe<sup>72</sup>. *Senhor*, determinada por un artigo, demostrativo ou indefinido, pode atoparse en contadas ocasións como subxecto ou complemento; moito máis raramente se rexistra o uso de *senhor* sen determinante algún en función distinta de apóstrofe, como na cantiga dialogada de Joan Lobeyra:

—Quem ben serve *senhor* sofre gran mal  
e grand(e) affam e mil coitas sen par,  
(6, 8-9),

onde ven xustificado pola mesma indeterminación do subxecto ('calquera que sirva a calquera dama'), ou nunha do conde D. Pedro de Portugal na que relata cómo, despois de perde-la dama que tanto amou, non pensou ter xa outro amor, ata que Deus lle deu unha nova *senhor*:

mays ora já mi guisou Deus assy  
que, hu perdi tan gram ben de *senhor*,  
cobrey d'atender outro muy melhor  
en todo bem de quantos outros vi  
(103, 4-7)

Nalgúns casos, a determinación ven dada por unha oración de relativo especificativo, como no refrán dunha cantiga de Estevam Fernandiz d'Elvas (a que noutro momento vimos, xa que abre co apóstrofe *Ay boa dona*):

71 208, 2 e 214, 15 e 19 (Bernal de Bonaval); 145, 16 e 150, 8 (Martim Moxa); 103, 11 (D. Pedro de Portugal); 105, 3 (Estevam Fernandez d'Elvas); 138, 1 (Ayras Nunes); 190, 15 (Joham Ayras de Santiago); 205, 3 (Pedro de Veer).

72 Por suposto, cando se fala da *senhor* de outro, ou da propia, pero distanciándoa coa terceira persoa, aparece *sa senhor*, que, como é lóxico, non se atopa nunca como apóstrofe.

(...), e pux no coraçõn  
que fale vosco, ca non vy *senhor*  
*que* semelhe, como vós, mha senhor  
(105, 4-6),

ou naquela outra en que Affonso Paez de Bragaa pide á súa dama que acepte o seu amor:

e, mha senhor, por Deus rrogar-vos-ey,  
come *senhor que* am'e que sservi,  
que vos non pês d'en vós cuidar (...)  
(129, 7-9)

Non é, en cambio, extraño atopar *senhor* como predicado nominal, como aparece no refrán dunha cantiga de Galisteo Fernandes, que, ás preguntas dos seus amigos sobre a identidade da súa dama, responde simplemente:

é mha senhor e parece mui ben,  
mays non é *senhor de mi fazer ben*  
(247, 5-6),

ou, máis ben, como complemento predicativo (recollemos tódolos casos rexistrados por estimalos de gran interés para o noso comentario):

Muytos me dizen que sservy doado  
*de todo bem e de mui gram valor*;  
e com tod' esto é mui comunal  
ali u deve; er deu-lhi *bom sem*,  
e desi nom lhi fez pouco de bem  
quando *nom quis que lh' outra foss' igual*.

[Car Dieu, quand Il la créa, a voulu faire ma dame de telle sorte qu'Il lui donna la connaissance de tout bien et de toute perfection, et en outre, elle est très simple quand cela convient; Il lui a donné en plus le bon sens et, depuis, Il ne lui a pas fait peu de bien en ne voulant pas qu'une autre l'égale.]

Ca em mha senhor nunca Deus pos mal,  
mais pos i *prez e beldad' e loor*  
*e falar mui bem, e riir melhor*  
que outra molher; desi é *leal*  
muit', e por esto nom sei oj' eu quem  
possa combridamente no seu bem  
falar, ca nom a, tra-lo seu bem, al.

[En effet, Dieu n'a jamais placé de défaut en ma dame, au contraire, il y a mis mérite, beauté, bonne réputation, belle éloquence, sourire plus beau que celui des autres femmes; elle est en outre très loyale, aussi je ne sais pas qui pourrait aujourd'hui énumérer toutes ses qualités, car il n'est rien qui surpasse ses qualités.]

(Tavani 1967a, 25,99)

Ce roi portugais, petit-fils d'Alphonse x, et par conséquent descendant de Guilhem de Peitieux, s'était marié avec une descendante de Frédéric II de Sicile. A sa cour, on avait adopté la langue et la poésie occitanes que l'on cultivait avec zèle, peut-être parce qu'il réunissait en sa personne l'héritage par le sang ou par le mariage, de plusieurs cours illustres où cultiver la poésie était un signe de prestige. Dans cet héritage, il faut souligner les conséquences culturelles du séjour de son père, Alphonse III, dans les cours du roi de France et du comte de Boulogne, au contact des trouvères et d'autres productions littéraires<sup>38</sup>.

Don Denis fait étalage de ses connaissances, égrenant dans ses compositions de multiples éléments qui suggèrent la *fin'amor*; outre ceux que nous avons déjà ci-

38 «... a língua e a poesia d'oc eram adoptadas e cultivadas com fervor... reunii na sua pessoa a herança, por consanguinidade ou por vínculo matrimonial, de várias cortes iluminadas em que o cultivo da poesia constituía sinal de prestígio. E nesta herança será obrigatório destacar os efeitos culturais de permanência de Alfonso III [son père] na corte do rei de França e no condado de Bolonha, em contacto com trovadores de lingua d'oïl e com outras manifestações literarias» (Gonçalves 1993b: 206).

tés, nous pouvons mentionner l'emploi de l'apostrophe *senher* dans une *cantiga de amigo* (Tavani 1967a, 25,138), la référence aux *flors d'albespi*, adaptées en *flores do verde pino*<sup>39</sup> (« —Ai flores, ai, flores do verde p̄io, / se sabedes novas do meu amigo? / ai, Deus, e u é?»; Tavani 1967a, 25,2, str. 1), l'évocation de *l'alba*, employée en qualité de *mot-refranh* dans une *cantiga de amigo*:

Levantou-s' a velida,  
levantou-s' alva  
e vai lavar camisas  
eno alto:  
vai-las lavar alva.

(...)

(Tavani 1967a, 25,43, str. 1)

Il recourt aussi au motif des oiseaux qui parlent en faisant dialoguer une *pastor* avec un *papagai*<sup>40</sup> complice, allusion peut-être aux *Novas del papagai* d'Arnaut de Carcassés:

Ua pastor ben talhada  
cuidava en seu amigo  
e estava, ben vos digo,  
per quant' eu vi, mui coitada,  
e diss': «Oimais non é nada  
de fiar per namorado  
nunca molher namorada,  
poisque mi o meu a errado.»

[Une bergère bien faite pensait à son ami et éprouvait, je vous l'assure, à ce que je vis, les tourments de l'amour; elle disait: «Désormais, il ne faut plus qu'une amoureuse fasse confiance à un amoureux, puisque le mien m'a trompée.»]

Ela tragia na mão  
um papagai mui fremoso,  
cantando mui saboroso,  
ca entrava o verão,  
e diss': «Amigo loução,  
que faria per amores,

39 Roncaglia (1984) montre qu'ils peuvent être «fruto de una reinterpretacion paraetimológica de uno de los versos de la famosa cansó *Lanqand li jorn son lonc en mai* de Jaufré Rudel, que en uno de los manuscritos que la ha transmitido, concretamente en el *Chansonnier d'Urfé*, ofrece la variante *flors dels bels pis por flors d'albespis*» (vid. Lorenzo Gradín 1991: 122).

40 Vid., entre autres, Stegagno Picchio (1975).

pois m'errastes tan en vão?»  
E caeu antr'úas flores.

[Elle portait sur son poing un très beau perroquet qui chantait très agréablement, car c'était le début du printemps; elle disait: «Bel ami, à quoi bon faire si inutilement quelque chose pour l'amour, puisque vous m'avez trompée?» et elle tomba parmi les fleurs.]

Ua gran peça do dia  
jouv'ali, que non falava,  
e a vezes acordava,  
e a vezes esmorecia,  
e diss' «Ai santa Maria,  
que sera de min agora?»  
E o papagai dizia:  
«Bem, por quant' eu sei, senhora.»

[Elle y resta couchée, sans parler, une grande partie du jour; parfois elle revenait à elle, parfois elle s'évanouissait; et elle disait: «Ah, sainte Marie, que va-t-il advenir de moi?» et le perroquet disait «Du bien, pour autant que je sache, Madame.»]

«Se me queres dar guarida»  
diss' a pastor, «di verdade,  
papagai, por caridade,  
ca morte m' é esta vida».

Diss' el: «Senhor [mui] comprida  
de ben, e non vos queixedes,  
ca o que vos á servida  
erged' olho e vee-lo-edes.»

[«Si tu veux me guérir, dit la bergère, dis-moi la vérité, perroquet, par charité, car pour moi cette vie est morte.» Il disait: «Dame, aux qualités parfaites, cessez vos plaintes; levez les yeux et vous verrez celui qui vous a servie.»]

(Tavani 1967a, 25,128).

En effet, la poésie qu'a laissée Don Denis représente une condensation, une récapitulation et une synthèse de la tradition poétique dans laquelle il s'est formé, en même temps qu'une confrontation créatrice avec les textes qu'il «cite» ou auxquels il a fait allusion<sup>41</sup>. Mais il n'est pas seul à présenter des traits caractéris-

41 «Deixou na sua poesia uma condensação, recapitulação e síntese da tradição poética em que se formou e, ao mesmo tempo, uma espécie de confronto criativo com os textos que "cita" ou aos quais "alude"» (Gonçalves 1993b: 210). Outre le superbe résumé que représente l'article consacré par Gonçalves à Don Denis dans le *DLMGP* (avec son ample bibliographie), *vid.* Gonçalves (1991b, 1992, 1993a).



tiques de la *fin'amor*, car, dès les troubadours de la première génération, on rencontre des allusions et des références explicites (qui, dans quelques cas, sont en même temps des emprunts lexicaux) à propos de la louange de la *dona*<sup>42</sup> et de sa description plus ou moins stéréotypée, de la *mesura*<sup>43</sup>, de la *merce*, du *galardon* (*gazardon*), du *prez*, de la *valor* et du *sen*<sup>44</sup>, du *service* amoureux<sup>45</sup>, du secret, de la souffrance causée par l'absence ou le dédain de la dame...; mais, sans aucun doute, il reste encore à faire une étude d'ensemble comparable à celles de Lazar ou de Cropp.

Le grand-père de Don Denis, Alphonse X, fait référence à la manière de *trobar* des Provençaux dans la critique ironique qu'il adresse à Pero da Ponte<sup>46</sup>:

Pero da Ponte, pare-vos en mal  
per ante o Demo do fogo infernal,  
por que con Deus, o padre spirital,  
minguar quisestes, mal per descreestes.

E ben vej' ora que *trobar vos fal*,  
pois vós tan louca razon cometestes.

[Pero da Ponte, soyez maudit, devant le Démon du feu d'enfer, parce que vous avez voulu vous jouer de Dieu, le père éternel, vous avez eu tort d'être mécréant envers Lui. Et je vois bien maintenant que vous n'êtes plus capable de composer, puisque vous vous êtes engagé sur un sujet si fou.]

E pois razon [a]tan descomunal  
fostes filhar, e que tan pouco val,  
pesar-mi-á en, se vos pois a ben sal  
ante o Diaboo, a que obedecestes.

E ben vej' ora que trobar vos fal,  
pois vós tan louca razon cometestes.

[Et puisque vous vous êtes lancé dans un sujet aussi extravagant, et qui a si peu de valeur, je le regretterai si vous en tirez avantage auprès du Diable à qui vous avez obéi. Et...]

*Vós non trobades come proençal,*  
mais come Bernardo de Bonaval;

42 Vid. Brea (1989), Sánchez Trigo (1991), et Corral Díaz (1993). L'inversion du topique est analysée en détail par Rodríguez (1993).

43 À propos de tous ces aspects, voir Mussons (1991b).

44 Il n'y a pas, par contre, de références explicites aux concepts de *joven* et de *largueza*.

45 Pichel (1987) expose une immense quantité de données.

46 Pour une interprétation récente de cette *cantiga*, voir Beltrán (1986b). Et, naturellement, le travail classique de Pellegrini (1961).

*por ende non é trobar natural,*  
pois que o del e do Dem' aprendestes.  
E ben vej' ora que trobar vos fal,  
pois vós tan louca razon cometestes.

[Vous ne composez pas comme un Provençal, mais bien comme Bernardo de Bonaval; aussi ce n'est pas là de la composition parfaite, puisque vous l'avez apprise de lui et du Démon. Et...]

E poren, Don Pedr' en Vila Real,  
en mao ponto vós tanto bevestes.

[Aussi, Don Pedro, vous avez eu tort de boire autant à Vila Real.]  
(Tavani 1967a, 18,34)

En ce qui concerne les aspects formels, l'école galicienne-portugaise ignore les expériences extrêmes comme la sextine, sans pour autant dédaigner des artifices qui suivent un chemin quelque peu différent (basés sur la *repetitio*, la structure parallèle ou le *leixa-pren*). Il lui arrive parfois de se servir de moyens que les auteurs occitans ont déjà expérimentés (les *coblas capcaudadas* et *capfinidas*, le *mot-refranh*, l'*equivocatio*...) et même de schémas métriques précis<sup>47</sup>, que l'on peut découvrir en comparant les répertoires métriques de Frank (1966) et de Tavani.

Le chansonnier de la Bibliothèque Nationale de Lisbonne nous a transmis un texte (n.° 454) attribué au noble Garcia Mendez d'Eixo, qui semble, pour autant que son état permette d'en juger, être écrit en occitan (*Ala u nazque la Torona*; Tavani 1967a, 53,1), et où Anna Ferrari (1984: 52) trouve des échos de Bernart de Ventadorn<sup>48</sup>. Son fils, Fernan Garcia Esgaravunha emploie la langue d'oïl pour inclure dans l'une de ses *cantigas de amor* un refrain qui fait explicitement référence à la relation de vassalité sur laquelle repose en partie la *fin'amor*:

ar sachatz veroyamen  
que ie soy votr' ome lige.

[Sachez en vérité que je suis votre homme-lige.]  
(Tavani 1967a, 43,10)<sup>49</sup>

Quel que soit l'auteur de ces vers, il est clair qu'ils fonctionnent comme *versus cum auctoritate*, comme une «citation» qui tente d'élever le poème en l'insérant dans une orbite prestigieuse comme celle du code troubadouresque de la *fin'amor*. Le clerc Airas Nunez s'est particulièrement distingué dans le recours à cette res-

47 En ce sens, l'analyse précise de Canettieri–Pulsoni (1995), le démontre très bien.

48 Vid. aussi D'Heur (1973: 93-104).

49 Vid. D'Heur (1973: 105-114) ; Spampinato Beretta (1987).

source en construisant une *cantiga de amor*<sup>50</sup> très recherchée, où chaque strophe contient, en guise de refrain, un groupe de vers différents par la mesure, le rythme, le contenu<sup>51</sup>, mais aussi par la langue, car, en employant l'occitan<sup>52</sup>, il montre de la façon la plus claire à quel niveau il avait poussé tant l'assimilation des concepts qui soutiennent cette conception de l'amour que celle des termes qui l'expriment:

Vy eu, senhor, vosso bon parecer  
por mal de min e d'estes olhos meus  
e non quis poys mha ventura, nen Deus,  
nen vos que podess' eu coita perder,  
e, poys me vos non queredes valer  
*breu crey que sera ma vida,  
gentil dona, poys no-us vey,  
tan vos ay d'amor cobida.*

[J'i vu, Madame, votre beauté pour mon malheur et celui de mes yeux et, ensuite, ni ma destinée, ni Dieu, ni vous-même n'avez voulu que je perde mes tourments amoureux et puisque vous refusez de me secourir, je *crois que ma vie sera brève, noble dame, car je ne vous vois pas, tant je vous ai désirée d'amour.*]

Des que o vosso bon parecer vi,  
nunca pois.....  
.....  
.....

*Bella, dolça rens,  
Deus preu que vos praya,  
s'us prendatz merces  
de mi, que joy aya.*

[Depuis que j'ai vu votre beauté, jamais plus... *Bel et doux être, je prie Dieu qu'il vous prie de me prendre en pitié, afin que je possède la joie.*]

Assi me ten en poder voss' amor  
que sempre cuid' en como poderey  
vosso ben aver, que non averey,  
mal pecado, enquant' eu vivo for:  
mais end' ey eu conort' e sabo[r].  
*Gentil dona, tan m'etz cara*

50 Vid. Ron Fernández (1996).

51 Vid. Tavani (1992: 106-111).

52 Ces vers n'ont pas encore été identifiés, ce qui nous permet de penser, avec toute probabilité, qu'ils représentent une récréation partielle de A. Nunez.

*que agaita mon vezi  
quan veiray la vostra cara.*

[Votre amour me domine si bien que je me demande sans cesse comment posséder vos biens que je n'aurai jamais, malheureux que je suis, aussi longtemps que je vivrai; cependant j'en tire réconfort et plaisir. *Noble Dame, vous m'êtes si chère que..., quand je verrai votre visage.*]

E d'amores tu m'ampara  
lo gran sabor de servir  
que ay, se non lo m' el matara.

[Et toi, protège le grand plaisir que je prends au service d'amour, s'il ne me le tue pas.]

(Tavani 1967a, 14,15)

Avec cette revue rapide, nous n'avons prétendu à rien d'autre qu'à montrer, avec un pinceau impressionniste, quelle a été la réception par les troubadours galiciens-portugais de cette convention poétique si fructueuse, créée par les troubadours occitans, que l'on connaît sous le nom de *fin'amor*. Il est évident que nous nous sommes limitée à suggérer, à insinuer, beaucoup plus qu'à démontrer une chose qui a encore besoin d'être étudiée en profondeur.

De toute façon, nous ne voulons pas terminer sans nous référer à un trait original de cette lyrique péninsulaire, qui montre, d'une manière beaucoup plus nette, le degré auquel ces auteurs avaient été capables de s'approprier des éléments configurateurs du code. Quelques troubadours utilisent ce genre autonome qu'est la *cantiga de amigo* pour adopter une voix féminine qui semble beaucoup plus proche de celle des *trobairitz* que de celle des demoiselles amoureuses qui pleurent l'absence de l'ami dans la *cantiga* traditionnelle. Ainsi, le troubadour se répond à lui-même par la voix de la dame dans une série de compositions dont nous ne reproduisons qu'un exemple emprunté à l'un des troubadours les plus «provençalisans» (il utilise aussi, dans d'autres textes, les motifs de l'*alba* ou de la pastourelle, par exemple), Joan Airas de Santiago<sup>53</sup>:

Vai meu amigo con el-rei morar  
e non mi-o disse, nen lh[o] outorguei  
e faz mal sen de mi faz [er] pesar,  
mais eu perça bon parecer que ei,  
se nunca lh' el-rei tanto ben fezer  
quanto lh'eu farei, quando mi quiser.

53 Voir Rodríguez (1980).

[Mon ami s'en va demeurer auprès du roi; il ne me l'a pas dit; je ne lui en ai pas donné la permission; il a tort de me causer du chagrin, mais que je perde ma beauté si le roi lui fait jamais autant de bien que je lui en ferais s'il m'aimait.]

E quer [el] muito con el-rei viver  
e mia sanha non a ten [el] en ren  
e el-rei pode quanto quer poder,  
ma[i] s mal mi venha onde ven o ben,  
se nunca lh' el-rei tanto ben fezer  
quanto lh' eu farei, quando mi quiser.

[Il a grand désir de vivre auprès du roi et ne fait aucun cas de mon mécontentement; le roi peut avoir tout le pouvoir qu'il veut, mais que me vienne du mal de là d'où vient le bien si...]

E el punhou [já] muit' en me servir  
e a [e]l-rei nunca serviço fez,  
por end' el-rei non á que lhi gracir,  
mais eu perça bon parecer e prez,  
se nunca lh' el-rei tanto ben fezer  
quanto lh' eu farei, quando mi quiser.

[Il m'a servi avec beaucoup de zèle alors qu'il n'a jamais servi le roi, aussi le roi ne lui doit pas de reconnaissance; mais moi, que je perde ma beauté et mon mérite si...]

Ca mais [lhi] valrrá, se lh' eu [ben] quiser  
que quanto ben lh' el-rei fazer poder.

[Car il gagnera plus à ce que je l'aime qu'à tout le bien que le roi pourra lui faire.]  
(Tavani 1967a, 63,77)



## 9 *Andamos facendo danza, / cantando nossas bailadas!* (157,35<sup>1</sup>)

[Museo de Pontevedra, 52, 1998: 387-409]

**N**os estudos sobre lírica galego-portuguesa existen unha serie de motivos recurrentes que xurden de maneira marxinal, pero cunha certa frecuencia, e para os que resulta difícil chegar a un consenso, na maior parte dos casos porque carecemos de datos obxectivos suficientes para plantexar unha explicación satisfactoria, polo que o único que podemos facer ó respecto é reflexionar sobre o que os propios testemuños nos din e facer suxerencias que susciten novas hipóteses. Entre eles podemos incluí-los problemas relativos ás *bailadas*, mencionadas tanto cando se discute a existencia de posibles «xéneros menores», «subxéneros» ou simples «modalidades temáticas» como cando se analizan as afinidades e/ou diferencias coa lírica occitana, e mesmo cando se atende ás orixes da lírica románica e á existencia dunha poesía popular ou tradicional que poida axudar a explicar aspectos formais ou conceptuais do código poético trobadoresco.

Quizais non se deba descarta-la existencia dun problema terminolóxico como obstáculo que debería ser abordado previamente: ¿Responden a unha mesma realidade, na lírica medieval, as *ballettes* (mais tarde, *ballades*) francesas, as *baladas* occitanas, as *bailadas* galego-portuguesas, as *ballate* italianas? Todas estas denominacións parecen remitir ó latín tardío BALLARE<sup>2</sup>, pero cabe a posibilidade de que adopten estruturas diferentes, e tamén a de que evolucionen dalgunha maneira segundo a época e o contexto (no sentido máis amplo, é dicir, literario, pero tamén cultural e histórico) en que se utilicen.

**1. As baladas occitanas** Para comezar, non estará de mais lembrar que os tratados de retórica occitanos non fan ningunha mención das *baladas*, senón tan só das

1 Citámo-las cantigas polos códigos numéricos (que reproducen, con lixeiras variacións, os establecidos por Tavani 1967a) empregados na edición global do noso corpus trobadoresco (Brea 1996). Tamén os nomes dos trobadores son reproducidos coa forma gráfica alí utilizada.

2 Resulta bastante curiosa a historia dos términos *bailar* e *danzar*, ámbolos dous de etimoloxías discutidas, como se pode comprobar en Corominas–Pascual (1980-1991, I: 459-460 e II: 423-425), respectivamente. Segundo os autores do DCECH, *danzar* designou orixinarmente a danza solemne individual, e tamén o baile colectivo da especie máis distinguida, mentres *bailar* se aplicaría ó baile popular.

*danças*<sup>3</sup>, coas que están intimamente relacionadas, ata o punto de que a única diferenza entre ámbolos dous tipos reside na relación que entabla o refrán co corpo da estrofa, pois na *balada* o primeiro verso do retrouso adoita repetirse despois do primeiro da cobra (por ex., AA bAbaAA), mentres que na *dança* non se mesturan refrán e estrofa (por ex., ABAB cdcdabab)<sup>4</sup>.

Con relación, pois, á *dança*, a *Doctrina de compondre dictats* (Marshall 1972) sinala:

«Si vols far dança, deus parlar d'amor be e plasentment, en qualque estament ne sies. E deus li fer dedents. iij. cobles e no pus, e respost, una o dues tornades, qual te vulles; totes vegades so novell. E potz fer, si-t vols, totes les fins de les cobles en refrayn semblan. E aquela raho de que la començaras deu[s] continuar e be servir al començament, al mig, e a la fi» (p. 96);

e, un pouco mais adiante:

«Dansa es dita per ço com naturalmen la ditz hom dança[n] o bayllan, cor deu [haver] so plazent; e la ditz hom ab esturmens, e plau a cascus que la diga e la escout» (p. 98)<sup>5</sup>.

É dicir, a *dança* debe tratar sempre de amor *be e plasentment*, e debe ter así mesmo *so novell e plasent* e cantarse acompañada de instrumentos. Das súas características formais, queda claro que, á parte de levar unha ou dúas tornadas, non pode falta-lo refrán (*respost*)<sup>6</sup>, aínda que parece optativo o feito de facelo *semblan*

3 Segundo Frank (1966, II: 70), consérvanse trinta *danças*, das que trece son atribuídas a Guiraut d'España e cinco a Cerveri de Girona.

4 *Vid.*, entre outros, o resumo que fai Riquer (1975, I: 46-48). Tamén, Beltrán (1984a: 248-251).

5 O anónimo tratado conservado no ms. 129 de Ripoll (editado tamén en Marshall 1972) repite os trazos esenciais da definición e amplíaa con exemplos, ademais de insistir na diferenza que pode haber entre *dança* e *canço*: «Dança ha un refrayn e. iij. cobles e una o .ij. tornades. E es tots temps de materia d'amor o de lahor de dona, axi que *no ha diferencia en materia ab canço mas en la forma, per tal cor dança no ha sino .iij. cobles, e canço .v. o .viij.*; e *la dança es axi feta que pus en la cobra son posades .iiij. rimes principals, tan tost ço qui.s seguex deu esser semblant al refrayn en rimes e en so.* 'Rimes principals' dich io a diferenza de les meyns principals, axi con aqueles qui son doblades, axi con par en la dança del Capela de Bolquera qui diu:» (p. 102; segue o exemplo e a explicación das súas «rimes principals»; a cursiva é nosa). A continuación, o tratadista menciona tamén a existencia da *desdança*, que «seguons que par en lo vobable, es contrari a dança, no en la forma, mas en la materia; [...] se fa per despler e per malsaber o per gran ira» (p. 103); e, ó falar da *viadera*, advirte que «no deu haver sino .ij. rimes, [...] cor si lo responedor ha .iij. rimes, ia passa en natura de dança» (*ibidem*). Máis extensas aínda nos detalles son as *Leys d'amors*, que lle dedican (incluíndo a *desdansa*) 48 versos (*vid.* Anglade 1971, II: 179-180).

6 Así como este elemento caracteriza unha parte importante da produción lírica galego-portuguesa (as *cantigas de refrán*, por oposición ás *de mestría*), aparece con moita menos frecuencia na occitana, onde o seu uso parece limitado a algúns xéneros particulares (ademais da *dança*), como a *retronxa* («per ço ha nom retronxa car lo refray de cada una de les cobles deu esser totz us», *Doctrina...*: 96), a *estampida* («deu haver .iiij. cobles e responedor e una o dues tornades», *idem*: 97), a *gelozesca* («deu haver responedor e .iiij. cobles e una o dues tornades», *ibid.*), o *discort* («deu haver tres cobles e una o dues tornades e respo-



ó final de tódalas estrofas. O nome do xénero responde a unha realidade obvia: *per ço com naturalmen la ditz hom dança[n] o bayllan*.

Parece claro que *dançar* e *bayllar* funcionan aquí como sinónimos, pero non deixa de chama-la atención o feito de que as poéticas occitanas inclúan únicamente a *dança*, sen menciona-la *balada* nen siquiera como sinónimo alternativo daquela<sup>7</sup>. ¿Qué textos desa tradición son designados —normalmente nas rúbricas— *baladas*? O repertorio de Frank (1966, II: 70) considera a existencia de nove, tres delas de Cerveri de Girona (das que unha é a *viadeyra*) e o resto anónimas; Beltrán (1985a: 79, n. 1) reduce o número a sete, pois elimina do cómputo de Frank non só a *viadeyra* de Cerveri (porque «falta su principal característica, la inserción del estribillo en el interior de la estrofa»), senón tamén a peza 461,12 (neste caso «Tampoco hay inserción del estribillo, sino adición de una exclamación (*eya*) tras cada verso de la estrofa», *ibidem*), e aclara que, mesmo deses sete exemplares,

«dos se apartan de esta norma<sup>8</sup>; uno de ellos fue considerado por I. Frank como obra de un autor francés que imitó la lengua de los trovadores. De las dos composiciones de Cerverí, una se ajusta perfectamente al modelo descrito, otra inserta sucesivamente el primero y segundo verso del estribillo en las posiciones segunda y cuarta de la estrofa; dicho de otra manera, no incluye dos veces el primer verso del estribillo, sino el primero al principio y el segundo después» (Beltrán 1985a: 80).

Dado que o trobador de Girona é considerado pola maioría dos críticos (entre eles, Beltrán) como unha figura clave na introducción do xénero na lírica galego-portuguesa, quizais non estará de máis botar unha ollada ó seu cancionero<sup>9</sup>. Éste —á parte de por outros feitos, como a súa orixinalidade— caracterízase pola presenza de rúbricas indicativas do xénero ó que se adscriben os textos reproducidos<sup>10</sup>, entre os que aparece un designado como *balada* (*Si voletz que-m laix d'amar*,

nedor», *ibid.*), ou a *viadera* (caracterizada precisamente, segundo o tratadista de Ripoll: 103, porque «no deu haver sino .ij.clausules o .ij. rimes, que tot es un en lo responedor»), todos eles cultivados —algúns en exclusiva— por Cerveri de Girona, que parece ser un mestre no emprego do recurso (¿perfeccionáíao durante a súa estancia na corte de Afonso x?). De todos eles, no que mais insiste a *Doctrina* é na *retronxa*, pois repite que «Retronxa es dita per ço retronxa, per ço cor totes les cobles deven esser retroncades a la fi, e per ço cor lo refrayn de la primeyra cobla serveix a totes les altres cobles» (pp. 97-98).

7 ¿Podería ter que ver este feito coa diferenca mencionada *supra*, na nota 2?

8 «la doble inserción del primer verso del estribillo en el lugar correspondiente a los versos segundo y cuarto de la estrofa» (Beltrán 1985a: 80).

9 Seguímo-la edición de Riquer (1947).

10 A edición citada recolle, nesta orde: unha *viadeyra*, unha *peguesca*, unha *espingadura*, unha *balada*, unha *dança*, unha *dança-balada*, unha *sirventes-dança*, unha *gelosesca*, un *libel*, unha *recepta de xarob*, catro *pastorelas*, un *sopni*, tres *coblas* (unha delas *esparsa*, e a terceira a coñecida «cobla en sis lengatges»), unha *pistola*, unha *alba*, un *acuyndamen*, dous *descorts*, catro *estampidas*, unha *desirança*, unha *retronxa*, sete *sirventeses*, dous *mig sirventeses*, dous *planhs*, dous *aniversaris*, doce *canços* (entre elas, unha «canço del comte», unha «canço de Madonna Santa Maria», e a «canço de les letres») e vinteseite *vers*.

outro como *dança* (*Tot can cors dezira*), e dous máis híbridos: unha *dança-balada* (*Pus no vey leys cuy son amics*) e un *sirventes-dança* (*Tant ay el cor d'alegrança*)<sup>11</sup>.

A *balada* está constituída por un refrán inicial de catro versos (ABAB), tres *coblas unissonans* (coas rimas invertidas na segunda) de oito versos (dos que o segundo e o cuarto son o primeiro e o segundo do refrán: aAbBabab), que repiten ó final de cada unha o refrán inicial, e dúas tornadas de catro versos (baba / abab). A *dança*<sup>12</sup> contén un refrán inicial de catro versos pentasílabos (ABAB), tres *coblas singulares* de oito versos (os catro primeiros heptasílabos -cded-, e os outro catro pentasílabos, reproducindo sempre as rimas do refrán -abab-)<sup>13</sup>, e dúas tornadas (de versos pentasílabos), das que a primeira, de catro versos, repite en rima as mesmas palabras que o refrán (*dezira*, en 1 e 3<sup>14</sup>; *vey*, en 2, *envey*, en 4), e a segunda, de dous versos, reproduce a segunda parte do último verso da terceira cobra («fe que-us dey»).

A mestura de *dança e balada*<sup>15</sup> dá lugar a unha composición (toda ela en versos octosílabos) de «estilo fácil y gracioso» (Riquer 1947: 12) con un refrán inicial de dous versos (AB), catro *cobras alternas* de catro versos (aaab; b rima sempre con B, a faino nas estrofas impares -ics- e varía nas pares -en-) e dúas tornadas de dous versos (ab; b é fixa, a é en -ics na primeira, en -en na segunda).

A designación de *sirventes-dança* ven explicada no propio texto:

Tant ay el cor d'alegrança  
que xantan,  
diray un sirventes-dança  
*tot dançan.*

- 11 Ademais, comenta Riquer (1947: 6) a propósito da *espingadura* (*A la plug'e al ven iran*): «género del que no queda más muestra que ésta de Cerverí, es una especie de *balada*. Su nombre deriva, sin duda, de *espingar*, verbo catalán que significa tocar la dulzaina o la chirimía». Trátase dunha composición na que se poden distinguir os seguintes elementos: un refrán inicial de tres versos (o primeiro de sete sílabas, os outros dous de cinco), do que o terceiro é a repetición literal do segundo, que teñen a mesma rima (AAA); dúas cobras de sete versos, coa seguinte estrutura (7a 7A 7a 7A 5a 5a): o segundo e o cuarto versos repiten o primeiro do refrán inicial, e os dous últimos son idénticos («.ls escarniran / e.ls escarniran», en I; «els auzels chantan / els auzels chantan», en II); dúas tornadas de tres versos (7a 5a 5a).
- 12 «artificiosa y complicada, llena de conceptos sutiles que la hacen caer de lleno dentro del *trobar ric*. Las rimas internas de los versos primero y tercero de cada estrofa intensifican el carácter culto de esta composición» (Riquer 1947: 10).
- 13 Presentan un xogo de repeticións similar ó coñecido na lírica galego-portuguesa como *dobre* en posición de rima nos versos 5 e 7 de cada estrofa (*partira*, en I; *no.s vira*, en II, *sofrira*, en III; posiblemente, tamén haxa que considerar do mesmo xeito (a)ls *amans* nos versos 2 e 4 de II).
- 14 ¿Outro *dobre* en rima?
- 15 Segundo Riquer (1947: 12), esta modalidade «ya se halla en otras composiciones provenzales, principalmente en la famosa *Coindeta sui* (P-C, 461,69; Appel 1895: 86), que presenta el mismo estrofismo que la presente».

Per ço a nom sirventes  
 e dança, car d'amor es  
 e de gran guerra mesclança,  
     car ogan  
 er mans brans e manta lanç'a  
     mon talan

O refrán fai referencia explícita non só ó canto senón tamén ó baile (que non aparece mencionado nas composicións anteriores), e a primeira estrofa xustifica a *mesclança*: «car d'amor es / e de gran guerra». Así, as estrofas impares teñen contido político, e as pares amoroso. A estrutura métrico-rimática pode verse na parte do texto arriba reproducido: un refrán inicial de catro versos (7A 3B 7A 3B, con *rima derivada* —na palabra chave— nos versos 3 e 4); catro *coblas doblas* (7c 7c 7a 3b 7a 3b, onde só varía a rima c —es, en I e II; ar en III e IV—, porque a e b repiten sempre a rima do refrán: -ança, -an); e dúas tornadas de catro versos, que producen a estrutura e as rimas do refrán<sup>16</sup>.

Se o que caracteriza a *balada* frente á *dança* é —como indicabamos máis arriba e como efectivamente se pode constatar nos dous primeiros casos analizados de Cerveri— a intercalación de versos do refrán no corpo das estrofas, ¿por qué este trobador recorre á denominación *dança-balada* para *Pus no vey leys cuy son amics*? Non o fai explícito, e nen pola forma nen polo contido parece posible deducir onde está a *mesclança*. Por outra parte, ¿por qué os tratados de retórica, tan coidadosos á hora de definir outros xéneros dos que existen posiblemente menos textos conservados nos cancioneiros —e tan coidadosos tamén á hora de prestar atención ós, nalgúns casos, pequenos matices que poden permitir diferenciar entre xéneros similares— non mencionan siquera as *baladas*? Parece doado atopar unha posible resposta a esta segunda pregunta: podería tratarse dun xénero «popularizante», e os tratadistas estaban interesados máis ben nos xéneros aristocráticos. ¿Con cal das dúas vertentes deberemos, pois, vincularlos outros xéneros (*retronxa, estampida, gelozesca, viadeira*) que tamén levan refrán, que podería ser xustamente un dos trazos que os vinculan á lírica tradicional? Igual que sucede na tradición galego-portuguesa, é posible que —aínda que en menor medida— os trobadores «cultos» aproveitasen conscientemente este e outros recursos propios da poesía popular para introducir novidades técnicas no *trobar*, pero, neste caso, ¿por qué a omisión da *balada*? ¿Quizais porque concorría coa *dança*, e interesaba resaltar esta oscurecendo a existencia daquela? Son moitas as preguntas para as que non atopamos polo momento respostas demostrables, polo que deberíamos intentar completa-lo panorama vendo o que acontece nas outras tradicións líricas medievais, antes de pasar á galego-portuguesa.

16 O primeiro verso da primeira estrofa repite a palabra en rima (*alegrança*) do primeiro verso do refrán.

2. **As *ballettes* e *ballades* oitánicas** Os exemplos franceses máis antigos conservados designados con un derivado de BALLARE parecen corresponder a *ballettes*<sup>17</sup>, se ben se pode advertir cómo, na segunda metade do século XIII, vaise introducindo dende o Sur o nome de *ballade*<sup>18</sup>, que vai acadar tanto éxito que terminará por suplantarse completamente o termo orixinario, se ben parece lonxe de estar claro «que les deux termes aient désigné exactement le même type textuel»<sup>19</sup>.

Segundo Bec (1977, I: 228-229), a *ballette*, canción «destinée à accompagner une ronde dansée», caracterizada pola presenza do refrán e composta normalmente por tres estrofas (aínda que pode chegar a ter catro ou cinco), podería ser, como o *virelai*, unha «amplification à la fois textuelle et musicale de la cellule de base qu'est le rondet».

A *ballade*<sup>20</sup>, pola súa parte, comeza a ser mencionada entre os xéneros líricos cantados<sup>21</sup> —ó lado do *lai* e da *chanson*— de maneira particular nos *romans* e poemas da segunda metade do século XIII e do século XIV, e amósase como o estadio máis evolucionado e a forma máis culta da canción de refrán, elemento que, na modalidade máis antiga, introducía o tema da composición. Un dos primeiros autores en fixa-lo seu tipo debeu ser Adam de la Halle, e nos primeiros anos do século XIV a súa forma parece estar xa ben determinada, recibindo un vigoroso empuxe na obra de Guillaume de Machaut<sup>22</sup>, que fixo da *ballade* o seu xénero preferido, do que deixou máis de catrocentas pezas e a quen se debe así mesmo a *double balla-*

- 17 Para Bec (1977, I: 229), «le terme semble en effet s'appliquer, encore au XIII<sup>e</sup> s., à un genre bien déterminé, comme cela ressort de la classification du ms. Douce 308, d'Oxford (début XIV<sup>e</sup> s.) qui groupe sous l'étiquette de *ballettes* des pièces en général composées de trois couplets à refrain».
- 18 Fronte ó que viamos na lírica occitana, non parecen ser recoñecidas como entidades propias nen como variantes os posibles equivalentes das *danças*, a non ser que consideremos tales os posiblemente máis tardíos *virelais* (vid., entre outros, o estudio conxunto que dedica Beltrán 1984a a *dansas* occitanas, *virelais* oitánicos, «estrofas con volta» galego-portuguesas e *ballate* italianas).
- 19 Cfr. Bec (1977, I: 229), que admite que ámbolos dous tipos poidan ter «une commune origine choréographique», pero que prantexa unha serie de dúbidas relativas á súa identidade primixenia, e tamén á dependencia directa da *ballade* con respecto á *balada*, pois lembra a escasez de representantes conservados da *balada* occitana e, en xeral, de «spécimens textuels popularisants» nesta tradición. Por outra parte, eses poucos exemplares provenzaís parecen ser do século XIII (teñamos en conta que o único autor coñecido é Cerveri de Girona), e Bec apunta a unha posible evolución, xa no s. XII, dun xénero de orixe popular cara un rexistro aristocratizante, pois documenta o nome en Pons de Capduelh e atopa unha *canso* de Peire Vidal (*La lauzet'e. l'rossignol*) cunha estrutura que, máis que recorda-la balada coreográfica popularizante, parece anuncia-lo tipo de balada tardía francesa, polo que conclúe que deberon coexistir dous xéneros distintos, ámbolos dous de raigame tradicional pero cun desenvolvemento independente e unha fortuna diferente no Norte e no Sur de Francia, posto que, mentres a *balada* debeu desaparecer pronto da tradición literaria, a *ballette* resultou favorecida pola presenza dun barnís occitanizante que permitiu a súa evolución ata a *ballade*.
- 20 Vid., entre outros, o resumo que presentan Bossuat–Pichard–Raynaud de Lage (1992: 122-124) e Heger (1988).
- 21 Aparentemente, sen facer referencia directa ó baile.
- 22 Semellantes ás súas son tamén as baladas de Jean Froissart, entre outros.

de, unha especie de compromiso entre o *motet* e a *ballade* propiamente dita (tres estrofas seguidas dun refrán que ten a mesma medida e a mesma rima que o último verso da cobra). Os teóricos posteriores a Machaut chegan a dar conta de ata catorce construcións diferentes para a *ballade*, e anuncian o divorcio definitivo entre texto e melodía. En Eustache Deschamps, autor de máis dun milleiro de *ballades*, xa non aparece apenas o tema amoroso (son máis ben de tipo moral, filosófico, satírico, patriótico, etc.), pero, en cambio, Christine de Pizan retoma os temas de sempre, dominada pola melancolía, e Charles d'Orléans domina o oficio en grao sumo. Con François Villon, que a transforma e renova por completo, a *ballade* sairá definitivamente dos cadros tradicionais e romperá coa poesía cortés, chegando á súa perfección máxima, para coñecer moi pouco despois (a principios do século XVI) o inicio da súa definitiva decadencia.

Deste xeito, o problema terminolóxico ó que faciamos referencia ó comezo destas notas parece complicarse aínda un pouco máis, xa que non é doado identificala *ballette* nen coa *balada* contemporánea (ss. XII-XIII) occitana<sup>23</sup> nen tampouco coa *ballade* posterior (ss. XIV-XV)<sup>24</sup>. Das tres variantes, unha vez vista no apartado anterior a *balada* e revestindo menos interés (pola súa cronoloxía) a *ballade*, interesa agora deterse un pouco máis na tipoloxía da *ballette*<sup>25</sup>.

Este rexistro popularizante dos ss. XII e XIII consta, na maior parte dos casos, de tres cobras de tres ou catro versos cada unha, en disposición zexelesca<sup>26</sup> (aa(a) b). O refrán (que pode ter de un a tres versos) aparece despois de cada estrofa (e pode así mesmo iniciar-la composición), pero non intercalado nel (como si sucede no rondel<sup>27</sup> ou na balada occitana), o que lle outorga unha certa autonomía formal e musical. A medida dos versos é variada, pois pode empregar versos de sete sílabas, de oito, de dez, de once (normalmente divididos en dous hemistiquios de 7 + 4), ou mesmo de doce (7 + 5). Para Bec (1977, I: 233), a *ballette* tería a súa orixe na «chanson de carole, formée on l'a vu de rondets enchainées [...] par une série de variations sémantiques autour du vers refrain intégré dans chaque rondet»<sup>28</sup>.

23 Quizais teña máis relación coa *dança*, tal como caracterizan esta os tratados da época.

24 Bec (1977, II: 233) deseña un cadro que opón as características esenciais da *ballette* ás da *ballade*, do que queremos resalta-los seguintes trazos: a) mentres que as tres estrofas da *ballette* son curtas, as da *ballade* son longas; b) o refrán aparece despois da cobra na *ballette*, e pode ser autónomo dende o punto de vista músico-formal; a *ballade* presenta un verso-refrán integrado, que é o último de cada estrofa; c) a *ballette* corresponde a un rexistro lírico-coreográfico, a *ballade* a un rexistro lírico-musical que logo pasa a ser *littera sine musica*.

25 Para elo seguimos moi de cerca a Bec (1977, I: 231-233).

26 *Vid.*, para o zéxel e os distintos tipos da «estrofa con vuelta», Beltrán (1984a).

27 *Vid.*, entre outros, Beltrán (1984c).

28 Na nota 17 desa mesma páxina, insiste en que «C'est en un mot par l'insertion du vers-refrain dans la strophe que le rondet se distingue essentiellement de la strophe de la ballette (/vireli)» (Bec 1977, I: 233, n. 17).

3. **As ballate italianas** Tamén a mediados do século XIII aparece en torno a Firenze e Bologna un tipo de composición (que sería cultivado polos stilnovistas e perfeccionado por Petrarca) destinado ó canto e ó baile, caracterizado por estar constituído por unha ou máis estrofas (de entre dous e catro versos) ligadas a un refrán (*ripresa* ou *ritornello*), que se repite idéntico despois de cada cobra e que pode aparecer ó comezo da peza; ás veces a *ballata* pode rematar cunha cobra de esquema idéntico á *ripresa*<sup>29</sup>, que se chama *replicazione*. O seu esquema métrico era, nos primeiros tempos, extraordinariamente simple, adaptado na súa estrutura ós movementos da danza (tipo AA bbba)<sup>30</sup>. A medida dos versos varía, pero móvese normalmente no abano que leva dos heptasílabos ós endecasílabos<sup>31</sup>.

O aspecto máis salientable da estrutura da *ballata* é quizais esa «connessione circolare, ciclica, tra l'inizio e la fine, connessione causata dalla suddetta identità di formula sillabica tra ripresa e volta, e sigillata dalla rima in comune [...] collegata alla súa origine musicale» (De Rosa – Sangirardi 1996: 242). Esta característica métrica ten unha correspondencia temática e estilística na relación que se establece entre *ripresa* e estrofas, pois «Si può dire, in generale, che la prima sta alle seconde come l'enunciazione del tema sta alla súa articolazione e al suo sviluppo» (De Rosa – Sangirardi 1996: 242).

4. **¿Bailadas galego-portuguesas?** Despois deste rápido excursus pola tradición románica medieval<sup>32</sup>, dispoñemos posiblemente dalgúns elementos de xuício adicionais para aborda-la cuestión que planteabamos ó inicio destas notas: ¿Pódese falar

29 *Vid.*, por ex., a análise que fan (sinalando a *ripresa*, a primeira e a segunda *mutazioni* e a *volta*, nun esquema idéntico ó que indicamos na nota seguinte) dunha *ballata* de Guido Cavalcanti De Rosa–Sangirardi (1996: 240–243) no apartado que dedican a «La ballata antica».

30 Dese esquema inicial pasouse á estrutura típica da *ballata* (ABBA cdcdddea), que atoparía (igual que o anterior) ampla aplicación na *lauda* e que alcanzaría unha enorme fortuna no século XIV —gracias, sobre todo, a Dante e Petrarca—. É interesante constatar que, a partir do século XIV, a *ballata* aparece nos planos baixos, ou medianos, da tradición poética, e que vén asociada ás obras narrativas (lembrémolo dito da *ballade* francesa), como se pode constatar no *Decameron*, no que cada xornada remata cunha *ballata*. O século XV supón unha volta ós esquemas tradicionais dos comezos e a un nivel popularizante, e o XVI ve o inicio da decadencia (tamén de xeito paralelo, pois, á historia da *ballade* francesa). *Vid.*, entre outros, os resumos que presentan, por exemplo, Bonora (1977: 35) ou Farina (1997: 72–73); así mesmo, o apartado dedicado por De Rosa–Sangirardi (1996: 244–245) a «La ballata antica dal Duecento al Novecento»; ou Gorni (1993: 85–93, «Ballata e madrigale»).

31 Segundo o número de versos que compoñan a *ripresa*, De Rosa–Sangirardi (1996: 242–243) establecen unha gradación de maior a menor que leva da *ballata grande* (catro versos, normalmente endecasílabos), a través da *mezzana*, a *minore* e a *piccola*, á *ballata minima* (refrán dun só verso, menor que o endecasílabo), ás que engaden a *ballata stravagante*, con máis de catro versos.

32 Evidentemente, para ter unha visión máis completa habería que prestar atención detallada tamén a cada unha das variantes emparentadas coas cancións de danza, que aquí nos limitamos a mencionar porque nos alonxarían do noso obxectivo inmediato, pero que poden contribuír a unha mellor comprensión do fenómeno.

da existencia de *bailadas* na lírica galego-portuguesa? E, de ser así, ¿faise preciso relacionalas dalgún xeito coas *baladas* occitanas?

É certo que a fragmentaria arte poética que abre o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* non fai referencia explícita ás *bailadas*. É certo tamén que a organización por xéneros dos nosos cancioneros non contempla máis que tres seccións (amor/amigo/escarnio e maldicir), e nen siquera se pode atopar unha rúbrica explicativa que diga algo así como «Esta bailada fez...». Sen embargo, hai polo menos dous indicios que non deberían pasar desapercibidos:

- a) a rúbrica que acompaña a cantiga 66,3 atribuída a Johan de Gaia (B1452, V1062), comeza así:

Esta cantiga foi seguida per *úa bailada* que diz: «Vós ave-de-los olhos verdes e matar-m'-edes con eles»; e foi feita a un bispo de Viseu, natural d'Aragon [...]

- b) o segundo dos *lais* (157,35) anónimos conservados en B (e feitos copiar novamente por Colocci no *Vat. Lat. 7182*) di na terceira estrofa:

E venha-lhe maa gaança,  
porque nos tan seguradas  
*andamos fazendo dança,*  
*cantando nossas bailadas!*  
Mal-grad'aja! que cantamos  
e que tan en paz dançamos!

Á vista destes textos, parece lícito concluír que, polo menos para o autor da rúbrica citada en primeiro lugar e para o autor do *lai*, a *bailada* era unha modalidade coñecida e, a xulgar polo segundo exemplo, claramente vinculada ó canto e á danza.

De tódolos xeitos, se tomamos esta cantiga que a menciona explicitamente como exemplo de *bailada*, comprobaremos que pouco ten que ver co que se vén considerando característica particular da *balada* occitana (a repetición do primeiro verso do refrán dentro do corpo da estrofa). E non se trata de que esta peculiaridade compositiva sexa descoñecida na lírica galego-portuguesa; como xa fixo notar Beltrán (1985a)<sup>33</sup>, aparece en alomenos cinco cantigas (as que levan os números 41, 120, 143, 279 e 308) da colección miraculística afonsí *Cantigas de Santa Maria*, e tamén no corpus trobadoresco<sup>34</sup>, en concreto en dúas cantigas de amor de Pero da Ponte (120,36 e 120,47, as dúas cun esquema aAabAB), en varias de escarnio

33 E tamén en Lanciani–Tavani (1993: 78, s.v. «Balada (provenzal)»).

34 Os casos que citamos presentan o que coñecemos como «refrán intercalar», no que poden ser variantes combinatorias dos esquemas máis tradicionais, aínda que non sempre se correspondan estritamente coa técnica da *balada*.

e maldicir, dúas delas do mesmo Pero da Ponte (120,5, con esquema AbAbAA, e 120,51, coa combinación ababCaC), unha de Roi Gomez de Briteiros (144,2: aAa-bAB), que puido se-lo primeiro en utilizar este modelo estrófico, e outra de Roi Paez de Ribela (147,9, co esquema típico aAabAB); e nunha soa cantiga de amigo, *Anda [mui] triste [o] meu amigo*, de Estevan Reimondo (35,2), que presenta un esquema AbAbAA (idéntico, pois, á 120,5<sup>35</sup>), de versos eneasílabos con rima feminina consonante, que reproducimos a modo de exemplo:

Anda [mui] triste [o] meu amigo,  
 mia madr', e á de mi gram despeito,  
 por que non pôde falar comigo  
 e non por al, e faz gram dereito  
 d'andar [mui] triste o meu amigo,  
 por que non pôde falar [co]migo.

Anda [mui] triste [o] meu amigo,  
 mia madr', e tenho que seja morto,  
 por que non pôde falar comigo  
 e non por al, e non faz gran torto  
 d'andar [mui] triste o meu amigo,  
 por que non pôde falar [co]migo.

Anda [mui] triste [o] meu amigo,  
 mia madr', e anda por en coitado,  
 por que non pôde falar comigo  
 e non por al, e faz mui guisado  
 d'andar [mui] triste o meu amigo,  
 por que non pôde falar [co]migo.

Se realmente se mantivese clara a vinculación entre esta estrutura estrófica e a adaptación ó baile, non pode deixar de sorprende-lo feito de que o número de cantigas de escarnio que a empregan supere a suma das de amor e amigo<sup>36</sup>. É posible que a forma fose adaptada polos trovadores con independencia do contido, e parece que efectivamente o seu cultivo acadou éxito no contorno do rei Afonso X, na corte do cal estivo durante un tempo Cerveri de Girona, como resalta Beltrán nos traballos citados. O que xa non resulta tan evidente é que exista unha relación de dependencia no sentido de que fose o trovador occitano o que introducise o tipo na lírica galego-portuguesa: por unha parte, el é o único

35 Diferéncianse en que a de Pero da Ponte combina os versos eneasílabos cos heptasílabos.

36 Lembremos que as preceptivas occitanas insistían en que a *dança* debía tratar de amor (aínda que eso non impediu a Cerveri de Girona compoñer un *sirventes-dança*, como xa tivemos ocasión de comentar). Deixamos fóra do cómputo as *Cantigas de Santa María*, porque sempre poderían facer referencia a unha danza litúrxica.



autor coñecido de *baladas* (a maioría das conservadas nos cancioneros occitanos son anónimas, polo que poucos datos cronolóxicos, e mesmo xeográficos, poden aportar); por outra, o número de textos transmitidos nas compilacións galego-portuguesas iguala ou supera (se se toman en consideración os exemplares pertencentes ás CSM) o dos occitanos. Polo tanto, ¿qué induce a pensar que foi Cerveri o mestre e Afonso X e a súa corte poética os discípulos, e non á inversa, que foi o occitano o que aprendeu esa técnica (e pode que algunha outra cousa máis) do rei que o acollía? ¿Ou que todo o «grupo» estaba a experimentar no aproveitamento culto de formas populares<sup>37</sup>? Non parece sinxelo atopar respostas convincentes, polo que seguimos a movernos no terreo das hipóteses: se a técnica compositiva pode estar vinculada á poesía de cuño tradicional, quizais sexa preferible deixar aí a súa orixe polo momento<sup>38</sup>, pero tal vez sería así mesmo desexable non utilizar, pola confusión a que pode dar lugar, a denominación de *balada* para as cantigas arriba citadas<sup>39</sup>, e substituíla por algunha outra que non permita suxerencias respecto ó tema tratado, senón só á estrutura estrófica (¿*rondel*, por exemplo?)<sup>40</sup>.

En calquera caso, deixando á parte ese mecanismo formal de repetición do refrán dentro do corpo da estrofa, e, en consecuencia, o grupiño de cantigas que o presentan e que acabamos de citar, é posible retoma-los trazos comúns ós diversos tipos románicos de cantos relacionados co baile coñecidos no século XIII, é dicir, as *danças*, as *ballettes* e as *ballate*:

- a) a súa estrutura responde á modalidade coñecida na lírica galego-portuguesa como *cantigas de refrán*<sup>41</sup>, coa presenza frecuente do refrán iniciando a composición;

37 Hai constancia, contemplando o conxunto da súa produción, de que Cerveri o fixo en máis dunha ocasión; pero outro tanto se podería dicir de bastantes trobadores galego-portugueses.

38 Véxanse, de tódalas maneiras, os razonamentos expostos, para a orixe da estrofa con volta, por Beltrán (1984a: 260-266).

39 Ademais de non te-lo apoio formal das artes poéticas occitanas, os términos equivalentes nas restantes tradicións románicas (fr. *ballette* e *ballade*, it. *ballata*) non presentan esa particularidade de reproducilo primeiro verso (en ocasións, tamén o segundo) do refrán no corpo da estrofa.

40 Non sempre resulta doado diferenciar entre xéneros, rexistros, modalidades, etc., caracterizados por tratar determinados temas, e tipos de combinacións exclusivamente formais, independentes en principio do contido. As cancións de danza tradicionais posiblemente agrupaban as dúas cualidades: eran invitacións ó baile e trataban «cousas pracenteiras», pero tiñan como trazo diferencial (aínda que non fose exclusivo) a presenza dun refrán que se repite idéntico despois de cada estrofa e que pode atoparse xa abrindo a composición («refrán inicial»).

41 Modalidade vencellada ós cantares tradicionais anónimos preexistentes, que rara vez foron recollidos como tales nunhas compilacións realizadas en ambientes aristocráticos que gustaban dunha lírica culta (aínda que os seus autores poidesen aproveitar ese filón popular para integralo na súa produción, introducindo con el unha certa innovación).

- b) o refrán combínase frecuentemente coa existencia da *volta* (verso que rima co retrouso);
- c) tanto o son como o texto debían resultar pracenteiros e, segundo as preceptivas occitanas, tratar de amor;
- d) é un tipo de canto relacionado dalgún xeito coa danza, ben se trate dunha invitación á mesma, ben simplemente se entone acompañando esa actividade.

A esta última circunstancia parece remiti-lo *lai* do que reproducimos mais arriba a terceira cobra: *andamos fazendo dança, / cantando nossas bailadas!* Trátase tamén dunha cantiga de refrán, pero non emprega o recurso da *volta* nen trata directamente de amor, senón que expresa unha maldición a Marot<sup>42</sup>, contra o que as doncelas se sinten seguras mentras cantan e bailan «a tan gran sabor andando» (I, v. 4; II, v. 3).

Limitándose as noticias seguras da existencia de *bailadas* ás dúas únicas referencias citadas (este *lai* e a rúbrica da cantiga de Johan de Gaia), resulta extremadamente difícil establece-las súas características e, por conseguinte, a relación de cantigas que poderían responder a tal denominación. É probable que sexa así xustamente porque se trataba dun tipo de composición propio da lírica tradicional, coñecida pero non considerada digna de ser recollida por escrito polos interesados nas compilacións cultas. Pero non parece caber dúbida da súa existencia, que se pode deducir tanto destas informacións dos cancioneros galego-portugueses como do fenómeno paralelo e coetáneo representado por *danças, balletes e ballate*<sup>43</sup>.

Admitindo como hipótese de traballo que os trobadores coñecían a poesía popular e botaban man dela (tanto dos seus temas e motivos como dos recursos formais que lle eran propios) como unha das posibilidades<sup>44</sup> de enriquece-la súa obra,

- 42 A rúbrica que acompaña este texto explica: «Esta cantiga fezeron quatro donzelas a Marot d'Irlanda, en tempo de Rei Artur, porque Marot filhava toda-las donzelas que achava en guarda dos cavaleiros, se as podía conquerer d'eles. E enviara-as pera Irlanda pera seeren sempre en servidon da terra. E esto fazia el, porque fora morto seu padre por razon de ùa donzela que levava en guarda».
- 43 Lembrémo-la nota de Colocci na marxe superior do folio 302r de B, referida á *razó* da cantiga de Johan de Gaia (na que aparece sulñada por el a palabra *baylada*): «baylata ballata».
- 44 Outra, por suposto —que mesmo se podería combinar con esta nalgúns casos—, era recorrer á *auctoritas* que concedía a adaptación de temas e formas occitanos (e tamén oitánicos). Téñase en conta, de tódalas maneiras, como recorda M. Alvar (1969: 28), que é «Difícil pensar qué haya de autóctono o de importado en temas que, por su condición, son universales. Ni siquiera es fácil saber qué hay de tradicional y qué de poesía popularizada en estos temas»; *vid.* as páxinas que dedica este autor ás *bailadas* (M. Alvar 1969: 27-31), poñéndoas en relación con cancións francesas, pero buscándolle antecedentes nos *Carmina Burana*, e aclarando que, en todo caso, «el problema de la filiación de un texto es independiente de su eficacia estética. Asensio ha hablado de la retórica vertida sobre la bailada de Juan Zorro y sobre la reelaboración del santiagués Airas Nunes. No reincidamos. Una vieja tradición resuena en el cancionero; pero estamos en un eslabón de más larga cadena. De una u otra forma se irá alargando».

e establecendo artificialmente un paralelismo con outras modalidades xenéricas da cantiga de amigo<sup>45</sup> como poden se-la *cantiga de santuario* ou a *maríña*, que veñen determinadas fundamentalmente pola presenza dun motivo<sup>46</sup> que as aglutina (un santuario e o mar, respectivamente), sería posible utiliza-la designación de *bailada* para referirse a unha variedade do xénero de amigo caracterizada por incluí-la mención explícita do baile<sup>47</sup>.

As cantigas que conteñen esa referencia son as seguintes<sup>48</sup>:

Cant.	Trobador	Íncipit	Refrán	R1	R2	Volta
14,4	Airas Nunez	Bailade, oje, ai filla...	+	-	+	-
14,5	Airas Nunez	Bailemos nós ja todas...	+	-	+	-
83,1	Johan Zorro	Baylemos agora...	+	-	+	-
91,3	Martin Codax	Eno sagrado, en Vigo	+	-	+	-
136,4	Pero Viviaez	Poys nossas madres van...	+	-	-	-
157,28	-	Ledas sejamos ogemais!	+	-	-	-
157,35	-	O Marot aja mal-grado	+	-	-	-

Dúas destas composicións (136,4 e 91,3) son tamén cantigas de santuario<sup>49</sup>. Por outro lado, a relación podería completarse cunha cantiga de Don Denis, *Mha madre velida!* (25,44) que usa o término *bailada* cun sentido diferente ó que lle estamos dando, pois non designa un tipo de composición, senón (en variación sinoní-

hasta el fin de los tiempos: será un rito primaveral o una danza de muchachas, será un tópico popular o la erudición culta. Todo con su lento serpear» (M. Alvar 1969: 30-31).

- 45 Fóra deste xénero, só aparece mención do baile nunha cantiga de escarnio de Roi Queimado (148,8), que recolle un *verb'antigo*: «como lhi cantardes, bailar-vos-á» (III, 6), para remata-la composición no verso seguinte, afirmando «ca non á por que vos baile melhor». Ademáis da efectividade que poidan ter no escarnio tanto o «verb'antigo» como o comentario concluínte, interesan ós nosos obxectivos porque confirman indirectamente a existencia dun tipo de canto que, dalgunha maneira, serve de soporte á danza.
- 46 Este motivo vai normalmente asociado a outros que o complementan á hora de defini-la modalidade. Por outro lado, o seu papel non é idéntico en tódolos casos, pois pode ser un simple escenario ou acadar maior protagonismo.
- 47 Non empregamos, pois, o término *bailada* no que puido se-lo seu sentido orixinario (canción que acompaña o baile), por carecer de exemplos seguros desa modalidade, senón que o aproveitamos para referirmonos a unha variedade temática da cantiga de amigo que fai referencia a esa actividade festiva.
- 48 Dado que tivemos ocasión de comentar algúns trazos formais vinculados ás cancións de baile, indicáremo-la posible incidencia nestes textos de recursos como o refrán inicial (R1) e o refrán intercalar (R2), ademáis da *volta*.
- 49 A primeira delas, sobre todo, contén non só a indicación de acudir a un santuario concreto (San Simón de Val de Prados) para encontrarse nel co amigo, senón tamén a complementaria de «queimar candeas», que a amiga reserva para as nais coa finalidade de quedar libres as mozas para bailar «fremos-sas, en cos» diante dos namorados. A cantiga de Martin Codax, pola súa parte, presenta un «corpo velido / delgado» bailando «en Vigo, no sagrado» (que é a única vinculación que se entabla coa modalidade *de santuario*).

mica con *bailia*<sup>50</sup>) a propia actividade lúdica, como pode comprobarse nas catro primeiras estrofas (das oito de que consta)<sup>51</sup>:

Mha madre velida!  
Vou-m'a la bailia  
do amor.

Mha madre loada!  
Vou-m'a la bailada  
do amor.

Vou-m'a la bailia  
que fazem em vila  
do amor.

Vou-m'a la bailada  
que fazem em casa  
do amor<sup>52</sup>.

Se en varios momentos se falou xa do segundo dos *lais* transmitidos por B e L (157,35), non menos importancia reviste o que leva nesas manuscritos o número 5 (157,28), que xunta tamén a ledicia co canto e a danza<sup>53</sup>:

*Ledas sejamos* ogemais!  
*E dancemos!* Pois nos chegou  
e o Deus con nosco juntou,  
*cantemos-lhe* aqieste *lais!*  
“Ca est(e) escud(o) é do melhor  
omen que fez Nostro Senhor!”

Con [e]st(e) escudo *gran prazer*  
*ajamos!* e *cantemos ben!*  
*E dancemos* a nosso sen,  
pois lo avemos en poder!

- 50 O mesmo sentido debe de ter *bailar* na cantiga de Pero Meogo, *Fostes, filha, eno bailar* (134,4), pero a súa presenza nela está limitada a este verso de íncipit (o que xa non é pouco, posto que é un dos postos mais significativos), que vén seguido de «e rompestes i o brial», para encadear logo varios dos símbolos tan queridos para este trobador: o cervo / namorado e a fonte, e a rotura do *brial* / *vestir*.
- 51 Ten unha estrutura de cobras alternas, como corresponde ó uso do leixaprén, pero non aparecen nen o refrán inicial nen o intercalar, nen o verso de volta, aínda que sí fala claramente «do amor» en relación coa danza.
- 52 A expresión *fazer bailada* aparece tamén en Airas Nunez, na cantiga 14,4 (III, 1: «Por Deus, ai mia filla, fazed'a bailada»).
- 53 A súa rúbrica explica: «Este laix fezeron donzelas a don Ançaroth quando estava na Insoa da Lidiça quando a rainha Genevra achou con a filha do rei Peles e lhi defendeo que non parec[s]e ant'ela».

“Ca est(e) escud(o) é do melhor  
omen que fez Nostro Senhor!”

Oy nus devemos [*a*]*llegrar*,  
e est(e) escudo, que Deus aqui  
trouxe, façamo’-lo assi:

Puinhemos muit(o) e’-no onrar!

“Ca est(e) escud(o) é do melhor  
omen que fez Nostro Senhor!”

As outras tres cantigas son xustamente as únicas que recorren ó refrán intercalar, que se podería relacionar lixeiramente (o procedemento non é idéntico) coa *balada* occitana. A máis antiga delas pode se-la de Johan Zorro, composta de dúas estrofas paralelísticas que abren e cerran xustamente coa invitación ó baile (baixo as avelaneiras «frolidas / granadas») que fai a amiga a tódalas mozas namoradas:

*Baylemos* agora, por Deus, ay velidas,  
sô aquestas avelaneyras frolidas  
e quen fôr velida, como nós velidas,  
s’amig’amar,  
sô aquestas avelaneyras frolidas  
verrá *baylar*!

*Baylemos* agora, por Deus, ay loadas,  
sô aquestas avelaneyras granadas  
e quen fôr loada, como nós loadas,  
s’amig’amar,  
sô aquestas avelaneyras granadas  
verrá *baylar*!

A imitación que dela fai Airas Nunez<sup>54</sup> repite esquemas e expresións, pero engade unha terceira cobra na que pasa do paralelismo verbal ó semántico e que supón unha alteración na posición que ocupa o baile (que deixa de se-la primeira palabra do primeiro verso para pasar a se-la última do segundo, o que lle permite reaparecer ó final do cuarto):

*Bailemos* nós ja todas tres, ai amigas,  
so aquestas avelaneiras frolidas,

54 Tavani (1992: 50) considera que as analoxías entre as dúas composicións non poden ser outra cousa que froito dunha reelaboración por parte dun dos autores da composición do outro, polo que «o refacedor será con toda seguridade Airas Nunez, pois do seu gusto pola reelaboración de textos alleos temos recollido xa varias probas». Na mesma páxina lembra, «como síntoma de cultura literaria», que a estrofa empregada nestas dúas *bailedas* «é a mesma usada por Guillermo IX (en 4 cancións) e nos *versus* de Saint-Martial» (Tavani 1992: 50, n. 42).

e quen for velida como nós, velidas,  
se amigo amar,  
so aquestas avelaneiras froldas  
verrá *bailar*.

*Bailemos* nós ja todas tres, ai irmanas,  
so aqueste ramo d'estas avelanas,  
e quen for louçana como nós, louçanas,  
se amigo amar,  
so aqueste ramo d'estas avelanas  
verrá *bailar*.

Por Deus, ai amigas, mentr'al non fazemos  
so aqueste ramo froldo *bailemos*,  
e quen ben parecer como nós parecemos,  
se amigo amar,  
so aqueste ramo, sol que nós *bailemos*,  
verrá *bailar*.

A técnica debeu ser do agrado do trovador, porque insiste nela en 14,4, proporcionando un exemplo aínda máis completo da importancia do motivo do baile, que está presente no segundo verso do refrán intercalar, pero tamén —seguindo unha posición estratéxica (comezo ou fin de verso), conforme ás técnicas paralelísticas— nos versos primeiro e terceiro de cada unha das catro estrofas (reproducimos só as dúas primeiras, que permiten advertir claramente a distribución), co que se converte no elemento central dunha composición na que a nai roga á filla que baile ante o amigo, algo que ela non pode deixar de interpretar como un desexo da nai de velo morrer<sup>55</sup>:

*Bailade*, oje, ai filla, que prazer vejades,  
ant'ó voss'amigo, que vós moit'amades".  
*Bailarei* eu, madre, pois me vós mandades,  
mais pero entendo de vós úa ren:  
de viver el pouco muito vos pagades,  
pois me vós mandades que *baile* ant'el ben".

"Rogo-vos, ai filla, por Deus, que *bailedes*  
ant'ó voss'amigo, que ben parecedes".  
*Bailarei* eu, madre, pois mi-o vós dicesdes,  
mais pero entendo de vós úa ren:

55 Vid. Tavani (1992: 50-51). O baile da moza diante do amigo caracterizaba tamén a cantiga de Pero Viviaez (vid. *supra*), e non queda claro se hai que supoñelo así mesmo nas restantes, que non o indican expresamente.

de viver el pouco gran sabor avedes,  
pois me vós mandades que *baile* ant'el ben”.

Á vista deste exemplos, advírtese que non parece existir un único modelo estrófico (aínda que algúns deles se repitan) que xustifique por esa vía ningún tipo de parentesco. Pero en tódolos casos hai unha proximidade —do tipo que sexa— entre o baile e o amor, e, sobre todo, a posición que ocupan dentro de cada unha das composicións as palabras que indican a actividade de danzar permite supoñer que se trata dun motivo o suficientemente representativo (a pesar do escaso número de textos conservados) como para dar carta de identidade a unha modalidade xenérica das cantigas de amigo que, como algunha outra, ten as súas raíces máis fondas nunha vena popular que algúns trovadores souperon aproveitar para elaborar composicións de corte refinado que aportan aires novos a unha tradición lírica (non só a galego-portuguesa) que alcanzara xa o seu apoxeo e necesitaba elementos renovadores.





[X. L. Couceiro Pérez – L. Fontoira (eds.), *Martín Codax, Mendiño, Johan de Cangas. Día das letras galegas 1998*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (usc), 1998: 65-76]

Un dos moitos problemas filolóxicos, codicolóxicos, literarios e mesmo lingüísticos que teñen sido discutidos en relación coa produción poética de Martin Codax afecta á interpretación da cantiga que comeza *Mia irmana fremosa, treides comigo?*<sup>2</sup> (N3, B1280, V886), que, para unha parte da crítica<sup>3</sup>, presenta un dobre suxeito para o verbo *verra* («mia madre» e «o meu amigo / amado»), mentres que, para outros estudiosos<sup>4</sup>, o que existe é un apóstrofe nas dúas primeiras estrofas («mia irmana fremosa») e outro distinto nas outras dúas («mia madre»). Ámbalas dúas posibilidades poden ser xustificadas con razóns de diversos tipos, e, tamén, ámbalas dúas prantexan dificultades para a súa aceptación.

Esta composición, que figura en tódolos manuscritos en terceiro lugar dentro do *corpus* de Martin Codax, é, como tódalas deste autor, unha cantiga construída en *cobras alternas* sobre o procedemento do *leixa-prén*<sup>5</sup>, con rima aaB e unha combinación de versos dodecasílabos e tredecasílabos co heptasílabo do *refrán*, é dicir, unha cantiga de corte tradicional que utiliza a rima feminina e presenta asonancia nas estrofas impares (*comigo-salido, salido-amigo*).

A substitución non sinonímica prodúcese entre *treides comigo* e *treides de grado*, que teñen significacións distintas, xa que no primeiro caso a invitación é a compañía-la amiga, e no segundo exprésase case un rogo a facelo de boa gana.

- 1 Citámo-las composicións polos códigos numéricos (que reproducen, con lixeiras variacións, os establecidos por Tavani 1967a) empregados na edición global do noso corpus trobadoresco (Brea 1996). Tamén os nomes dos trobadores son reproducidos coa forma gráfica alí utilizada.
- 2 Reproducímo-lo texto de Martin Codax seguindo a edición crítica preparada por Guiadanes et al. (1998), que, para o verso que provoca estes comentarios, presenta unha interpretación diferente («e verra i mia madr'e o meu amigo / amado»).
- 3 Entre eles (ademais da edición citada de Guiadanes et al. 1998), *vid.* Cunha (1956), Ferreira (1986), Tavani (1988c).
- 4 *Cfr.* Oviedo y Arce, (1916-1917: 1-16, 57-73, 89-104, 121-135, 153-162, 233-257), Bell (1923), Nunes (1931), Spaggiari (1980), Jensen (1978), D'Heur (1975b), Lorenzo Gradín (1990).
- 5 Esta é a razón fundamental de considerar correcta a ordenación que figura en B e V para as estrofas III e IV, e non a do Pergamiño Vindel.

Igual ca na cantiga de Mendinho (98,1), e só nestes dous textos dunha maneira clara<sup>6</sup>, únense aquí os motivos característicos de dúas modalidades xenéricas da cantiga de amigo, a *mariña* e a *cantiga de romaría* (ou de santuario)<sup>7</sup>, posto que, neste caso coma naquel, o lugar de encontro co amigo é un santuario (a igrexa de Vigo, probablemente Santa María, aínda que tamén podería se-la de Santiago, ou incluso a antiga ermida de Santa Uxía, logo Santa Marta, onde hoxe está a orde franciscana) situado na ribeira, pero o mar non se limita a ser un indicador de posición, senón que pasa ó primeiro plano con esa referencia explícita ás ondas que a dona quere ir ver, posiblemente para intentar descubrir enriba delas un barco que se aproxime traendo o amigo, aínda que este dato non se atope realmente no texto, porque o que este di é:

- que quere ir á igrexa de Vigo, que está a carón do mar (motivo da «romaría»);
- que invita á «irmana» a acompañala;
- que o obxectivo da «romaría» é mira-las ondas («mariña»);
- que se vai produci-la chegada do amigo<sup>8</sup>.

Ata aquí, o acordo parece unánime entre cantos se ocuparon deste texto. O desacordo prodúcese entre a posibilidade de que o amigo non acoda so á cita, senón en compañía da nai da moza, ou a de que a «irmana» non sexa a única interlocutora do suxeito lírico, senón que este se dirixa tamén á nai, como acontece en tantas outras cantigas de amigo.

1. **A nai e o amigo veñen xuntos** Cunha (1956: 56-58) apóiase, para a súa argumentación, no feito de que xa C. Michaëlis (1969: 269) fixera constar que «*Madre* pode ser vocativo, ou nominativo: *madr'e*. Tão estranhavel é que a namorada, acompañada da irmã, se encontre na igreja de Vigo com o amado, e juntamente com a mãe delas (*nossa madre*, por tanto) afim de admirarem o espectáculo imponente do mar embravecido, como seria o caso de ela se dirigir à irmã numa estrofe e a mãe na outra». Discute, en función deso, a edición de Oviedo y Arce (e as que a seguiron), porque considera que se funda «numa interpretação personalíssima da cantiga, cujo texto foi enriquecido pela imaginação do editor» (Cunha 1956: 56), e quere deixar constancia de que, por unha parte, nada se opón —desde o punto de

6 As outras cantigas de Martin Codax son ou «cantigas de romaría» (91,1; 91,3; 91,4) ou «mariñas» (91,2; 91,6; 91,7). Por outra parte, ningún outro trovador dá mostras desa combinación tan lograda entre as dúas variedades vinculadas a unha lírica autóctona de raigame popularizante; Pai Gomez Charinho, xeograficamente próximo a estes, fixo un uso maxistral da *mariña* nalgunhas das súas composicións, pero non o relacionou de xeito tan evidente coa *romaría*, porque o único dos seus textos que se podería poñer en relación co de Mendinho e con este de M. Codax é ¡Ay, Santiago, padrón sabido! (114,2), no que tan só hai, por unha parte, unha mirada sobre o mar para ver chega-lo barco do amigo e, por outra, unha invocación a Santiago para que lle traia o amado.

7 Vid. Brea (1998a).

8 O «encontro» é tamén un dos elementos caracterizadores das *cantigas de romaría*. Vid. Filgueira Valverde (1992a), Correia (1993).

vista sintáctico— a que un suxeito múltiple concorde en singular, porque é perfectamente posible esa concordancia só co suxeito máis próximo, e de que, por outra, non lle parece extraño que a moza, acompañada dunha amiga, queira ir encontrarse coa nai no mesmo lugar no que estaría o amigo<sup>9</sup>.

Esta proposta de Cunha é defendida por Tavani (1988c: 273), que insiste nese papel da «mãe consciente e até prónuba e presente nos encontros amorosos», e por Ferreira (1986: 149), que engade que «a ida da mãe ao local do encontro amoroso não deixaria de ser vista pela *irmã* como uma consagração da expectativa da protagonista e, nessa medida, como uma garantia de que valeria a pena acompanhá-la até lá».

Guiadanes *et al.* (1998) aporta datos que virían corroborar esta hipótese, para a que Cunha poñía como exemplo de «nai consentidora» dúas composicións de Johan Nunez Camanez, nas que se di:

Se eu, mia filha, for  
voss'amigo veer,  
porque morre d'amor  
e nom pode viver,  
iredes comigu'i?  
Par Deus, mia madr', irei!  
(74,7, estr. 1).

Id', ai mia madre, vee-lo meu amigo  
que é coitado porque nom fala migo;  
e irei eu convosco, se vós quiserdes  
(74,2, estr. 1).

Os novos casos traídos a colación como reforzo da función «positiva» que pode desempeña-la nai son:

Madre velida, ide-lhi dizer  
que faça ben e me venha veer;  
e moyr'agora, querendo-lhi ben.  
Non lhi faley, ca o tiv'en desden:  
moyro eu, madre, querendo-lhi ben!  
(Airas Carpancho, 11,7, estr. III).

—Bailade, oje, ai filla, que prazer vejades,  
ant'ó voss'amigo, que vós moit'amades.  
—Bailarei eu, madre, pois me vós mandades,  
(Airas Nunez, 14,4, I, 1-3).

9 Engade que «Nem tôdas as mães são acusadas pelos trovadores de guardarem suas filhas. De algumas se diz até que lhes facilitavam os colóquios com os namorados» (Cunha 1956: 58).

Pero mia madre non foss'i,  
mandou-mi que o visse  
(Johan Soarez Coelho, 79,5, II, 1-2).

Máis significativos aínda poden resultar outros exemplos presentados nesta edición, porque deixan constancia da coincidencia, na cita amorosa, da nai e o namorado (elemento que faltaba nos textos citados ata aquí);

Vi-vos, madre, con meu amig'aqui  
oje falar, e ouv'em gram prazer  
(...)  
El pos os olhos nos meus entom,  
quando vistes que xi vos espediu,  
e tornou contra vós led'e rio  
(D. Denis, 25,136).

Treides, ai mia madr', en romaria  
orar u chamam Santa Cecilia:  
e louçana irei,  
ca já i est'o que namorei,  
e, louçana, irei  
(Martin de Padrozelos, 93,8, estr. I)<sup>10</sup>.

2. **Mia madre, apóstrofe** Oviedo y Arce (1916-1917: 91), partindo tamén do comentario de Michaëlis, pensa que o vocativo vén reclamado pola forma singular do futuro *verra*, pero que «lo reclama más urgentemente el sentido», e razónao da seguinte maneira: «La protagonista cantora diríjese en las dos primeras estrofas a su hermana (...) para que la acompañe a la iglesia de Vigo; y en las dos últimas habla a su madre, *mia madre*, como pidiéndole autorización para entrevistarse con el amante que va a emprender viaje».

Este plantexamento —con matizacións de diversos tipos— é subscrito, entre outros, por Nunes (1931: 28), Bell<sup>11</sup>, D'Heur<sup>12</sup> ou Spaggiari (1980: 398), quen es-

10 A relación de exemplos complétase con 136,4, que celebra a posibilidade de acudir xunto coas nais a San Simon de Val de Prados, porque así, mentres estas se dedican a *queimar candeas*, as mozas poden bailar para que os seus amigos as vexan. E con 142,5, na que a amiga pide autorización á nai para ir velo amado, que parte «a Sevilha el-rei servir», e ela lle responde co primeiro verso do refrán: «Filha, ide; eu vosqu'irei».

11 «The explanation probably is that the mother here, as so often in the early lyrics, is regarded as hostile the daughter implores her sister's support, and, having obtained it, turns triumphantly on her mother —they are now two to one— and tells her with defiance that she is going to meet her lover. The lyrics, simple as they are in expression and structure, are sometimes dramatic» (Bell 1923: 164).

12 Non comparte, sen embargo, a explicación de Bell: «Quant à l'interprétation psychologiquement dramatisante de Bell qui perçoit dans cette pièce un sentiment d'hostilité des soeurs liguées contre leur

tima «onestamente improbable, anzi “extranhável” (...) questa specie di riunione familiare tra la protagonista, sua madre e l’innamorato, (...) per di più alla presenza di una quarta persona (...). Forse è più credibile il doppio vocativo, giustificato anche su base strutturale: nelle prime due strofi la fanciulla invita l’amica a recarsi con lei nella chiesa di Vigo, dove incontrerà l’innamorato; nelle ultime due si rivolge alla madre per informarla del prossimo convegno amoroso; ma ci sarà la *irmãna* con lei, e tutti insieme guarderanno le onde».

No seu libro sobre *La canción de mujer*, Lorenzo Gradín (1990:123) confesa as dudas ás que a enfrontan as distintas lecturas, pero conclúe que lle parece máis xustificable a interpretación do sintagma como vocativo, atendendo tanto ó «desarrollo lineal que adquire el discurso en la serie de las siete cantigas del trovador» como á «estructura semántica de la cantiga de amigo gallego-portuguesa, en la que éste sería el único caso en que la madre acudiese junto con el amigo a la cita».

### 3. **Recapitulación** As lecturas que presentan os manuscritos son as seguintes:

N v. 8 *e uerra y mia madreo meu amado* / v. 11 *amigo*

B v. 8 *E ueira hi madre o meu amigo* / v. 11 *hy madro meu amado*

V v.8 *e uerra hy madre*  
*o meu amigo*<sup>13</sup> / v. 11 *meu amado*

É certo que, como sinala Ferreira (1986: 149), o copista puido fundir no *e* final de *madre* a vocal final átona máila conxunción copulativa «de acordo com a práctica de significar por uma mesma letra dois sons sucessivos passíveis de idêntica grafagem»<sup>14</sup>, e que iso xustifique a edición como *madr’e o*. De tódolos xeitos, o copista de V, polo menos, non o debía entender así cando reproduce as estrofas (coa excepción do verso de *incipit*, que aparece na mesma liña<sup>15</sup>) como se estivesen compostas de catro versos curtos en lugar de dous longos, e separa de forma evidente *madre* do sintagma *o meu amigo* / *meu amado*.

mère, elle ne me paraît pas adaptée à une tonalité généralement calme que marque bien le refrain *e miraremo-las ondas*» (D’Heur 1975b: 404-405).

- 13 Primeiro, o copista escribira «amado», pero logo debeu percatarse do erro e corrixiu por riba. Tamén debeu ser engadido posteriormente o artigo *o*, porque queda fóra de marxe, e non aparece no v. 11.
- 14 Unha razón adicional que parece convencer a Ferreira (1986) é que, editando *madre e*, obtén como resultado un verso de catorce sílabas, «permitindo a súa perfeita adequação à música dos versos 2 e 4». Sin embargo, a edición preparada polo Centro «Ramón Piñeiro» (Fernández Guiadanes et al. 1998) establece un cómputo silábico, para os dísticos, de versos de doce sílabas alternando con outros de trece (estrofas I e II: 12’ 13’ 7’; estrofas III e IV: 13’ 12’ 7’).
- 15 En B tamén aparece na mesma liña o verso de *incipit*, pero logo a distribución é un pouco diferente á de V, pois aparece disposta en versos curtos toda a segunda estrofa, pero a terceira e a cuarta parten só o primeiro verso, transcribindo o segundo como se indica, todo na mesma liña.

Cabe, así mesmo, dentro do posible que a nai apareza en escena (especialmente nas cantigas de romaría, como é o caso) na proximidade do amigo. En calquera caso, nos exemplos aducidos pode verse como nunca se dá a circunstancia de que cheguen xuntos; máis ben é a amiga quen acode ó santuario na compañía da nai, e son moi poucos os textos nos que se produce un contacto directo entre o namorado e a nai, e menos aínda os que teñen lugar nun contexto que presente algunha afinidade co desta cantiga de Martín Codax.

Posiblemente un dos argumentos máis fortes que utilizan algúns dos defensores da hipótese que espuxemos en primeiro lugar sexa a dificultade de admitir un dobre apóstrofe, dado que, se ben *madre* resulta bastante frecuente nesa función<sup>16</sup>, non resulta doado atopar exemplos similares nos que alterne con un vocativo diferente. Tan só chama a atención Lorenzo Gradín sobre aquela cantiga de Pai Gomez Charinho que mencionamos en nota (114,2), na que se pode ver unha invocación ó padrón Santiago no corpo da estrofa e unha interpelación á nai no refrán:

¡Ay, Santiago, padrón sabido,  
vós mh'adugades o meu amigo!  
Sobre mar vén quen frores d'amor ten,  
myrarey, madre, as torres de Geén.  
(estr. 1).

Recoñecendo por adiantado que, á vista de tantos problemas, parece posible defender calquera das dúas hipóteses, queremos, non obstante, romper unha lanza á favor da segunda, apoiándonos para elo, sobre todo, nos seguintes datos:

- a) a lectura dos manuscritos, xa comentada;
- b) o feito de que a moza parece mostrar unha certa ledicia ante a posibilidade do encontro co amigo, polo que o que lle interesa destacar é que sexa el precisamente o que vén;
- c) as distintas posibilidades de interpretación que pode ofrece-la existencia dese «doble apóstrofe».

En relación coa chegada do amigo, e limitando a nosa busca a aquelas cantigas nas que aparece exactamente esta mesma forma verbal de futuro (*verrá*) co amigo como suxeito, podemos traer a colación as seguintes composicións: 15,4 («e verrá o namorado», I, 3); 51,3 («nen mi sab'ome oje recado dar / se verrá ced'e (...)», III, 3-4); 63,7 («que se verria máis cedo que poder», II, 3); 63,10 («dizen-mi que cedo verria», III, 2); 63,48 («mais logo verria / el rogar a mí», II, 3-4); 63,54 («mui cedo vos verria», I, 2); 63,57 («e dizen-mi que verria / mui ced'e (...)», II, 34); 67,3 («que ve-

16 D'Heur (1975b: 387) indica que as cantigas nas que a moza se dirixe directamente á nai son 89, procedentes de 49 autores diferentes, na súa maioría xograres.

rrá en romaría a Far(o)», I, 2); 70,3 («cedo verrá alguen / que se paga da que parece ben», III, 5-6); 70,25 («acá verrá, / cá verrá, / acá verrá», refrán); 70,32 («ca verrá morrer u eu fôr», I, 4); 88,2 («quando souber que el verrá», v. 1 do refrán); 91,6 («E, ay Deus, se verrá cedo», refrán); 92,6 («cras me verrá meu amigo veer», I, 2); 98,1 («Eu atendend'o meu amigu! E verrá?», refrán); 110,2 («agora verrá 'qui voss'amigo», refrán); 122,1 («ca verrá, se m'eu quiser», IV, 4); 148,6 («Dizen-mi ora que non verrá / o meu amigo», I, 1-2); 148,14 («El verrá, ben o sabiades», II, 1). Como se pode advertir, en ningún destes casos se produce a chegada combinada ou paralela da nai, e tampouco quedaría claro en Martin Codax por qué esa circunstancia debería ser resaltada pola filla.

En canto á presenza dun dobre apóstrofe, limitarémonos a indicar que, mesmo se pretendesemos interpreta-los datos en sentido recto, non atopamos ningunha dificultade en imaxinar (como xa fixera Oviedo y Arce) unha escea familiar na que participan a nai e as fillas e a namorada se dirixe correlativamente á *irmana*, para invitala a facerlle compañía, e á *madre*, para facela partícipe tamén (como anticipando o seu consentemento) de que vai á igrexa de Vigo, na beira da mar, porque alí vai chega-lo amigo. Se atendemos, por outra parte, á poética da cantiga de amigo, podemos pensar tamén que *irmana* non ten por qué indicar un lazo de parentesco, xa que en moitos casos está utilizada como sinónimo de *amiga*, como se pode advertir en textos construídos coa estrutura paralelística como aquel de Airas Nunez (14,5) onde o primeiro verso «Bailemos nós ja todas tres, ai amigas» ten a súa correspondencia na estrofa II en «Bailemos nós ja todas tres, ai irmanas»<sup>17</sup>. ¿Non podería estar utilizado tamén *nai* como un sinónimo alternativo de 'amiga', ou, simplemente, os dous vocativos como variacións estilísticas para sinala-la figura da confidente (adopte esta a forma que sexa)? Do que non cabe dúbida é de que Martin Codax consegue uns efectos expresivos moi logrados na estrutura desta cantiga, na que se produce unha división entre as dúas primeiras estrofas, co convite á *irmana* á acodir ó santuario, e as outras dúas, co recoñecemento explícito de que vai ir alí o amado e o cambio de apóstrofe.

E, en calquera caso, ¿por qué resulta tan difícil de acepta-la existencia dun «doble apóstrofe», cando temos alomenos un exemplo no que pode existir esa duplicidade no interior dunha estrofa, e variar dunha a outra dentro dunha mesma cantiga<sup>18</sup>?

17 Guiadanes et al. (1998) aporta aínda un exemplo máis, procedente do xénero satírico: a composición 126,14, na que Pero Garcia d'Ambroa canta como «Meestre Nicolao» se dirixe a un incauto paciente como «amigo», e, máis adiante, como «meu irmão».

18 Neste caso concreto, só na primeira estrofa aparece un único apóstrofe (o primeiro está reemplazado por esa invocación «Par Deus»). Advértase que, en consecuencia, o cómputo total de apóstrofes distintos (e non hai máis posibles sinónimos que *amigas* e *donzelas*) desta cantiga é de sete: «meus cabelos», «ai mesela», «mias toucas de Estela», «amigas», «ai meu espelho», «ai donzelas», «mias cintas das fivelas».

Lembremos esta curiosa cantiga de Pero Gonçalves de Portocarreiro<sup>19</sup>, na que a moza invoca partes do seu corpo e do seu adorno personal (incluído o espello no que se contempla):

Par Deus, coitada vivo,  
pois non ven meu amigo;  
pois non vem, que farei?  
meus cabelos, con sirgo  
eu non vos liarei.

Pois non ven de Castela,  
non é viv', ai mesela,  
ou mi-o detem el-rei:  
mias toucas de Estela,  
eu non vos tragerei.

Pero m'eu leda semelho,  
non me sei dar conselho;  
amigas, que farei?  
en vós, ai meu espelho,  
eu non me veerei.

Estas dōas mui belas  
el mi-as deu, ai donzelas,  
non vo-las negarei:  
mias cintas das fivelas,  
eu non vos cingerei.

(128,4)

19 Agradecemos ó colega e amigo Xosé Luís Couceiro ternos chamado a atención sobre a particularidade desta composición.



A observación que eliximos como título deste traballo foi feita por Angelo Colocci cando, na súa detida revisión do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (B)* —copiado por encargo seu<sup>1</sup>—, chegara xa ó folio 290r, á cantiga que leva o número 1356 —*Á dona Maria soydade*, do trobador galego Lopo Liáns (ou Lias)—, e tivera ocasión de comprobar cómo as *razós*<sup>2</sup> que acompañaban as composicións precedentes deste autor eran denominadas unhas veces *cantar* (B1350, 1351, 1355<sup>3</sup>) e outras *cantiga* (B1338, 1353, 1354).

Ata chegar aquí, as primeiras rúbricas explicativas —sempre en B— das cantigas de escarnio (a primeira delas corresponde á que leva o número 1303) foran transcritas polo propio Colocci<sup>4</sup> (o copista nin sequera deixara espacio no folio, na maioría dos casos<sup>5</sup>, previsto para reproducilas) ata o número 1330bis (fol. 285r), no que a indicación<sup>6</sup> de cambio de sección «Aqui sse começan as cantigas d'escarn'e

- 1 Vid. Ferrari (1979), así como a recensión que fai deste traballo Gonçalves (1983).
- 2 Utilizamos como meras variantes as denominacións *rúbricas explicativas*, que é a máis empregada nos estudos sobre a lírica galego-portuguesa, e *razós*, correspondente á tradición occitana, onde designa un tipo de textos en prosa que poden preceder nos cancioneros a unha composición lírica, intentando explica-lo seu significado ou os motivos polos que se elaborou. Ese mesmo obxectivo, aínda que reducido a unha extensión mínima, xustifica a existencia das «rúbricas explicativas», polo que pensamos que lles cadra perfectamente o termo empregado para o occitano. Vid. ó respecto Gonçalves (1994), onde se poden ve-los distintos tipos de «rúbricas» presentes nos cancioneros galego-portugueses, os problemas que plantexan e as informacións que poden aportar.
- 3 E, por suposto, a da cantiga 1356 («Estoutro cantar fez a huna dona casada, que avya preyto con hun seu homen que avya nome ffranco»), na que aparece subliñado *cantar*. A anotación recollida no título deste traballo está situada na marxe inferior correspondente á primeira columna, na que se atopa esta rúbrica.
- 4 Algunha delas está copiada tamén polo amanuense, como acontece coa correspondente a B1308, que é reproducida (con repetición dalgunhas palabras) ó final da composición, polo que remata coa indicación: «Esta cantiga he a de cima». Colocci transcríbena na marxe inferior do fol. 279v, debaixo da segunda columna, na que están as dúas primeiras estrofas (a última, e a *razó* escrita pola copista a continuación, aparecen na primeira columna do fol. 280r).
- 5 Sí o fai, por exemplo, nas cantigas B1314, 1315, 1323, e Colocci aprovéitao para introducir nel as *razós*.
- 6 Non coincidente coa realidade, posto que este bloque comeza *de facto* —sen que nada o advirta— na cantiga 1300, de Estevan da Guarda.

de mal dizer» está escrita pola man do copista, quen, a partir de aí, reproduce dentro da «caixa» destinada ó texto esas *razós* en prosa.

O termo designativo era regularmente *cantiga* ata o número 1331 (polo tanto, en tódalas intercaladas polo humanista italiano), no que aparece por vez primeira nese contexto *cantar*, se ben no seguinte volve a ser utilizado *cantiga* e logo de novo *cantar* no 1333 e 1334. Os textos que veñen a continuación precedidos de *razós* son xa os de Lopo Liáns (que empezan no número 1338) ós que nos referimos arriba.

A existencia das dúas designacións alternativas debeu chamar poderosamente a atención de Colocci, porque volve reproducirla forma «cantar» na marxe inferior do fol. 290r correspondente á segunda columna (na que se copia a composición nº 1357, que vai precedida doutra *razó* que empeza «Estoutro cantar fez de mal dizer...»), e na que, unha vez máis, está subliñada a palabra *cantar*<sup>7</sup>). Pouco máis adiante, no fol. 291v, na marxe superior, anota «cantar feminino», levado probablemente por unha falsa interpretación do morfema de xénero na rúbrica correspondente ó texto nº 1363, na que subliña *fez estes cantares*. De tódolos xeitos, non tarda en decatarse do seu erro gramatical, porque no fol. 336v, tamén na marxe superior, indica «cantar masculus bis», que parece referirse ó primeiro verso da cantiga 1599: «Se eu no mundo fiz *algun cantar*» (subliñado este sintagma).

O que, sen embargo, non parece ter sido obxecto de reflexión por parte do humanista é a peculiaridade que entrañan estas denominacións dentro do conxunto da produción trobadoresca románica da Idade Media, pois el coñecía que a forma usada de xeito máis habitual era *cansó* (occitano)<sup>8</sup>—*chanson* (francés)—*canzone* (italiano)<sup>9</sup>, acorde co propio nome de *cancioneiro* que reciben en xeral os códices que conteñen os textos líricos. Todas elas remiten ó verbo *cantar*, resaltando o trazo particular do xénero, no que texto e melodía van intimamente entrelazados (condicionándose mutuamente)<sup>10</sup>, porque a súa difusión facíase, sobre todo<sup>11</sup>, a través

7 En realidade, neste caso, o subliñado abarca o sintagma *Estoutro cantar*. Ademais, pode que por ese motivo ou por outro que se nos escapa, na marxe dereita aparece a característica *manino* colocciana sinalando a rúbrica.

8 Non esquezamos, de calquera xeito, que os trobadores máis antigos preferían chama-las súas composicións *vers* (ou, como fai en ocasións Guilhem de Peitieu, *chansoneta*, utilizando o diminutivo para aportar un matiz de intrascendencia).

9 Mesmo os cancioneros casteláns, máis tardíos, conteñen, entre outras modalidades, *canciones*.

10 Ata chegar á escola poética siciliana, onde queda truncada esa simbiose de texto e melodía que fundamentaba os *cancioneiros*.

11 En menor medida, tamén se difundían por vía escrita, mediante os *rolos* ou *rótulos* (*Liederblätter*) ou as copias dos cancioneros (individuais —*Liederbücher*— ou colectivos —*Liedersammlungen*—), que adoitaban reproducir tamén a notación musical, se ben na tradición galego-portuguesa isto só sucedeu coas *Cantigas de Santa María*, porque o *Cancioneiro da Ajuda* deixou os espazos para a melodía, pero esta non chegou a ser copiada, e os apógrafos italianos perderan xa ese referente, polo que os únicos indicios que perduraron da música trobadoresca son os proporcionados polo *Pergamiño Vindel* e o *Pergamiño Sharrer*.

da interpretación por medio do canto (probablemente acompañado de execución musical, como semellan dar a entende-las miniaturas do *Cancioneiro da Ajuda* ou as das *Cantigas de Santa María*).

1. **Canción** O termo *canción* non se rexistra na lírica galego-portuguesa<sup>12</sup> a non ser na *tensó* (transmitida unicamente en V1021) *Vedes, Picandon, sôo maravillado* (79,52<sup>13</sup>), mantida por Johan Soares Coelho (o trobador portugués documentado entre o segundo e o terceiro cuarto do século XIII, tanto na corte de Castela coma na portuguesa de Afonso III) e Picandon, o xograr provenzal ó servizo do trobador de orixe mantuana Sordel (ó que fai alusión Johan Soares no segundo verso da primeira estrofa). Pero, nas dúas ocasións en que aparece, esta voz está posta en boca do occitano, que se defende das acusacións do portugués de non saber «jograr fazer» (I, 5) e de terse dedicado ó xogo e ó viño gabándose

(e) de seer en corte tan preçado  
como segrel que diga: “Mui ben m’ès  
en *cançós* e cobras e serventés”,  
e que seja de falimen guardado  
(II, 4-7)

Na estrofa cuarta insiste de novo nas súas cualidades:

ca eu sei *canções* muitas e canto ben  
e guardo-me de todo falimen  
(vv. 5-6)

Advirtase que, no primeiro caso, a forma empregada é *cançós*, é dicir, a denominación occitana, que se adapta ó galego-portugués en *canções* na segunda ocorrencia. Ademais, semella que o xograr está a se referir á súa propia actividade, que debía desenvolverse en occitano, xa que esa era a lingua na que compoñía Sordel, como se constata tamén na enumeración que fai de xéneros provenzais: *cançós*, *cobras* e *serventés*.

O testemuño de Picandon pode servir de proba indirecta do coñecemento do termo no ámbito galego-portugués, pero, ó mesmo tempo, de que non foi implantado aquí porque xa existían outros dous que enchían ese contido e que, ademais, tiñan o sentido máis amplo de ‘composición lírica’ (ou sexa, combinación harmoniosa de palabras e sons), sen precisa-lo tema tratado, como sucede, pola contra, coa denomina-

- 12 Tampouco *canto*, porque a única aparición deste substantivo (en *Non me posso pagar tanto*, de Alfonso X) non se refire a unha composición lírica senón ó *canto das aves* (I, 2-3).
- 13 Citámo-las composicións polos códigos numéricos (que reproducen, con lixeiras variacións, os establecidos por Tavani 1967a) empregados na edición global do noso corpus trobadoresco (Brea 1996). Tamén os nomes dos trobadores son transcritos coa forma gráfica alí utilizada, e os textos remiten ás edicións reproducidas nese corpus.

ción *cansó* (*chanson, canzone, canción*), que experimenta unha restricción a ‘xénero que fala do amor’ (como se o resto dos contidos posibles non se expresase mediante o canto<sup>14</sup>). Nin *cantar* nin *cantiga* prexulgan o contido que ha te-la composición; por iso precisan do determinante (*de amor, de amigo, de escarnio e maldicir*<sup>15</sup>).

2. **Cantar e cantiga** A fragmentaria *Arte de trobar*<sup>16</sup> conservada nos primeiros folios de B utiliza sistematicamente a variante *cantiga*. Do mesmo xeito, as indicacións de cambio de sección<sup>17</sup> nos cancioneiros falan de *cantigas*:

En esta folha adeante se començan as *cantigas* d’amigo que fezeron os cavaleiros et o primeyro he fernan rodriguiz de calheiros (corresponde a B626, V227).

Aqui se començan as *cantigas* d’escarn’è de mal dizer (B1330bis, V937).

As rúbricas ou *razós* presentan así mesmo unha frecuencia de uso sensiblemente maior de *cantiga*; sen embargo, no interior das propias composicións resulta moito máis empregada a designación *cantar*.

- 2.1. ***Cantar e cantiga nas razós*** Na nosa revisión<sup>18</sup> dos textos en prosa que acompañan a algunhas *cantigas* pretendendo aportar informacións complementarias sobre as mesmas, atopamos 75 ocorrencias<sup>19</sup> de *cantiga*<sup>20</sup> fronte a tan só 10 de *cantar*. Estas corresponden ós casos mencionados xa ó comezo deste traballo (pois foran os que chamaran a atención de Colocci), así como á tamén comentada (en nota) B1360, V968:

14 Téñase en conta, de tódolos xeitos, que unha das características do xénero satírico provenzal é precisamente que os *serventeses* non conlevaban a composición dunha melodía propia, senón que se *servían* dalgunha xa existente, que normalmente correspondía á dalgunha *cansó* que tivese acadado o suficiente éxito como para que fose recoñecida de inmediato e fixese efecto a adaptación dun texto crítico ou paródico a uns sons identificados como propios dunha canción de amor.

15 E tamén *de Santa Maria*.

16 *Vid.* D’Heur (1975a).

17 Que xa non son «rúbricas explicativas», senón máis ben «codicolóxicas» (*vid.* o traballo xa citado de Gonçalves 1994).

18 Realizada coa inestimable colaboración de Antonio Fernández Guiadanes e M.<sup>a</sup> del Carmen Vázquez Pacho, ós que teño que agradece-la paciencia que mostraron e a eficiencia coa que me axudaron na localización de datos puntuais.

19 Non contabilizámolas veces en que se usa a forma *cantiga*, senón o número de *razós* que a conteñen, porque algunhas delas repítense unha segunda vez.

20 Contamos entre elas as correspondentes a B1360, V968 e B1362, V970, que non conteñen explicitamente a voz *cantiga*, pero que fan referencia a ela sen dúbida algunha cando din, respectivamente: «Esta outra fez a [...]» (a anterior comezaba: «Esta outra cantiga fez a hun cavaleyro [...]») e «Esta outra fez a hun escudeyro [...]». Curiosamente, esta última indica máis adiante: «e fezlh’estes cantares d’escarnh’e de mal dizer».

- B1331, V938; B1333, V940 aparecen atribuídas a Fernan Rodriguez de Calheiros<sup>21</sup> (o nome está incluído na rúbrica que acompaña á primeira delas);
- B1334, V941, a Fernan Paez de Talamancos (no interior da mesma *razó*)<sup>22</sup>;
- B1350, V957; B1351, V958; B1355, V963; B1356, V964 son as de Lopo Liáns que chamaran a atención de Colocci<sup>23</sup>;
- B1357, V965; B1360, V968; B1363, V971 corresponden a Martin Soarez<sup>24</sup>.

Están situadas, polo tanto, a carón de composicións integradas na primeira parte da sección de cantigas de escarnio e maldicir, atribuídas a trobadores que se atopan entre os tradicionalmente considerados máis antigos<sup>25</sup> (finais do século XII-antes de mediados do século XIII)<sup>26</sup>.

*Cantiga* convértese así na forma máis representativa tamén nas rúbricas ou *razós*<sup>27</sup>, tanto que apareza o substantivo só (ou precedido dun determinante) coma cando vai complementado coa indicación do xénero (*cantigas d'amor*, *cantigas d'amigo*, *cantiga(s) (d'escarn'h'e) de mal dizer*). *Cantar(es)*, nos casos sinalados, non leva outra precisión deste tipo que non sexa (*d'escarn'h'e) de mal dizer*, como corresponde ós textos ós que fai referencia.

- 21 Advírtase que, sen embargo, B1332, V939, atribuída ó mesmo trobador, utiliza *cantiga*.
- 22 Pero a rúbrica de B1336, V943, tamén de Fernan Paez de Talamancos, comeza: «Outrossi fez estas *cantigas* a ùa abadesa [...]». A cantiga está repetida, con lixeiras variantes, en B75, pero nesa posición non vai acompañada de *razó*.
- 23 Xa sinalamos arriba cáles son as composicións deste trobador que van designadas na rúbrica como *cantigas*.
- 24 Tamén neste caso aparecen intercaladas as dúas denominacións, pois *cantiga* é usada nas *razós* de B143; B144 (esta, transcrita polo propio Colocci); B172 (copiada tamén polo humanista, ó final da composición: «Esta cantiga de çima [...]»); B1358, V966; B1359, V967; B1367, V975; B1368, V976 e B1369, V977.
- 25 Coa única excepción posible de Lopo Liáns, que, se ben pola súa colocación nos cancioneiros podería ser contemporáneo dos outros, pola súa relación con Johan Romeu de Lugo, que lle dedica unha sátira, parece un pouco máis tardío. De tódolos xeitos, tampouco dispoñemos polo momento de datos fiables que permitan supoñer que non puido estar activo Johan Romeu na primeira metade do s. XIII.
- 26 Cfr., ademais dos estudos específicos sobre eles, as «fichas biográficas» proporcionadas por Oliveira (1994).
- 27 Aparece nás *razós* que complementan as seguintes cantigas: B2, L2; B3; B1336, V943; B129; B142; B143; B144; B172; B454; B455; B553, V156; B886, V470; B888, V472; B917, V504; B935, V523; V592-593; B1062, V653; B1303, V908; B1304, V909; B1305, V910; B1308, V913; B1309, V914; B1313, V918; B1314, V919; B1316, V921; B1322, V927; B1323, V928-929; B1327, V933; B1329, V935; B1330, V936; B1330bis, V937; B1332, V939; B1338, V945; B1353, V961; B1354, V962; B1358, V966; B1359, V967; (B1360, V968); (B1362, V970); B1367, V975; B1368, V976; B1369, V977; B1390, V999; V1000; V1008; V1037; V1038; V1039; V1040; B1431, V1041; B1432, V1042; B1433, V1043; B1441, V1051; B1448, V1058; B1452, V1062; B1469, V1079; B1477, V1088; B1504; B1510; B1512; B1513; B1543; B1561; B[1562]; B1603, V1135; B1605, V1138; B1608, V1141; B1611, V1144; B1612, V1145; B1614, V1147; B1619, V1152; B1621, V1154; B1622, V1155-1156; B1626, V1160; B1655, V1189.

**2.2. *Cantar e cantiga nas composicións*** No interior das propias composicións, *cantiga* aparece limitada a unha cantiga de amor (*Que mui de grad'eu querría fazer*, de Pai Gomez Charinho, 114,18), tres de amigo (*Sedia la fremosa seu sirgo torcendo*, de Estevan Coelho, 29,1; *Fez ùa cantiga d'amor*, de Juião Bolseiro, 85,9; *Amigo, sey que á muy gram sazon*, de Johan Baveca, 64,5), e dúas de escarnio, dirixidas ambas contra o mesmo personaxe (*Sueir'Eanes, un vosso cantar*, de Afons'Eanes do Coton, 2,22; *De Sueir'Eanes direi*, de Pero da Ponte, 120,7).

No primeiro caso, Pai Gomez manifesta as súas dificultades para compoñer unha cantiga como se merece a *senhor* que o ten no seu poder, porque, por unha parte, «avia mester de saber / trobar mui ben» (II, 1-2), pero a el «peccador, / nunca Deus quisso dar a entender / atal razon qual og'eu mester ey» (II, 3-5), e, por outra, resúltalle imposible achar esa *razon* porque perdeu completamente o *sen*, e, cando quere trobar, o que fai é chorar. A composición da *cantiga*<sup>28</sup> convértese así, aparentemente, no tema da mesma, polo que non sorprende que se empregue o vocablo na primeira estrofa e na última (en ámbolos dous casos, no segundo verso):

Que mui de grad'eu querría fazer  
ùa tal *cantiga* por mia sennor  
qual a devia fazer trobador  
que atal sennor fosse ben querer

[...]

E por aquesto ben vei'eu que non  
posso fazer a *cantiga* tan ben  
porque ia sôo fôra de meu sen

En dúas das cantigas de amigo, a fórmula *cantigas d'amigo* constitúe o refrán (29,1) ou forma parte del (64,5). Na composición de Estevan Coelho, vai precedida dos verbos *dizer* e *cantar*, que funcionan como sinónimos na estrutura paralelística na que se integran:

Sedia la fremosa seu sirgo torcendo,  
sa voz manselinha fremoso dizendo  
cantigas d'amigo.

Sedia la fremosa seu sirgo lavrando,  
sa voz manselinha fremoso cantando  
cantigas d'amigo.

(estrofas I e II)

28 Naturalmente, unha cantiga de amor perfecta, como cabe esperar dun trobador que se teña por tal e que cante á mellor dona do mundo.

Na de Johan Baveca dependen (como na de Pai Gomez Charinho) de *fazer*:

Amigo, sey que á muy gram sazon  
que trobastes sempre d'amor por mi  
e ora vejo que vus travam hy,  
mays nunca Deus aja parte comigo,  
se vus eu des aqui non dou razon  
per que *façades cantigas d'amigo*  
(estr. I)

A moza que fala na composición de Juião Bolseiro quéixase de que o seu amigo fixo por ela unha cantiga de amor (polo que o sintagma aparece destacado no incipit) fermosísima, que ela non pode deixar de apreciar e agradecer, pero que, precisamente pola perfección de que estaba adornada, provocou a súa morte:

Fex ùa *cantiga d'amor*  
ora meu amigo por mi,  
que nunca melhor feita vi,  
mais, como x'é mui trobador,  
fez ùas lirias no son  
que mi sacam o coraçon  
(85,9, I)

Tanto Afons'Eanes do Coton como Pero da Ponte, nas súas sátiras contra Sueir'Eanes, prefiren a forma *cantar*, que é a que empregan na primeira estrofa (Pero da Ponte tamén na segunda; e Afons'Eanes na terceira, en dúas ocasións), e recorren só a *cantiga* como alternativa na terceira e última:

Sueir'Eanes, un vosso *cantar*  
nos veo ora un jograr dizer  
[...]  
E, amigos, outra ren vos direi:  
polo jograr a *cantiga* dizer  
igual, non dev'o trobador a perder;  
eu por Sueir'Eanes vo-lo ei:  
ca dê-lo dia en que el trobou,  
nunca *cantar* igual fez nen rimou,  
ca todos os seus *cantares* eu sei.  
(2,22, I, 1-2, e III)

mais desto se pod'el gabar:  
que, se m'eu faço bon *cantar*,  
a ele mi o soio fazer.

[...]

se lh'algun *cantar* faz alguen,  
de lhi mui cantado seer;

Ca lhi troban en tan bon son  
que non poderian melhor;  
e por est'avemos sabor  
de lhis as *cantigas* cantar;  
mais al vos quer'eu d'el dizer:  
quen lh'aquesta manha tolher  
ben assi o pode matar

(120,7, I, 5-7; II, 6-7; III)

*Cantiga* aparece, pois, nestas composicións como obxecto directo dos verbos *fazer*, *dizer*, *cantar*<sup>29</sup>. En tres ocasións ocupa un lugar preferente (o refrán en 29,1 e 64,5; o incipit en 85,9<sup>30</sup>), e non está nunca en posición de rima (algo que sí acontece con *cantar*). En canto á cronoloxía dos autores, pode situarse, en liñas xerais, arredor de mediados do s. XIII, na corte castelá, quizais coa excepción de Pai Gomez Charinho, que está activo sobre todo no reinado de Sancho IV de Castela, e poida que tamén de Estevan Coelho, que podería ser un personaxe portugués atestigüado a comezos do s. XIV.

*Cantar* ofrece unha frecuencia de uso moi superior nos textos<sup>31</sup>. Advírtese a súa presenza aplicado a calquera dos tres grandes xéneros e o seu emprego por parte de trobadores de tódalas épocas, entre eles algúns dos máis antigos (Fernan Rodriguez de Calheiros, Pai Soarez de Taveirós, Martin Soarez, etc.), pero chega, por exemplo, a Don Denis. Complementa, sobre todo, os verbos *fazer* e *dizer*, pero rexístrase nun abano de contextos moito máis amplo có visto para *cantiga*. Do mesmo xeito, pode estar ubicado no refrán, no incipit, en posición de rima, usado

- 29 Ó mellor sería posible explica-la súa aparición no texto de Pero da Ponte para evita-la figura etimolóxica *cantares cantar*.
- 30 Aínda que non se trate dunha posición especialmente destacada, lembremos que na composición de Pai Gomez Charinho estaba no segundo verso das estrofas primeira e última, e que precisamente todo o texto xiraba arredor da intención de compoñer unha cantiga.
- 31 *Vid.*, ademais das dúas cantigas de escarnio citadas (de Afons'Eanes do Coton e Pero da Ponte, respectivamente), Pero Garcia Burgalês (125,17; 125,45), Roi Queimado (148,9), Johan Soarez Coelho (79,37; 79,16), Fernan Gonçalvez de Seabra (44,5bis), Martin Moxa (94,1; 94,12), Osoir'Anes (111,1), Fernan Rodriguez de Calheiros (47,24), Afonso Mendez de Besteiros (7,11), Afonso Fernandez Cebolhilha (3,7), Alfonso x o Sabio (18,33), Don Denis (25,99; 25,135; 25,138), Pai Soarez de Taveirós (115,5), Johan Garcia de Guilhade (70,23; 70,4; 70,29), Vasco Perez Pardal (154,1), Airas Nunez (14,9; 14,14), Roi Fernandez (143,9), Johan Airas (63,17; 63,47; 63,36; 63,55), Pedr'Amigo de Sevilha (116,36; 116,22; 116,7), Pero Garcia d'Ambroa (126,1; 126,5; 126,13; 126,15), Lourenço (88,17; 88,16; 88,3; 88,14; 88,11), Estevan da Guarda (30,31), Lopo Liáns (87,9; 87,13; 87,18; 87,16), Martin Soarez (97,3; 97,8; 97,4), Gonçal'Eanes do Vinhal (60,5), Johan Perez d'Aboim (75,8), Johan de Gaia (66,3), Airas Perez Vuitoron (16,13), Caldeiron (24,1), Pero da Ponte (120,49).



como *dobre* (en 116,36, por exemplo), en estruturas paralelísticas, determinado por medio dun posesivo (*meu, teu, seu, vosso*), especificado coa indicación do xénero (*d'amor, d'amigo, de mal dizer*<sup>32</sup>), e mesmo da modalidade compositiva escollida («o cantar vosso *de maestria*», 126,1, III, 3) ou da melodía utilizada («*En este son de negrada farey hun cantar*», 87,9, I, 1<sup>33</sup>) e tamén do motivo ó redor do cal xira a composición («*aqueste cantar da égoa*», terceiro verso do refrán de 87,13; «*cantar d'ama nen de tecedor*», 16,13, III, 6). Vexamos algúns exemplos:

Rodrigu'Ianes, queria saber  
 de vós porque m'ides sempre travar  
 en *meus cantares*, ca ssey ben trobar,  
 e a vós nunca vos vimos fazer  
*cantar d'amor* nen *d'amigo*; e por én  
 sse queredo-lo que eu faço bem  
 danar, terrán-vos por ssem-conhocer  
 (88,14, I)<sup>34</sup>

*Hun cantar* novo *d'amigo*  
 querrey agora aprender  
 que fez ora meu amigo  
 e cuydo logu'entender,  
 no *cantar* que diz que fez  
 por mi, se o por mi fez.  
 (116,36, I)<sup>35</sup>

Oí og'eu ùa pastor cantar  
 du cavalgaba per ùa ribeira,  
 e a pastor estava senlleira;  
 e ascondi-me pola escuitar,  
 e dizia mui ben este *cantar*:  
 «Solo ramo verd'e frofido  
 vodas fazen a meu amigo;

32 Os sintagmas máis frecuentes son *cantar d'amor* e *cantar d'amigo*. Non rexistramos directamente ningún caso de *cantar d'escarnho*, pero, á parte de que se poida deducir en moitos casos do contexto, hai algún exemplo bastante significativo ó respecto, como o de Lourenço, 88,11: «con seus *cantares* vai-o *escarnir*» (I, 5).

33 Repítese, cunha alteración da orde no segundo hemistiquio («*hun cantar farey*») en II, 1.

34 Dado que estamos diante dun debate satírico literario, non é de extrañar que se repita *cantar(es)* en tódalas estrofas desta *tensó* entre Rodrigu'Eanes e Lourenço (dúas veces na segunda de Rodrigu'Eanes), así como na *fiinda* correspondente a Lourenço.

35 Advértase o emprego de *amigo* como *mot equivoc* nos versos primeiro e terceiro. O *dobre* repítese nas outras dúas estrofas.

¡choran ollos d'amor! «

(14,9, I)<sup>36</sup>

Fez meu amigo, amigas, *seu cantar*,  
per bõa fe, en muy bõa razon  
e sen enfinta, e fez-lhi bon son;  
e ùa dona lh'o quiso filhar;  
mays sey eu ben por quen s'o *cantar* fez,  
e o *cantar* ja valria ùa vez.

(70,23, I)<sup>37</sup>

Sofrer-lh'ei eu de me chamar senhor  
nos *cantares* que fazia *d'amor*,  
mais enmentou-me todo con sabor  
de lhi saberem que mi quer gram ben.

Foi-m'el en *seus cantares* enmentar,  
vedes ora se me dev'a queixar,  
ca se non quis meu amigo guardar  
de lhi saberem que mi quer gram ben.

(115,5, II-III)

Quer'eu en maneira de proençal  
fazer agora un *cantar d'amor*,  
e querrei muit'i loar mha senhor

(25,99, I, 1-3)

Parece evidente, polo tanto, que a designación máis antiga, e á vez a máis utilizada polos trovadores para referirse ó produto do seu traballo, é *cantar*. *Cantiga* debe de empezar a difundirse a mediados do s. XIII, pero sen chegar a desbancalo seu sinónimo nas preferencias dos autores. De tódolos xeitos, no momento en que os compiladores organizan os cancioneiros tal e como chegaron a nós a través dos apógrafos italianos e decidiron engadir esas aclaracións en prosa que coñecemos como *razós* ou rúbricas explicativas, a fórmula habitual debía ser *xa cantiga*; lembrémo-lo escaso número de aparicións neses lugares de *cantar*, e a súa limitación a algúns dos trovadores máis antigos, polo que poderían ser restos dun-

36 Neste caso o *mot equivoc* elixido é precisamente *cantar*. Como substantivo aparece no verso previo ó refrán (lémbrese que, neste caso, estamos diante máis ben da modalidade «à refrains»), polo que, con variación na posición, está repetido no mesmo verso de tódalas estrofas. Unha situación semellante a esta (verso previo ó refrán, con variacións) atópase tamén, por exemplo, en *Neguei mia coita des ùa sazon*, de Fernan Gonçalvez de Seabra (44,5bis).

37 Ademais de nos dous versos do refrán, ese *cantar* aparece (en diferente altura estrutural) no primeiro verso das tres estrofas, e na terceira repítese no v. 3.

ha versión anterior integrada sen modificacións nalgunha das fases da nosa tradición manuscrita<sup>38</sup>. Isto podería conducir tamén a pensar que, efectivamente, a fragmentaria *Arte de trobar* transcrita nos primeiros folios de B foi redactada nun momento en que o uso de *cantar* quedara xa completamente relegado pola competencia de *cantiga*.

- 2.3. ***Outras aparicións de cantar e cantiga*** Dunha rápida ollada polas *Cantigas de Santa Maria*<sup>39</sup> despréndese unha situación semellante á contemplada na produción trobadoresca: no interior dos textos resulta máis frecuente o emprego de *cantar* ó longo de toda a colección (véxanse, por exemplo: «fezo *cantares* e sões», prólogo A, v. 25; «ond'este *cantar* fiz», ctga. 5; «e o *cantar* que o moço mais aposto dizia», ctga. 6<sup>40</sup>; «se vos prazen estes meus *cantares*», ctga. 8<sup>41</sup>; «un miragre fremoso, de que fix meu *cantar*», ctga. 47; etc.<sup>42</sup>). *Cantiga*, pola contra, non aparece na primeira versión de só 100 composicións (en realidade, cunha soa excepción, os casos recollidos corresponden precisamente ó último engadido de 200 *cantigas*), e non a rexistramos máis ca nos seguintes casos:

Desta razon vos direi  
un miragre que achei  
escrito, e mui ben sei  
que farei  
del *cantiga* sabrosa  
(106, estrofa 1)

- 38 Para comprende-lo proceso de compilación da lírica galego-portuguesa, resulta imprescindible a consulta do libro de Oliveira (1994).
- 39 Vid. Mettmann (1986-1989).
- 40 Nesta cantiga, repítese tres veces máis: «era un *cantar* en que diz», «este *cantar* o menío atan ben o cantava», «e o cantar que dizias meu ja escaeciste».
- 41 Un pouco máis adiante, «non quis deixar seus *cantares*».
- 42 Poden verse tamén: «que lle praza do que dela disser en meus *cantares*», prólogo B; «de que fix un *cantar* da Virgen santa», ctga. 84; «qual este *cantar* dirá», ctga. 107; «ond'eu este *cantar* fiz», ctga. 135; «con loores e *cantares*», «e desto *cantar* fizemos que cantassen os jograres», ctga. 172; «quen lle *cantares* ou prosas faz de loor», ctga. 202; «e se *cantar* ou loor eu de ti dix», ctga. 265; «ond'aqueste *cantar* fiz», ctga. 266; «sirvamo-la un pouco ora'h nosso *cantar*», ctga. 270; «e un *cantar* que fige segund'esta razon», ctga. 284; «fez ùu *cantar* que disse», «que o *cantar* ouve feito», «cantando o *cantar* chorand'assaz», ctga. 291; «des i aqueles *cantares* eran dos miragres seus», ctga. 295; «porque me tal gradecen meus *cantares* e meus sões», ctga. 300; «un *cantar* me façan que seja [a]tal», «des i começou seu *cantar* a fazer», ctga. 307; «nunca por outra moller trobe nen *cantares* faça oy mais, ca non mi á mester», ctga. 316; «e porende quero del un bon *cantar* fazer», ctga. 361; «a que en nossos *cantares* nos chamamos Fror das flores», refrán da ctga. 366; «macar poucos *cantares* acabei e con son», «que dos miragres teus fezezs'ende *cantares*», ctga. 401; «e nos roguemos en nossos *cantares*», ctga. 406; «cantando saborosos *cantares* e fremosos», ctga. 409.

En aquela vila ouve / un crerigo trobador  
que sas *cantigas* fazia / d'escarn[n]o mais ca d'amor  
(316)

Desto direi ùu miragre / que en Tudia avẽo,  
e porrey-o con os outros, / ond'un gran libro é chẽo,  
e que fiz *cantiga nova* / con son meu, ca non allẽo<sup>43</sup>,  
que fez a que nos [a]mostra / por yr a Deus muitas vias  
(347, 1)

Pero *cantigas de loor*  
fiz de muitas maneiras  
(400, 1)

Onde, tamén aquí, é de uso xeral *cantiga* é nas *razós* que preceden o relato dos milagres:

Este é o Prologo das *Cantigas de Santa Maria*, ementando as cousas que á menester eno trobar (prólogo B)<sup>44</sup>.

Esta é a primeira *cantiga de loor de Santa Maria*, ementando os VII goyos que ouve de seu Fillo (1)

Esta *cantiga* é do môtesteiro de Jherusalem, como lles deu Santa Maria muito trigo en un ano caro e depois muito ouro (187).

Como el Rey Don Affonso de Castela adoeceu en Bitoria e ouv'hũa door tan grande que coidaron que morresse ende, e poseron-lle de suso o *livro das Cantigas de Santa Maria*, e foi guarido (209).

Como Santa Maria tirou un escolar de prijon en Touro porque lle fezera hũa *cantiga* eno carcer jazendo (291)<sup>45</sup>.

Como Santa Maria livrou de prijon un cavaleiro por ùa *cantiga* que lle fez, que tiinna preso el Con Simon (363)

Prologo das *Cantigas das cinco Festas de Santa Maria* (410).

- 43 Aínda que non é este o momento de detérmonos no que poida significar, non queremos deixar de chama-la atención sobre esa indicación de *cantiga nova*, e tamén sobre a precisión de que o *son* foi composto directamente por el, non por outros ou tomado doutro lugar. Así mesmo, é importante ter en conta a indicación de que vai colocar ese milagre no *gran libro* que xa está cheo deles (¿a segunda versión, a de 200 cantigas? ¿ou aínda a primeira, de só cen?).
- 44 Reiterado no final: «Aquí sse acaba o Prologo das *Cantigas de Santa Maria*».
- 45 A pesar desa indicación da *razó*, cando no interior da composición se fai referencia a esa «cantiga», emprégase sempre *cantar*.

Por outra parte, aínda que non apareza explicitada, a voz *cantiga* vén suposta (tanto *cantar* como *miragre*, que serían as outras posibilidades lóxicas, teñen xénero masculino) en tódalas *razós* que comezan: «*Esta é como...*», «*Esta é de loor...*».

Poderíamos supoñer, á vista destes datos, que a substitución de *cantar* por *cantiga* estase producindo precisamente na época de Alfonso X, que ou ben puido proceder á redacción das *razós* unha vez rematada a elaboración dos textos, nun momento en que xa se prefería *cantiga*, ou ben —no caso de que fora previa esa indicación para que servise de pauta á composición do relato do milagre— que aínda resultaba máis normal o uso de *cantar*, se ben na última parte da colección comeza a introducirse tamén *cantiga*. E non queremos deixar de comenta-la aparición dunha forma masculina *cantigos* (¿*cántigos*?) na ctga. 187, complementando o verbo *rezar* («e toda aquela noite ar *rezaron* des en / *ynos e cantigos* todos a mui gran perfia»), que parece aludir a cantos litúrxicos ou relixiosos, igual, posiblemente, que os *cantos* que se atopan noutras composicións, referidos ós entonados polos santos<sup>46</sup>:

E viu muitas maneiras y *santas e santos*  
muit'alegres, que *cantavan saborosos cantos*,  
que rogan polos crischãos [...]  
(85)

Eno Parayso santo, / u estan *todo-los santos*  
a Nostro Sennor loando / *con mui saborosos cantos*  
(196)

Dereit'é que loemos / a que *todos los santos*  
loan días e noites / *con mui fremosos cantos*  
(220)

E el de noite jazendo, / chegaron y *muitos santos*  
cona Virgen groriosa, / cantando mui dulces *cantos*  
(288)

Gier, na súa análise das diferentes designacións empregadas nas *Cantigas de Santa Maria* para facer referencia a este tipo de composicións, intenta establecer algunha diferenza de uso entre *cantar* e *cantiga*, polo que, nun primeiro momento, sinala que *cantar* «désigne surtout “le «texte” des *Cantigas*; c'est pour cela que l'auteur l'oppose à son “mélodie”» (Gier 1980: 145)<sup>47</sup>, pero ten que reco-

46 Hai outro caso no que simplemente parece indicar tamén cantos relixiosos: «e mandaron log'aos sergentes / que a fezessen do fogo sayr / log'; e *con cantos* / ela foi tantos / levada, quantos / mui de dur diria» (255). Ademais, na célebre ctga. 103, é o *canto* da *passarinna* (lembrémo-lo *canto das aves* de *Non me posso pagar tanto*) o que fai estar a un monxe trescentos anos extasiado.

47 Dado que se basea no mesmo verso («fezo cantares e sões»), esta é tamén a explicación que dá Montoya (1989: 66), que pretende xustificar dese xeito unha diferenza entre *cantar* e *cantiga*: «Cantar es, pues, el texto que después de puesta la melodía dará como resultado la cantiga».

ñecer que «d’outre part, *cantar* semble désigner l’ensemble formé par le texte et la musique» (Gier 1980: 146), que é exactamente o mesmo que indica para *cantiga*<sup>48</sup>. Non deixa de resultar curioso que, mentres que para referirse ó conxunto das cantigas dedicadas a Santa María se fala do *livro das Cantigas de Santa Maria*, cando o Rei Sabio redacta o seu testamento en castelán os libros que as conteñen aparecen denominados «los libros de los *Cantares de loor de Sancta Maria*», «estos libros de los *Cantares de Sancta Maria*» (vid. Gier 1980: 154), como se nesta lingua fose preferida esa designación, algo que non ten correspondencia nas versións castelás en prosa que aparecen no códice T para vintecatro das vintecinco primeiras cantigas, nas que, unha vez máis, atópase a alternancia entre os dous vocablos sen que pareza existir diferenza ningunha entre eles (vid. Gier 1980: 154-156).

Non parece tampouco que sexa moi diferente a situación nos textos en prosa; nunha expurga apresurada destes puidemos constatar que a tradución galega da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla* emprega *cantar* (non *cantiga*) referido a textos épicos ou narrativos:

E diz algūus en seus cātares, segundo cōta a estorja, que este frāçes Buyso...  
(34.11)<sup>49</sup>

Et algūus dizē en seu rromāço et seus cātartes que quando o soube el rrey, que mandou... (44.39)

Et dizē enos cantares que disso alj Bernaldo a Carlos que era sobrino del rrey Carlos, o Grande... (45.65).

Na *General Estoria*, o que canta *cantares* é Mercurio, e o contexto deixa entender que se trata de cantos de pastores, acompañados dalgún instrumento (neste caso, «hūas albugas»):

empero quelle osono vyña aos huūs dos ollos, cō aduļçedume dos *cantares* de Mercurio, pero velaua dos outros (255.14)<sup>50</sup>.

Tamén a *Crónica Troyana*<sup>51</sup> rexistra *cantar* no sentido de ‘canción’ (I, 329.6), aínda que neste texto convive con *cantiga* («pagauasse das cantigas et de estormentos», I, 155.17).

48 Aínda máis, parece intentar establecer unha nova distinción explicando que «*cantar* désigne des chansons adressées à la Vierge autres que les *Cantigas*» (Gier 1980: 146), para aceptar a continuación que «Des *cantigas* peuvent être des pièces dédiées à la Vierge en général» (Gier 1980: 147).

49 As referencias numéricas (páxina nesta edición, liña) corresponden a Lorenzo (1977). Véxase así mesmo, no vol. II, o glosario (*cantar* está comentado nas pp. 276-277).

50 Citamos pola edición de Martínez-López (1963).

51 Consultamos a Parker (1958: 223). Aparece tamén a forma *canto*, pero referida, como noutros casos xa comentados, ó canto das aves: «as aves começan a fazer seus *cantos*» (I, 93.31; II, 239.10).

En resumo, os materiais de que dispoñemos amosan que a designación trobadoresca *cansó* non penetrou na lírica galego-portuguesa, nin sequera favoreceu o desenvolvemento dun *canción*, *cançon* que tivese existencia previa, probablemente porque estaba perfectamente instalada nos usos lingüísticos a forma *cantar*, que podía estar aplicada a diversos tipos de manifestacións interpretadas por medio do canto e con acompañamento ou non de instrumentos musicais. É mesmo posible que o emprego dese termo fose tan xenérico que non fixese distinción de ningún tipo entre *cantares* líricos e *cantares* épicos ou narrativos, pero que, en cambio, estivese restrinxido á literatura «popular» ou «folklórica», de onde o tería tirado a lírica trobadoresca, igual que fixo con toda unha serie de elementos formais, retóricos, e mesmo temáticos, que incorporou á produción culta, integrándoos harmonicamente nela.

A novidade, neste caso, estaría representada pola aparición —nun momento en que esa corrente xa estaba plenamente implantada e adquirira a súa madurez, é dicir, no período alfonsí— de *cantiga* (sen correspondencia no resto da lírica románica medieval<sup>52</sup>), denominación que podería estar vinculada orixinariamente a cantos litúrxicos ou a certas modalidades da lírica latina medieval, se é posible establece-la súa derivación de *CANTICA*, plural de *CANTICUM*<sup>53</sup>; e non esquezamos, entre outras cousas, que no lat. medieval, como atestigua Honor. August. cant. praef. p. 350B, «hoc (...) distat inter canticum et carmen, quod certa lege metri carmen scanditur, canticum vero modulando canitur»<sup>54</sup>. Unha vez aceptada a designación *cantiga*, esta puido ir sendo considerada a máis específica para referirse á obra elaborada polos trobadores (*cantar* podía resultar, en certo modo, confusa, se realmente se aplicaba a composicións de diversos tipos), o que explicaría o seu lento proceso de expansión ata desbancar —posiblemente xa na última fase do proceso de compilación dos cancioneros, porque a preferencia dos trobadores por esta última é aínda unha constante na época de Don Denis— a *cantar*.

52 A súa aparición relativa nos cancioneros casteláns non é máis ca unha pervivencia da forma galego-portuguesa, que, unha vez desaparecidos os ecos da chamada «escola galego-castelá» (é dicir, co *Cancionero de Baena*), queda totalmente varrida polas designacións *canción* y *dezir*.

53 Para Corominas–Pascual (1980, I: 813–815) é unha «voz emparentada con *canto* y su familia, pero su formación no es clara; quizá no procede, como ésta, del lat. *canere* ‘cantar’, sino de un céltico \**CANTICA*, derivado de la raíz céltica *CAN-*, del mismo significado y del mismo origen indoeuropeo que la raíz latina». Son as razóns acentuais os principais impedimentos para relacionala co lat. *CANTICA*, pl. de *CANTICUM*, porque, dende o punto de vista semántico, quizais este parentesco sería o máis fácil de establecer. Unha derivación directa a partir de *CANTARE* —ademais de pola falta de documentación ó respecto— plantexa dificultades polo inusual do sufixo; de tódolos xeitos, podería non ser moi diferente doutras derivacións, como a de *AMICU*, -A < *AMARE*.

54 Cfr. Lehmann–Stroux (1969, II: 189).





É de todos coñecido<sup>1</sup> que o cancionero de Don Denis representa en certo modo —tanto polo número de textos conservados (en total, cento trinta e sete cantigas) como pola propia cronoloxía<sup>2</sup> e, naturalmente, pola posición relevante que ocupa na tradición galego-portuguesa— un compendio de toda a produción trobadoresca (non só peninsular, senón europea en xeral<sup>3</sup>), no cal poden atoparse utilizados case todos os recursos métricos e retóricos e desenvolvidos case todos os motivos temáticos presentes na lírica medieval<sup>4</sup>.

Non é, pois, de estrañar que o seu nome sexa un referente obrigado cando se buscan casos de utilización, por exemplo, de determinados artificios (*dobre, mordobre, palabra-rima*, etc.) ou combinacións estróficas; cando se queren detectar pegadas da influencia transpirenaica (non só en casos tan evidentes como *Quer'eu em maneira de proençal* (25,99<sup>5</sup>) ou *Proençaes soen mui bem trovar* (25,86)<sup>6</sup>, senón tamén cando se fala, entre outras cousas, de *pastorela*<sup>7</sup> ou *canción de malmaridada*<sup>8</sup>; ou de

1 Basta con botar unha ollada a Gonçalves (1993b).

2 En términos xerais, pódese fixar a súa actividade poética ao longo do último cuarto do século XIII (naceu en 1261, e accedeu ao trono en 1279) e todo o primeiro cuarto do século XIV (morreu en 1325).

3 Lémbrese que foi fillo de Afonso III (de quen herdaría un bo coñecemento da literatura galorrománica, adquirido por este monarca durante a súa estancia na corte do rei de Francia e no condado de Boloña, onde estivo en contacto con *trouvères* como Moniot d'Arras) e neto de Afonso X o Sabio, e que estivo casado cunha princesa aragonesa descendente, por liña materna, de Federico II de Sicilia (co cal tamén tiña un certo parentesco, dado que Afonso X era primo deste). Para estas relacións de familia pode verse, entre outros, Ackerlind (1981: 196), que traza unha árbore xenealóxica como «appendix A».

4 «Poeta tardío, Don Denis deixou na súa poesía unha condensación, recapitulación e síntese da tradición poética em que se formou e, ao mesmo tempo, uma espécie de confronto criativo com os textos que “cita” ou aos quais “alude”» (Gonçalves 1993b: 210).

5 Citamos as cantigas polos códigos numéricos (que reproducen, con lixeiras variacións, os establecidos por Tavani 1967a) empregados na edición global do noso corpus trobadoresco (Brea 1996). Tamén os nomes dos trobadores son reproducidos coa forma gráfica alí utilizada.

6 E de evocacións de Bernart de Ventadorn ou Jaufré Rudel, por exemplo (vid. Ferrari 1984). Pénsese tamén na utilización de elementos como as *flores do verde pino* (vid. Roncaglia 1984).

7 Vid., entre outros, Lorenzo Gradín (1994).

8 Vid. Lorenzo Gradín (1991).

mencións de protagonistas do xénero narrativo, como Tristán, Flores e Blancaflor; etc.) ou do aproveitamento dunha lírica supostamente tradicional; e o mesmo cando se fala de intertextualidade<sup>9</sup> dentro do corpus galego-portugués (lémbrese a reelaboración que fai da cantiga de Johan Airas de Santiago *Tan grave m'é, senhor, que morrerei* (63,73)<sup>10</sup>, ou o *seguir*<sup>11</sup> da de Estevan Travanca *Amigas, quando se quitou* (36,1)...)<sup>12</sup>.

Don Denis coñece a tradición trobadoresca, sábese parte dela e é consciente dunha herdanza que recibe a un tempo por transmisión familiar e por transmisión cultural<sup>13</sup>. E dá a impresión de que, ademáis, quere dar mostra evidente do seu saber e da súa capacidade para innovar asimilando, adaptando e transformando todo aquilo que forma parte do legado que recibe, un legado, por outra parte, bastante completo e complexo, na medida en que conflúen nel, dunha banda, un posible coñecemento directo da lírica tradicional e, sobre todo, da utilización desta por parte dalgúns trobadores galego-portugueses e, da outra, o orgullo de saberse depositario dunha dupla<sup>14</sup> tradición trobadoresca (provenzal e galego-portuguesa<sup>15</sup>), da cal algúns dos representantes máis ilustres eran antepasados directos de Don Denis.

A mestría do rei portugués queda patente no conxunto da súa produción, pero agora quereríámonos deter un pouco nunha peza realmente singular canto á integración harmoniosa de elementos de diversas procedencias ensamblados con outros enteiramente novidosos, a difícil de encaixar cantiga de amigo *Levantou-s'a velida* (25,43), que reproducimos completa para proceder á súa análise:

Levantou-s'a velida,  
    levantou-s'alva,  
e vai lavar camisas  
    e-no alto.  
    Vai-las lavar alva.

9 Vid. Gonçalves (1992).

10 Véxase a análise que fai desta relación Gonçalves (1992: 150-152).

11 Considerado como tal, despois de comparalo con outros textos que empregan a mesma técnica, por Gonçalves (1992: 148-150).

12 Gonçalves (1992: 152-153) toma tamén en consideración «um exemplo de citação exclusivamente formal», o de *Senhor, pois me non queredes* (25,120), que podería ser unha especie de homenaxe a seu avó, xa que a súa estrutura aparece sobreposta á de *Non me posso pagar tanto* (18,26), coa que mantén así mesmo algunhas outras afinidades.

13 Sobre todos estes aspectos incide axeitadamente Gonçalves (1992, 1993b).

14 Ou tripla, se temos tamén en conta a súa familiaridade coa literatura en lingua de oïl.

15 Aínda que non sería imposible, semella máis difícil de probar que, ademais, tivese coñecemento da actividade da escola poética siciliana instaurada polos notarios e funcionarios da corte de Federico II.

Levantou-s'a louçana,  
levantou-s'alva,  
e vai lavar delgadas  
e-no alto.  
Vai-las lavar alva.

[E] vai lavar camisas,  
levantou-s'alva;  
o vento lh'as desvia  
e-no alto.  
Vai-las lavar alva.

E vai lavar delgadas,  
levantou-s'alva;  
o vento lh'as levava  
e-no alto.  
Vai-las lavar alva.

O vento lh'as desvia,  
levantou-s'alva;  
meteu-s'alva em ira  
e-no alto.  
Vai-las lavar alva.

O vento lh'as levava,  
levantou-s'alva;  
meteu-s'alva em sanha,  
e-no alto.  
Vai-las lavar alva.

A estrutura desta composición revela un extraordinario dominio das técnicas que se consideran características da lírica galego-portuguesa. É unha cantiga de refrán que intercala o primeiro verso do refrán entre os dous que constitúen o dístico monorrímo que configura a estrofa. Tanto a presenza da rima asonante nos dísticos como a propia utilización do refrán intercalar<sup>16</sup> establecen unha ponte coa lírica tradicional, xa que a poesía culta prefere a rima rigorosamente consonántica e, por outro lado, as cancións de danza estaban apoiadas nunha estrutura semellante a esta<sup>17</sup>. Pero Don Denis emprega un esquema único<sup>18</sup> no corpus galego-

16 Vid. Beltrán (1984c). O refrán intercalar está presente —segundo a información proporcionada pola base de datos *MedDB*— nun total de 58 cantigas, das que 26 corresponden ao xénero de *Amigo*.

17 Vid., entre outros, Beltrán (1984a).

18 Cfr. Tavani (1967a, 119:1).

portugués (a6' B4' a6' C3' B5')<sup>19</sup> e ofrece unha serie de vínculos intertextuais que dan conta do alto grao de elaboración do texto, como a propia disposición da palabra-chave *alva*, que aparece dentro do refrán como un *dobre* en posición de rima, dado que se repite ao final dos versos 2 e 5 de todas as estrofas.

O *leixapré*n combínase, como resulta habitual, co emprego das *cobras alternas*, e o paralelismo está primorosamente construído mantendo inalterable a primeira parte dos versos que se van repetindo sistematicamente e substituíndo o final dos mesmos polo sinónimo correspondente (*velida–louçana, camisas–delgadas, desvia–levava, ira–sanha*).

A alternancia *velida / louçana* nas estruturas paralelísticas atópase exclusivamente, ademais de en *Levantou-s'a velida* (que é o único texto en que aparece substituída), nos seguintes casos:

- a) unha cantiga de Airas Nunes<sup>20</sup>, *Bailemos nós ja todas tres, ai amigas* (14,5), onde o epíteto se aplica á amiga e ás súas compañeiras («e quen for velida como nós, velidas», I, 3 / «e quen for louçana como nós, louçanas», II, 3)<sup>21</sup>;
- b) outra de Don Denis, *De que morredes, filha, a do corpo velido?* (25,31), na que está referida ao corpo da moza<sup>22</sup> («corpo louçano» aparece, como cabía esperar, en II, 1),
- c) dúas de Pero Meogo: *Digades, filha, mia filha velida* (134,2), na que se produce un diálogo entre nai e filla similar ao de 25,31; e [*Levovous'a louçana*], *levovous' a velida* (134,5), que tanto recorda a composición que nos ocupa.

É xustamente con este último texto co cal se ten buscado sistematicamente unha relación de intertextualidade (mesmo de *seguir*<sup>23</sup>) para *Levantou-s'a velida*.

- 19 Os esquemas que máis se lle aproximan son probablemente os correspondentes a unha composición do seu fillo Afonso Sanchez (9,4), *Dizia la fremosinha* (a7' B3 a7' B3 C7'; nas estrofas I e III, C pasa a ser A), e outra (25,4) do propio Don Denis, *Amad'e meu amigo* (a6' B3 a6' C6), seguidos de unha de Johan Zorro (83,5), *Jus'a lo mar e o rio* (a7' B7 a7' [en III e IV, a6'] B8) e outra de Pedr'Eanes Solaz (117,4), *Eu velida non dormia* (a7' B4' a7' B7'), ademais do escarnio persoal de Lopo Liáns, ou Lias (87,6), *Ao lançar do pao* (a5' B3' a5' B5' B5' B5').
- 20 Téñase en conta que non é este o único exemplo de «coincidencia» entre Don Denis e Airas Nunez, pois, como xa puxo de relevo Tavani (1992: 101-103), *Amor faz a min amar tal senhor* (14,2) establece unha dialoxía con *Amor fez a mi amar* (25,15), á que parece querer responder contrapoiendo unha concepción do amor como fonte de esforzo e esperanza ao amor que provoca a *coita* de Don Denis (*vid.* tamén Gonçalves 1992: 154).
- 21 Advértase que na cantiga de Johan Zorro *Baylemos agora, por Deus, ay velidas* (83,1), que moi probablemente está reelaborando aquí Airas Nunez, a *variatio* producíase entre *velidas* (I, 1) e *loadas* (II, 1).
- 22 En realidade, *a do corpo velido / louçano* non é senón unha fórmula ampliada que ten o mesmo significado que *a velida / a louçana*.
- 23 De *seguir* considérase, por exemplo, Cardoso (1977: 106). En calquera caso, a presentación da cantiga de Pero Meogo como «modelo» seguido por Don Denis está bastante xeneralizada na crítica (*vid.*, entre outros, Reckert–Macedo 1976: 59, 101, 212), se ben, como se especificará máis adiante, Gonçalves (1992: 153) atopa máis afinidades cunha das *Cantigas de Santa Maria* de Alfonso x.

Certamente, estas dúas son as únicas<sup>24</sup> cantigas de amigo conservadas nos cancioneiros galego-portugueses que presentan o tipo de narración coñecida como «diexemática» (Brea – Lorenzo Gradín 1998: 48-50), é dicir, aquela en que só se escoita a voz do narrador, un narrador que describe, recorrendo a símbolos diferentes pero facilmente recoñecibles nos dous casos, a actividade que realiza a protagonista que sae do leito cando nace o día<sup>25</sup>.

A composición de Pero Meogo carece nos manuscritos (B1188, V793) do primeiro verso<sup>26</sup> nas dúas primeiras estrofas, lacuna que Nunes ([1932] 1973, n.º 415) pretendeu encher antecipando os segmentos *\*Levou sa louçana* e *\*Levou sa velida* respectivamente, invertindo o segundo verso (ou segundo hemistiquio do primeiro) das dúas cobras, nunha proposta totalmente infundada, como xa sinalou Tavani<sup>27</sup>. O encontro co amigo resulta explícito na terceira estrofa, e as características da cita están descritas simbolicamente mediante a acción de *lavar cabelos na fontana fria* e a presenza do cervo (omnipresente como «marca de autor» en Pero Meogo) que *volvia a agua*<sup>28</sup>, «sugiriendo misteriosamente una intimidad amorosa de los sexos» (Asensio 1970: 47), intimidade que provoca a alegría da amiga («leda dos amores, dos amores leda»<sup>29</sup>):

[...]

levous'a velida;

- 24 O número amplíase, naturalmente, se tomamos en consideración aquelas outras (que tampouco son moi numerosas) cantigas de amigo narrativas en que a técnica utilizada é a que responde ao tipo de «narración mixta» (vid. entre outros, Brea–Lorenzo Gradín 1998: 50-57).
- 25 A cantiga de Pero Meogo non fai referencia ao momento en que se produce o encontro; a de Don Denis sí, se interpretamos como sintagma temporal *alva* (vid. infra).
- 26 Ou do primeiro hemistiquio do primeiro verso, se optamos pola edición en versos de once sílabas, como fai, por exemplo, de Azevedo Filho (1974).
- 27 Cfr. Tavani. (1986b: 20-39): «Será fácil verificar qual a “mecânica” que preside ao paralelismo neste texto [...]. O que falta, portanto, é o primeiro segmento invariável, e falta em ambas as estrofes. Por consequência, é impossível que o verso inicial das duas primeiras estrofes seja o inventado por Nunes, sendo este um verso com variação. E é também evidente que —como esse verso perdido nunca mais se repete ao longo da cantiga, pois não está estruturalmente previsto que se repita— é de todos impossível reconstruí-lo» (pp. 33-34). Pese a esta última advertencia, e precisamente atendendo á posible relación entre a cantiga de Pero Meogo e a de Don Denis, Cohen propón unha reconstrucción do segmento perdido como *\*Levou s'aa alva* (vid. Cohen 1996: 45, n. 41).
- 28 Para o simbolismo de *lavar cabelos* (e *camisas*, ás que teremos que referirnos logo), pode verse, entre outros, Lorenzo Gradín (1990: 213-220); para o do cervo, Lorenzo Gradín (1990: 249-254.) E para a asociación coa auga da fonte, Lorenzo Gradín (1990: 202-211).
- 29 Lembremos tamén o «leda m'and'eu» de Nuno Fernandez Torneol, e o «led'and'eu» dese outro Nuno Fernandez que podería ser o mesmo trobador se se confirmase a hipótese de Oliveira (1994: 393-394). Outros retrousos en que a amiga se declara *leda* (ou espera estalo) son, por exemplo, os de 77,4; 79,5; 85,3; 92,7; nalgúns casos, a expresión de xúbilo pode aparecer xa no incipit, como sucede con *Que leda que o'eu seja*, de Gonçal'Eanes do Vinhal (60,15), ou *Deus, que leda que m'esta noyte vy*, de Johan Mendiz de Briteiros (73,2).

vai lavar cabelos  
na fontana fria,  
leda dos amores,  
dos amores leda.

[...]

Vai lavar cabelos  
na fontana fria;  
passa seu amigo,  
que lhi ben queria,  
leda dos amores,  
dos amores leda.

[...]

Passa seu amigo  
que lhi ben queria;  
o cervo do monte  
a agua volvia,  
leda dos amores,  
dos amores leda.

(134,5, estr. I, III; v<sup>30</sup>)

*Levantou-s'a velida* omite a mención do amigo, que, non obstante, está presente simbólicamente no *vento*<sup>31</sup> que provoca a *ira / sanha*<sup>32</sup> da moza (polo que podería ser interpretado case como unha violación<sup>33</sup>) desviándolle<sup>34</sup> as *camisas / delgadas* que ela está lavando. A protagonista de Pero Meogo *lavaba* os cabelos<sup>35</sup>, a de

- 30 Téñase presente que esta cantiga, igual que *Levantou-s'a velida*, está construída mediante o paralelismo literal e o *leixaprén*.
- 31 Vid. ao respecto Beltrán (1984b). Tamén, Lorenzo Gradín (1990: 220-225).
- 32 Sobre a *sanha*, vid. Cohen (1996) e Vázquez Pacho (1999).
- 33 «El viento es un principio elemental caracterizado por la violencia. Como fuerza activa, simboliza al principio masculino fecundador. En el texto hay una oposición *alva / vento*: uno lucha por no dejar escapar sus camisas (su intimidad); el otro arremete con fuerza y consigue llevarse *as delgadas* de la muchacha, la cual, ante la acción incontrolada y poderosa de su adversario, sólo puede manifestar su ira» (Lorenzo Gradín 1990: 221-222). Vid. así mesmo, entre outros, Reckert–Macedo (1976: 55).
- 34 Os verbos utilizados son *desvia* e *levava*; o segundo podería provocar un xogo de palabras («o vento lhas levava»), xa que tiña o significado tanto de 'levar' como de 'levantar' (¿as que lavaba ou as que levaba postas?). Lémbrese aquela canción castellana que reproduce, entre outros, Beltrán (1984b: 22): «Levantóse un viento / que de la mar salía, / y alzóme las faldas / de la mi camisa»; ou aqueloutra que recolle tamén Lorenzo Gradín (1990: 222): «Un mal vientecillo / loquillo con mis faldas: / ¡tira allá, mal viento! / ¡que me las alças!».
- 35 Igual facía a amiga (que é, así mesmo, *louçãa*) á que Johan Soarez Coelho fai dicir *Fui eu, madre, lavar meus cabelos* (79,25), tamén nunha fonte onde atopou, para a súa satisfacción (quedou «pagada»), «o

don Denis as camisas; curiosamente, o verbo *lavar* «no reaparece en las *cantigas de amigo* sino en torno a otros motivos [...], pero es frecuentísimo en la tradición oral del Renacimiento» (Beltrán 1984b: 14)<sup>36</sup>, e a única cantiga onde se lavan *camisas* é precisamente esta. Non é tampouco moi frecuente a mención desta prenda, pois só aparece noutras dúas cantigas de amigo<sup>37</sup>: *Quand'eu soby nas torres sobe'lo mar*, de Gonçal'Eanes do Vinhal (60,13), na que a amiga lembra «a corda da camisa que m'el filhou» (III, 3); e unha «cantiga de santuario» de Martin de Ginzo (*Se vos prouguer, madr', o'jeste dia*, 93,7), na que a namorada intenta convencer a nai de que lle permita ir queimar candeas a Santa Cecilia «eno meu mant'e na mia camisa» (II, 3), para poder ver alí o amigo polo que morre. Tamén a alternancia *camisas/delgadas* é exclusiva de Don Denis<sup>38</sup>, pero volve aparecer na lírica castellana, polo menos nunha canción que reproducen tanto Cardoso (1977: 108-109) como Beltrán (1984b: 19):

Cervatica tan garrida,  
no enturbies el agua fría,  
que he de *lavar la camisa*  
de aquél a quien di mi fe

[...]

Cervatica tan galana,  
no enturbies el agua clara,  
que he de *lavar la delgada*  
para quien yo me lavé<sup>39</sup>

Semellante é o que acontece co *vento*. Ademais do uso paródico que ten na tensó entre «Don Arnaldo» e Alfonso x (21,1), emprégase en sentido recto en *Disséronm'oi, ay, amiga, que non*, de Pai Gomez Charinho (114,7), onde parece referirse ao perigo que representa ese elemento no mar, e no escarnio *Marinha Crespa, sabedes filhar*, de Pero da Ponte (120,21), no cal tamén fai referencia ás inclemencias do tempo

senhor deles». Pero Meogo repite o motivo en *Enas verdes ervas* (134,3), onde —igual que en *Fui eu, madre... — cabelos* alterna con *garjetas*.

- 36 Beltrán presenta algúns exemplos de cancións castelanas en que a acepción de *lavar* está moi relacionada coa que presenta nestas cantigas.
- 37 E nun «escarnio de amigo» de Johan Garcia de Guilhade, *Vistes, mhas donas: quando noutro dia* (70,54), na que o amigo «fez-mi tirar a corda da camisa» (II, 3), ademais de noutras dúas cantigas de escarnio: *Pois a todos avorrece*, de Estevan da Guarda (30,26), e *Esta ama cu'jé Joham Coelho*, de Fernan Garcia Esgaravunha (43,4). Salvo na cantiga de G. Eanes do Vinhal, en todos os casos aparece *camisa* en posición final de verso, sempre rimando con *guisa*.
- 38 As outras composicións citadas en que se menciona a *camisa* non teñen estrutura paralelística.
- 39 Advértase que, neste caso, sí existe paralelismo e que aparecen tamén outros dos elementos simbólicos que vimos non en Don Denis senón en Pero Meogo: a *cervatica* que enturba a *agua fría*.

(«Eno abril, quando gran vento faz», I, 1). A identificación co amigo é unha «innovación» de Don Denis na lírica galego-portuguesa, aínda que podamos poñela en relación coa excepcional composición occitana atribuída a Raimbaut de Vaqueiras *Altas undas que venez suz la mar*, sobre todo co que se di na segunda estrofa:

Oy, aura dulza, qui vens dever lai  
un mun amic dorm e sejojn'e jai,  
del dolz aleyn un beure m'aporta-y!  
La bocha obre, per gran desir qu'en ai.  
E oy Deu, d'amor!  
Ad hora-m dona joi et ad hora dolor!  
(Riquer 1975, II: 843-844)<sup>40</sup>.

Esta presenza da brisa portadora do alento do amigo é moi similar á que se produce na quinta cobra da alba<sup>41</sup> anónima occitana *En un vergier sotz fuella d'albespi*:

Per la douss'aura qu'es venguda de lay,  
del mieu amic belh e cortes e gay,  
del sieu alen ai begut un dous ray  
Oy Dieus, oy Dieus, de l'alba! tan tost ve.  
(Riquer 1975, III: 1695-1696)

Lorenzo Gradín (1990: 223) analiza así mesmo exemplos deste tipo na lírica oitánica, como un poema de Guiot de Dijon no cal «la sensación producida en la amiga por el dulce soplo de la brisa —procedente del lugar donde se encuentra aquel que le ha ofrecido *son homaige*—es la misma que la del texto occitano<sup>42</sup>». Para Cardoso (1977: 109-110), «o vento, que espalha o pólen, é símbolo de elemento fecundador, que a tradición cristalizou em lendas (...). Assim se explica que o vento, que açula as alvas camisas, meta em sanha ou ira o frêmito sensual da alva e velida»<sup>43</sup>.

Canto ao outro elemento da natureza vinculado ás citas amorosas, a auga (presente duplamente en Pero Meogo, como *agua* e como *fontana*), téñase en conta

40 Vid. ao respecto, entre outros, D'Heur (1972). Alí poden verse máis exemplos procedentes tanto da lírica occitana como da oitánica, que D'Heur clasifica en dous grupos (a *cansó*, por unha banda, e a «lyrique dramatique» por outra); vid. tamén Lorenzo Gradín (1990: 222-225).

41 Destacámola aquí precisamente pola dupla coincidencia con Don Denis: non só está presente, dalgunha maneira, o vento, senón tamén a alba.

42 Refírese, neste caso, a *Altas undas*...

43 Este autor considera, ademais, que a disposición intercalar do refrán actúa, dalgunha maneira, «como intensificadora do barulho ou rumor do vento» (Cardoso 1977: 110). Tamén para Lorenzo Gradín (1990: 221), «la estructura paralelística, la introducción del primer verso del refrán entre los dos versos estróficos y el “leixa-pren” de la cantiga acentúan la acción repetitiva del viento que aturde a la muchacha e imponen al poema un ritmo circular».



que, se ben que na cantiga de Don Denis non se atopen referencias a el tan explícitas como en Pero Meogo, a súa presenza ven requirida pola acción de *lavar*. Pero, ademais, ese *alto* do refrán ben podería ser un sinónimo de *rio*, se poñemos esta cantiga en relación con outra do propio Pero Meogo, *Digades, filha, mia filha velida* (134,2), na que a variación producida polo tipo de paralelismo escollido provoca a alternancia entre «nunca vi cervo que volves'ó río» (v, 2) e «nunca vi cervo que volves'ó alto» (vi, 2)<sup>44</sup>.

Deixamos para o final un dos aspectos máis complicados de *Levantou-s'a velida*: o significado desa palabra *alva* tan estratexicamente colocada en dous versos do refrán (*vid. supra*). Resulta evidente que estamos diante dun término polisémico (e, por tanto, moi posiblemente utilizado de forma conscientemente ambigua), pois tanto parece referirse ao momento en que despunta o día como á propia brancura da amiga (ela mesma, metonimicamente), tanto á perceptible no aspecto físico como á figurada, é dicir, a súa pureza<sup>45</sup>. *Alva* admite, así, polo menos unha dupla interpretación: como substantivo de valor temporal, 'levantouse á alba'; ou como adxectivo, sexa considerado predicativo do suxeito ('levantouse branca (pura, cándida)'<sup>46</sup>) ou mesmo —substantivado— en función de suxeito ('levantouse a alva', metonimia da amiga). Ámbalas acepcións parecen posibles tamén no verso 3 das dúas últimas cobras («meteu-s'alva en ira», «meteu-s'alva en sanha», respectivamente), en que *alva* pode seguir desempeñando calquera das funcións sinaladas. En calquera caso, o que parece evidente é a insistencia de Don Denis no uso desa palabra-chave, probablemente, como fixo constar Gonçalves (1992: 153), como un caso de «intertextualidade alusiva» a seu avó Alfonso X, que a empregara (neste caso, en función de atributo) como *palabra rima* nunha *cantiga de loor*:

Virgen Madre groriosa,  
de Deus filla e esposa,  
santa, nobre, preciosa,  
quen te loar saberia  
ou podía?  
Ca Deus que é lum'e dia,  
segund'a nossa natura  
non viramos sa figura

44 En realidade, os dous poderían estar funcionando neste texto como sinónimos de *fontana*, que é o lugar onde a amiga confesa que viu os cervos do monte que volvían a auga. Para o significado de *alto* e o seu funcionamento na lírica galego-portuguesa, *vid.* Magán Abelleira (1998: 146).

45 Tal vez tamén á cor da súa roupa íntima; isto é, polo menos, o que pensa Cardoso (1976: 109): «significa ora o romper da manhã, ora a roupa íntima da velida, ora, e por fim, a própria mulher e o seu corpo rico de ofertas, se não, pela pureza da cor, a sua virgindade».

46 No segundo caso, podería verse unha contraposición coa situación na que se atoparía despois da acción simbólica do vento arrebatándolle as camisas.

senon por ti, que *fust'alva*.  
Virgen Madre groriosa...

Tu es alva dos alvares,  
que faze-los peccadores  
que vejan os seus erros  
e connoscan sa folia,  
que desvia  
d'aver om'o que devia,  
que perdeu por sa loucura  
Eva, que tu, Virgen pura,  
cobraste porque *es alva*.  
Virgen Madre groriosa...

(Mettmann 1986-1989, III, n° 340, vv. 1-21)

Esta cantiga mariana, á súa vez, reproduce o esquema métrico de *S'anc fui belha ni prezada*, de Cadenet<sup>47</sup>, que tamén presentaba o uso de *alba* como *mot-refranh* (algo, por outra parte, habitual nas albas occitanas en xeral, en que o término que dá nome ao xénero adoita aparecer en lugares destacados), pero co significado que lle correspondía na poética occitana, 'amañecer':

S'anc fui belha ni prezada,  
ar sui d'aut en bas tornada,  
qu'a un vilan sui donada  
tot per sa gran manentia;  
e murria,  
s'ieu fin amic non avia  
cuy disses mo marrimen,  
e guaita plazen  
que mi fes son d'*alba*.

(Riquer 1975, III: 1231)

28 E ciò valga a riguardo di questo campo di studi, dal momento che i suoi interessi abbracciavano anche altri ambiti di cui qui non ci si occupa; uno sguardo all'indice degli *Atti del Convegno* cit. basterà per capirne l'estensione.

29 Cfr., per esempio, Bertolucci (1972: 198): «il pensiero-guida dello studioso [...] è quello di illuminare sullo sfondo romanzo la tradizione linguistico-letteraria italiana, al centro degli interessi, come si sa, dei dotti del Cinquecento»; Bertolucci (1972: 199): «Ciò non esclude peraltro che non sia vivo in lui l'interesse per la lingua in sé».

30 «La lingua è comune, ma quando ben in Italia non sia lingua comune, certo quella che Petrarca ha fatto per imitatione è comune» (*Vat. Lat. 4817, f. 1r*).

31 E non solo i siciliani, come prova il «canone» che tentava di elaborare nel suo *Vat. Lat. 4823*.

32 Cfr. anche Debenedetti (1995: 157).

cuies — pensate / cum genitivo de me: petrarcha non pensando daltrui ne me stesso (225v)

sazit assediato petrarca ni han posto assedio (245r)

- 2) Sul 4823 ci sono numerosi richiami a *senno*, con riferimento specifico a Petrarca in numerosi casi; anche nel canzoniere galego-portoghese *B* appare anche «mal senno petrar. bon senno in hic» (37r), e la parola viene segnata in parecchie occasioni<sup>33</sup>, sia qui sia nel canzoniere *V* (f. 49r «Mal senno»). Altrettanto si potrebbe dire di *M* (f. 155r «senato ego sensato for senato-senatz»; f. 266v «senso selli») e, soprattutto, del *Vat. Lat. 4823*:

f. 150v	<u>Forsennati</u>
f. 183r	Forsennar(e) s(upra) 172. 185 332
f. 317r	<u>Gran senno</u> petrarch
f. 331v	for di sen(n)o
f. 365r	gran sen(n)o e. /petrar. et fu
f. 378v	auostro sen(n)o
f. 380r	<u>fuor del seno</u>
f. 428r	Conoscenza // Senno
f. 442r	Senni sensi

In note diverse disperse sui suoi zibaldoni, riappaiono numerose volte sia *senno* sia *fuor di senno*, *fuorsennato*, e anche commenti del tipo:

epo el toscano quando non ha questo vocabulo Amens insensato recorrera danti et poliziano al francioso et dira fuorsennato che e for di senno e pigliara un vocabulo piceno et uno provenzale piu tosto che un mero latino (*Vat. Lat. 4817*, f. 115r)<sup>34</sup>.

- 3) Sul f. 14v di *M* si può leggere, nella colonna *a*, a seguito di *de bon aire*, l'indicazione «Siculi», e sulla margine inferiore della colonna *b*, «aire due syllabe siculi et petrarca». Pare aver attirato la sua attenzione il carattere bisilabico della parola *aire*, forse perché veniva a corroborare i dati offerti dal suo studio metrico dei siciliani e di Petrarca; infatti, sul *Vat. Lat. 4817* si può trovare un frammento di un indice topografico di *M*, e lì, al f. 274v, si ripete l'osservazione (*Aire due syllab. siculi et petrarca 14*, con questo preciso e opportuno richiamo al f. 14 di *M*). Anche la consultazione del *Vat. Lat. 3217* permette di confermare ulteriormente l'interesse per questa forma, dato che, nell'elenco di parole del Petrarca si legge:

33 f. 37v «Mal senno»; f. 43r «bon Sen»; f. 291r «Mal senno fe»; f. 296v «Mal sen».

34 Anche Bembo s'interessa nelle *Prose* per questa forma. Cfr. Bologna (2001: 148), Pérez Barcala (2000: 972-73).

- f. 14v Aere 47
- f. 15r Aria<sup>35</sup> no(n) aere 51; (*e poco sotto*) Aer s(upra) aria 54
- f. 28v aire 150

Nello stesso codice, nella parte che corrisponde ai *Siculi*, si trovano le seguenti occorrenze:

- f. 114v aire 35
- f. 118v Are aire 113<sup>36</sup>
- f. 124v Are aere 318
- f. 125r Are aire 339

Questo è proprio il modo di procedere di Colocci che vorremmo proporre come metodo di approccio alla lirica medievale: studiare assieme tutte le tradizioni liriche romanze, compararle, confrontarle, incrociarle... per meglio comprenderle come un complesso omogeneo in cui la diversità interna non riesce a distruggere la sua essenziale unità.

35 *Aria* si trova più volte in questo indice.

36 Questa nota in realtà si legge al f. 113v del *Vat. Lat. 4823*, sebbene non ne risulti chiara interpretazione, perché si trova in rapporto a un verso che dice: «che dan(n)o vertute al aire» (scritto «al aire») e sottolineato da Colocci). Al f. 318v, invece, *Are aere* spiega probabilmente la variante testuale (non sottolineata in questo caso) di «E per li razi che manda per l'are» (scritto «lare»), come nella canzone di Guido Guinizzelli *Volglio del vero la mia donna laudare*, in cui il v. 5 termina «lei sembro d'are» («dare», f. 339v).



## 20 *Vós que soedes en corte morar, un caso singular*<sup>1</sup>

[M. Brea (coord.), *Pola melhor dona de quantas fez nostro senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2009: 97-113]

1. **N**o seu ilustrativo e suxestivo traballo «Repetita iuvant?», Lanciani (2004) ocúpase dun problema importante na tradición manuscrita da lírica medieval: o daqueles textos que aparecen copiados dúas veces, en lugares diferentes, dentro dun mesmo códice<sup>2</sup>. No caso que examina, a dupla aparición de *Oy eu sempre mia señor dizer* (114,12)<sup>3</sup> en *A* (fol. 67v e fol. 69r) proporciona importantes elementos de reflexión sobre o proceso de elaboración do *Cancioneiro da Ajuda*.

Pero esa repetición non constitúe unha excepción no corpus galego-portugués, pois a situación reproducéase con outras cantigas que deberían ser estudadas conxuntamente, porque poderían fornecer novas luces para iluminar algúns puntos escuros na transmisión dos textos trobadorescos<sup>4</sup>. Nalgunhas ocasións, a duplicidade implica unha dobre atribución de autoría<sup>5</sup>, con situacións un tanto peculiares<sup>6</sup>; noutras, a dobre copia tería que ver (ademais de coa dobre atribu-

- 1 Este traballo insírese nos proxectos de investigación HUM2005-01300 (*El vocabulario de los trovadores gallego-portugueses en su contexto románico*), subvencionado polo MEC con achega de FEDER; *O Cancioneiro de Xograres Galegos. Edición crítica e estudo (formato impreso e electrónico)* (PGIDITO3SIN20401PR) e *Cancioneiros galego-portugueses. Edición crítica e estudo (formato impreso e electrónico)* (PGIDITO6C-SC20401PR), subvencionados pola Xunta de Galicia.
- 2 Sobre o problema do «doppio», *vid.* Brunetti (1993). Para a lírica galego-portuguesa en particular, Gonçalves (1991a).
- 3 Citamos as cantigas polo sistema establecido por Tavani (1967a), e posteriormente adaptado con lixeiras modificacións en Brea (1996). Reproducimos así mesmo os textos (e o nome dos autores) polas edicións seleccionadas na base de datos que recolleu os resultados daquela edición previa, *MedDB* ([www.cirp.gal](http://www.cirp.gal)).
- 4 Agradecemos a Gerardo Pérez Barcala a xenerosa cesión dalgunhas anotacións súas sobre estes textos, así como os seus comentarios ó respecto.
- 5 *Quando se foi meu amigo* aparece en B640 e V241 atribuída a Pai Soarez de Taveirós (115,9), e en B827 e V413 a Afons' Eanes do Coton (2,20). *En gran coita viva, senhor* está en B181bis atribuída a Nuno Rodriguez de Candarei (109,2), e en B1451 e V1061 (cunha estrofa a maiores das tres que ten na primeira aparición) a Johan de Gaia (66,2); sobre este texto, *vid.* Russo (1993).
- 6 Como a de *Ir-vos queredes, amigo, d' aquem* (101,4), da que en B403 e V13 aparece copiada só a primeira estrofa, con indicios claros de problemas na transmisión, pois, por unha parte, Colocci (despois de rexistrar para esta a curiosidade de ter unha «sta(n)za sola») repite o número 403 para a cantiga se-

ción, nalgún caso<sup>7)</sup> con que unha das veces o texto estea incompleto<sup>8)</sup>, presente diferenzas textuais visibles<sup>9)</sup> ou mostre claros problemas de transmisión<sup>10)</sup>, e mesmo con que o compilador dubidase á hora de adscribilo a un xénero determinado<sup>11)</sup>

guinte, unha tensó entre «Juyão» e «Meen Roiz» e anota marxinalmente que «questa par(e) te(n)zon de Meen Rois». B403 está incluída na produción que previamente se atribuíra a Afonso Fernandez Cebolhilha, a quen se volve adscribir B404 (na *Tavola Colocciana* (C) —cfr. Gonçalves (1976)—, a cantiga 397 aparece asignada a Men Rodriguez Tenoiro, e o bloque que vai da cantiga 398 á 404 a Afonso Fernandez Cebolhilha); pola contra, en V, a rúbrica que antecede a V10 sinala o nome de Men Rodriguez Tenoiro, e ese mesmo nome volve aparecer transcrito polo copista entre esa única estrofa de V13 e a tensó que segue. B718 e V319 completan esa estrofa con dúas adicionais, e a cantiga é atribuída, en ambos os dous casos (igualmente, en C), a Men Rodriguez Tenoiro.

- 7 *O meu amigo, que mi gran ben quer* (81,13) figura en B794 e V378 entre as cantigas atribuídas a Johan Vasquiz de Talaveira, e en B1212 e V817 a Pedr'Amigo de Sevilha: na segunda aparición, falta nos dous cancioneros a *fiinda*, e están invertidas as estrofas II e III, talvez polo cambio que afecta ó verso inicial dunha delas (en B1212, ademais, falta o artigo inicial do *incipit*, polo que a capital non é O senón M). A *mha senhor, que eu mays d' outra ren* (120,3) ten catro estrofas en B982 e V569 (entre as composicións de Pero da Ponte), e só a I e a IV (nesta, falta o «Tal» que a inicia na outra ocorrencia; en V, hai cambio de folio entre as dúas estrofas, e o fol.1v remata co «reclamo» *sazon*, que é, efectivamente, a segunda palabra —a primeira era «Tal»— desa estrofa) en B394 e V4 (baixo a rúbrica de Sancho Sanchez).
- 8 É o que acontece, por exemplo, con *O voss' amigo tan de coraçon* (25,69), que en B523a ofrece un texto que o propio copista reconece incompleto (deixa espazos en branco e advirte das ausencias co signo +), e que en B570bis reproduce enteiro; o que chama a atención é que se repite nos lugares equivalentes de V (V116 e V174), e está completo nos dous.
- 9 Como 63,78, que cambia xa o tempo verbal do *incipit* entre *Foiss'o meu amigo a cas del rei* (B1044, V634) e *Vai meu amigo morar con el rei* (B1048, V638), ademais doutras diverxencias textuais (algunha delas visible tamén no verso citado) e do feito de que a segunda aparición engade unha cuarta estrofa, ausente no caso anterior. Isto abre a posibilidade de considerar que son dúas cantigas diferentes (como fai Fernández Pousa 1959, que lles asigna, respectivamente, os números 65 —63,30— e 69 —63,78—) ou dúas versións da mesma (como prefere Rodríguez 1980, nº 64). Neste caso, Colocci advertiu a afinidade entre as dúas transcricións coa súa apostila «vide i(nfra)» (na marxe esquerda do fol. 222v de B, debaixo do número 1044), acompañada do signo de remisión que se repite na marxe dereita do fol. 223r, á altura do primeiro verso de B1048 coa chamada «vide s(upra)».
- 10 *Vedes, fremosa mia senhor* (47,31), está en B57 como unha cantiga de catro estrofas, mentres que en B72 podería parecer unha composición diferente, xa que alí aparecen só dúas estrofas que se corresponden, respectivamente, coa segunda e a primeira de B57. *Que muytos me preguntarán* (70,43) é un posible caso de falta de recoñecemento de que se trata do mesmo texto, pois ese primeiro verso de B426 e V38 está ausente en B418 e V29 (que parecen iniciarse con *Quando m' ora viren morrer*); ademais, o posible modelo en *scripta continua* leva a que os finais de liña non coincidan sempre nas dúas reproducións, de maneira que unha primeira ollada pode facer pensar en cantigas diferentes. *Om' a que Deus coita quis dar* (141,2) proporciona outro exemplo de hipotética confusión, non só porque a capital que inicia a cantiga varía (*Om(e)* está escrito con H en B335, e sen ela en B331), senón tamén porque na súa primeira ocorrencia (B331) ten dúas estrofas, e na segunda tres. Menos clara parece a réplica de *Queredes ir, meu amigu', eu o sei* (63,68), na que as diverxencias máis evidentes residen na repetición do segundo verso da *fiinda* en B1023 e V613, e en que a mesma *fiinda* se abre en B1049 e V639 cunha conxunción copulativa (E), ausente na copia anterior.
- 11 *Non sei dona que podesse* (46,5) aparece en B75 no sector das cantigas de amor e, en B1336, no de escarnio e maldicir. No segundo lugar, vai precedida dunha *razon* que a converte nun «escarnio de amor», porque precisa o sentido das sospeitosas referencias a unha cinta que lle deu un cabaleiro a unha dona da que o trobador xa non quere nada, porque agora ten «melhor senhor»: «Outrossi fez estas cantigas



ou, simplemente, co proceso de entrada dos textos na tradición manuscrita galego-portuguesa<sup>12</sup>.

Desde esta perspectiva, a reprodución de *Vós que soedes en corte morar* (94,20) en dous lugares diferentes de V (V472 e V1036) podería ser considerado un caso máis de dobre atribución, semellante ós xa mencionados, se non fose por un elemento adicional que non se atopa nos outros: a modalidade discursiva utilizada é un diálogo propio dunha tensó<sup>13</sup>, na que un trobador se dirixe a outro («Vós que [...]») na primeira estrofa para pedirlle unha aclaración («destes privados quería saber / se lhes á privanza muit'a durar», vv. 2-3), e o segundo responde en primeira persoa («Destes privados non sei novelar / senon que lhes vejo mui gran poder», II, vv. 1-2; «mais eu non sei que lhe van conselhar», v. 7), repetíndose o 'vós' na terceira e última cobra («Sodes de Cort'e non sabedes ren», v. 1).

2. Na lírica galego-portuguesa podemos localizar (incluíndo o texto que nos ocupa) un total de 33<sup>14</sup> tensós<sup>15</sup>. Na maioría delas, o nome dos contendentes figura (ás veces, con pequenas —pero non insignificantes— variantes<sup>16</sup>) alternativamente en todas as estrofas<sup>17</sup>; e algunhas van acompañadas dunha *razon* que confirma e completa as atribucións<sup>18</sup>. Os casos de nominación parcial corresponden a composicións que

a ùa abadessa, sa coirmãa, en que entendia, e passou per aquel moesteiro un cavaleiro e levava ùa cinta e deulha porque era pera ela; e por én troboulhi estes cantares» (vid. os comentarios que fai á cantiga Martínez Pereiro 1992: 71-79).

- 12 Advírtase, por exemplo, o posto que ocupan en B e V as dúas aparicións da cantiga 120,3.
- 13 É certo que hai cantigas dialogadas que non teñen esta categoría, porque se trata de diálogos ficticios nos que un trobador pon o discurso alternativamente en boca da amiga e do seu namorado, da amiga e da nai, da amiga con outra rapaza, etc. Pero o procedemento é máis raro nas cantigas de escarnio, e sobre todo se se fai falar a dous personaxes non identificados.
- 14 Aceptando provisoriamente que os versos conservados de 2,19 sexan o inicio dunha tensó entre Fernan Rodriguez Redondo e Pero da Ponte, e non unha cantiga de escarnio dirixida contra este (non hai, neste caso, outros elementos nos manuscritos que permitan decidir con certeza). Sobre a discusión que provocou a atribución a Fernan Rodriguez Redondo, vid. Michaëlis ([1904] 1990, II: 387), D'Heur (1975b: 34), e Oliveira (1994: 344).
- 15 Non entramos agora na consideración de se algunha delas pode ser considerada máis ben un *partimen*. Para unha visión de conxunto destes textos, vid. Ferreira da Silva (1993) e Lanciani (1995).
- 16 Pénsese, por exemplo, na cantiga 75,8, na que, baixo a rúbrica «Don Johan d'Avoin», Joan Perez se dirixe a Joan Soarez nas estrofas I e III, pero pasa a chamarlle Joan Coelho na *fiinda* que lle corresponde.
- 17 É o caso das cantigas 22,2; 30,35; 64,22; 70,28; 70,33; 75,9; 75,10; 79,47; 79,52; 81,1; 81,8; 81,11; 88,7; 88,13; 88,14; 101,5; 120,9; 126,5; 152,7; 154,8. Nalgúns casos, o apelativo pode estar tan incompleto que cabería a posibilidade de pensar en varios trobadores diferentes, pero case sempre se resolven as dúbidas grazas á posición que ocupan dentro dun bloque atribuído nos cancioneros a un autor concreto. Repárese, por exemplo, na cantiga 152,12, na que debaten o «Rei Don Alfonso» e «Don Vaasco»: antes da reprodución da peza, aparece unha rúbrica atributiva a «Vaasco Gil» (B1512).
- 18 Véxase, entre outras, a tensó 97,2, que vai precedida da rúbrica «Esta cantiga fez M(artin) Soarez com(o) en man(ei)ra de tenzon a Pai Soarez et é de-scarnio. Este Martin Soarez foi [...]» (B144, fol. 36r-v). A cantiga 9,14 non leva indicacións deste tipo en B e V, pero si nas copias conservadas en Madrid e en

utilizan o apelativo *Senhor* para dirixirse ó contrincante: un deles (125,49) segue a práctica habitual de iniciar cada estrofa co apóstrofe correspondente (*Senhor / Pero García [Burgalês]*); noutro (114,26), o *incipit* da cantiga é *Ûa pregunta vos quero fazer*, que provoca un desprazamento do vocativo *Senhor* ó comezo do segundo verso<sup>19</sup>, e as estrofas pares van dirixidas a Pae Gomez [Charinho]; 54,1 ten unha formulación moi semellante a este, pero a interpelación faise en estilo indirecto, o que permite recoller a identidade do interlocutor: *Ûa pregunt'ar quer'a el Rei fazer*, de modo que a fórmula de cortesía *Senhor* emprégase só no principio da estrofa III (a II e a IV son as respostas do monarca a Garcia Perez); finalmente, en 21,1 é un Don Arnaldo (que se tende a identificar con Arnaut Catalan) quen se dirixe ó *Sinner* en occitano, pero non volve nomealo na estrofa III (v. 1: «Lo don vos dei molt mercejar»). É máis que probable que ese *Senhor* sexa en todos os casos Alfonso x<sup>20</sup>, pero, para o que agora nos interesa, máis relevante que ese dato resulta pensar que existe a posibilidade de omitir un dos nomes (aínda que, máis que de omisión, se trate aquí dunha substitución pola fórmula de tratamento que corresponde a un rei ou a un señor feudal) cando hai outro xeito de identificalo.

Parece evidente, despois deste apresurado repaso, que unha das características formais das tensós é a mención explícita dos interlocutores nese procedemento anafórico propio das *cobras capdenais*, que, desde un punto de vista codicolóxico, facilita a copia destes textos, pois basta con incluílos na produción (case sempre ó final da mesma, no sector de escarnio e maldicir) do trobador que intervén en primeiro lugar, sen necesidade de reproducilos tamén no bloque correspondente ó segundo autor. Por iso resulta máis interesante analizar as excepcións a esta regra, que parecen limitarse (en canto a incumprimento total da mesma) a dúas: *Vós que soedes en corte morar* e *Vi eu donas encelado* (135,3).

Para esta última, B142 proporciona (sinalada de forma máis que evidente por unha man de certo tamaño debuxada por Colocci para atraer a atención sobre ela) unha das *razons* máis extensas das conservadas nos cancioneiros galego-portugueses<sup>21</sup>:

Porto; esta última, a máis completa, indica: «Trovas de D. Afonso Sanches filho del rei D. Dionis a Vasco M(artijiz de Resende e resposta do mesmo; acharãose entre os papeis do grande Mestre Andre de Resende, e estavam postas en solfa». No espazo que antecede a cantiga 2,18, Colocci anotou: «Esta tenzon fezero(n) P(ero) da Po(n)te e A(fons)o [E]anes do Coton» (B969) / «Pero da Ponte et Affons'Eanes fezeron esta tenzon» (V556). Tamén 63,70, da que só se conservan os cinco primeiros versos, leva diante (só en V642) a aclaración que permite considerala una tensó: «Esta te(n)zo(n) fez Joha(n) Airas de Santiago a ñ que avia nome Rui Toso Ca(n)to(n) [¿ou «ca(n) to(r)», como propón Lanciani (1985: 128)?] e se pos nome Rui Martiiz (?), e o outro respondeulhi».

19 A estrofa III, en cambio, comeza co apóstrofe.

20 Como lembra Tavani (2000: 142) cando se refire ás tensós «in cui uno dei dialoganti interpella l'altro con un rispettoso «senher» o «senhor» dietro il quale sappiamo con certezza che si cela Alfonso x».

21 Reproducímola directamente da edición de Ferreira da Silva (1993: 165).

Esta cantiga fez Pero Velho de Taveiros e Pai Soarez, seu irmão, a duas donzelas mui fremosas e filhas d'algo as[s]az, que andavan en cas Dona Maior, molher de don Rodrigo Gomez de Trastamar, e diz que se semelhava hua a outra tanto, que adur poderia homen estremar hua da outra; e seendo ambas huu dia folgando per hua sesta en huu pomar, entrou Pero Velho de sospeita. Falando con elas, chego[u] o porteiro e levanto[u]-o end'a grandes empuxadas e trouve-o mui mal<sup>22</sup>.

Grazas a este texto en prosa que antecede a cantiga, coñecemos o nome dos que interveñen no diálogo, e a rúbrica serve tamén para chamar a atención sobre un feito que, a simple vista, podería pasar desapercibido, xa que a primeira estrofa non se diferencia facilmente dunha cantiga de amor na que o trovador se dirixise a un público indeterminado:

Vi eu donas encelado  
que ja sempre servirei,  
por que ando namorado;  
pero non vo-las direi  
con pavor que delas ei:  
¡assi mi an la castigado!

A segunda cobra, en cambio, xa contén indicios da existencia de dous interlocutores, pois, logo desa declaración de ter contemplado unhas donas que o namoraron e o levaron a poñerse ó seu servizo, unha voz distinta pide maior concreción:

Vós, que essas donas vistes,  
¿falaron-vos ren d'amor?  
Dizede, se as conhocistes,  
¿qual delas é a melhor?  
Non fostes conhededor,  
quando as non departistes.

Aínda así, se a cantiga rematase aquí, cabería a posibilidade de considerar esas preguntas como meras interrogacións retóricas formuladas pola mesma persoa que falaba en primeiro lugar, pero a terceira estrofa non deixa lugar a dúbidas, porque é a resposta directa a elas por parte do interpelado:

Ambas eran as melhores  
que omem pode cousir:  
brancas eran come flores;  
mais, por vos eu non mentir,  
non as pudi departir,  
tanto son boas senhores.

22 Vid. así mesmo a edición e comentarios de Vallín (1995: 86-105).

O que antes pedía aclaracións busca agora as razóns desa imposibilidade do seu interlocutor de decantarse por unha das damas:

Ali perdeste-lo siso,  
cuando as fostes veer,  
ca no falar e no riso  
poderades conhecer  
qual á melhor parecer,  
mais faliu-vos i o viso.

A lectura completa da composición leva a corroborar o dato achegado pola *razon* introdutoria, no sentido de que son dúas as persoas que falan, probablemente pola mesma orde que figura nela (Pero Velho – Pai Soarez). Pero, como tensó, podería incumprir máis regras que a da mención explícita dos nomes propios<sup>23</sup>, pois o procedemento compositivo habitual<sup>24</sup> é o das *cobras dobras*, porque, en certa maneira, o primeiro trobador pon a proba a habilidade do segundo para seguir o esquema que el lle vai marcando. E os irmáns de Taveirós utilizan o modelo das *cobras singulares*. Para todo se podería buscar explicacións, e non deixa de ser certo que esta composición a dúas voces se sitúa cronoloxicamente nos inicios do xénero, polo que é posible que o modelo non estivese aínda suficientemente establecido.

En calquera caso, as particularidades de *Vi eu donas encelado* permiten pensar que algúns dos problemas que afectan a *Vós que soedes en corte morar* non son exclusivos desta peza.

3. Despois destes longos (pero que estimamos necesarios) excursos iniciais, cómpre centrar a nosa atención na peza transmitida en B co número 888 (nos fol. 188r e

23 A ausencia de *finda* non constituiría un problema, porque, aínda que é frecuente que aparezan dúas, unha para cada un dos contendentes (97,2 presenta unha soa, pero o feito de que o resto do folio 36v de B, no que remata a cantiga, quedase en branco autoriza a pensar na posibilidade de que se perdesse a segunda), a porcentaxe de cantigas sen *finda* é aproximadamente do 41'5 por cento (deixando de lado as dúas fragmentarias —63,70 e 2,19—, e tamén 94,20 e 135,3).

24 A excepción máis clara a esta norma é a de 126,5, que mantén o rimante *a* (-edes) e *b* (-en) en todas as estrofas (o que as converte en *unisonantes*), e usa *c* como rima *singular* (-ar / -or / -er / -on). Os outros casos diverxentes non o son de maneira tan rotunda: 88,13 parece construída en *cobras singulares*, pero o espazo deixado en branco no fol. 167v de V fai pensar que faltan precisamente as estrofas II e III (de feito, as *findas* si son *dobras*); 152,7 (que tamén constrúe como *dobras* as *findas*) combina unha rima *dobra* (*a* = -ade, en I e II; -estes, en III e IV) con dúas *singulares* (*b* —que coincide, de todos modos, en III e IV— e *c*); 125,49 ofrece unha estrutura moito máis elaborada, pois *a* é *unisonante* (-er), pero emprega o recurso da *palabra-rima* en posición de *dobra* nos versos primeiro (*saber*, en I e II; *dizer*, en III e IV) e último (*aver*, en I e II; *perder*, en III e IV) de cada estrofa, mentres que *b* é *dobra* (-ar, en I e II; -on, en III e IV) e *c* volve ser *unisonante*, porque emprega as *palabras-rima amor e senhor*, respectivamente, nos versos 5 e 6 de todas as estrofas. Sobre esta requintada combinación de recursos, *vid.*, entre outros, Pérez Barcala (2002).

188v) e en V cos números 472 (fol. 75r) e 1036 (fol. 168r)<sup>25</sup>, que debería ser analizada tanto no contexto proporcionado por ese aínda inexistente estudo de conxunto das cantigas transmitidas duplicadas como en relación cos xéneros dialogados.

Trátase, en efecto, dunha composición controvertida, que figura en B entre dous textos atribuídos a Martin Moxa, *Per como achamos na Sancta Scriptura*<sup>26</sup> e *Amygos, cuyd' eu que Nostro Senhor*, nunha posición que destaca tanto polo grande espazo en branco que abarca as dúas columnas do fol. 188r, antes e despois de B887, como polo que se deixa en 188v entre *Vós que soedes...* (con problemas de copia na última estrofa) e B889 (a segunda metade da columna *a* e mais da primeira metade da col. *b*), neste caso como se se agardase dispoñer de máis estrofas<sup>27</sup> ou dunha nova cantiga, para incluílas aí.

En V, o texto que nos ocupa transcríbese no fol. 75r, na col. *b*, debaixo do nome (da man de Colocci) «Martim Moxa», e a continuación, sen deixar a separación que adoita haber entre cantigas distintas, comeza *Amigos, cuyd'eu que Nostro Senhor*. A segunda aparición en V prodúcese no fol. 168r<sup>28</sup>: despois de sete versos da peza anterior e dun espazo baleiro, a cantiga V1036 ocupa o resto da columna *a*; no inicio da col. *b*, o copista escribiu a indicación «Esta cantiga de cima foi feita en tempo del rei don Afonso a seus privados», seguida doutra que di «Esta cantiga foi feita a un [e]scudero que andou alen mar e dizia que fora alo mouro». Entre as dúas *razons*, Colocci incluíu o nome «O Conde don Pedro de Portugal», que, pola posición que ocupa, parece sinalar que a segunda rúbrica explicativa corresponde a unha cantiga que se copia a continuación e que hai que atribuír a D. Pedro<sup>29</sup>. *Vós que soedes...* aparece, pois, como a última das composicións de «Lourenzo Jograr», rúbrica que se atopa no fol. 167r diante de V1033 (unha burla de Pedr'Amigo), á que seguen a tensó xa comentada con Pero García (88,13, V1034) e outra con Johan Vasquiz (88,7, V1035).

Á vista destas características, Michaëlis considerou que se trataba dunha tensó fragmentaria «em menoscabo dos privados» e que, aínda que, «contra o costume, os dois interlocutores não manifestam os seus nomes»,

25 Pretendemos, así, responder á chamada de atención relativa a que «quel che preme segnalare qui, per sollicitarne la revisione, è l'intempestiva introduzione della "nuova" paternità di *Vos que soedes en corte morar* nella stampa e nella base di dati del Centro Ramon Piñeiro» (Tavani 1999b: 979-980), se ben a segunda versión da base de datos *MedDB*, aberta ó público no ano 2008, xa aceptou a razoada proposta de Tavani e corrixiu tanto a atribución de autoría como a categoría tipolóxica da composición.

26 Diante da que Colocci anotou a rúbrica atributiva «Martim Moxa [cun *u* escrito enriba do o] ut s(upra) hic».

27 Lembremos que a maioría das tensós teñen un número par (impares son só 75,9 e 88,7, que teñen tres cobras, e 30,35, a máis extensa de todas, con sete) de estrofas, normalmente catro (seis aparecen só en 22,2 e 64,22), e que máis da metade son completadas con dúas *fiindas* (unha para cada un dos interlocutores).

28 B é lacunoso nesta sección.

29 De feito, se quixese atribuírle xa V1036, tiña alí espazo suficiente para escribir o nome, mentres que, onde está, aparece case comprimido entre as dúas *razons*.

Do facto de ella figurar no cancionerinho de Moxa [V472], e tambeo no de Lourenço [V1036] debemos concluir ser obra de ambos, cabendo, salvo erro, a Moxa as estrophes 1 e 3 e as replicas a Lourenço, que costumava morar na côrte (Michaëlis [1904] 1990, II: 472).

Restaba, de todos modos, un problema por resolver: se a rúbrica citada se refire, como todo parece apuntar, a esta cantiga, ¿con que rei D. Afonso hai que relacionala? ¿Con Afonso III de Portugal, con Alfonso X, ou con Afonso IV, o fillo de Don Denis? As cronoloxías diverxen considerablemente, e Michaëlis prefire desbotar, por tardía, a última opción, aínda que non toma partido entre as outras dúas.

Lapa ([1965] 1970: 416) acepta a proposta de Michaëlis e deixa tamén aberta a posibilidade de referirla ás dúas cortes coevas, «afectadas por idénticos problemas morais e políticos, mais especialmente a última [a de Alfonso X]». A mesma identificación como tenso e a mesma atribución de autoría é admitida polos editores de Lourenço (Tavani 1964, n° xv) e Martin Moxa (Stegagno Picchio 1968, n.º 2). Stegagno (1968: 113-114) parece convencida de que «questa tenzone sia nata nell'ambito della corte castigliana di Alfonso X e che debba pertanto venire inclusa fra i lamenti sul «mondo alla rovescia» che a Martin Moya ispirò la situazione creatasi nel regno di Castiglia in seguito alla guerra di Granada (1263-66) e poi alla ribellione dei nobili ad Alfonso (1271)». Tavani, pola súa parte, chama a atención sobre o inhabitual anonimato dos contendentes, pero precisa que

L'anonimato, che i due poeti intendevano verosimilmente conservare per non incorrere nella reazione dei potenti personaggi da essi presi di mira<sup>30</sup>, non ha impedito peraltro al compilatore dell'archetipo di B e V di individuarli, visto che il componimento in questione risulta inserito, in due versioni formalmente ma non sostanzialmente diverse, nei gruppi di testi attribuiti da entrambi gli apografi a due autori ben identificati. Ma non è da escludere che l'identità di questi fosse già indicata dalle raccolte parziali o dai fogli volanti confluiti nell'archetipo, e isolabili spesso dalla raccolta complessiva che possiamo ricostruire raffrontando V e B, e di cui V e B sono derivazioni più o meno dirette (Tavani 1964: 124)<sup>31</sup>.

Canto á localización histórica deses privados, e recoñecendo a viabilidade das dúas hipóteses sostidas por Michaëlis e Lapa, decántase pola corte de Afonso III<sup>32</sup>, porque

30 Posteriormente, reafirmase en varias ocasións nesta hipótese xustificativa do anonimato, como en Tavani (1999b: 978-999).

31 No seu comentario, Tavani ocúpase tamén dos problemas atributivos que pode engadir a *Tavola Colociana* (1964: 125-126), e de cal pode ser a orde de intervención dos dous trobadores (1964: 126-127), para concluir que a opción máis aceptable é a de que correspondan a Martin Moxa as estrofas I e III, e a Lourenço a II.

32 No estudo introdutorio, non obstante, non desbota por completo a outra opción: «la tenzone con Martin Moxa, assegnata da Michaëlis al periodo portoghese e anzi assunta come prova della permanenza

a favore del re portoghese sono gli indizi, per quanto incerti, forniti dalla distribuzione congetturale tra i due poeti delle tre strofe della tenzone, e dalle insinuazioni di Joham Vaasquez; e specialmente la concreta possibilità di riconoscere, nei *privados* satirizzati, i potenti ministri di Afonso III, di alcuni dei quali sappiamo quanto eccellessero nel compiere vere e proprie rapine, legalizzate dall'acquiescenza quando non dall'aperto appoggio reale (Tavani 1964: 127-128)<sup>33</sup>.

A pesar das atinadas observacións de Tavani, Oliveira (1994: 402-405) presta atención ás aparentes anomalías de *Vós que soedes...* (unha tensó na que non se nominan reciprocamente as persoas que falan; unha copia duplicada en V, unha rúbrica posposta que fai referencia ós privados dun rei D. Afonso...) e conclúe que: a) non debe de ser unha tensó; b) dado que B888 está copiada no sector correspondente ás cantigas de amigo, podería tratarse dunha integración tardía; c) a presenza dunha rúbrica explicativa deste tipo resultaría excepcional para un integrante do «cancioneiro de xograres galegos»; d) a propia redacción e colocación da rúbrica apunta a un momento tardío da tradición<sup>34</sup>; e) o tema da ambición dos privados rexios aparece ligado á renovación cortesá do reinado de Afonso IV e é tratado, entre outros, por Estevan da Guarda (30,6) e o propio conde de Barcelos (118,7). Propón, en consecuencia, a hipótese de que a rúbrica atributiva ó conde D. Pedro fose desprazada involuntariamente por Colocci e retrasada un posto, probablemente a causa do erro cometido previamente na colocación do nome de Lourenço, pois a súa produción comeza realmente na cantiga V1032 (unha tensó con Rodrigu'Eanes).

Esta proposta de atribución ó conde de Barcelos constitúe para Tavani un caso claro de «eterotopia»<sup>35</sup>, que rebate con argumentos de diverso tipo e sobre os que imos expoñer as nosas consideracións:

di Lourenço alla corte di Afonso III, può attribuirsi con altrettanta verosimiglianza al periodo castigliano, tanto sono vaghi e polivalenti gli accenni allo strapotere e alla prepotenza dei favoriti reali» (Tavani 1964: 22-23).

- 33 A conclusión á que chega tras estas consideracións é que «L'insieme di tali elementi fornisce, credo, una base sufficientemente solida per l'ipotesi che le accuse rivolte da Martim Moxa e da Lourenço ai *privados* si riferiscano ai ministri di Afonso III, e che quindi al periodo alfonsino e alla residenza del giullare in Portogallo vada attribuita la tenzone» (Tavani 1964: 129).
- 34 Tamén os estudos de Lorenzo Gradín (2003, sobre todo) sobre estes textos en prosa poñen de manifesto que a práctica de pospoñer as rúbricas explicativas afecta a cantigas de trovadores de procedencia portuguesa que desenvolveron a súa actividade na corte de Don Denis ou na do seu fillo, o conde de Barcelos, e que accederon á tradición manuscrita nunha época tardía, datos que poden apuntar a unha introdución desas didascalías nunha fase tamén tardía.
- 35 Os dous fenómenos heterotópicos que inclúe son «l'assegnazione ad autori diversi da quelli indicati (o almeno suggeriti) dai codici, effettuata in base ad elementi estranei al pur chiaro dato codicologico, e la negazione della perspicuità tematica fondata su una presente diversità tonale rilevabile tra la tenzone citata e le accuse rivolte in precedenza ai favoriti regi» (Tavani 2000: 143).

- 1) ¿Adoita Colocci actuar de maneira descoidada cando traballa sobre os textos medievais romances (non só os galego-portugueses)? A maior parte dos estudos sobre o humanista poñen máis ben de relevo o contrario<sup>36</sup>, e, en concreto, unha análise detida das anotacións que realizou sobre B mostra a pormenorizada atención que prestaba ós aspectos codicolóxicos, métricos, lingüísticos, etc. Por outra banda, admitir que se equivocou colocando fóra de lugar a rúbrica atributiva a D. Pedro supón recoñecer tamén implicitamente que errou cando escribiu (el directamente, non o copista) o nome de Martin Moxa diante de B888 e V472. ¿Ou debemos pensar que se trata dunha tensó entre o conde de Barcelos e Martin Moxa, cando o propio Oliveira<sup>37</sup> admite para este unha cronoloxía bastante anterior á do fillo bastardo de Don Denis?
- 2) A resposta á última interrogante parece obvia, posto que Oliveira pensa que non é unha tensó<sup>38</sup>, o que levou ó equipo do Centro Ramón Piñeiro a catalogala inicialmente como unha «cantiga político-moral» (Brea 1996, II: 762). Pero a presenza no texto de elementos discursivos propios do diálogo (*vid. supra*) induce a considerala unha tensó, real ou ficticia, pero tensó; e, se existen rúbricas que a adscriben a dous trobadores coñecidos, ¿é preciso poñer en dúbida que se trate dunha tensó real? É certo que a maioría das tensós incorporan o nome dos contendentes<sup>39</sup>, pero xa houbo ocasión de comentar un texto semellante desde este punto de vista (*Vi eu donas encelado*); se n aquel caso, a crítica dá crédito á *razon* que a precede, ¿qué impide pensar que a que explica *Vós que soedes...* non incorpora o nome dos autores porque —de maneira buscada ou inconsciente— o compilador dera xa conta da súa identificación copiándoa primeiro na produción de Martin Moxa e logo na de Lourenço<sup>40</sup>. E a cantiga de Pero Velho e Pai Soarez é aínda un caso máis anómalo, porque está construída en *cobras singulares*, mentres que o procedemento compositivo de *Vós que soedes...* é o propio das tensós, o de *cobras*

36 Como mostra de toda a investigación levada a cabo sobre Colocci, e tamén porque contén unhas completas referencias bibliográficas da produción anterior, pode verse Bologna–Bernardi (2008).

37 Nas fichas biográficas que figuran como complemento ó seu libro, Oliveira (1994: 383-384) inclínase por adscribilo á corte castelá na segunda metade do s. XIII. Stegagno Picchio (1968: 50; *vid.* as súas reflexións sobre a posible cronoloxía en 41-51) sitúao «nell'ambito della corte di Alfonso x di Castiglia tra il 1270 e il 1280».

38 E, neste caso, en lugar de pensar que Colocci errou tantas veces, ¿non se podería aceptar que o autor é Martin Moxa? As súas cantigas satíricas denuncian precisamente a corrupción que goberna o mundo.

39 «Il tentativo di tracciare una tipologia della tenzone non può tuttavia basarsi unicamente su elementi verbali, o, meglio, nettamente formulistici» (Lanciani 1995: 127).

40 *Vid. supra* as posibles razóns aducidas por Tavani (2000: 144) para xustificar o anonimato intratextual: «le accuse ai «privados» (avarizia, malversazione, concussioni, spoliazione) sono troppo gravi e circostanziate per ammettere che chi le muove non si cauteli contro le probabili ritorsioni dei detentori di tanto potere».



- doblas*, só apreciable na identidade de rimas nas estrofas I e II ( $a = -ar$ ,  $b = -er$ ,  $c = ir$ ), e no cambio que representa a III ( $a = -en$ ,  $b = -e$ ,  $c = -al$ ), que, a vulgar polo espazo en branco deixado despois dela en B, podería ir seguida, polo menos, dunha segunda intervención de Lourenço que repetise as rimas de III.
- 3) Admitida como tensó, Tavani recorda (2000: 144) que non se conserva ningunha mostra deste xénero na que interveña o conde D. Pedro, mentres que Lourenço é afeccionado a participar nos debates literarios: das 18 composicións que lle son atribuídas (incluíndo a que nos ocupa), oito son tensós; en tres delas, a iniciativa é do propio Lourenço (a Johan Vasquiz de Talaveira —88,7—, Pero García —88,13— e Rodriugu'Eanes —88,14—), e nas demais do seu contrincante (Guilhade, en dous casos —70,28 e 70,3—, Johan Perez d' Aboim —75,10—, Johan Soarez Coelho —19,47— e Martin Moxa —94,20—).
- 4) A pesar do que acabamos de sinalar, non deixa de ter razón Oliveira no relativo á temática de *Vós que soedes...*, pois as outras sete tensós que mantén Lourenço con distintos trobadores tratan motivos literarios, relativos ó bo e o mal trovar. Pero quen neste caso inicia o debate (e, consecuentemente, quen propón o tema de discusión) é Martin Moxa, moi preocupado pola inversión de valores no mundo que lle tocou vivir e pola corrupción que domina a corte do rei, como se pode apreciar nas súas cantigas satíricas (94,2; 94,9; 94,10; 94,13; 94,15; 94,18). Sería este o único exemplo de tensó conservado no que intervén Moxa, pero isto non ten nada de estraño, pois hai outros trobadores que deixaron constancia da súa participación só nunha tensó<sup>41</sup>; poida que quixese aproveitar a presenza na corte dun «entençador» profesional para facelo partícipe das súas preocupacións e incitalo a ocuparse deses asuntos. E, postos a seguir presentando hipóteses, esta podería ser tamén a razón da aparición da rúbrica referida a V1036 (e non presente en B888 e V472), e dos termos en que está redactada, pois os textos de Lourenço copiados antes eran tamén tensós, pero de tema literario, e esta supoñía un cambio significativo que requiría dunha explicación (non tan necesaria no relativo ó nome dos contendentes, porque xa figuraba na produción dos dous<sup>42</sup>).


Son moitos os elementos que convierten *Vós que soedes en corte morar* nun texto singular<sup>43</sup>, e non é este o lugar de pretender resolver todos os problemas que pre-

41 É o caso de Martin Soarez, Afons'Eanes do Coton, Pai Gomez Charinho, Estevan da Guarda, Afonso Sanchez, etc.

42 Parece claro que «l'inserimento del testo tra le composizioni di due poeti diversi non può essere dovuta al caso o a disattenzione d'amanuense, ma sembra piuttosto il frutto di un intervento mirato del curatore o del committente, volto a revocare l'anonimato dietro il quale si sono trincerati gli autori» (Tavani 2000: 144).

43 O vocabulario utilizado merece tamén un estudo específico, pois aparecen formas pouco frecuentes, e mesmo únicas (*novelar*, por exemplo, en II, v. 1).

senta e que desbordan a capacidade de quen escribe estas liñas, que non tiñan outra pretensión que a de reflexionar de novo sobre a cuestión. O traballo de Oliveira é encomiable, e as súas observacións sobre as peculiaridades desta cantiga resultan totalmente pertinentes e atinadas. Pero segue resultando máis sinxelo, e parece de momento máis axeitado, aceptar a situación que ofrecen as rúbricas de B e V (moi en particular, cando proceden da man do propio Colocci) en lugar de conxecturar propostas máis difíciles de soste, polo que, a pesar da falta de apóstrofes nominais e de que sexa a única tensó de tema político-social na que intervéñ Lourenço, seguiremos pensando que se trata dunha tensó proposta a este por Martin Moxa, sexa na corte portuguesa de Afonso III ou na castelá de Alfonso X, porque nas dúas se daban situacións certamente censurables.



Johan uasquez nunca roubei  
 rem ne matey home ne ar merei  
 por q mi deitarem mais nij aqui  
 por q dar algo e posei ignar mi  
 bi como o trobar uo maes estou  
 q se precia ta uosque e gton sst  
 des uos end trobades pore.

Jas que soedes en corte  
 morar deses privados quia  
 saber selhes ha priuancia munda durar  
 caos no ueio dar he despende  
 anet fhes ueio tomar e pidir  
 eos no q urem dar ou seruir  
 non podem rem de el reg adubar  
 Deses privados no sei mais falar  
 send q fhes ueio mui gra poder  
 e grandes rendas e cassas gaardar  
 e ueio as rento toda e p beir  
 e co potreda da terra sair e ha  
 el reg sabor deos oyr  
 mais eu no sei q the na co selhar  
 Sodes de corte et no sabeis rem  
 cameter faz atodo home q del  
 pois a corte por luirar algo de  
 cali dar no q por sen sabi he  
 pois na cor e home no luirar por al renje  
 de dar no se traba the dal  
 caos privados q em g fhes dem.

168  
 Esta camiga de animal foy feita  
 en tempo del rey do affonso  
 a seus miuados.  
 O Conde de m porino do port  
 Esta camiga foy feita  
 abn seu ueio q andou aale mar  
 e dizia q fora alo mouro

14013  
 Amar moze mofeyro mayor  
 sabe bem quetha cllrey desamor  
 por quetha dezo qu' he mal feytor  
 na sa terra est e coua certa  
 ca diz que su q' huy e p hu for  
 leuam cabeça de fuborta

Lentidade q faz a lley pesar  
 selhu na terra qui mais morar  
 pote q' huy sa guarda buscar  
 co gra de speite terra de fenta  
 e diz q' podt per hu for leuar  
 sempre cabeça de fuborta

14014  
 Esta camiga foy feita amiguel  
 nuas q foy en lleyro de m seu  
 e agome laudo de de beia.

O Conde de m porino do port  
 Os privados q del rey ha  
 por mal de muytos gra poder  
 sea saber e uirtar uer  
 exorno como no odan  
 mais posstarar de gte oda  
 ed' quadro no reyno ha  
 se conpre todos cu calam.

de Comyn logo de Sarria foz cista cançon  
A <sup>108</sup> <sup>108</sup> <sup>108</sup>

75

Marta moia amba alma sepa  
pelo poder se uos pecado auedes  
né por boes filhus q' fazedes  
mays auedes pecado pola herua  
q' comeffes q' uos far uiver  
tan gram tempo q' podeades sabr  
muy ben q'ndo naces ada reua  
Nem out' q' si das filhus baruado no uos  
acho hy q' peccador sendes tps grades  
nansp'gado facordades e sodes pastor  
dize q' mora se neidas prizer  
de q' tempo podades ser grades  
naou ali oalmacor

De p'caas as genoes sanhuas no auedes  
por q' uos embar far no por q' filhante  
e uos posar cao no dizer seho ca q'pa dese  
lemana se deus uos perdomi q'nto naces uo  
anra sazo q' em carnou deo e s'ca mana.

Per como achamo na sca sopoua  
dante q' po ora scera na cura  
casu non guarca freja no porina  
e cada rante uicio a uoluer guerra  
e fa e mal e me q' do fusica  
e na gen' ta grande a cobyza  
q' no ha ho co solho ne mefara  
anon lexxar sp'nal ne c'gna  
romeu ne dona ne amo fidalgo  
ne amo fidalgo ne home d'ada por bo q' se de  
q' no des omre por leuar del algo  
foz gan molto

Martim moia

Os q' sodes e corre morar  
deffas priuatus gra saber  
se l'hes ha apuaca muyto durar  
caos no uero darne despende  
anti os uero tomar e proir  
e q' l'hs no q' dar ou fuir  
no pod' rem del rey adubar

Deffes priuado no sey moular  
se ne q' l'hes uio rany gra podr  
e grandes rendas casu guaranar  
e uero as grandes muyto e p' uero  
e p' uero da gra sauy  
e ha chrey sabor dees ouuir  
may eu no sey q' l'hs na q' l'hs  
Sodes al corre no sa bedes ne  
ca m'ffer far acedemo q' do  
pays a corr' per diuin algo ne  
ca suldar no q' por corchape  
perozar ledex no m' g'atalla dal  
e se no der no de no padu  
dubar al caos priuado q' e q' l'hes de

Amigos cuydeu q' uro senhor  
no q' no mudo u' metes parer  
ca uero cadadia tomar  
de bem em mal e de mal em prior  
ca uero boos cadadia deorr  
e uero maas sobreles poder  
por e no e y damba morca parer

O mundo todauesas uegir  
e p'ras armas no mudo som  
nauefas andam sy deo mi p'lam  
por e no deusa motta fozir  
q'nto sabe obe q' soia ser  
e uero o mudo outra guysa correr  
e n'isse pod' de morca parer.

89

**N**em ouissi dos filh, q barnado  
 no uos acbo h p p cadi  
 se no dos ipos q rades trusp. s. d. q  
 q uor dades z sds pastor  
 dizede morax uciades pager  
 de q ipos paduades fer  
 indes tragou ali o almagor

**D**e pfacar as gente fundus  
 no anedes por q uq unbarqat  
 ne por q filhades e uos ppar  
 cao no dizc s no co pfa dizidemonu  
 feds uos pdom qnto naciste .19  
 data sazou q em car no dese sanca  
 qira

ne ome fidalgo u home  
 donde por bo q pira  
 q no de duree for lenar de agor  
 fora malhe z ronha camha  
 z no deme

**P**erdeste  
 por q no ha home q se defende  
 ne laura uimbe ne laura hndes  
 ne arcau peni se paga ronda  
 pdesse aorad .19  
 p. s. z mefura .19 qm .19 cede .19

Martin moxa ut s hic

887

**P**er como acham q na sua pira  
 ome q po ora laca au cira  
 cuse no guarda cregoa ne postura  
 et eua pice ueio uoluen guerra  
 z faz mal coneg de iustica  
 z nagete ra grade acobca  
 qnoha hi co llo ne mesura

Como lpxam sibil au egua  
 romen ne dona ne ome fidalgo

888

**A**os q sedes e corce moru  
 deshe puado qria fiber  
 se lhos h a apuica mupto ducar  
 cuos no ueio dar ne despende  
 Ande os ueio comar z pedis  
 z ay lhos no qe dar ou furr  
 no pode rem co el Rey adubar

Destes puros no ser, noma  
sno q' thes uio rany gram podi  
e grades rendas castis guantitas  
e nes as gendos mntis e puico  
co puzi duqra. for  
z ha el Rey sabor des omnt  
mre eero sey q' the na. yelhar

Sodes de corce no subdes rep  
ca mister fiz madome q' de  
pore a corce por  
Ca se dar no q' par  
Corkaste penste deder no se  
e n no der no deu no pode  
dutar al caos pua q' q' d' h' de

889

**F**mygos euyden q' ad se nhor  
non q' no mudo u micks raket  
cauo e adia ragnar  
detem em mal demal em peyor  
ca uca boe cadada deca  
vicio maoca sbreles podet  
porem no ey damba morck pauet

**O**mudo rodauca uegre  
cphat coust no mudo som  
auca andum sodes m ydon  
pore no denata morta fign

# 21 O vocabulario como fío de cohesión na tradición trobadoresca

[M. Brea – S. López Martínez-Morás (eds.), *Aproximacións ao estudo do vocabulario trobadoresco*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2010: 9-19]

1. **P**reámbulo Resulta habitual que moitas das edicións críticas de textos trobadorescos veñan acompañadas dun glosario que axude a entender o contido das composicións, e tamén é moi frecuente que proporcionen unha tradución á lingua na que se presenta ese produto (é dicir, a mesma na que se redactan o estudo introdutorio, os comentarios, as notas e todos aqueles elementos que adoitan formar parte destes volumes). O procedemento parece moi simple, pero a experiencia de quen traballa neste campo mostra as dificultades de todo tipo que encerra a elaboración dun glosario, entre outras cousas porque, por exemplo, o editor pode non ser plenamente consciente dalgúns problemas de lectura ata que procede a traducir o texto para permitir que quen acceda a el o interprete do mesmo xeito<sup>1</sup>; por outra parte, calquera que se enfrente á organización dun catálogo de voces deste tipo debe decidir se vai ofrecer unicamente o sentido «recto» do vocábulo ou comentar os seus posibles empregos figurados<sup>2</sup>, e, nos casos de voces con varios significados posibles, con qué criterios os vai ordenar, porque cabe a posibilidade de que a gradación dun dicionario estándar<sup>3</sup> da lingua en cuestión (ou mesmo a evolución semántica do termo a partir do seu étimo) non coincida coa que deriva do produto específico que se

1 Como sinala Lanciani (2010b: 263), «Interpretazione e traduzione concorrono dunque allo stesso titolo a formare il prodotto offerto dall'editore al fruitore, servono entrambe a chiarire all'uno e all'altro —prima all'uno, poi all'altro— e a giustificare l'iter seguito dal primo per arrivare al suo risultato». E, máis adiante: «quando si affronta un testo distante, non si tratta di tradurre per interpretare né di interpretare per tradurre; le due operazioni sono simultanee e inscindibili, anzi sono parti di una sola attività, quella ecdotica» (Lanciani 2010b: 268).

2 Algo especialmente importante nos xéneros satíricos, como poñen de manifesto, entre outros, Correia (2010) e Paredes (2010).

3 Tampouco é o mesmo o glosario dun autor ou dunha obra concretos (que, en calquera caso, deberá dar conta das palabras rexistradas nese corpus específico e dos significados que teñen nel) que un dicionario histórico-etimolóxico dunha lingua calquera ou un vocabulario que pretenda abarcar, por exemplo, todas as formas documentadas nun período cronolóxico delimitado (no noso caso, a Idade Media) dunha lingua ou dun grupo de linguas. Véxanse, neste sentido, Beltrami (2010) e Ferreiro (2010).

edita<sup>4</sup>. É certo que na actualidade dispoñemos de recursos electrónicos —cada vez máis especializados e con maior rendibilidade— que permiten atopar solucións novas a estes vellos problemas; aínda así, esas solucións son máis aplicables de momento á presentación e consulta dos resultados que á fase previa de estudo e interpretación.

As dificultades increméntanse nos casos de tradición manuscrita múltiple ou complexa nos que algúns testemuños (ou cada un deles) presentan lecturas diverxentes e algunhas palabras (cando non todas) son consideradas hápax. É evidente que a interpretación pode diferir sensiblemente segundo a opción elixida, e tamén que o elenco de voces empregadas polo(s) autor(es) experimentará variacións; pero as consecuencias poden ir máis alá porque, en casos extremos, é posible que cheguen a enmascarar referencias ou conexións con outros textos ou autores, da mesma tradición ou non<sup>5</sup>.

Ademais, na lírica trobadoresca moi en particular, o vocabulario desempeña un papel fundamental na configuración do propio código poético, xa que este vén definido tanto polos seus elementos formais e retóricos coma polo emprego dun léxico común, debidamente establecido e estipulado a partir, sobre todo, do ámbito xurídico-político do feudalismo<sup>6</sup>. É ben coñecido cómo a relación amorosa que establece a *fin'amor* entre o trobador e a súa dama transloce o *servizo* feudal non só porque el recoñece o seu sometemento á vontade dun ser superior que acepta como *señor* (feito que o converte automaticamente en vasalo) senón porque o léxico utilizado invariablemente reproduce todos os esquemas estipulados no sistema feudal; basta con repasar o libro xa clásico de Cropp (1975)<sup>7</sup> ou, para a lírica galego-portuguesa, o de Pichel (1987) (ou, simplemente, o repertorio proporcionado por Rodón Binué 1957) para percatarse inmediatamente desta realidade.

## 2. Difusión do vocabulario trobadoresco

A estrutura feudal foi unha realidade que determinou a vida política, económica e social na Galorromania e en Cataluña a partir do século x<sup>8</sup>. Como lembra Martínez Martínez, o feudalismo

4 Naturalmente, téntase resolver moitos destes problemas incorporando ao texto as pertinentes notas aclaratorias e, complementariamente, remitindo a elas, en ocasións, dende o glosario mediante algún recurso tipográfico.

5 Será útil, ao respecto, consultar algúns dos traballos recollidos en Brea – López Martínez-Morás (2010) que se ocupan de problemas deste tipo, entre eles os de Distilo–Constantini–Viel, Mussons ou Ramos.

6 Como lembra a visión xeral que proporciona Martínez Martínez (2010).

7 Poderíamos engadir a este outros estudos clásicos, como o de Bec (1968-1969). Ou o de Lavis (1972).

8 *Vid.*, entre outros, Bloch (1987), Duby (1997), Ganshof (1985), Iradiel (1991), Musi (2007), Valdeón Barunque (2005), Vilar *et al.* (1985).



Fue modelo político constitucional, sistema económico, mentalidad, conglomerado social. Y fue asimismo régimen jurídico, palabras, lenguaje del poder y de la sumisión, y de su reverso, la protección, el amparo, la defensa (Martínez Martínez 2010: 23).

No resto da Península Ibérica<sup>9</sup>, a súa implantación foi máis ben unha adaptación ás circunstancias particulares do territorio<sup>10</sup>, traducida na adopción de determinadas prácticas ou tipos de pactos, que dan lugar a unha especie de feudalismo sen feudos, se ben acadaron unha difusión importante os *Libri Feudorum* e as súas glosas (elaboradas entre os séculos XII e XIII), que deixaron vestixios en foros galegos, casteláns e leoneses.

O que resulta evidente é que os trobadores occitanos basearon o esquema de relacións que se establece entre o trobador e a dama, e de ambos co seu contorno, nas estruturas de vasalaxe, e que adoptaron a linguaxe que expresaba todos os elementos formais dos pactos, adaptándoa a esa ficción literaria que se elaboraba e interpretaba precisamente nos mesmos círculos aristocráticos e señoriais que se comportaban dese xeito na súa actividade diaria e se rexían por ese sistema xurídico.

A propagación e expansión do novo código poético polo resto de Francia e polos condados cataláns e os reinos de Aragón e Navarra, así como pola parte occidental do Norte de Italia, non tivo apenas dificultades, dado que as relacións entre todos eses territorios (de fronteiras cambiantes) eran estreitas, e as estruturas políticas semellantes. De feito, nin sequera foi preciso mudar a lingua empregada, polo que entre os máis notables trobadores en occitano atópanse nomes cataláns (Guillém de Berguedá, Cerverí de Girona...) e aragoneses (o propio rei Alfonso II trobou en occitano), a carón de outros procedentes de Italia setentrional (Bonifaci Calvo, Sordel, etc.). No norte de Francia, non obstante, os *trouvères* preferiron utilizar a súa propia lingua de oïl, que xa se consagrara como vehículo doutros xéneros literarios; e por iso é tamén esta a lingua que emprega nas súas composicións o rei Teobaldo I de Navarra (Thibaut de Champagne), fillo de Thibaut III de Champagne e Blanca de Navarra.

O resto de Italia, se ben debeu coñecer e apreciar esta corrente trobadoresca (como demostra, entre outras cousas, o número de cancioneiros alí copiados, aínda que en datas máis tardías), presenta só mostras dispersas de actividade creativa ata aproximadamente 1230, cando na corte siciliana de Federico II se instaura unha nova «escola», en lingua vernácula, que bebe directamente da tradición occitana, ata tal punto que a canción que abre o cancionero *Vaticano Latino 3793, Madonna, dir vo voglio*, do notario Giacomo da Lentini, é unha reelaboración de

9 En realidade, nin sequera a Marca Hispánica importou con total fidelidade ese modelo de feudalismo franco-xermánico que se consolidara no territorio comprendido entre os ríos Loira e Rin.

10 Vid., entre outros, Barbero (1986), Grassotti (1969), Gutiérrez González (1995), Mattoso-Sousa (1993), Moxó (2000), Sarasa Sánchez-Serrano Martín (1993-1994), Valdeón Baroque (1989).

*A vos, midons, vuelh retraire en chantan*, de Folquet de Marselha. A distancia cronolóxica, social e cultural, xunto co cambio de lingua, determinan a configuración dun produto que, recoñecendo as súas fontes primordiais nos trobadores provenzais, ofrece novidades tan destacables como a configuración do soneto<sup>11</sup>.

Na zona non musulmá da Península Ibérica, a organización político-administrativa tiña co mundo galo máis paralelismos que o sistema italiano, e existían co outro lado dos Pireneos moitos vínculos familiares que procuraban alianzas, momentáneas ou permanentes. Ademais, o Camiño de Santiago e, con el, a penetración, primeiro, da orde de Cluny e, logo, da reforma do Císter contribuíron a espallar as novas correntes procedentes das antigas Galias ata a *Finis terrae*. A poética trobadoresca non atopou dificultades para atravesar os reinos (uns antigos, outros máis recentes) de Castela, Asturias, León, Galicia e Portugal<sup>12</sup>. Hai indicios de que xa con Guilhem x (o fillo do primeiro trobador<sup>13</sup>) puideron peregrinar a Santiago Marcabru e Cercamon<sup>14</sup>, e a partir de aí a presenza dos axentes líricos non fai máis que incrementarse ao longo dos séculos XII e —xa en clara cohabitación cos trobadores autóctonos— XIII, de maneira especial na corte de Alfonso x<sup>15</sup>. Pero nesta metade occidental xa non se importou a lingua orixinaria dos trobadores foráneos, senón que todo o código poético (cos seus recursos formais) experimentou certas transformacións para adaptarse ás coordenadas sociopolíticas e lingüísticas dun espazo diferente e dun momento un pouco posterior<sup>16</sup>.

O sistema feudal de finais do século XII nos reinos de Portugal, León e Castela tiña pouco que ver co que, case un século antes, dera lugar á aparición da lírica trobadoresca na rexión do Poitou, pero asimilou o código poético da *fin'amor* como unha estrutura perfectamente construída e adaptable ao contexto presente, que pode conxugar elementos transpirenaicos con outros procedentes da lírica tradicional que se incorporan sabiamente a esta produción culta e propia de ambientes

- 11 Véxase a nova edición, promovida polo Centro di Studi Filologici e Linguistici Italiani (Antonelli–Coluccia– Di Girolamo 2008).
- 12 Á espera da publicación de varios traballos de Souto Cabo que proporcionan novos datos sobre os contactos co mundo occitano dalgúns dos primeiros trobadores galego-portugueses coñecidos, véxase, entre outros (ademais de Brea 1994), Fidalgo (2008), Miranda (2004), Monteagudo (2008), Oliveira (1993), etc.
- 13 Do que tamén constan as súas relacións co arcebispo Diego Gelmírez, debidas ao interese común por defender os dereitos dinásticos de Alfonso VII, como se pode ver en Campelo (1950: 297), onde se reproduce unha carta dirixida por Guilhem de Peitieu ao arcebispo.
- 14 Lembremos que este último o encomenda precisamente ao Apóstolo no *planh* que lle dedica: «Sant Jacme, membre-us del baro / Que denant vos jai pelegrís» (PC112,2<sup>a</sup>).
- 15 Dan conta global destas presenzas os libros de Alvar (1977, 1978). Tamén Beltrán se ten ocupado deste aspecto, sobre todo nas súas series de traballos sobre «Los trovadores en las cortes de Castilla y León» e «Tipos y temas trovadorescos», parcialmente recollidos e reelaborados en libros como Beltrán (2005).
- 16 Mentres que a cronoloxía relativa á lírica occitana arranca arredor do ano 1100, non temos constancia expresa de produción en galego-portugués ata finais dese século XII.

nobiliarios (aínda que se trate de pequena nobreza ou de cabaleiros de escasa fortuna). A integración de todo o relativo ao *servizo amoroso* foi tan completa que, a carón das palabras que se correspondían case exactamente no romance de partida e no de chegada, mesmo se admitiron moitos termos alleos ao sistema lingüístico galego-portugués e que non tiñan unha tradución doada (en boa medida, porque as realidades que reflectían non eran idénticas) pero eran necesarios para non desvirtuar ese mundo de ficción literaria do que formaban parte<sup>17</sup>.

3. **Utilidade e aplicabilidade dos estudos sobre vocabulario trobadoresco** Os vocábulos empregados para mostrar tódalas facetas vinculadas á poética trobadoresca (comezando polos que dan nome ás composicións<sup>18</sup>) teñen unha enorme importancia, porque, ademais do sentido recto que lles corresponde, agochan en moitas ocasións un significado metafórico, determinado precisamente polo tipo de textos no que se empregan e a realidade administrativa, política e social coñecida como feudalismo, que é tomada como referente esencial da relación amorosa e das súas continxencias. Unha realidade que pode estar representada lingüisticamente de xeito diferente en moitos aspectos, como acontece coa propia designación da dama: *domna*, *midons*, na tradición occitana, é transformada en *senhor*, *mha senhor* na galego-portuguesa, quizais porque a translación da fórmula feudal a un contexto histórico e social diferente supoñería un certo esforzo de comprensión que o uso de *dona* (que tamén se emprega en galego) non permitiría recoller tan claramente como *senhor*<sup>19</sup>. Algo semellante acontece coas denominacións específicas do sufrimento amoroso: a *coita* acaba converténdose nun elemento diferenciador nos trobadores galego-portugueses, e a voz era xa coñecida polos provenzais, pero estes relegárona a favor doutras como *pena*, que en galego podería resultar ambigua<sup>20</sup>.

Algunhas institucións ou prácticas xurídicas son designadas con termos distintos segundo as zonas, como pode advertirse na liña divisoria entre *s'escondir* e *salvarse* para designar o mesmo proceso<sup>21</sup>, un proceso provocado case sempre po-

17 Véxase, como compendio destes préstamos, García-Sabell Tormo (1991).

18 Sen mencionar os nomes específicos dos xéneros particulares, falta aínda un estudo comparado que explique a substitución de *vers* por *canço* nos provenzais, a hexemonía de *chanson* nos *trouvères*, a preferencia por *cantar* nos galegos (e por *cantiga* nas rúbricas e na fragmentaria arte poética que inicia o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*), a distinción entre *canzone* e *sonetto* introducida polos italianos, e incluso entre *canción* e *dezir* dos cancioneros casteláns. A modo de exemplo (que non chega a abarcar todo ese conxunto de forma exhaustiva), poden verse as perspectivas que abre o traballo de Miranda (2010).

19 Véxanse as conclusións ás que chegamos en Brea (1989). Probablemente o esquema que mellor resume a evolución semántica dos termos latinos empregados para referirse a 'muller' sexa o proporcionado por Wartburg-Ullmann (1969: 173-174).

20 Sobre este particular está traballando Domínguez Carregal, que ofrece unha achega parcial ao tema en Domínguez Carregal (2010).

21 Véxase, neste caso, Brea (2009).

los *lauzengiers*, que non serían recoñecibles con ese nome nas cortes peninsulares, polo que son mencionados, en todo caso, como *cousidores* ou *miscradores*<sup>22</sup>, en referencia directa á actividade que desenvolven, e que tamén na lírica occitana é definida como *mescrar*<sup>23</sup>. A defensa das acusacións infundadas de que é obxeco o trobador (que pode *jurar*<sup>24</sup> a súa inocencia) dá lugar a unha variante temática da canción, chamada *escondit* polas *Leys d'amors*<sup>25</sup>, da que é difícil atopar máis exemplos provenzais que o clásico de Bertran de Born, *Ieu m'escondisc, domna, qe mal no mier*<sup>26</sup>, pero da que Riquer (1989) foi rastreando manifestacións posteriores, sobre todo en catalán e galego<sup>27</sup>. Estudos deste tipo, que tentan desbrozar o vocabulario para chegar mesmo ao establecemento de modalidades xenéricas particulares (ou de interpretacións simbólicas ou sociolóxicas<sup>28</sup>), levan tamén a poñer de relevo vocábulos de uso restrinxido que puideron non introducirse na fala cotián e que deben ser analizados no conxunto da lírica románica medieval (e poida que mesmo nun corpus máis extenso) para alcanzar a desentrañar os significados e matices que poden ofrecer<sup>29</sup>.

Noutros casos, o uso dunha terminoloxía precisa, que remite a actos ben definidos xuridicamente e facilmente identificables (o deber de *amparo*<sup>30</sup>, o *consilium*<sup>31</sup>, o *galardon*<sup>32</sup>, o *mandado*<sup>33</sup>, o *preito* e a indicación do que é *dreito* ou *torto*, etc.), permite establecer redes de contactos entre trobadores dunha mesma tradición ou de tradicións próximas<sup>34</sup>, e mesmo, algunhas veces, pode servir de punto de partida para o recoñecemento de relacións intertextuais<sup>35</sup>; ou, cando menos, po-

22 A este respecto, pode verse Brea (1992).

23 O caso de *cousir* resulta moito máis complexo, porque o significado de 'censurar, criticar, murmurar' que presenta nalgúns trobadores galego-portugueses (só Martin Moxa designa nunha ocasión o axente desa actividade como *cousidor*) non se rexistra en occitano, onde ese valor corresponde, en todo caso, a *desc(h)auzir*. Deste aspecto témonos ocupado en Brea (2005a).

24 Véxase ao respecto Correia (1997).

25 Cfr. Anglade (1971, II: 184).

26 Cfr. Gouiran (1987).

27 Véxase tamén Brea (1993a).

28 O traballo de Ferreira (2010) reflexiona sobre a poética do espazo e as coordenadas de poder na cantiga de amigo.

29 Véxase, a modo de exemplo, Brea (2005b). E, moito máis claramente, o estudo de Pulsoni (2010).

30 Pode verse ao respecto Brea (2004).

31 González Martínez (2010).

32 Véxase Corral Díaz (2009a, 2009b), Domínguez Ferro (2009).

33 Vid. Corral Díaz (2009c).

34 Estas relacións poden rastrearse tamén a partir de referencias aparentemente menos significativas, como fai Larson (2010) coas indicacións relativas ao mar.

35 Véxanse, entre outros, Corral Díaz (2005).

ñer de manifesto a recorrencia a motivos como a cualidade da *mesura*<sup>36</sup>, o *ensandecemento*<sup>37</sup> que padece o amante *cativo*, o pavor<sup>38</sup> que experimenta ante a posibilidade de provocar a *sanha*<sup>39</sup> da súa *senhor*, o proceso de namoramento a través da visión da amada<sup>40</sup>, a petición de *mercé* ou *ben*, a morte por amor, etc.

O conxunto de elementos léxicos acuñados polos trobadores provenzais para referirse á dona á que destinan as súas composicións e para expresar os sentimentos que esperta nel, así como as manifestacións externas deses sentimentos (os *signa amoris*) ou os *exempla amoris* que emprega para manifestar a súa paixón (naturalmente, facendo gala da súa cultura literaria), acaban constituíndo un sistema relativamente pechado no que unha parte dos vocábulos utilizados teñen reminiscencias clásicas, outra procede do léxico cotiá, e outra, moi significativa, ten o seu referente inmediato na organización feudal na que se orixina e desenvolve esa produción lírica. Este último compoñente pode explicar a presenza de termos con étimos xermánicos, pero non ofrece menor interese prestar atención aos cambios semánticos e, sobre todo, ás especializacións de significado do vocabulario latino patrimonial, particularmente naquelas voces que poden ter entrado na lingua ordinaria carentes xa dese matiz peculiar que as caracterizaba na lingua dos trobadores.

Ese sistema léxico experimentou un transvase ás novas linguas que serviron de expresión ao código poético ben a través dos alófonos e alomorfos que corresponden en cada unha delas (cando se trata de palabras comúns a varias, ou a todas), ben experimentando unha «tradución» (se existía un termo equivalente, que designase a mesma realidade ou o mesmo concepto, pero cun étimo diferente), ben introducíndose como préstamos ou dando lugar a calcos semánticos. Cada unha das «escolas» achega elementos propios, que enriquecen — e poden chegar a modificar parcialmente— o fondo común, pero non deixa de manterse unha cohesión interna que identifica a pertenza (en certo sentido, a adscrición máis ou menos consciente) a unha mesma tradición, que actúa a modo de *autoritas*.

É indubidable que a poética trobadoresca non se define só en función do léxico utilizado, senón tamén polos seus xéneros e formas, polos recursos métricos e rítmicos, polas melodías, polos procedementos retóricos, polas relacións existentes entre os axentes líricos, polo contexto en que se desenvolve, etc. Pero a concepción da *fin'amor* está indisolublemente unida á utilización dun vocabulario determinado, caracterizado por connotacións específicas que non sempre son apreciáveis a simple vista (entre outras cousas, porque o seu éxito puido facer que se incorpora-

36 Poden verse ao respecto, entre outros, Fidalgo (2004), Mussons (1991b).

37 Pode verse, entre outros, Fernández Guiadanes–Pérez Barcala (2005), Mussons (1991a).

38 Pode verse, ao respecto, entre outros, o traballo de Blanco Valdés (2010) sobre a *paura*.

39 Véxanse, por exemplo, os traballos de Cohen (1996) e Vázquez Pacho (1999).

40 Vieira (2010) revisa novamente o tan estudado tópico da vía amorosa que enlaza ollos e corazón. A dama é a 'luz' dos ollos do seu rendido servidor, como pon de manifesto Pérez Barcala (2004).

sen ao léxico común, esquecendo o significado preciso que tiñan orixinariamente, ou que adquiriran naquel ámbito). E por iso a análise comparativa das formas empregadas por todas as manifestacións desa lírica románica medieval<sup>41</sup> pode proporcionar resultados de grande utilidade tanto para un mellor coñecemento da produción no seu conxunto coma para a comprensión de textos ou autores concretos, así como para determinar círculos poéticos ou contactos directos entre varios autores<sup>42</sup> (e mesmo relacións intertextuais e *contrafacta*). Ademais, unha vez realizado ese estudo, resultaría máis doado comprobar a pervivencia de estruturas léxicas e conceptuais, non só en Dante e Petrarca e os seus imitadores, senón tamén na lírica catalá dos séculos XIV e XV, e nos cancioneros casteláns e portugueses do século XV e parte do XVI.

Na actualidade, dispoñemos de instrumentos que facilitarían un traballo deste tipo. Existen bases de datos textuais que recollen unha boa parte dos córpora obxecto de estudo. Pénsese nas compilacións dirixidas por Ricketts (2001-2005) para os textos occitanos; na base de datos *MedDB* para a lírica galego-portuguesa<sup>43</sup>; noutros recursos electrónicos como os CDs existentes tamén para estas dúas escolas dentro do proxecto «Lírica europea» dirixido por Roberto Antonelli<sup>44</sup>, que contempla tamén a compilación das composicións dos *trouvères* (baixo a dirección de Canettieri); na previsión dunha versión electrónica para as *Concordanze della Lingua Poetica Italiana delle Origini (CLPIO)*, proxecto dirixido por D'A. S. Avalle e continuado por Leonardi... Nalgúns casos, só e posible facer buscas nos textos a partir das formas rexistradas; noutros, existe xa unha lematización que facilita as pescudas. Pensamos que é viable ampliar estas ferramentas, non só completando o proceso de lematización e dispoñendo as catro líricas principais nun software común (obxectivo inmediato do proxecto deseñado dende La Sapienza), non só completando, mellorando ou realizando *ex nihilo* ou *ex novo* glosarios ou dicionarios de cada unha das linguas que serven de soporte a esta tradición (traballos moi necesarios), senón elaborando unha enciclopedia electrónica de todo o conxunto.

Deseñar unha metodoloxía *ad hoc* non debera ser xa unha dificultade insalvable. Existen recursos de distintos tipos para poñer en relación textos en linguas diferentes: os máis sinxelos son, probablemente, o de vincular os lemas propios de cada lingua a unha especie de «archilema», ou ben o de crear un *thesaurus* que estableza os

41 Tampouco deberan quedar fóra deste panorama as composicións dos *Minnesinger*; non obstante, a pertenza desta escola a unha familia lingüística diferente permite, polo menos nunha primeira aproximación, non incluílos no mesmo grupo.

42 Non esquezamos que a actividade trobadoresca carece de sentido como proceso creativo individual e illado; trátase sempre, dunha maneira ou doutra, dun *deport* de grupo.

43 A primeira versión en rede apareceu en 1998, e na actualidade está accesible a segunda.

44 A parte técnica realízase na Università della Calabria, en Cosenza, baixo a dirección de R. Distilo. As ferramentas dispoñen tamén dunha versión en rede en [www.textus.org](http://www.textus.org), onde pode atoparse información sobre o proxecto no seu conxunto.

enlaces pertinentes entre palabras que teñen o mesmo significado (compartan étimo ou non). En calquera caso, trátase dun proxecto que debe englobar varios equipos, con especialistas en cada un dos corpus, e parece conveniente deseñar unha nova estrutura de base de datos capaz de dar resposta tanto ás necesidades e particularidades de cada tradición coma ás que son compartidas, de facer posibles tanto buscas simples coma cruzadas e complexas, unha base de datos *in fieri*, que poida ir ampliando a súa dispoñibilidade moito máis alá dos obxectivos iniciais, e que poida ser implementada por opcións doutros tipos, comúns ou individuais<sup>45</sup>. Unha ferramenta así proporcionaría á comunidade científica información organizada, estruturada, contrastada e contrastable, que axilizaría enormemente a investigación sobre a lírica trobadoresca. A partir de aí, equipos de filólogos (coa colaboración de especialistas en historia medieval, sobre todo en historia do dereito, e tamén noutros ámbitos) poderían abordar o estudo léxico e semántico dos distintos campos<sup>46</sup> ata organizar esa enciclopedia que permitiría coñecer en profundidade unha boa parte da historia lingüística e literaria do Occidente europeo. Un obxectivo así dista de ser fácil de acadar; as necesidades son de distinto tipo: un coordinador xeral con bo coñecemento dos textos, capacidade de organización e decisión<sup>47</sup>; uns equipos de persoal informático estables, ben coordinados entre eles e cunha adecuada distribución do traballo; grupos de investigación, preferentemente interdisciplinares, capacitados e motivados, que traballen en estreita colaboración; recursos económicos; e tempo suficiente. Os demais escollos son solventables, e tamén o é o do tempo, porque o importante non é que o traballo o rematen os que o iniciaron, senón poñelo en marcha e encarrilalo, e incardinar nel un programa de formación continua que garanta o relevo xeracional e un incremento do interese e das posibilidades de estudo que se vaian contemplando.

45 É posible, por exemplo que, paralelamente, existan equipos encargados de introducir as transcricións dos testemuños manuscritos (permitindo tamén o seu uso para estudos de carácter estritamente lingüístico), e de elaborar novas edicións críticas. E que outros se ocupen máis ben de vocabularios onomasiolóxicos parciais, ou de revisar as definicións e características dos xéneros líricos, ou de prestar atención particularizada a aspectos codicolóxicos, etc.

46 Cabe a opción de deseñar previamente un repertorio provisional de temas e motivos ao que ir vinculando tamén as formas empregadas nos textos. Só habería que reflexionar sobre as consecuencias que ese traballo previo puidese ter sobre a obtención de resultados.

47 Neste momento, entendemos que, pola súa traxectoria (véxase o dito máis arriba), esa persoa de referencia é Roberto Antonelli, impulsor de diversas iniciativas para acadar financiación europea que permita poñer en marcha o proxecto.





## 22 La parodia (meta)literaria en la lírica gallego-portuguesa: el debate entre Abril Perez y Bernal de Bonaval (B1072, V663)\*

[J. Bartuschat – C. Cardelle de Hartmann (coords.), *Formes et fonctions de la parodie dans les littératures médiévales. Actes du colloque international, Zürich, 9-10 décembre 2010*, Firenze: Edizioni del Galluzzo per la Fondazione Ezio Franceschini, 2013: 79-104]

Después de pasar revista a diferentes teorías sobre la parodia, y considerando que algunas, como las de Bajtin (1991), Rose (1979, 1995) o Hutcheon (1985) son muy amplias, mientras que otras —las de las retóricas clásicas o la de Genette, por ejemplo— resultan excesivamente restrictivas, Sangsue (1994: 73-74) concluye que sería posible obtener una definición satisfactoria ampliando la propuesta por Genette: «La parodie serait ainsi la transformation ludique, comique ou satirique d'un texte singulier»<sup>1</sup>. Un poco más adelante, añade:

Intégrer les trois dimensions du ludique, du comique et du satirique à la définition de la parodie, c'est laisser ouverte la possibilité de prendre en compte des textes où la proportion de ces régimes est difficilement décidable, soit qu'ils se mêlent sans qu'aucun ne domine, soit que l'un ou l'autre apparaisse à l'état de nuance, de «couleur» (Sangsue 1994: 74).

A la dificultad de deslindar entre las tres dimensiones citadas<sup>2</sup> se añaden otras particularidades, como la constatación de que la parodia no es sólo una empresa de desmitificación de algo bien conocido por los lectores o el auditorio, sino también la propia confirmación del éxito obtenido por el producto (objeto, ser...) parodiado<sup>3</sup>. El procedimiento viene favorecido por el hecho de que los códigos de

\* Este trabajo es un resultado parcial de los proyectos de investigación *El sirventés literario en la lírica románica medieval* (FFI2008-05481) y *Os xéneros dialogados na lírica galego-portuguesa* (PGIDIT INCI-TE09204068PR), financiados, respectivamente, por el MICINN español y la Xunta de Galicia

1 Vid. también, Sangsue (2007).

2 Deslinda que también podríamos plantear entre parodia e ironía. Para Hutcheon (1997: 80), «l'ironia opera a livello microcosmico (semantico) allo stesso modo che la parodia fa a livello macrocosmico (testuale), perché anche la parodia è evidenzamento di differenza, proprio grazie alla sovrapposizione di contesti (in questo caso testuali piuttosto che semantici)».

3 De algún modo, la parodia aspira a convertirse en un factor de renovación en el interior de una tradición, pero enmarcándose en ella, porque «se da un lato ricorre all'ironia per instaurare la distanza critica necessaria alla sua definizione formale, dall'altro tradisce una tendenza verso il conservatorismo, nonostante il fatto che sia stata salutata come paradigma di rivoluzioni estetiche e di cambiamenti storici» (Hutcheon 1997: 92). Recordemos que el elemento griego *para-* significa, a la vez, 'al lado de' y 'contra', de tal modo que la simple etimología remite a esa combinación de proximidad y distanciamien-

los géneros literarios están basados en una correspondencia bastante estricta entre expresión y contenido, en una serie de convenciones<sup>4</sup> aceptadas implícitamente, de tal modo que basta con intervenir sobre cualquiera de sus rasgos distintivos para obtener el efecto deseado, sea este lúdico, cómico o satírico<sup>5</sup>. Como señala Zumthor (1973: 107), «questa costante possibilità d'ironia introduce, in una tradizione cogente, come un indice di libertà, una possibilità di spontaneità, un rifiuto di farsi prendere al gioco». Analizando los diversos tipos de textos en los que la función paródica desempeña un papel importante, Bonafin (2005: 121) menciona como «di menor respiro ma non meno interessanti per l'oltranza della trasgressione, i *contrafacta* di alcune composizioni trobadoriche», y destaca que, en ellos, la oposición<sup>6</sup> entre 'cortés' y 'villano' se convierte en uno de los elementos determinantes de la parodia.

La lírica gallego-portuguesa nos ofrece, igual que la occitana o la francesa, ejemplos en los que esta oposición está latente, pero, al mismo tiempo, proporciona una buena ocasión para reflexionar sobre los distintos modos de aproximación a la parodia<sup>7</sup> e incluso para intentar comprobar en qué medida funcionan los cinco tipos de relaciones transtextuales establecidos por Genette (1989: 10-14). No nos interesan ahora los casos concretos de *intertextualidad* que Genette define de forma restrictiva como «una relación de copresencia entre dos o más textos, es decir, eidéticamente y frecuentemente, como la presencia efectiva de un texto en otro» (Genette 1989: 10), y que suele adoptar la forma de una cita, un plagio o una mera alusión. Tampoco el contacto menos explícito y más distante que mantiene el texto con su paratexto (aunque tendríamos que hacer alguna referencia específica en este sentido<sup>8</sup>), ni la *metatextualidad* o «comentario»; y no vamos a entrar (por-

to que está en la base de la parodia. Bonafin (2005: 35), destaca que «la parodia è un'operazione dialettica, perché pone e nega contemporaneamente il suo modello / bersaglio».

4 «La parodia non mira direttamente alla realtà, ma alla sua rappresentazione, quale essa rinviene già codificata e semioticamente modellata, in enunciati di cui può fare un uso metalinguistico e critico» (Bonafin 2005: 38). Ello obliga a no olvidar que la percepción de un texto paródico exige una serie de condiciones en el lector u oyente, que Sangsue (1994: 84-87) resume en tres: a) debe reconocer en un texto dado la presencia de otro texto; b) debe identificar el hipotexto; c) debe medir la separación existente entre este hipotexto y el texto paródico. Dicho de otro modo, el lector / auditorio tiene que poseer una cierta capacidad de reconocimiento, así como una cultura —y una memoria— suficiente como para identificar el hipotexto y apreciar los resultados de la operación realizada.

5 Vid. al respecto, entre otros, Bonafin (2005: 120).

6 Oposición que toma de Gravidal (1989).

7 Desde el sentido restringido que le da Genette a la concepción un poco más amplia de Sangsue. Recordemos que para Genette (1989: 37) «El vocablo *parodia* es habitualmente el lugar de una confusión muy onerosa, porque se utiliza para designar tanto la deformación lúdica, como la transposición burlesca de un texto, o la imitación satírica de un estilo»; es decir, abarca desde la parodia estricta al travestimiento (ambos proceden por transformación del texto) y la imitación satírica.

8 En los cancioneros gallego-portugueses, las cantigas satíricas se sitúan mayoritariamente en el tercer sector, denominado «d'escarnho e maldizer», pero, a causa del complejo proceso de configuración de

que representa un problema de alcance superior) en la *architextualidad* como relación de pura pertenencia taxonómica. La modalidad en la que incluye Genette la parodia (así como el «travestimiento», la «transposición», el «pastiche», etc.<sup>9</sup>) es lo que él denomina *hipertextualidad* (Genette 1989: 13-14), entendida como relación que une un texto B (*hipertexto*) a otro anterior A (*hipotexto*), al que se refiere de una manera diferente a la cita o el comentario.

Para Segre (1982, 1984), sin embargo, resulta más pertinente distinguir entre *intertextualidad* e *interdiscursividad*: la parodia se corresponde con la primera, entendida como relación entre texto y texto, mientras que la segunda —referida a las relaciones entre texto y «enunciati o discorsi registrati nella corrispondente cultura e ordinati ideologicamente» (Segre 1982: 23)— tiene que ver con la sátira. Pasero añade a esta una distinción complementaria: *intertextualidad* / *intratextualidad*, por una parte, e *interdiscursividad* / *intradiscursividad*, por la otra:

RIASSUMENDO: nell'*interdiscorsività* e nell'*intertestualità* posson esser fatte rientrare rispettivamente la satira e la parodia *in generale*; nella «*intradiscorsività*» e nell'*intratestualità*, viceversa, le varianti «*riflessive*» dei due fenomeni. Va aggiunto però che la corrispondenza, anche dal punto di vista terminologico, non è perfetta, visto che, mentre nell'*intratestualità* può trovar posto quella che correntemente è chiamata *autoparodia*, alla «*intradiscorsività*» non risulta corrispondere una «*autosatira*». In tal caso, si dovrebbe parlare piuttosto di *autoironia*, di *palinodia* e altre simili manifestazioni» (Pasero 2003: 29-30)<sup>10</sup>.

Teniendo presente que «l'analisi dei testi parodici e satirici si trova in genere confrontata con fenomeni di *referenzialità plurima*, piuttosto che con forme 'pure'»

la tradición escrita (para el que puede verse Oliveira 1994), algunas se encuentran en otros lugares. Y, en cualquier caso, existen composiciones en las que la clave identificadora viene proporcionada por la rúbrica explicativa (o *razó*) que precede o sigue a la cantiga, designándola como «*d'escarnho*» y / o «*de maldizer*», y en ocasiones explica el motivo concreto de la parodia. La presencia de estas indicaciones paratextuales responde de alguna manera a la necesidad de que quien parodia proporcione algunas claves que permitan identificar su objetivo, pero sin olvidar que estos guiños están dirigidos más bien a un público distante que al destinatario inmediato, pues «ils orientent et confortent la réception parodique, mais cette dernière repose avant tout sur les facultés interprétatives du lecteur» (Sangsue 1994: 86), o del auditorio, para recordar el texto original, observar su transformación y recibir sus modificaciones.

- 9 Pueden verse, al respecto, los cuadros que incorpora en esta parte de la obra, en particular Genette (1989: 38).
- 10 Entre los ejemplos que aduce, podemos recordar, entre otros, la galería satírica de trovadores de Peire de Alvernha, en la que no existe *intertextualidad*, sino que responde a la *interdiscursividad* en cuanto que es un «discurso» dirigido contra colegas, pero que contiene también *intradiscursividad* en la estrofa final, en la que el «discurso» va contra sí mismo, presentando su autocaricatura. La pastorela de Marcabru, en cambio, refleja una polémica contra la *fin'amor*, con reenvíos a Guilhem de Peitieu en boca de la pastora (lo que supone una deformación de los mismos); para Pasero, este texto muestra una actitud *interdiscursiva*, a la que el hecho de incorporar citas del adversario añade el uso de la *intertextualidad paródica*.

(Pasero 2003: 34), podríamos hallar en la lírica gallego-portuguesa ejemplos de casi todas las modalidades. Así, el famoso «ciclo del ama»<sup>11</sup> podría corresponder a la *interdiscursividad*, mientras que los *contrafacta*<sup>12</sup> (no necesariamente tan obscenos como algunos de los recopilados por Bec 1984) serían una forma de *intertextualidad*, y las cantigas asimilables a los *gaps* occitanos<sup>13</sup> mostrarían un tipo de *intratextualidad* un tanto diferente al modelo de autoparodia analizado por Pasero (2003: 34-44) o Meneghetti (2003). El concepto genettiano de *hipertextualidad*, por su parte, puede resultar oportuno para el análisis de los ataques y respuestas cruzados entre trovadores (tanto en composiciones que adoptan la forma de *tenson* como en las que se presentan como independientes, pero sirven de respuesta directa a una intervención previa del contrincante) o, de modo especial, para las «cantigas de seguir»<sup>14</sup>, en ocasiones señaladas como tales en unas rúbricas que se convierten en la única clave posible cuando no se ha conservado el *hipotexto*.

Una vertiente particular viene proporcionada por aquellas piezas que, sin establecer una relación inmediata con textos precisos anteriores<sup>15</sup>, se centran en alguno de los elementos configuradores del código poético de la *fin'amor* para hacer mofa de este. Algunas de ellas han recibido la etiqueta de *escarnios de amor*<sup>16</sup> por una parte de la crítica<sup>17</sup>, otras aparecen como debates entre trovadores que presentan argumentos a favor y en contra de determinadas posturas, de un modo similar a como hacían los provenzales manteniendo la tradición clásica del *conflictus* bajo diversas manifestaciones<sup>18</sup>.

- 11 Como puesta al día y compendio de toda la bibliografía precedente (de la propia autora, y, antes, de Michaëlis, Beltrán, Vieira...), puede verse la aportación de Correia (2006).
- 12 Entre los numerosos trabajos sobre el tema, pueden servir de referencia los de Canettieri–Pulsoni (1995) o Paden (1998). Más recientemente, Marcenaro (2010).
- 13 Pensemos, por ejemplo, en una buena parte de las cantigas de Johan Garcia de Guilhade, así como en todas aquellas cantigas de amigo en las que la enamorada hace el panegírico de su amado (como trovador que es); *vid.*, entre otros, Bertolucci (1999c), Brea (2000d). Véase también Ron Fernández (2002).
- 14 No podemos detenernos aquí en las implicaciones derivadas de la modalidad compositiva denominada «de seguir» en la poética fragmentaria que inicia el *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* (= B) —para el que puede verse Tavani (1999a)—, por lo que remitimos a Cardoso (1977), Filgueira Valverde (1992c).
- 15 Téngase en cuenta que no siempre tienen que ser textos pertenecientes al mismo ámbito. Así, por ejemplo, es frecuente en la literatura medieval que se parodien textos bíblicos o litúrgicos; para los trovadores gallego-portugueses, es muy significativo en este sentido el caso de Airas Perez Vuitoron (*vid.* Díaz de Bustamante 1983, 2005).
- 16 Incluso, en unos pocos casos, de *escarnios de amigo*; a modo de ejemplo, *vid.* Brandão (2008), Paredes, (2009).
- 17 *Vid.*, entre otros, Brandão (2006), Gutiérrez García (2004, 2006), Rodiño Caramés (1999), Vallín (1997).
- 18 Las referencias bibliográficas son abundantes, por lo que nos limitamos a indicar algunas visiones de conjunto bien conocidas: Bec (2000), Hagan (1979), Jones (1974), Pedroni–Stäuble (1999). La aportación más reciente y completa es la de Harvey–Paterson (2010).

A esta última modalidad pertenece el texto en el que queremos centrar aquí nuestra atención, *Abril Pérez, mui't'ei eu gran pesar* (22,2 / 1,1)<sup>19</sup>, porque, en palabras de Indini,

È la parodia che qui coinvolge tutto con una chiara tendenza all'iperbolizzazione: parodia del fatto letterario per cui paradossalmente il centro focale della casistica amorosa —la *coyta*— viene preso a bersaglio solo per ribadirne l'essenzialità e la sopravvivenza tenace; parodia della qualità poetica dei due contendenti che diviene al contempo ipervalutazione per entrambi; parodia del dato biografico che vale a ristabilire l'equilibrio e il superamento della frontiera classista; parodia, infine, della tradizione che a questa denota invece l'attaccamento imprescindibile (Indini 1978: 74).

Uno de los dos trovadores que intervienen en la disputa figura en los cancioneros gallego-portugueses sólo con esta composición<sup>20</sup>. Se trata de un personaje controvertido, pues Michaëlis<sup>21</sup> proponía identificarlo con D. Abril Perez de Lumiares, perteneciente a la alta nobleza portuguesa (descendiente de D. Afonso Henriques) y documentado extensamente entre 1218 y 1244 (por lo que se cree que murió en torno a 1245); Oliveira (1994: 304), por el contrario, prefiere relacionarlo con un «D. Abril, jogral» citado como testigo de una venta —en 1221— de D. Gonçalo Mendes de Sousa al monasterio de San Vicente de Fora; con anterioridad, López Ferreiro (1902: 375) menciona un «Aprili petri» citado (junto con sus hermanos «Juliano» y «Fernando») como pariente en el testamento del canónigo compostelano Abril Fernández, fechado en 1269<sup>22</sup>.

De Bernal de Bonaval, por su parte, se conservan, además de esta, otras 18 cantigas, de las cuales 10 son de amor y 8 de amigo<sup>23</sup>. Ninguna de ellas se encuentra en el *Cancioneiro da Ajuda*, pero sí están completas en los otros dos códices que transmiten el corpus gallego-portugués, el *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* (= B) y el *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* (= V), y en ambos aparecen formando parte de un grupo de composiciones —intercaladas en una fase determinada de la tradición manuscrita en el interior del sector reservado en principio para las cantigas de amigo<sup>24</sup>— conocidas convencionalmente como *Cancioneiro de xo-*

19 Tanto la numeración utilizada (que se corresponde casi completamente con la establecida por Tavani 1967a) como los textos citados están tomados de la base de datos *MedDB* ([www.cirp.gal](http://www.cirp.gal)).

20 Sobre el problema que plantean estos trovadores de los que sólo se conserva su intervención en un debate, *vid.* Lanciani (2010a: 361-364).

21 Michaëlis ([1904] 1990, II: 298-300, 655).

22 «It. consanguineo meo Juliano petri campsori sls. LX. et fratri suo aprili petri sls. LX. et fratri suo fernando petri clerico sls. C.» (*Tumbo C* del Archivo Histórico de la Catedral de Santiago, fol. 38v-39r).

23 Además de la edición de Indini (1978), véanse Camargo *et al.* (1992), Fernández Pousa (1955), Miranda (1985).

24 Puede verse una exposición detallada de estos problemas, y en particular de las distintas fases que se pueden haber sucedido en el proceso compilatorio, en Oliveira (1994), y también en Gonçalves (1991a).

*grares galegos*<sup>25</sup>. Esta particularidad complica todavía más la posible identificación del trovador, pues de la mayor parte de los autores de este bloque no se tienen datos fiables y cada uno de ellos se suele situar en función de su relación con los demás. Por ello, Oliveira (1994: 324-325), considerando que Abril Perez es quien se mueve en el entorno de los Sousa, deduce que el de Bonaval sería un juglar del mismo círculo, aunque también se habría podido relacionar con la corte de Alfonso X, mientras que Michaëlis ([1904] 1990, II: 452), Tavani ([1980] 1986a: 281) e Indini (1978: 9-27) optan por pensar en un juglar compostelano, activo en la primera mitad del siglo XIII<sup>26</sup>. Los trovadores que preceden y siguen (Pero de Veer y Johan Servando, respectivamente) tanto las cantigas de amor (B1062-B1071, V653-V662) como las de amigo (B1135-B1141bis, V726-V733) de Bernal de Bonaval tampoco están debidamente documentados, pero se supone que desarrollan su actividad en el ámbito gallego, por lo que tal vez habría que reflexionar sobre las propuestas de López Ferreiro y Michaëlis relativas a Abril Perez<sup>27</sup>.

La *tenson* que nos ocupa fue copiada, tanto en *B* como en *V*, como colofón de las cantigas de amor<sup>28</sup> de Bernal de Bonaval (B1072, V663)<sup>29</sup>:

BERNAL DE BONAVAL

—Abril Pérez, muit' ei eu gran pesar  
da gran coita que vos vejo sofrer,  
ca vos vejo come mi lazerar  
e non poss' a mi nen a vós valer,  
ca vós morredes como eu d' amor;  
e pero x' est' a mia coita maior,  
dereito faç' en me de vós doer.

- 25 De hecho, y aunque el primer autor de este bloque parece ser, en realidad, Pero de Veer (o quizás Martin Perez Alvin), la primera cantiga de amor de Bernal de Bonaval (fol. 225v de *B*, fol. 104r de *V*) va precedida de una rúbrica que dice: «E en esta folha adeante se comenзан as cantigas d'amor; primeiro trobador Bernal de bonavalle» (dato que debió de atraer la atención de Colocci, porque repite en el margen inferior del folio: «trobador primiero bernal de bonavalle»), lo que parece indicar que el citado texto iniciaba una colectánea, aunque no podamos confirmar de qué tipo. Sobre este tipo de indicaciones paratextuales, véase, entre otros, Gonçalves (1994).
- 26 Hay también un «Bernardus prior Bonevalis» en Santiago de Compostela, documentado en 1279, que podría haber coincidido cronológica y espacialmente con el Abril Perez que figura en el testamento de Abril Fernández. Debemos el dato a José Antonio Souto Cabo, que está estudiando los documentos recogidos en el *Tumbo C* del Archivo catedralicio.
- 27 En realidad, la dificultad mayor que puede plantear la hipótesis de López Ferreiro es la fecha, si pensamos que la etiqueta de «primeiro trobador» para Bernal de Bonaval implica una posición cronológica temprana.
- 28 «Certo, non è del tutto inesatto pensare la tenzone ambientata nel genere *de amor*, visto che il dialogo tra i contendenti tocca i temi di fondo della canonica casistica amorosa. Come pure non sarebbe sbagliato attribuirlo al genere *de escarnho*, considerate le pungenti frecciate che i due si scambiano» (Indini 1978: 68).
- 29 Disponemos las estrofas alternadas tipográficamente para que se distinga mejor la intervención de cada trovador.

ABRIL PEREZ

—Don Bernaldo, quero-vos preguntar  
com' ousastes tal cousa cometer  
qual cometestes en vosso trobar,  
que vossa coita quisestes pōer  
con a minha; que, quant' é mia senhor,  
Don Bernaldo, que a vossa melhor,  
tanto me faz maior coita sofrer.

—Abril Pérez, fostes demandar  
de tal demanda, que resposta non  
á i mester, e conven de provar  
o que dissestes das donas; enton  
émentemo-las, e sabê-las-an,  
e, poi-las souberen, julgar-nos-an;  
e vença quen tiver melhor razon.

—Don Bernaldo, eu iria ementar  
a mia senhor, assi Deus me perdon,  
se non ouvesse med' en lhe pesar;  
eu a diria mui de corazón,  
ca ùa ren sei eu dela, de pran:  
que, pois la souberen, conhocer-lh'-an  
melhoria quantas no mundo son.

—Abril Pérez, os olhos enganar  
van omen das cousas que gran ben quer;  
assi fezeron vós, a meu cuidar;  
e por seer assi com' eu disser,  
se vós vistes algũa dona tal  
tan fremosa e que tan muito val,  
mia senhor é, ca non outra molher.

—Don Bernaldo, quero-vos consellar  
ben, e creed-m' en, se vos prouguer:  
que non digades que ides amar  
bõa dona, ca vos non é mester  
de dizerdes de bõa dona mal,  
ca ben sabemos, Don Bernaldo, qual  
senhor sol sempr' a servir segrel<sup>30</sup>.

30 Aunque los dos manuscritos coinciden en esta lectura, el hecho de aparecer en rima con *prouguer* y *mester* (véanse también las restantes estrofas) haría preferible la variante *segrel*.

Uno de los primeros rasgos que llaman la atención es la forma que adopta cada trovador para dirigirse al otro: el hecho de que el de Bonaval llame a su contrincante directamente por su nombre, pero este lo trate de «Don», podría hacer pensar en una condición social superior para Bernal. Y, si este es designado en el último verso *segrel*<sup>31</sup>, y suponiendo que esta sea una categoría intermedia entre el trovador y el juglar, Abril Perez sólo podría pertenecer al nivel más bajo de esa escala. Sin embargo, el tono predominante en las respectivas intervenciones parece indicar justamente lo contrario, lo que convierte al tratamiento honorífico en uno de los elementos paródicos más visibles<sup>32</sup>.

Nas cantigas de escarnio, o mar adoita pórse en relación coas viaxes, reais ou (moi especialmente) finxidas, a Terra Santa; un dos exemplos máis coñecidos é o ciclo satírico dirixido por Pedr'Amigo de Sevilla (116,31), Pero Gomez Barroso (127,7) e Gonçal'Eanes do Viñal (60,11)<sup>29</sup> contra Pedro d'Ambroa (tamén trobador), que presumía de participar nas cruzadas cando en realidade non fixera máis que agocharse durante un tempo para xustificar a súa ausencia<sup>30</sup>.

25 Ocupámonos deste tema en Brea (1996).

26 Isto é, *mar* ocupa o primeiro lugar da oposición, aliñado con *prazer e ben*, respectivamente fronte a *terra, pesar e mal*.

27 Véxase sobre isto Brea (1999b).

28 Ás cantigas de amor de Chariño hai que sumarlles, polo menos, unha de Roi Fernandiz (142,20) que maldí o mar que o mantén lonxe da amada e outra de Johan Zorro (83,4) que establece unha clara dialoxía cunha cantiga de amigo do mesmo autor (cfr. Brea–Lorenzo Gradín 1998: 262-263).

29 Na cantiga *Pero d'Ambroa, sempre'óí cantar*, deste trobador, a palabra *mar* desempeña un papel fundamental desde o punto de vista retórico, porque funciona como dobre en posición de rima (véxase Lorenzo Gradín 1997b; Pérez Barcala 2002).

30 Semellante é o caso de Martin Soarez (97,28), que asegura que, aínda que non foi a ultramar (*Pero non fui a Ultramar*), coñece ben aquelas terras porque Soeir'Eanes regresou de alí explicando, entre outros desaxustes, que «Marsella jaz alén / do mar e Acre jaz aquí»; ou, entre outros, o de Estevan da Guar-

Se nos centramos nas cantigas de amigo, poderemos comprobar como algunhas das pezas que mencionan o mar teñen pouca relevancia para o establecemento dun grupo máis ou menos compacto, dado que nelas o elemento mariño non pasa de ser unha referencia espacial ou un *locus amoenus* para a cita dos namorados, isto é, un marco que normalmente vén sinalado no primeiro verso para situar nun lugar máis ou menos concreto a protagonista do cantar<sup>31</sup>. Nada que ver, por tanto, coa transcendencia que adquire este elemento cando o emprega alguén que o leva asociado ás súas circunstancias vitais, como Paio Gomez Chariño, que posiblemente estea a aludir ao seu cesamento como almirante, en 1286, na composición *Disséronm'oi, ay, amiga que non* (114,7), que reviste a forma dunha cantiga de amigo en que a moza expresa o seu gozo por non ter que preocuparse máis polos perigos do mar. A maioría das restantes composicións deste tipo integran o mar en cantigas de refrán, elaboradas sobre unha estrutura paralelística e, en ocasións, empregando o recurso do leixaprén; esta característica formal é salientable porque o termo «marcado» desde o punto de vista conceptual (*mar / río, barcas, ondas*) resulta marcado tamén desde o punto de vista retórico ao formar parte do retrouso ou doutros elementos que se reiteran (con ou sen variación sinonímica), o que acaba converténdoo nun dos núcleos centrais da cantiga.

En realidade, as cantigas que poderían considerarse *mariñas* non chegan á vintena. Entre os seus autores cabe mencionar os tres que parecen ter como denominador común o mar de Vigo (Johán de Cangas, Mendiño e Martin Codax), pero tamén a Nuno Fernandez Torneol, Paio Gomez Chariño, Nuno Porco, Juião Bolseiro, Pero Meogo, Lopo, Roi Fernandiz, Johan Airas de Santiago e Pedr'Amigo de Sevilla, todos eles probablemente de orixe galega, ademais dos portugueses Estevan Coelho, Gonçal'Eanes do Vinhal e Johan Zorro. A análise destas composicións amosa que os motivos máis recorrentes —ademais de *mar* e *ondas* (estas últimas, exclusivas de Martin Codax e Mendiño)— son os representados polas accións verbais *ir* e *vïir*; xa que polo menos unha das dúas aparece sempre; a finalidade desas accións é a mesma: *veer* o namorado. Nalgunhas menciónanse as barcas, que se converten nunha constante en Johan Zorro (83,3; 83,4; 83,6; 83,8) e Juião Bolseiro (85,14; 85,19) pero que son citadas tamén por Torneol (106,22) ou Chariño (114,4)<sup>32</sup>. Esta

da (30,2), que ridiculiza a Alvar Rodriguiz porque pensa que lle irá mellor «alén mar» que aquí. E tamén se pode traer a colación *Sinner, ... us vein quer* (21,1), unha tensó satírica entre un «Senher» (Alfonso x) e un «Don Arnaldo», que podería ser Arnaut Catalan, na que o primeiro lle pide —en lingua occitana— ao segundo que o nomee «almiral [...] en cela vostra mar de lai».

- 31 Non deixa de ser significativo, de todos os xeitos, que «El agua tiene un poder fertilizante con el que enlazan viejas costumbres paganas, que, en más de una ocasión, fueron censuradas por las autoridades eclesiásticas a lo largo de la Edad Media. En sus cercanías (río, mar, lago o fuente) tiene lugar, en casi todas las líricas romances (menos en las jarchas), el encuentro de los enamorados, ya que la práctica retórica había hecho de ella un elemento fundamental del *locus amoenus*» (Lorenzo Gradín 1990: 197).
- 32 En realidade, non emprega o termo *barcas*, senón *barco*, en alternancia con *navio*; esta parella sinonímica tamén a emprega Johan Zorro en 83,5 e 83,10.

presenza dos navíos non é ocasional: están aí porque son o medio de transporte empregado polo amigo na súa partida (case sempre para ir servir o rei participando nas campañas militares) e, en consecuencia, son causa indirecta do sufrimento da namorada. De todos os xeitos, o trazo máis específico das *mariñas* é probablemente o seu simbolismo, pois o propio elemento caracterizador aparece revestido de connotacións máis vivas que o santuario, mero lugar de encontro (estático). O mar é dinámico, representa un camiño de ida e volta, pois separa os namorados, pero tamén os volve reunir (pénsese, por exemplo, en Johan Zorro). Ademais, o baño (cantiga 5 de Martin Codax ou 29,2 de Estevan Coelho) ten un compoñente erótico e ritual en tanto que, xunto ao aseo corporal, adquire un valor translaticio de pracer e sensualidade, de maneira que pode preceder ao anhelado encontro co amigo, pero tamén pode ser compartido con el<sup>33</sup>.

A ausencia do amigo pode ter —como se apuntaba arriba— unha causa inevitable como a guerra (Johan Zorro, Chariño)<sup>34</sup>, e isto permite contemplar as *mariñas* como textos que desenvolven o motivo xenérico do encontro en función do regreso do namorado despois dunha separación por ese motivo. Así, por exemplo, a amiga de Torneol ve aproximarse as barcas polo mar e apresúrase ilusionada a comprobar se nelas volve o seu amigo, aínda que a súa esperanza acaba truncada, feito que provoca esa coita que leva á morte por amor; unha situación similar é a descrita no texto de Bolseiro (85,19), que se presenta como un diálogo entre a nai (que é quen ve chegar as naves) e a filla, que declara a súa vontade de ir comprobar por si mesma o que acontece. E, a pesar de non mencionarse os navíos, parece claro que a moza á que fai falar Chariño noutra cantiga (114,2) está a contemplar o horizonte agardando a súa inminente chegada cando advirte —no refrán— que «Sobre mar vén quen frores d'amor ten» e suplícalle ao señor Santiago que lle traia o amado onda ela.

Igual que Paio Gomez Chariño, Pero Meogo establece unha asociación entre *mar* e *morte* nunha cantiga fortemente simbólica (134,9), articulada sobre o símil *amigo-cervo*, un cervo ferido que se dirixe ao mar<sup>35</sup> cando percibe que se aveciña a súa morte; así é como a amiga ve o seu amado se ela non o corresponde, a pesar de que a súa nai sospeita dun finximento co obxectivo de procurar o consentimento materno á súa relación.

A moza a quen lle presta voz Martin Codax non chega nin a alentar a esperanza do retorno do amigo porque non logra albiscar ningún barco sobre o mar; por

33 Na simboloxía profana, polo menos desde o século XIII, o baño de home e muller xuntos simboliza o amor. Véxase, entre outros, Lorenzo Gradín (1990: 211-213).

34 Non cabe dúbida de que o mar impón unha separación forzada, como pon de manifesto o xogar Lopo cando fai que a amiga se lamente de que o rei partise a navegar levando con el a quen nunca a abandonaría por vontade propia.

35 Esta imaxe do mar en relación co tópico da morte por amor representa unha variación orixinal na produción de Pero Meogo, en que o cervo adoita ir asociado á auga, pero normalmente á auga doce, á fonte (véxase, entre outros, Méndez Ferrín 1966, e Ferreira 1999).

iso decide interrogar directamente as ondas e, para soportar mellor a inqueda e o desasosego<sup>36</sup>, pídelles a unha irmá ou amiga (ou a «Quantas sabedes amar amigo») que a acompañen á beira do mar, quer para contemplar as ondas desde o santuario alí situado, quer para se bañaren no mar, con todo ese simbolismo erótico e purificador que vai asociado ao baño. Tamén pode compartirse a ledicia polo reencontro, identificándoo coas ondas. Os máis dos refráns codacianos parecen insinuar o futuro, en contraste cos presentes expresados nos das cantigas 4 e 6 e a dúbida substancial<sup>37</sup> do da 7; por tanto, cabe salientar a funcionalidade dos tempos verbais no noso trovador, nesa combinación de tempo presente nos dísticos e futuro no refrán, como reflexo da situación de espera (con todos os matices que a definen) e desconcerto en que se atopa. Mesmo a invocación a Deus no refrán da primeira cantiga parece representar o suspiro desesperado de quen busca unha resposta definitiva que xustifique a ausencia do amigo. Ademais das amigas ou irmás, a moza fai cómplice dos seus sentimentos a natureza, personificada como elemento feminino nas ondas do mar de Vigo, que deberían ser as que trouxesen de volta o amado.

Desde un punto de vista formal, a maioría das *mariñas* caracterízanse por estar compostas en estrofas de dísticos monorrimos máis un verso de refrán (que pode ter unha rima diferente: aaB). Ademais, soen utilizar o recurso do *leixaprén*, unha arquitectura acumulativa que adianta ou atrasa o discurso poético ao tempo que serve de recurso mnemotécnico nun contexto literario determinado pola execución oral (cantada); e esta funcionalidade acentúase, nese marco estrutural fixo de dístico máis refrán, cando se combina co paralelismo, dando lugar a unha ensamblaxe formal que acabaría sendo vista como un trazo característico das cantigas de amigo en xeral, a pesar de seren relativamente poucas as composicións articuladas dese xeito<sup>38</sup>.

Unha boa parte dos estudos realizados sobre as cantigas de amigo en xeral (e sobre as de Martin Codax en particular) inciden nas súas posibles relacións cunha lírica tradicional pretrobadoresca ou paratrobadoresca que lle proporciona uns

- 36 A espera comunicada pola voz feminina maniféstase mediante actitudes e situacións diversas; a preocupación da amiga de Codax concorda perfectamente coa de Mendiño, que no seu refrán «Eu atendendo meu amigu! E verrá?», que nos fai lembrar moito outro de Martin Codax, revela a incerteza da moza que agarda e a esperanza á que se aferra de que o namorado volva logo.
- 37 A *interrogatio* é introducida nas cantigas como un procedemento amplificador que lle proporciona gran forza elocutiva ao discurso. Pode figurar en calquera parte da composición, mais existe unha marcada tendencia a introducila no refrán (a xeito de conclusión distanciadora do razoamento exposto nos versos da estrofa) ou, como alternativa, a abrir a composición con ela, como arranque do tema exposto. Precisamente nos textos centrados na partida, as variantes da *interrogatio* empréganse cun valor patético de súplica (cf. Brea–Lorenzo Gradín 1998: 170).
- 38 O esquema básico aaB obsérvase en 78 cantigas de amigo (isto é, o 15'6 % do total deste xénero), a maioría das cales empregan algunha variante do paralelismo, pero non en todos os casos en combinación co leixaprén.

trazos especiais, autóctonos, en contraposición coa aparencia culta, de influencia occitana, das cantigas de amor. Esta consideración tropeza cunha serie de problemas que convén non desdeñar, comezando polo establecemento do que se pode entender por tradicional (ou popular) e por autóctono, e incluso pola relación entre ambos os conceptos, que non poden identificarse sen máis (por oposición ao culto, visto ademais como foráneo); abonda con botarlle un ollo ao libro de Lorenzo Gradín (1990) ou ler un seu traballo máis recente (Lorenzo Gradín 2017) para comprobar como algúns deses motivos que adoitan traerse a colación como representativos do «tradicional»<sup>39</sup> (entre outros, os elementos simbólicos procedentes da natureza) atópanse espallados por todo o Occidente europeo (e fóra del) e, nalgúns casos, teñen raíces moi antigas. Canto aos elementos propios das cantigas de amigo, podería admitirse que algunhas das súas variantes (en particular, precisamente, as *cantigas de romaría* e as *mariñas*) non teñen paralelo noutras tradicións románicas<sup>40</sup>, polo menos na produción conservada, o que podería corroborar que son modalidades propias do noroeste ibérico (ou simplemente que, en caso de existiren motivos similares noutros lugares, non espertaron o interese dos compiladores), pero non é menos certo que produtos como *Quisera vosco falar de grado* de don Denis (25,102) ou *Sedia la fremosa seu sirgo torcendo* de Estevan Coelho (29,1) teñen claros referentes na lírica de oïl<sup>41</sup>.

Por outra parte, cando se estuda a lírica trobadoresca, convén ter presente que se trata, na súa totalidade, de lírica culta, composta por autores con conciencia de tales<sup>42</sup>, conque talvez resulte máis adecuado adoptar a fórmula proposta por Bec (1977) para a tradición galorrománica e falar dunha vertente *popularizante* e outra *aristocratizante* nun intento de diferenciar dous bloques bastante marcados, sobre todo no xénero da cantiga de amigo<sup>43</sup>. Iso non quere dicir, no entanto, que todas as composicións conservadas poidan adscribirse sen máis a unha destas dúas tipoloxías, porque son bastantes os casos en que os elementos que configuran —en principio— esas vertentes están mesturados, establecendo unha simbiose harmónica de formas e contidos vinculados ao acervo folclórico con outros máis especí-

39 E a canción de muller é, polo menos en certo sentido, a forma propia da poesía tradicional (véxase, entre outros, Alvar 1998).

40 *Altas undas que venez sur la mar* (atribuída a Raimbaut de Vaqueiras no cancionero occitano Sg, aínda que Tavani 2008 se mostra máis partidario de considerala obra de Cerverí de Girona) é un *unicum* na lírica occitana, como recorda Lorenzo Gradín (2017). Véxase tamén sobre este texto Lee (2006).

41 Véxase, por exemplo, Lorenzo Gradín (1991).

42 Trátase, incluso, dunha actividade de grupo en que non cabe pensar nun poeta que compón illado para expresar os seus sentimentos, senón nun colectivo que acepta un código poético en que cada un pode moverse dentro duns moldes aos que contribúe con algún que outro trazo de orixinalidade, pero no que resulta esencial esa especie de «complicidade» que se establece entre os autores e tamén, ás veces, a competitividade «profesional».

43 Publicamos unha primeira aproximación a este tema, que aínda está pendente de rematarse, en Brea (2000c).



ficos do «gran canto cortés» sen que o resultado produza estupor (e, moito menos, rexeitamento)<sup>44</sup>. No tocante ás condicións de transmisión desta vea folclórica, non pode dicirse que exista ningún tipo de intromisión da lírica tradicional na culta, pois o que se produce é un aproveitamento consciente por parte dalgúns trobadores dese filón de raíz popular cun obxectivo de renovar a poética á que se adscriben. A cantiga de amigo é sempre lírica culta, lírica de autor, que toma da vertente popular o recurso da voz feminina e, con el, outros elementos que lle son característicos, pero sempre efectúa con eles unha reelaboración que busca, en non poucas ocasións, provocar un efecto de sinxeleza, de inxenuidade que, porén, encerra en si un elaborado proceso de composición<sup>45</sup>.

O rexistro aristocratizante da cantiga de amigo maniféstase mediante unha serie de elementos formais e conceptuais que non se combinan necesariamente todos nunha mesma composición. Entre os formais cabe lembrar o uso da modalidade compositiva coñecida como *cantiga de mestría* (isto é, a que carece de refrán)<sup>46</sup>, a preferencia por construcións estróficas máis variadas e elaboradas, o emprego rigoroso da rima consonante, a utilización do monólogo (con ou sen receptor explícito), unha riqueza léxica maior (con emprego dos termos vinculados ás relacións feudais e ao ámbito xurídico, en principio máis identificado coas cantigas de amor) ou a designación como *senhor* da protagonista feminina. No que se refire a elementos conceptuais e temáticos, poderían mencionarse algúns como a escasa presenza do simbolismo baseado na natureza ou o corpo feminino, a ausencia de elementos paisaxísticos significativos ou a caracterización da amiga como *dona e senhor*<sup>47</sup>, isto é, como unha muller consciente da súa beleza e do seu *sen*, mais tamén do poderío que exerce sobre o seu namorado, do dereito que a asiste a *assanharse* con el se non respecta a convención do segredo, se a abafa coa súa insistencia ou se decide partir de onde ela está sen o seu consentimento expreso etcétera. En definitiva, a relación amorosa resulta moito máis convencional, pois responde á estrutura típica das cantigas de amor. Son representativas desta vertente cantigas de amigo como *Aquestas coitas que de sofrer ei*, de Rodrigu'Eanes de Vasconcelos (140,1), *O meu amigo, que me quer gram ben*, de Gonçal'Eanes do Vinhal (60,9), —*Amigo, queredes vos ir?* (25,13), *Coitada viv', amigo, por que vós non vejo* (25,22), —*Amiga, faço-me maravilhada* (25,7) e *De morrerdes por mi gram dereit' é* (25,29)... de don Denis etcétera.

44 Véxase sobre isto Lorenzo Gradín (1997a).

45 Un bo exemplo desa coidadosa reelaboración en que a aparente sinxeleza procede dunha simbiose de elementos populares e cultos, autóctonos e foráneos, é a cantiga de D. Denis *Levantou-s'a velida* (25,43), da que xa nos ocupamos noutro lugar (Brea 2000a).

46 Esta técnica é tan escasa nas cantigas de amigo (por volta dun 7 % do total) que, cando se emprega, case funciona como «marca» de pertenza ao rexistro aristocratizante.

47 Véxanse Brea (2006) e Fidalgo (1998a).

Pola contra, o rexistro popularizante caracterízase<sup>48</sup> por elementos formais<sup>49</sup> como o claro predominio da *cantiga de refrán*<sup>50</sup>, a preferencia polas estrofas compostas por dísticos monorrimos (en versos curtos ou longos) cun refrán dun só verso (que, ademais, pode ser de poucas sílabas, e con predominio do esquema de rima aaB), o emprego do paralelismo<sup>51</sup> en calquera das súas variantes (verbal, estrutural, semántica), o recurso do *leixaprén*<sup>52</sup>, a aparición de rimas asonantes<sup>53</sup> e de certas irregularidades métricas que producen hipometría ou hipermetría<sup>54</sup>, a inclusión de palabras ou solucións fonéticas particulares (*irmana, salido, treydes...*)<sup>55</sup>, a introdución directa do diálogo que inicia a amiga co seu namorado, coa nai ou con algún confidente (humano ou non<sup>56</sup>), o emprego de sinónimos poéticos en alternancia nas estruturas paralelísticas (*amigo-amado, salido-levado* etcétera) e mesmo a utilización de termos específicos para referirse á protagonista feminina (*velida, delgada, meninha, pastor, moça...*). Desde o punto de vista conceptual e temático, pódese salientar a presenza de motivos simbólicos que teñen o seu referente na natureza (a auga, o vento, os cervos...) ou en partes do corpo feminino (os cabelos, en par-

- 48 Dado que estamos a falar de cantigas de amigo, non nos referiremos a outro tipo de trazos (elocución oral, uso de proverbios, preferencia pola fala vulgar etcétera) que se dan nas cantigas de escarnio e noutros lugares do corpus galego-portugués en xeral (incluídas as *Cantigas de Santa María*), dos que se ocupa Filgueira Valverde (1988).
- 49 Beltrán (1987, introdución) analiza unha parte destes elementos que pode complementarse, entre outras cousas, coa introdución á súa completa antoloxía de lírica castelá desta corrente (Beltrán 1990), en que recolle un total de 43 composicións deste tipo. Véxanse tamén Brea (2003) e Vieira (1997).
- 50 Mentres que nas cantigas de amor a porcentaxe aproximada de cantigas de refrán se sitúa por volta do 55 % e nas de escarnio non chega ao 33 %, nas cantigas de amigo os números invértense completamente, pois, dos 501 textos etiquetados en *MedDB* como cantigas de amigo, 423 empregan esta técnica compositiva.
- 51 Véxanse, entre outros, Asensio (1970: 69-119) ou Tavani (1973).
- 52 Empregamos o termo *leixaprén* nunha acepción restrinxida, que é a que goza de maior tradición na lírica galego-portuguesa, pero tamén cabe aplicalo a recursos lixeiramente diferentes de encadeamento interestrófico, sobre todo se temos en conta as rúbricas e a terminoloxía métrica empregadas no cioneiro de Baena (vid. a ese respecto Beltrán 1993a). Aquí implica a distribución da composición nun número par de estrofas (en dísticos monorrimos) que se entrelazan en cobras alternas, combínanse co paralelismo literal e presentan un encadeamento interestrófico que consiste en que o segundo verso da primeira estrofa se repite como primeiro da terceira, o segundo da segunda como primeiro da cuarta e así sucesivamente. A pesar de que este esquema se adoita presentar como característico das cantigas de amigo, o número de composicións en que se pode localizar non alcanza o 10 % do total de pezas deste xénero.
- 53 O máis frecuente é que este tipo de rima se limite a unha estrofa ou, como máximo, dúas; de feito, D'Heur (1975: 231-247) recolle só cinco cantigas de amigo que estenden a asonancia a toda a composición.
- 54 Talvez algunhas poderían corrírse con axuda da música, como propón Ferreira (1986) a propósito das que presentan tres das sete cantigas de Martin Codax.
- 55 Véxanse os comentarios ao respecto de Rodrigues Lapa (1982b: 143-155) e de Cunha (1999: 214-217).
- 56 Referímonos, loxicamente, aos elementos da natureza, aínda que neste caso, máis que diálogo, poden ser invocacións sen resposta explícita dos interlocutores.

ricular) e nos elementos que o cobren ou adornan (camisas, cintas, etcétera), así como a realización de accións vinculadas a eses motivos (*lavar cabelos* ou *camisas*, por exemplo). A isto podemos engadir a aparición da nai<sup>57</sup> ou a importancia da paisaxe como marco (e, ás veces, «marca»), pero talvez o máis representativo desta corrente sexa a imaxe feminina que presenta, que non se corresponde coa *dona e senhor* tipicamente trobadoresca, senón cunha moza (*amiga, fermosiña, louçana...*) que chora pola ausencia ou o engano do amigo, que agarda con ansia o momento de velo, que expresa a súa ledicia cando todo acontece conforme aos seus desexos, que tenta convencer á nai para que a deixe acudir á cita acordada, que lle pide axuda a Deus, á Virxe ou a un santo, que invoca a natureza etcétera. En relación con isto, a expresión do sentimento amoroso resulta directa, viva, sintética, sen circunloquios excesivos e lonxe do desenvolvemento conceptual que alcanza, por exemplo, a *coita* nas cantigas de amor. No entanto, soamente cando se asocian nunha mesma cantiga unha serie de elementos deste tipo (cousa que acontece con moita menos frecuencia do que fai aparentar o atractivo que desprenden) pódese falar dunha intención decidida por parte do autor<sup>58</sup> de elaborar unha peza que puidese pertencer á poesía tradicional (sen selo), ata tal punto que, nalgunhas ocasións, puidese chegar a ser percibida polo pobo como propia e a ser incorporada (esquecendo o seu proceso creativo e, por tanto, o nome do seu autor) ao acervo popular (quer a composición como tal, quer algún dos seus compoñentes).

Á vista de todo o anterior, parece evidente que as cantigas de amigo de Martin Codax se encadran claramente nesta vertente popularizante que as tinxe de sinxeleza e espontaneidade, agochando o complicado proceso de elaboración que entrañan. Por tanto, considerar a Codax un xograr descoñecido (porque non demos atopado rastros documentais da súa persoa) que fai propaganda da ría de Vigo quizais non teña moito que ver coa realidade, pois resulta máis crible que se trate dun personaxe (talvez un *segundón*, un fidalgo de categoría inferior, ou un burgués, ou mesmo alguén de procedencia plebea pero con coñecemento das técnicas compositivas propias dos trobadores) que se movía en círculos cortesáns de mediados ou do terceiro cuarto do século XIII; se a hipótese de Tavani sobre a autoría de *Altas undas...* se puidese demostrar, quizais podería adscribirse a Codax á corte de Afonso X, pois alí podería facilmente ter entrado Cerverí de Girona en contacto coa súa produción, e o propio feito de que o tomase como modelo sería proba determinante da estima de que gozaba.

57 Sobre a función da nai nas cantigas de amigo en xeral, véxase Sodr  (2008).

58   posible que mesmo se poida falar dunha «moda popularizante» (como recorda Vieira 1997 no artigo sobre Johan Soares Coelho) circunscrita a determinadas cortes e cultivada de maneira maxistral por alg ns dos trobadores m is h biles e orixinais (pensemos, por exemplo, no propio rei Don Denis).



## 28 ¿Viajó al Occidente peninsular algún cancionero occitano?\*

[M. Simó (ed.), «*Los motz e-l so afinan*». *Cantar, llegir, escriure la lírica dels trobadors*, Roma: Viella, 2020: 35-50]

Desde finales del siglo XIX, y gracias a estudios como los de Milà i Fontanals (1889), conocemos bastantes datos acerca de las relaciones de los trovadores occitanos con las cortes de la Península Ibérica<sup>1</sup>. A partir de entonces, se han sucedido los trabajos que han ahondado en el tema, y entre ellos merecen una mención especial el libro de Alvar (1977) y los numerosos artículos que Beltrán agrupó en dos series tituladas, respectivamente, «Los trovadores en las cortes de Castilla y León» y «Tipos y temas trovadorescos» (recogidos con posterioridad en volúmenes que los compendian y actualizan, como Beltrán 2005 y 2007).

La consulta del libro de Alvar nos exime parcialmente de prestar atención a autores que, antes que él, se han ocupado —de manera central o sólo marginal— de estos aspectos (Michaëlis, Bertoni, Menéndez Pidal, Rodrigues Lapa, Anglade, Jeanroy, de Barthlomaeis, Frank, etc.<sup>2</sup>), dado que los datos por ellos aportados que tienen interés para esta contribución fueron ya tomados en consideración y sistematizados por Alvar. Por otra parte, es frecuente que los estudios que se ocupan del tema desde una perspectiva centrada en la lírica gallego-portuguesa atiendan de modo especial al siglo XIII, puesto que hasta hace no muchos años se consideraba que los testimonios más antiguos del corpus no podían ser anteriores al año 1200 aproximadamente;<sup>3</sup>

\* Este trabajo deriva del proyecto de investigación *Paleografía, Lingüística y Filología. Laboratorio online de la lírica gallego-portuguesa* (FFI2015-68451-P), financiado por el MINECO y el FEDER.

- 1 El autor analiza la presencia de esos trovadores en el condado de Barcelona (desde Raimon Berenguer IV) y en los reinos de Aragón (en época de Alfonso II, Pedro II, Jaime I, Pedro III), Navarra, Castilla (Alfonso VII, Alfonso VIII, Fernando III, Alfonso X) y León (Alfonso IX). Dedicar un capítulo (que inicia con el propio rey Alfonso II de Aragón) a los trovadores de origen catalán que forman parte del corpus lingüístico y literario occitano (Guerau de Cabrera, Guillem de Berguedà, Uc de Mataplana, Raimon Vidal de Besalú, Guillem de Tudela, Arnaut Català, Guillem de Cervera / Cerveri de Girona, Guillem de Cabestany, etc.) y termina el libro proporcionando —con la información disponible entonces— una visión de conjunto sobre la «influencia provenzal en España».
- 2 Entre ellos, merecen mención especial (además del todavía imprescindible estudio que configura Michaëlis 1904, II), D'Heur (1973) y Tavani (1969).
- 3 Existe bibliografía abundante sobre la posible datación de *Ora faz ost'o senhor de Navarra*, de Johan Soarez de Paiva, que ha sido identificada por algunos estudiosos como la composición más antigua que contiene referencias a acontecimientos históricos que podrían reconocerse. Puede verse un esta-

hoy, sin embargo, sabemos que es muy probable que haya existido actividad trovadoresca en gallego-portugués en las tres últimas décadas del siglo XII.<sup>4</sup> Y, en este sentido, el trabajo de Alvar resulta de suma utilidad, ya que se remonta a las visitas de los primeros trovadores occitanos (entre ellos, Marcabru), con lo que permite seguirles la pista por la Península Ibérica desde sus comienzos.

Desde una perspectiva diferente, vienen a completar el panorama los ya numerosos estudios<sup>5</sup> que han rastreado posibles fuentes de inspiración transpirenaica para no pocas composiciones gallego-portuguesas<sup>6</sup> y que, a la postre, demuestran —al menos en algunos casos— un buen conocimiento de la tradición occitana, una tradición que, como es bien sabido, pudo haberse transmitido por vía familiar en los casos de Alfonso X y Don Denis.<sup>7</sup> Entre los ejemplos más significativos, cabe recordar la trayectoria de un alba de Cadenet (BdT 106,14) cuya estructura formal y melódica fue imitada por el Rey Sabio en su *CSM* 340, con la que su nieto mantiene —precisamente en el empleo de la palabra clave *alva*— una «intertextualidad alusiva» (Gonçalves 1992: 153) en una peculiar cantiga (*Levantou-s'a velida*) en la que el texto, por su parte, evoca a un autor gallego-portugués, Pero Meogo (134,5) (Cardoso 1977: 106).

Sin necesidad de hacer un repaso exhaustivo de todos los casos que han sido puestos de manifiesto, bastará con traer a colación los numerosos «calcos» detectados por Ferrari (1984) en la producción de Don Denis: desde Bernart de Ventadorn o Jaufré Rudel a Guilhem de Montanhagol o Peire d'Alvernha. O los trabajos de Canettieri – Pulsoni,<sup>8</sup> que han analizado pormenorizadamente muchos textos,<sup>9</sup> poniendo de relieve, entre otras, la probable relación de *Os d'Aragon, que soen do-*

do de la cuestión en trabajos como los de Alvar (1986a) y Miranda (1997a), así como las observaciones de Souto Cabo (2012c: 71-78).

- 4 Monteagudo (2008, 2013, 2014), Souto Cabo–Vieira (2004), Souto Cabo (2011, 2012b, 2012c.)
- 5 Ferrari (1984) —en algún otro trabajo se ocupa de casos más específicos, como acontece, por ejemplo, en Ferrari (1999)—. Roncaglia (1984), Gonçalves (1992), Canettieri–Pulsoni (1995) —puede verse también, entre otros, Canettieri (1994) y, sobre todo, Billy *et al.* (2003)—, Lorenzo Gradín (2018), etc.
- 6 Las indicaciones numéricas para las composiciones occitanas citadas expresamente corresponden a Pillet–Carstens (1933). En el caso de las gallego-portuguesas, se citan siempre a través de *MedDB*, que sigue —con ligerísimas excepciones— a Tavani (1967a).
- 7 Una simple ojeada al magnífico esquema genealógico que figura en Ferrari (1984: 58) permite advertir cómo Alfonso X, a través de su abuela Berenguela, hija de Alfonso VIII y Leonor Plantagenet, descien- de directamente de Guilhem de Peitieu: «Da esso risulta con chiarezza che i rapporti letterari tra Portogallo e Provenza (ma anche Francia del Nord) nel Medio Evo sono di fatto rapporti dinastici» (Ferrari 1984: 53; las palabras finales de la cita aparecen destacadas en el original, aunque con una tipografía diferente). Véase también, entre otros, Ackerlind (1990).
- 8 En particular, Canettieri–Pulsoni (2003).
- 9 En líneas generales, parten del principio de que «il rapporto imitativo si può suporre oltre che per la difficoltà dello schema anche per la coincidenza dell'ambiente di composizione o d'invio. Per molti dei testi trobadorici di cui possiamo suporre la circolazione nella penisola ibérica si potrà postulare, in presenza di analogia di schemi metrici, un rapporto diretto» (Canettieri–Pulsoni 2003: 146).

*near*, de Caldeiron (24,1), con la tensó que finge mantener Guilhem d'Autpol con el propio Dios (BdT 206,4); la influencia de Sordel sobre Lopo Lias, Johan Lobeira o Johan Soarez Coelho;<sup>10</sup> la de Arnaut de Maruelh (BdT 30,5) sobre Martin Moxa (94,10); o la de Raimbaut de Vaqueiras (BdT 392,12) en una cantiga de amor de Alfonso x (18,5). Aunque, sin duda, uno de sus hallazgos más significativos es la constatación de que la única imitación métrica conservada en la lírica gallego-portuguesa de la famosísima *Can vei la lauzeta mover*, de Bernart de Ventadorn (BdT 70,43), se encuentra en la tensó burlesca (bilingüe)<sup>11</sup> que mantienen Alfonso x y Arnaut (Catalan?) (21,1).

Son muchos los nombres occitanos que aparecen reflejados en la lírica gallego-portuguesa, pero hay dos que destacan sobremanera: Bernart de Ventadorn y Peire Vidal<sup>12</sup>. La huella del primero es visible, además de en los autores ya mencionados, en Garcia Mendes d'Eixo, Pai Soarez de Taveirós, Martin Soares, Johan Airas de Santiago, Airas Nunes... La de Peire Vidal se aprecia en Gonçal'Eanes do Vinhal, Martin Moxa, Pero Garcia Burgalês, Johan Soarez Coelho, Pero Garcia d'Ambroa, Martin Anes Marinho, Airas Moniz d'Asma,<sup>13</sup> Osoir'Anes; incluso la composición de Don Denis *Quer'eu en maneira de proença* (25,99)<sup>14</sup> presenta una estructura formal que adapta la de una canción de Peire Vidal (BdT 364,36)<sup>15</sup>.

El caso de Don Denis es especialmente significativo por múltiples motivos. Se trata del trovador del que se ha conservado un mayor número de composiciones y en el que, por ello, no sorprende que se hayan detectado numerosos casos de intertextualidad o contrafactura, tanto en relación con la lírica de oc y de oïl como de la propia gallego-portuguesa. Pero este hecho no parece en modo alguno casual, porque su producción aparece como un crisol en el que se condensa una poética que

- 10 Asimismo, la tensó que mantiene Sordel con Bertran d'Alamanon inspira a Pero Garcia Burgalês el esquema métrico de su cantiga de amor 125,39.
- 11 La existencia de esta alternancia lingüística viene a confirmar los contactos directos entre las dos tradiciones, igual que la pervivencia de dos cantigas de amor compuestas en gallego-portugués por Bonifaci Calvo (23,1; 23,2), el intento de componer en occitano de Garcia Mendez d'Eixo (53,1), o la famosa *supplicatio* que dirige, en occitano, Guiraut Riquier a Alfonso x, y la respuesta de este (probablemente —si se atiende al concepto de 'autoría' declarado por el propio Rey Sabio— inspirada por él, pero elaborada por el mismo Guiraut) (Bertolucci 1966).
- 12 Y, de algún modo, el primero también a través del segundo, porque, como ha señalado Ferrari (1971), hay mucho del de Ventadorn en Peire Vidal.
- 13 Aunque Beltrán (1986a) supone que, en este caso, el influjo pudo llegar a través de Bonifaci Calvo, las investigaciones de Souto Cabo (2012c: 136-137) hacen inviable la propuesta, porque la cronología correspondiente a Airas Moniz es anterior a la presencia de Bonifaci Calvo en la corte de Alfonso x.
- 14 La otra cantiga de Don Denis que cita expresamente a los occitanos en el íncipit, *Proençaes soen moi ben trovar* (25,86) ha sido reiteradamente estudiada (entre otros, Hart 1994, 1998).
- 15 «Si tratta dell'unico componimento provenzale con la sequenza rimica iniziale in *-al -or* come il testo di Dom Dinis, con il quale condivide il rimante *senhor* (in entrambi al terzo verso)» (Canettieri-Pulsoni 2003: 144).

ha ido madurando a lo largo de dos siglos<sup>16</sup> gracias a toda una pléyade de trovadores en lenguas diferentes que él percibe de algún modo como integrantes de su herencia cultural (y, en buena medida, familiar). Don Denis conoce bien la tradición de la que es el último gran representante, y procura dejar constancia de ello reelaborando piezas más o menos célebres o haciendo inteligentes guiños a quienes le precedieron cultivando el arte de trovar en cualquiera de las lenguas con las que en mayor o menor medida se identificaba (Brea 2000a). No sorprende, por ello, que Ferrari se muestre convencida de la hipótesis ya formulada por Michaëlis (1904, II: 233) de que Don Denis tuvo a su disposición cancioneros occitanos y franceses —y, podríamos añadir, también manuscritos (configurasen o no cancioneros) gallegoportugueses—, y además los estudiaba para experimentar con ellos en el proceso de elaboración de sus composiciones:

Infatti è più che plausibile che canzonieri provenzali fossero arrivati a Den sia per tradizione familiare e dinastica (così come gli erano arrivati ad AfX, che li deve aver poi integrati con i nuovi apporti dei trovatori che frequentarono la sua corte), sia attraverso il matrimonio con Isabella, discendente di Pietro II d'Aragona, anch'egli grande mecenate alla cui corte è attestata un'intensa presenza trobadorica (Ferrari 1984: 53).

Lamentablemente, de esos cancioneros que debieron estar al alcance de al menos Alfonso X y Don Denis no sólo no se conservan huellas materiales sino que tampoco hay noticias documentadas, por lo que sólo se pueden establecer conjeturas siguiendo la estela dejada por la propia Ferrari:

I rapporti tra la lirica trobadorica e la galego-portoghese si possono ricondurre a due filoni d'influsso, ben differenziati anche se conviventi e interagenti.

Da un lato l'influsso 'colto', penetrato a livello di **scrittura** attraverso canzonieri antichi; legato a rapporti dinastici e di corte, proprio di personaggi di rango elevato e di raffinata cultura (le corti regie ed il loro più diretto *entourage* ma anche i chierici addottrinati); un influsso elitario, che si esercita attraverso la frequentazione diretta (anche se non sempre con intelligenza piena) dei testi provenzali, come dimostrano alcuni degli esempi citati sopra.

Dall'altro lato un'influsso più 'popolare', meno afferrabile e meno selettivo ad un tempo, penetrato a livello d'**oralità** attraverso le vie dei pellegrinaggi, di commerci e della *reconquista*, con il canto di giullari (Ferrari 1984: 54).<sup>17</sup>

Tal vez convenga introducir matices a esa diferenciación tan tajante que identifica el influjo culto con la escritura y el popular con la oralidad, teniendo en cuen-

16 Recordemos que Don Denis nació en 1261 y murió en 1325, por lo que su actividad compositiva corresponde al último cuarto del siglo XIII y el primero del XIV.

17 Todas las expresiones destacadas lo están en el original.



ta los numerosos contactos directos que se sucedieron a lo largo del siglo XIII (de modo particular, en el entorno de Alfonso X) entre trovadores occitanos y gallego-portugueses. En cualquier caso, parece fuera de duda que por las cortes gallego-leonesas, castellanas y portuguesas debieron circular en algún momento testimonios escritos<sup>18</sup>, sobre cuyas características se han aventurado a proponer hipótesis algunos estudiosos. Así, por ejemplo, Roncaglia (1984: 5) explica la original y estudiada<sup>19</sup> invocación de Don Denis a las *flores del verde pino* (25,2)<sup>20</sup> como «une réinterprétation parétymologique» de la variante *flors dels bels pis* (en lugar de *flors d'albespis*) que presenta el Chansonnier d'Urfé (*R*) en *Lancan li jorn son lonc en mai* de Jaufre Rudel (BdT 262,2), y ello supone más un acceso al texto original a través de la escritura que por medio de la interpretación oral. Canettieri – Pulsoni (1995: 486) apuntan a la posible presencia de una copia colateral del mismo cancionero *R* en la difusión de la producción de Peire Vidal y su posterior impronta en un núcleo de autores gallego-portugueses; Brugnolo (2004), por su parte, al estudiar las relaciones intertextuales de *Vi ojeu cantar d'amor* de Don Denis (25,135) con el peculiar *Domna, tant vos ai prejada* de Raimbaut de Vaqueiras (BdT 392,7), supuso que el rey portugués pudo manejar un códice perteneciente al ramo de la tradición que conduce al cancionero de Bernart Amoros (*a*); Marcenaro (2010) encontró en *Cativo! mal conselhado* de Martin Moxa (94,7) ecos de la *dansa* de Guiraut d'Espanha *Dona! Si tot no-us es preza* (BdT 244,1), que atribuye al antígrafo del actual cancionero *E*. Y todavía se podrían añadir algunas hipótesis similares.

En cualquier caso, parece existir consenso en admitir que Don Denis tuvo a su disposición materiales occitanos, y posiblemente también oitánicos. Un estudio completo de todas las posibles intertextualidades que ofrece su producción podría tal vez proporcionar una idea aproximada del contenido de ese cancionero básico y, gracias a ello, relacionarlo —o no— con alguno de los conservados. No sería extraño que lo hubiera recibido de Alfonso X<sup>21</sup> o que hubiera llegado a él por la otra

18 Canettieri–Pulsoni (2003: 159) se muestran convencidos de que «se certamente c'è stata un'influenza diffusa, anche sul piano dei rapporti metrici e melodici, l'ipotesi di riprese da testo a testo è dimostrabile con sicurezza: attraverso lo studio sistematico delle riprese è possibile individuare con buona approssimazione alcuni componimenti conosciuti dai poeti galego-portoghesei e quindi fornire indicazioni più precise per arricchire la ricerca intertestuale».

19 Uno de los trabajos más recientes sobre este texto es Beltrán (2013).

20 Sin que se mencionen las flores, el sintagma *verde pino* aparece también, en todo caso, en un trovador muy vinculado a la corte regia portuguesa, Pero Gonçalves de Portocarreiro (128,3), que lo emplea asimismo en alternancia paralelística (en posición de rima igualmente) con *verde ramo*.

21 Teniendo en cuenta que este monarca realizó una importante labor de compilación de textos de los tipos más diversos, con objetivos diferentes (estudio y traducción de obras científicas, redacción de obras historiográficas, reunión de fuentes para la composición de sus *Cantigas de Santa Maria*, etc.) y escritos en lenguas diferentes (latín, árabe, hebreo, otras lenguas románicas...), no cabe imaginar que —estando rodeado de trovadores occitanos y gallego-portugueses, y practicando él mismo el arte de trovar— no hubiera mostrado interés por disponer también de algún cancionero.

rama familiar, pues su abuela paterna, Urraca, era hija de Alfonso VIII y Leonor Plantagenet; incluso pudo habérselo proporcionado su esposa Isabel, nieta de ese gran mecenas de trovadores que fue Pedro II de Aragón (y bisnieta, por lo tanto, del trovador Alfonso II de Aragón). Cumple, pues, los requisitos esenciales señalados por Ferrari cuando describe las vías de difusión vinculadas a la escritura.

Más arriesgado resulta establecer suposiciones en lo que se refiere a los trovadores gallego-portugueses de las primeras generaciones. Se ha recordado ya que Canettieri – Pulsoni, prestando atención a las estructuras métricas y rimáticas, hacen hincapié en el fuerte influjo ejercido sobre ellos, de manera especial (no exclusiva), por Peire Vidal (Avalle 1960); a conclusiones similares llegan estudiosos como Marcenaro (2012: 27-57) o Monteagudo (2008: 377-378)<sup>22</sup> cuando estudian el léxico utilizado (y el contenido de sus cantigas) por Osoir'Anes. Este trovador fue documentado por Souto Cabo (2012c: 117-118) entre 1175 y 1217 (aunque las fechas se podrían ampliar a 1165-1220), como hijo de Johan Airas de Nóvoa y Urraca Fernandez de Traba —a quienes el rey gallego-leonés Fernando II encomendó la educación de su hijo, el futuro Alfonso IX<sup>23</sup>— y hermano de Gonçalo Eanes de Nóvoa, Maestre de la Orden de Calatrava entre 1218 y 1232<sup>24</sup> (Souto Cabo 2012c: 112-116). Aunque a Peire Vidal se le relaciona más directamente con la corte de Aragón, parece demostrado que también visitó en más de una ocasión la gallego-leonesa (Alvar 1977: 66-67), tanto en su primera estancia (posiblemente entre 1185 y 1188, aproximadamente) como en ocasiones posteriores,<sup>25</sup> y en ella es factible que haya coincidido con Osoir'Anes.

Si la influencia ejercida por Peire Vidal en Osoiro y otros trovadores (tanto de la primera generación como posteriores) parece ya demostrada, cabe preguntarse si obedece exclusivamente a esos contactos directos que casi con total seguri-

22 También Miranda (2004: 97-125), aunque él propone una identificación y una cronología diferentes para Osoir'Anes.

23 El propio Fernando II había tenido como instructor al padre de Urraca, el conde Fernando Perez de Traba, personaje de enorme influencia en la corte de Alfonso VII, y había estado casado con otra hija suya, Teresa. Además, la abuela materna de Osoiro fue Sancha, hija del conde Gonçalo Ansures y de Urraca Bermudez (del linaje Velaz, relacionado familiarmente con el de Urgell). Pueden ampliarse estos datos en Souto Cabo (2012c: 79-123).

24 Este personaje pudo haber desempeñado un papel importante en la aglutinación del primer núcleo de trovadores gallegos (*Ibidem*: 235).

25 Recuérdese que son varias las composiciones que dirige a los monarcas peninsulares (o en las que se mencionan ellos y otros personajes notables, como Don Diego López de Haro), y normalmente con referencias favorables, lo que ha llevado a Hoepffner (1946a: 88) a afirmar que «Aucune autre région, ni l'Italie ni même la chère Provence, n'occupent dans son oeuvre comme dans son coeur [...] une place aussi large que l'Espagne. Peire Vidal est sans contredit le plus espagnol de tous nos troubadours». Llega incluso a dirigir —en una tornada— a Alfonso IX de León y Galicia una canción de cruzada (BdT 364, 8) compuesta probablemente entre 1201 y 1202. Y no deja de ser llamativo que otra tornada (la de BdT 364, 11) contenga la siguiente invocación: «Per l'apostol qu'om apella / Sant Jacme de Compostella» (IX, vv. 75-76).

dad se produjeron y a la difusión oral de sus composiciones o, más bien, estas circularon, además, en algún tipo de soporte escrito, sobre todo teniendo en cuenta los casos de intertextualidad puestos de manifiesto en los estudios mencionados. Canettieri – Pulsoni llegan a sugerir que

I numerosi contatti fra Peire Vidal e le corte iberiche inducono a supporre che forse qualcuno potrebbe aver allestito un libretto di testi del trovatore. Non si tratterebbe chiaramente del *Liederbuch* d'autore già evidenziato da Avalor, ma semmai di una raccolta costituita con i testi che per ragioni geografiche il copista si trovava tra le mani. Solo grazie a esso si può infatti a nostro avviso spiegare il motivo per cui la maggioranza dei testi vidaliani contraffatti dai trovadores risultino indirizzati a sovrani iberici. La confezione di tale booklet potrebbe aver avuto luogo qualche anno dopo la morte del trovatore, probabilmente prima delle imitazioni metriche dei suoi testi compiute dai fratelli Anes. Anzi, non si potrebbe escludere che proprio costoro, e più in particolare il canonico di Santiago Osoir'Anes, possano aver avuto un ruolo attivo nell'allestimento di tale booklet, contribuendo così alla fortuna del poeta provenzale presso i successivi trovadores (Canettieri – Pulsoni 2003: 145-146).

Ni siquiera —a la vista de la cronología apuntada por Souto Cabo (*vid. supra*)— sería preciso esperar a una fecha posterior a la muerte de Peire Vidal para esa compilación de su producción poética (completa o, tal vez, selectiva, antológica), una compilación en la que podría haberse implicado directamente el propio trovador. Más difícil resulta imaginar si se podría tratar de una «copia de juglar» o más bien se realizó con algún objetivo concreto, a solicitud de algún personaje y/o destinada a alguien en particular; en este sentido sólo parece posible moverse en el terreno de las elucubraciones: de deducciones no demostrables empíricamente, pero que no por ello renunciaremos a exponer como meras hipótesis de trabajo.

